³⁹ Ferro Couselo 1995, 86-101. El prelado orensano Muñoz de la Cueva, a propósito de esas adulteraciones históricas de índole familiar, llegó a decir que «la vanidad de algunos patricios ha introducido en ellas [las historias] los ramos o los enredos de las genealogías» (Muñoz de la Cueva 1726, 235).

⁴⁰ También se ha publicado recientemente, aunque no he tenido ocasión de consultarla, la descripción de Santiago de Compostela hecha por los hermanos Fernández Boán (Taín 2020).

⁴¹ Godoy 1868.

- BLÁZQUEZ, J. M.^a (1962): *Religiones primitivas de Hispania I. Fuentes literarias y epigráficas*, Roma 1962.
- BLÁZQUEZ, J. M.^a (1975): *Diccionario de las religiones prerromanas de Hispania*, Madrid 1975.
- CARO BAROJA, J. (1992): *Las falsificaciones de la Historia (en relación con la de España)*, Barcelona 1992.
- FERRO COUSELO, X. (1995): *Obra selecta: A lingua e os nomes; Casas, persoas e liñaxes; Arqueoloxía e arte; Traballos de historia; Varia*, Vigo 1995.
- FITA, F. (1903a): «Monumentos romanos de San Juan de Camba, Córdoba, Linares, Vilches, Cartagena, Barcelona y Tarrasa», *Boletín de la Real Academia de la Historia* 42, 1903, 446-461.
- FITA, F. (1903b): «Monumento romano de San Juan de Camba», *Boletín de la Comisión provincial de monumentos históricos y artísticos de Orense* 2, n.º 33, julio-agosto de 1903, 157-160.
- FLÓREZ, E. (1763): *España Sagrada*, vol. 17. *De la santa Iglesia de Orense en su estado antiguo y presente*, Madrid 1763.
- GARCÍA Y BELLIDO, A. (1966): «Parerga de arqueología y epigrafía hispano-romanas III», *Archivo Español de Arqueología* 39, 1966, 131-145.
- GODOY ALCÁNTARA, J. (1868): *Historia crítica de los falsos cronicones*, Madrid 1868.
- GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, M.^a C. (2008): «Noms des divinités préromaines du nord-ouest hispanique: bilan provisoir», en: J. D'ENCARNAÇÃO (ed.), *Divindades indígenas em análise. Divinities pré-romaines - bilan et perspectives d'une recherche*. Actas do VII Workshop FERCAN, Cascais, 25-27.05.2006, Coimbra – Porto 2008, 81-104.
- GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, M.^a C. (2013): «Revisión epigráfica del corpus de Gallaecia: nuevos hallazgos y viejos problemas», en: A. HOFENEDER – P. DE BERNARDO STEMPEL (eds.), *Théonymie celtique, cultes, interpretatio (X Workshop F.E.R.C.A.N., Paris 24.-26- Mai 2010)*, Wien 2013, 11-23.
- ILLER. Véase VIVES 1971/72.
- LE ROUX, P. – TRANOY, A. (1974): «Contribution à l'étude des régions rurales du N.O. hispanique au Haut-Empire: deux inscriptions de Penafiel», en: *III Congreso Nacional de Arqueología. Porto 1973*, Porto 1974, vol. 1, 249-258.
- LORENZO FERNÁNDEZ, J.; D'ORS, A. Y BOUZA BREY, F. (1968): *Inscripciones romanas de Galicia IV. Provincia de Orense*, Santiago 1968.
- MAÑANES, T. (1982): *Epigrafía y numismática de Astorga romana y su entorno*, León 1982.
- MELENA JIMÉNEZ, J. L. (1984): «Un ara votiva romana en El Gaitán, Cáceres», *Veleia* 1, 1984, 233-260.
- MUÑOZ DE LA CUEVA, J. (1726): *Noticias históricas de la santa iglesia Cathedral de Orense*, Madrid 1726 (o 1727?) (Hay reimpresión facsímil en A Coruña, 2008).
- MURGUÍA, M. (1866): *Historia de Galicia*, vol. 2, Lugo 1866.
- PORRES, B. (1973): «Muñoz de la Cueva, Juan», en Q. ALDEA VAQUERO – T. MARÍN MARTÍNEZ – J. VIVES GATELL (eds.), *Diccionario de Historia eclesiástica de España*, vol. III, Madrid 1973, 1750.
- QUINTANA PRIETO, A. (1969): «La religión pagana en tierras de León», *Archivos Leoneses* 23, n.º 45-46, 1969, 33-107
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (1987): *Aquae Flaviae I: Fontes epigráficas*, Chaves 1987.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (1997): *Aquae Flaviae I: Fontes epigráficas da Gallaecia meridional interior*, Chaves 1997.
- TAÍN GUZMÁN, M. (2020): *La ciudad de Santiago de Compostela según los hermanos Juan y Pedro Fernández de Boán (ca. 1633-1646)*, Santiago 2020.
- TRANOY, A. (1981): *La Galice romaine. Recherches sur le nord-ouest de la péninsule ibérique dans l'Antiquité*, Paris 1981.
- VASCONCELLOS, J. LEITE DE (1897/1913): *Religiões de Lusitania. na parte que principalmente se refere a Portugal I-III*, Lisboa 1897-1913.
- VASCONCELLOS, J. LEITE DE (1906): «A deusa Nabia», *O Arqueólogo Português* 11, 1906, 280-282.
- VÁZQUEZ NÚÑEZ, A. (1898): «La epigrafía latina en la provincia de Orense», *Boletín de la Comisión provincial de monumentos históricos y artísticos de Orense* 1, n.º 2, mayo 1898, 25-33.
- VÁZQUEZ NÚÑEZ, A. (1906): «La epigrafía latina en la provincia de Orense (suplementos)», *Boletín de la Comisión provincial de monumentos históricos y artísticos de Orense* 3, n.º 49, marzo-abril de 1906, 23-25 y lámina ante p. 23.
- VIVES GATELL, J. (1971/72): *Inscripciones latinas de la España romana. Antología de 6.800 textos*, I-II, Barcelona 1971/72.
- ZARAGOZA, E. (1990): «Benedictinos españoles académicos de la Real Academia de la Historia», *Boletín de la Real Academia de la Historia* 187.1, 1990, 29-61.



Gaiteiros da igrexa de S. Francisco de Betanzos, s. XIV. Debuxos: Alfredo Erías

Gaita: unha palabra e un instrumento máxicos

G. MARTÍN FERNÁNDEZ MACEIRAS*

Sumario

Gaita é unha palabra iberorromance usada para designar diversos instrumentos. Decote, acéptase que é un termo derivado de *gaits*, «cabra» en gótico, debido ó feito de que algunhas das súas pezas, o fol, en particular, facíase tradicionalmente con pel de cabra. Pero é suficiente esa razón?

Abstract

Gaita is an Iberian Romance word used to designate various instruments. Usually, it has been accepted as a term derived from *gaits*, «goat» in Gothic, due to the fact that some of its parts, the bag, in particular, was traditionally made with goat skin. But is that reason enough?

En Galicia, a gaita é un instrumento tan querido e tan coñecido que sería practicamente imposible encontrar alguén que non a coñeza ou que nunca oíse o seu senlleiro e máxico son. Pero non escribo este artigo coa intención de louvar este instrumento tan galego, senón de afondar un pouco na etimoloxía da palabra empregada para sinalalo: *gaita*.

Vou comezar coa etimoloxía proposta polo filólogo e etimólogo catalán, Joan Corominas. Na súa proposta etimolóxica para este termo, Corominas di que a palabra *gaita* podería derivar do termo gótico *gaits*, ‘cabra’, xa que o fol do instrumento adoitaba estar feito da pel do devandito animal. Esta etimoloxía proposta por Corominas podémola ver claramente reflectida no *Diccionario de la Real Academia Española*¹:

gaita - Quizá del gót. *gaits* ‘cabra’. 1. f. Instrumento musical de viento parecido a una flauta o chirimía de unos 40 cm de largo.

Compre dicir que a forma fonética das palabras *gaita* e *gaits* son tan próximas que mesmo se podería dar por feito que se trata da mesma palabra. Sobre os significados destes dous vocábulos, aceptando o feito de que tódalas gaitas teñen o fol, ou algún outro compoñente, feito de pel de cabra, ou mesmo dun oso dese animal, poderíase afirmar que están directamente relacionados. Pero, como imos comprobar, non é este o caso.

Como vimos no DRAE, a primeira acepción da palabra *gaita* é ‘instrumento musical de vento parecido a unha frauta ou chirimía duns 40 centímetros de lonxitude’. Debemos ter en conta que as frautas ou chirimías non teñen unha bolsa na que conter o aire e son anteriores á gaita de fol. Isto pódese apreciar perfectamente no feito de que o punteiro dunha gaita de fol e unha frauta ou chirimía son practicamente o mesmo instrumento. Isto lévame a pensar que a proposta etimolóxica de Joan Corominas pode non ser acertada.

* **G. Martín Fernández Maceiras**, coruñés, é traductor de inglés, gaélico, galego e castelán de moitas películas, documentais e libros. É fundador e director do Proxecto Gaelaico. Foi, ademais, socio fundador e director das primeiras discográficas galegas: Ruada e Cítola.

A acepción de ‘gaita gallega’ recollida no DRAE di o seguinte:

1. f. Instrumento musical de vento formado por una bolsa de cuero o fuelle que tiene acoplados tres tubos: el soplete, el puntero y el roncón.

Este tipo de gaita si ten unha bolsa de coiro, ou fol, e aínda que é coñecida como gaita galega, a gaita de fol non é exclusiva de Galicia, xa que tamén é un instrumento tradicional en distintas zonas da Península Ibérica como Portugal, Asturias, León, Cantabria, Salamanca, Aragón, Cataluña, etc., así como tamén en Irlanda e en Escocia, onde a gaita de fol é o instrumento tradicional por excelencia, igual que en Galicia.

Tipos de gaita

Deseguido, outros instrumentos de vento coñecidos como *gaita* en diferentes partes da Península Ibérica, así como en Colombia e en Brasil:

Gaita gastoreña: A gaita gastoreña é un instrumento de vento de lingüeta simple, propio do concello de El Gator, Cádiz, Andalucía. Ten unha lingüeta simple, un tubo sonoro de madeira furado na súa parte superior e inferior y un pavillón de resonancia que consiste nun corno.

Gaita serrana ou albugu: O albugue, alboka en éuscaro, é un instrumento de vento feito cun tubo de madeira con dúas pezas de corno, a máis grande serve para amplificar o son e a pequena serve para poñer no seu interior una cana á que se lle fixo unha incisión para convertela no órgano de son como lingüeta simple. No tubo de madeira ten varios buracos, decote ten tres na parte superior e un na inferior.

Gaita charra: É un dos instrumentos tradicionais de Salamanca. Ó longo do tempo, esta frauta de orixe pastoril construíuse cos materiais máis diversos, desde madeira de carballo (a máis utilizada na actualidade) ata outras moi brandas ou coa cerna oca como a da figueira, da adelfa ou do bieiteiro, e mesmo con óso de á de voitre.

Gaita ou dulzaina: A dulzaina é un instrumento de vento de lingüeta dobre pertencente á familia do óboe. Ten un tubo cónico duns tinta centímetros de lonxitude no que hai 7 furados. Este instrumento é típico da música tradicional española. En distintos lugares recibe tamén o nome de *gaita* en castelán e as súas variantes noutras linguas.

Gaita navarra: A gaita navarra é un instrumento de vento da familia da madeira. Dentro de esta familia, encóntranse a gaita aragonesa e a gralla catalá, entre outras. Ten dobre lingüeta. Este tipo de instrumentos produce son grazas á vibración producida nas dúas lingüetas que contén o soprete ó facer pasar o aire por elas.

*Gaita-de-beiços*²: [Música] Instrumento de sopro com palhetas metálicas de vários tamanhos que produzem uma escala musical. (Harmónica ou filharmónica en galego)

*Gaita*³:

1. [Música] Pequeno instrumento de sopro, semelhante à flauta e de som agudo.

4. [Regionalismo] [Música] Instrumento composto de palhetas metálicas que entram em vibração por meio de um fole. = acordeão

Gaita colombiana: A gaita colombiana ou kuisi é un instrumento musical de vento de orixe indíxena tradicional da costa caribeña colombiana. Úsase en diferentes ritmos musicais coñecidos como ‘música de gaita’. É unha especie de frauta á que se lle fai unha fenda nun dos seus extremos na que se insire un apéndice cilíndrico, xeralmente, a base dunha pluma de pato, a maneira de canle e de soprete con entre 3 e 6 orificios na parte baixa do tubo.

Aínda que é posible que algúns dos mencionados instrumentos de vento sen bolsa na que reter o aire puidesen estar fabricados con corno de cabra, está claro que, tradicionalmente, non é así. De feito, algúns dos devanditos instrumentos están feitos con corno de vaca, e outros máis modernos, como o acordeón (gaita) ou a harmónica (gaita-de-beiços), non teñen relación ningunha coa pel nin cos cornos de cabra.

Mesmo admitindo que, tradicionalmente, a bolsa da gaita de fol se fixese con pel de cabra e que algúns destes instrumentos de vento puidesen estar feitos de corno de cabra, a única cousa que teñen todos eles en común é que son instrumentos de vento, xa sexan feitos íntegra ou parcialmente de madeira, de metal de corno ou coa pel dalgún animal. De feito, en varias repúblicas da Rusia central, son tradicionais algúns tipos de gaitas cos foles feitos de vexigas de vaca ou de cabalo⁴.

Gaida

Moitos autores fanse eco dunha hipótese segundo a cal, a palabra *gaida*, empregada en diversos países do sueste de Europa para denominar a gaita de fol, significa ‘cabra’ en tódalas linguas faladas neses países⁵: *gajde* en albanés, *gaidã* en arromanés, *gayda* en búlgaro, *gáida* en grego, *gayda* en macedonio, *gajde* en serbocroata, *gajdy* en eslovaco e *gayda* en turco.

De ser así, tendo en conta que as formas fonéticas e os significados, *gaita* e ‘cabra’, serían case exactos en todas estas linguas, parecería case imposible que a etimoloxía do nome da gaita de fol non estivese relacionada co nome da cabra en gótico, *gait*, e, ó parecer, co nome da cabra en tódalas linguas mencionadas no parágrafo anterior. E máis aínda ó termos presente a proposta etimolóxica de Joan Corominas.

Entre estas linguas, hainas que son linguas romances orientais como o arromanés, linguas eslavas meridionais como o búlgaro, o macedonio, o grego, que é unha lingua viva cunha historia documentada ó longo de 34 séculos, o serbocroata, que é unha lingua eslava, o eslovaco, unha lingua eslava occidental, e o turco, que é unha lingua altaica.

Resulta curioso que case ningunha das palabras empregadas para denominar a gaita de fol nestas linguas modernas signifique ‘cabra’. En búlgaro, en eslovaco e en macedonio, «cabra» dise *koza*; en grego dise *gída*; en albanés dise *dhi*; en turco dise *keçi* e en croata e en serbio dise *jarac*.

Como vemos, o grego é a lingua na que as palabras para denominar a gaita de fol e a cabra son máis parecidas: *gayda* e *gída*, respectivamente. Tendo en conta tanto que se trata de linguas indoeuropeas como que están situadas nunha zona xeográfica moi próxima, podemos pensar que, senón todas, algunhas poden derivar doutra lingua indoeuropea anterior, como a grega, ou mesmo como a lingua tracia, unha lingua extinta debido a que a maioría dos tracios foron helenizados ou romanizados. Como vemos, seguimos na mesma rexión e con linguas indoeuropeas entre as que houbo moitos intercambios e influencias lingüísticas. Unha zona que tamén é coñecida polos asentamentos celtas na rexión ó longo de diversos períodos.

A música de Tracia ten unha historia escrita que se remonta á antigüidade, cando Orfeo se converteu nun músico lendario e vivía preto do Olimpo. A *gaida*, unha especie de gaita de fol, era o seu instrumento máis característico. A *gaida* tracia tamén era coñecida como *avlos* e aínda se usa amplamente por toda Tracia e máis no nordés de Grecia. Compre salientar que seguimos na mesma zona xeográfica e con linguas entre as que houbo unha clara interacción xa desde a antigüidade.

***ghaid-o-, *gaito, gaits, Geiß, geiz, geit, gheet, gjed, geit, get, gat, goat**

Dado que o gótico é unha lingua xermánica, paso agora á orixe aceptada tradicionalmente para os termos xermánicos con significados relacionados con ‘cabra’ derivados da mesma raíz⁶:

Da raíz PIE *ghaid-o-, ‘cabuxo’, deriva o protoxermánico *gaito, que é a orixe do saxón antigo *get*, do nórdico antigo *geit*, do danés *gjed*, do holandés medio *gheet*, do holandés *geit*, do alto alemán antigo *geiz*, do alemán *Geiß*, do gótico *gaits*, do inglés antigo *gat* e do inglés moderno *goat*, ‘cabra’. Hai outras linguas xermánicas que teñen termos directamente relacionados con estes derivados da raíz protoxermánica *gaito⁷. É posible, mesmo probable, que a raíz PIE *ghaid-o- sexa tamén a orixe da palabra *gída*, ‘cabra’ en grego.

A orixe das palabras empregadas como nome da gaita de fol nas linguas do sueste de Europa mencionadas anteriormente déixoa para máis adiante, sen esquecer nunca que todas esas linguas se falan, ou se falaron, nunha rexión moi coñecida pola presenza histórica de diversos pobos celtas.

Compre dicir tamén que, como imos ver, as palabras empregadas nas diversas linguas xermánicas para designar as gaitas de fol non teñen relación coas palabras derivadas da raíz protoxermánica *gaito, ‘cabra’.

En inglés coñécese como *bagpipes*; en alemán como *Dudelsäcke aus Bagdad*; en danés como *posestykke fra bagdad*; en holandés como *doedelzak uit bagdad*; en islandés como *pokapípur frá Bagdad*; en noruegués como *sekkepipe fra bagdad* e en sueco como *påsar från bagdad*.

Como vemos, todos estes termos compostos conteñen un derivado da palabra *baggi*⁸, ‘paquete, paca, fardo’ en nórdico antigo, ou dunha palabra escandinava similar. O termo *bage*, en francés antigo, tamén ten orixe xermánica. Estes derivados de *baggi* úsanse en referencia á bolsa ou fol da gaita.

Instrumentos de vento coñecidos como gaita – Vento: gáith, *gaito-, gaoth

Tódolos instrumentos mencionados ata agora neste artigo teñen unha soa cousa en común, tanto os que teñen bolsa para o aire, como os que non a teñen, e ese elemento común en todos eles é o vento, xa que todos son instrumentos de vento. (Véxase **Tipos de gaita** neste artigo). Parece razoable pensar que soamente os que teñen fol poden ter, ou puideron ter, algunha parte feita de pel de cabra.

Para que dúas ou máis palabras de diferentes linguas estean relacionadas etimoloxicamente, teñen que darse, forzosamente, estas dúas condicións: Primeira, que teñan formas fonéticas semellantes, e segunda, que teñan significados directamente relacionados. É evidente que canto máis claras sexan estas condicións, máis próximo será o parentesco entre as palabras.

O feito de que o fol da gaita só se faga de pel de cabra nalgunhas zonas, e non sempre, xa que na zona dos Balcáns tamén se fai de pel de ovella, e mailo feito de que nos países de fala xermánica non se empregue ningún derivado da raíz protoxermánica *gaito, ‘cabra’, en referencia ás gaitas de fol, xunto co feito, quizais de maior importancia, de que na Península Ibérica se empregue o termo *gaita* para denominar diversos instrumentos de vento, levoume a procurar unha raíz de forma fonética semellante a *gaito, *gaits*, *goat*, etc., con significados relacionados co vento, xa que así se darían as dúas devanditas máximas: 1. Formas fonéticas semellantes. 2. Significados directamente relacionados.

Observemos tamén que nas linguas xermánicas non existen termos relacionados co

vento, ou coa música e os instrumentos de vento, con formas fonéticas semellantes ás de *gaita*, *gaida*, etc.

Linguas gaélicas: *gaeth*, *gaíth*, *gaoth* = vento.

Despois de dedicar uns quince anos da miña vida á analizar e comparar as linguas goidélicas ou gaélicas coas linguas iberorromances e, en particular, coa lingua galega, sei de primeira man que procurar a orixe etimolóxica de vocábulos galegos nas linguas que hoxe soamente se falan en Irlanda, en Escocia e na Illa de Man, adoita dar moi bos resultados.

Para comezar, un dato que, aínda que non é concluínte, pode espertar a intuición latente nos galegos para todo o relacionado cos celtas e, máis concretamente, con Irlanda e Escocia. En gaélico irlandés moderno, *ionstraim gaoithe* significa ‘instrumento de vento’. A palabra *gaoithe* é o xenitivo do substantivo *gaoth*, ‘vento’, palabra da que se conservan dúas formas en gaélico irlandés antigo e medio: *gaeth* e *gaíth*, co mesmo significado, ‘vento’.

Como vemos, as formas fonéticas son moi semellantes ás de **gaito*, *gaits*, *gaita*, *gaida*, etc., pero cun valor engadido moi importante, e é que ‘vento’ é o único significado que encaixa á perfección con tódolos instrumentos mencionados ata agora, tanto coas gaitas de fol de Turquía e de toda a rexión balcánica, como cos diversos instrumentos coñecidos como *gaita* na Península Ibérica, así como en Brasil e en Colombia.

Na súa obra *An Etymological Dictionary of the Gaelic Language* (1896), o filólogo escocés Alexander McBain, Alasdair MacGilleBhàin en gaélico escocés, di o seguinte sobre a orixe etimolóxica da palabra *gaoth*:

gaoth - vento, igual en irlandés; en irlandés medio *gaeth*, *goeth*; en irlandés antigo *gaíth*: **gaito-*, da raíz *gai*; indoeuropeo *ghai*, *ghei*, *ghi*, ‘empuxe’, ‘enerxía’, ‘tormenta’, como *geamhradh* en gaélico escocés.

Xa en tempos máis recentes, encontramos outra proposta etimolóxica para a palabra gaélica *gaoth*⁹, ‘vento’: do gaélico irlandés medio, *gáeth*, do gaélico irlandés antigo *gaíth*, do protocelta **gaytâ*. Como vemos, nesta ocasión, coinciden tanto as formas fonéticas como o significado, xa que debemos ter presente que tódolos instrumentos coñecidos como *gaita*, *gaida*, etc., son instrumentos de vento malia estaren feitos de madeira, de metal, de coiro, etc.

No Dicionário da Língua Galega¹⁰ de Isaac Alonso Estravís, encontramos as seguintes acepcións da palabra galega *gaita*:

1. Instrumento musical de sopro formado por un tubo modulante con palleta e varios orificios.
2. Pífano, especie de flauta de madeira de pequeno tamaño e son agudo.
3. Calquer pequeno instrumento de madeira ou metal que se toca soprando.
4. Instrumento músico de sopro chamado *gaita* galega ou *gaita* de foles, que consta de un odre (o fole) de coiro, forrado de terciopelo, no que se reserva o ar e catro aberturas nas que encaixan uns tubos de madeira torneada, providos de palletas, polos que entra ou sai o ar (o ponteiro, o roncón e o soprete); algunhas gaitas levan tamén outros dous tubos máis (o ronquillo e a ronqueta).

Coa excepción da *gaita* galega, estas acepcións especifican claramente que unha *gaita* é un instrumento de vento ou de sopro, sen bolsa ou fol para reservar o ar, e que adoitan estar feitas de madeira ou de metal.

De tódolos xeitos, convén seguir investigando coa intención de encontrar outras evidencias que axuden a reforzar a miña proposta etimolóxica, **gaytâ* > *gaoth* / *gaita*.

Gaoth, gaota, gaotaire, gaotaireacht, gaotalach – gaiteiro, gaitear

A palabra gaélico irlandesa moderna, *gaoth*, significa vento. Como vemos, o grupo consonántico final, *-th*, parece indicar a lenición dun *t*, o *t* sen lenición presente na palabra protocelta **gaytâ* e que aínda se conserva nalgunhas palabras das linguas gaélicas modernas como *gaota*, ‘respiroiro, lugar polo que entra aire (vento)’ e tamén ‘falangeiro, persoa que fala moito’. Isto enténdese mellor en inglés, xa que *gaota* se traduce como *windbag*, ‘falangeiro’, e é unha palabra composta por *wind*, ‘vento’ e *bag*, ‘bolsa’, literalmente ‘bolsa de vento’, ‘fol’.

Outra das palabras gaélico-irlandesas que conservan ese *t* sen lenición que vemos en **gaytâ* e en *gaita*, é *gaotaire*, co mesmo significado ca *gaota* e tamén o de ‘grandilocuente’, ‘falador’. Tamén teñen o *t* sen lenición *gaotaireacht*, e *gaotalach*, esta última co significado de ‘vento tempestuoso’.

Para comezar as comparanzas con palabras do léxico galego, o verbo galego *gaitear*, ‘asubiar o vento’, ten unha forma fonética semellante ás de *gaotalach* e, xa en gaélico irlandés moderno, *gaothach*, *gaothar* en gaélico escocés, co significado ‘ventoso’, igual cá palabra gaélico-irlandesa *gaotúil*¹¹ que significa ‘ventoso’ e ‘falador’, ‘latriqueiro’.

Son os primeiros exemplos de que neste artigo non analizo soamente o nome dos diversos instrumentos de vento, senón que uso palabras dos léxicos galego e gaélico puramente relacionadas co vento, co ruído que este fai e, como imos ver deseguido, cun significado por extensión, relacionado coa forma de falar, como o da palabra *gaotaire*, ‘grandilocuente’, ‘falador’, ‘latriqueiro’, cunha forma fonética moi parecida á da palabra galega *gaiteiro* que, ademais, de significar ‘persoa que toca a gaita’, ten como segunda acepción ‘persoa alegre e algo atolada’.

Esta relación vese claramente no exemplo que aparece no dicionario da Real Academia galega: *Non hai quen ature a ese vello gaiteiro, cala xa!* O feito de mandalo calar ilustra claramente. Tamén se pode apreciar na forma feminina, *gaiteira*, que significa ‘muller do gaiteiro’, ‘muller que toca a gaita’ e ‘vella alegre, tarabela¹²’, exemplificado coa frase seguinte: *Se a vella é gaiteira, que fará a moza solteira?*

E tamén se aprecia en dúas expresións galegas de uso cotián recollidas no dicionario de Isaac Alonso Estravís despois das distintas acepcións da palabra *gaita*¹³: *Temperar gaitas* – usar de lisonxas ou afagos para desenfadar alguén. *Vir con gaitas* – vir con cousas que non convencen, ou con cousas insubstanciais e de nulo interese. Así como na acepción doutra palabra galega no mesmo dicionario: 3. Gaitada - Fig. Necidade, conversa insulsa que causa aborrecimento ou enfado.

Gaothaiche, gaotaire, gaoithean - gaita

En gaélico escocés, a palabra *gaothaiche*¹⁴ ten estes significados: 1. Cana ou xunco oco e aberto. 2. Lingüeta do bordón da gaita de fol. 3. Lingüeta do punteiro da gaita de fol. 4. Boquilla ou soprete da gaita de fol.

Tamén en gaélico escocés, a palabra *gaotaire*¹⁵ ten estes significados: 1. Boquilla ou soprete da gaita de fol. Conduto (de aire ou ventilación). 3. Vapor. 4. Falador vaidoso, con aires ou fumes. E a palabra *gaoithean*¹⁶, ‘xactancioso, persoa exaltada, atordada ou superficial’; ‘latriqueiro, falador’. O verbo gaélico-escocés *gaothaich* significa ‘inflar’, e *gaothar* significa ‘acto de inflar ou de soprar’.

Como podemos apreciar, as palabras gaélico-escocésas *gaothaiche*, *gaotaire* derivan da palabra *gaoth*, ‘vento’ e empréganse en referencia ás lingüetas ou palletas e máis ó

soprete da gaita de fol. É evidente que isto se debe ó feito de que o aire (vento) pasa a través das lingüetas e do soprete dos tubos da gaita. De feito, a primeira acepción do termo *gaothaiche* é ‘cana ou xunco oco e aberto’, é algo que debemos ter en conta, xa que se ve reflectido na expresión galega ‘non estar o alcacén para gaitas’. Teñamos presente que é co talo ou cana do alcacén co que os nenos fan gaitas.

As seguintes acepcións da palabra galega *alcacén*¹⁷ explícanlo claramente:

1. Alcacer, cebada, centeno o avena que se siega en verde para forraje. 2. Centeno que se siembra en agosto para dar al ganado en inverno. 3. Con un trozo pequeno de la paja del alcacén todavía verde, los muchachos aldeanos de Galicia tienen la costumbre de hacer unas gaitas sencillísimas, dándoles un corte oblicuo, para que formen como una lengüeta o palleta que hacen vibrar introduciéndola por la cortadura en la boca y soplando. Estas gaitas llámense porretas en algunas comarcas gallegas, sin duda por onomatopeya del sonido que producen.

Isto dinos claramente que, para os galegos, un talo verde de alcacén é unha *gaita* ou unha lingüeta ou palleta. Lembremos unha vez máis os significados da palabra gaélico escocesa *gaothaiche*: 1. Cana ou xunco oco e aberto. 2. Lingüeta do bordón da gaita de fol. 3. Lingüeta do punteiro da gaita de fol. 4. Boquilla ou soprete da gaita de fol.

Píb: ‘fruta’ – Pipo/pipa: ‘fruta’, ‘gaita’

En gaélico irlandés, a fruta e o asubío coñécense como *píb* e a gaita de fol coñécese como *píb mhála*, co significado de ‘gaita’, literalmente: *píb* - f. 1. Música: Gaita, fruta, asubío. *Píb (mhála)*, gaita de fol. Polo xeral, acéptase que a palabra gaélico irlandesa *píb* e maila súa variante *pìob*, en gaélico escocés, son préstamos doutra lingua, do latín medieval. Vémolo no seguinte dicionario etimolóxico:

pìob – fruta, gaita, instrumento musical. En irlandés *pìob*, en irlandés medio, *píp*, pl. *pipai* (Lib. Leinster), (música) fruta, gaita; do latín medieval *pipa*, de aí o anglosaxón *pipe*, o inglés *pipe*, o alemán *pfeife* e o nórdico *pipa*. O galés, o córnico e o bretón teñen *pib*, ‘fruta’, ‘gaita’, tamén collidas como préstamo do latín medieval.¹⁸:

pìob – fruta, gaita, instrumento musical. En irlandés *pìob*, en irlandés medio, *píp*, pl. *pipai* (Lib. Leinster), (música) fruta, gaita; do latín medieval *pipa*, de aí o anglosaxón *pipe*, o inglés *pipe*, o alemán *pfeife* e o nórdico *pipa*. O galés, o córnico e o bretón teñen *pib*, ‘fruta’, ‘gaita’, tamén collidas como préstamo do latín medieval.

En galés moderno, *pibell* significa ‘fruta’, ‘tubo’, ‘mangueira’ e ‘conduto’; e *pib* significa ‘fruta’, ‘tubo’ e ‘diarrea’. Nesta última acepción apréciase claramente o significado estendido. A única diferenza con respecto á lingua córnica é que se escribe *pibel* en lugar de *pibell*. Todas estas palabras celtas considéranse préstamos do latín medieval, *pipa*, de *pipare*, ‘chiar’, en latín clásico.

Pasamos agora á lingua galega e vemos as seguintes acepcións da palabra *pibela*¹⁹:

1. Labia, locuacidad, verbosidad. Facundia. Abundancia. Facilidad en el decir. 2. Lengüeta del punteiro de la gaita gallega.

A palabra galega *pibela* ten o mesmo significado cá palabra *gaothaiche* en gaélico escocés, ‘lingüeta do punteiro da gaita galega’ e tamén cá palabra *gaothaire*, ‘boquilla ou soprete da gaita de fol’ e máis ‘falador vaidoso, con aires de grandeza’, pero *pibela* deriva dunha raíz diferente, aínda que é a mesma cá das palabras celtas *píb*, *pìob*, *pib*, *pibell*, *pibel* e *pibau*. Esta última, *pibau*, significa ‘gaita de fol’ en galés.

Ó comparármolas formas fonéticas, é evidente que *pibell*, *pibel* e *pibela* seguiron a mesma ruta evolutiva a partir do latín medieval, mantendo significados directamente relacionados. Tamén existe a posibilidade de que a palabra galega sexa un derivado do latín medieval *pipa*, de *pipare*, pero en galego debería ter un *p* como *pipa*, *pipote*, etc. e non un *b* como *píb*, *pibel*, etc. E, ademais, o significado de *pibela* está directamente relacionado coa *gaita*.

Gaélico irlandés / Gaélico escocés *píb mhala / pìob mhala* ‘gaita de fol’.

Galés	<i>pibell</i>	‘gaita’
Córnico	<i>pibel</i>	‘gaita’
Galés	<i>pibau</i>	‘gaita de fol’
Galego	<i>pibela</i>	‘lingüeta do punteiro’
Gaélico escocés	<i>gaothaiche</i>	‘lingüeta do punteiro’
Galego	<i>gaita</i>	‘gaita / gaita de fol’.
Gaélico escocés	<i>gaothaiche</i>	‘punteiro’, ‘palleta do roncón’.

Nota: En gaélico escocés, *gaothaire* significa tamén ‘lingüeta’ ou ‘palleta’ sen especificar de que instrumento.

Como vemos, a relación entre estas palabras galegas, gaélicas, galesas e a córnica é evidente.

Pibela – gaotaire / gaothaiche. latriqueiro, ‘locuaz’

Coa intención de demostrar que a relación que observamos entre a palabra galega *pibela* e algúns derivados da raíz gaélica *gaith / gáeth / gaoth*, do protocelta **gayta*, non se limita ó instrumento de vento gaita e ás súas pezas, vemos estas acepcións da palabra *pibela*:²⁰

Pibela s. f. : Labia, facundia, verbosidad y gracia en el hablar. Palabrería, afluencia de palabras generalmente inútiles. *Dar á pibela*, dar a la lengua, charlar para entretener el tiempo. *¡Qué pibela eres!* dícese al que tiene facundia para conversar con amenidad. *Tèn moita pibela*, dícese de la persona locuaz que cautiva con su charla.

E lembramos estas acepcións das palabras gaélico-irlandesas *gaota*, *gaotaire* e *gaotaireacht*²¹:

gaota m. – Latriqueiro.

gaotaire m. – Latriqueiro, locuaz, grandilocuente, falador.

gaotaireacht f. – (En referencia a falar) Aires, fumes; grandilocuencia, fachenda.

Pipa – pipo: ‘fruta’, ‘asubío’, ‘tubo’, ‘cano’

Pibela non é a única palabra galega ou portuguesa derivada do latín medieval *pipa* relacionada coa música e máis concretamente coa gaita (con e sen fol) igual ca *píb* e *pìob* nas linguas gaélicas. Vemos uns exemplos:

*pipo*²² – Silbato, sea de caña plomo u outra materia. *Pipa* - Especie de silbato que se hace con cañas verdes de trigo. *Pipar* - Producir sonidos con la pipa.

*pipa*²³ f. - Flauta que hacen los niños con la caña del centeno o trigo.

*pipa*²⁴ f. - 6. [Antigo] Flauta; gaita.

Outras palabras galegas derivadas da mesma raíz son *pipelo*²⁵ e *pipello*²⁶, pero xa non están relacionadas coa música, senón con diversos tipos de tubos, igual cás palabras gaélicas que vemos deseguida:

pipelo - Pico con tubo o canalcillo por el que cae la lejía del depósito, al hacer la colada

pipello - Caño de la fuente o botijo para beber agua.

*piob-uisge*²⁷ – Tubo ou conduto de auga.

*pioban*²⁸ – Tubo pequeno.

Como vemos, a mesma raíz que chegou como préstamo do latín medieval ás linguas gaélicas tamén deu froito nas linguas iberorromances, en particular na lingua galega, con máis derivados como *pipote*, etc.

Gaothaich, gaothadh, gaotaireacht, gaitear, gaitar, gaiar, guaiar

Despois de vermos todos estes significados de palabras gaélicas, galegas, portuguesas e castelás, voume centrar agora nos significados figurados ou por extensión doutras palabras gaélicas, galegas e portuguesas que axudarán a entender mellor a relación entre as linguas gaélicas e as linguas iberorromances, xa que, na miña opinión, todas teñen a mesma orixe:

*gaotaireacht*²⁹ – (Fig ou por ext.) ‘Flatulencia’, ‘fachenda’, ‘chorrear’, ‘saír aire’, ‘disparates, necidades’, ‘fanfurriñada’, ‘petulancia’.

*gaothmhorachd*³⁰ - (Fig. Ou por ext.) ‘Flatulencia’, ‘tormenta’, ‘calidade de ventoso, ventosidade’.

gaitear – ‘Silbar el viento, etc.’

*gaiar*³¹ – ‘Llorar el viento’.

*gaitar*³² – 1. [Portugal: Trás-os-Montes] Chorar, choramingar.


*gaiar*³³ – Queixar-se.

*guaiar*³⁴ – 1. [Antigo, Brasil] Soltar ais ou lamentos. 2. Queixar-se, lamentar-se.

Tres destes termos, o galego *gaiar* e os portugueses *gaiar* e *guaiar*, reflicten a pronuncia de *gaoth* nas linguas gaélicas modernas, /ge:h/ no dialecto irlandés de Munster e /gi:h/ nos dialectos de Connacht e Ulster. A pronuncia da palabra gaélico-escocesa *gaothaire* aproxímase moi ás de *gaiar* e *guaiar*.

En gaélico escocés existe un termo, *gaoid*³⁵, que, aínda que MacBain o refire á raíz de *gaét*³⁶ / *gáetaid*, ‘ferida / acto de ferir ou cortar’, ten os seguintes significados: ‘falta, defecto (en particular no gando vacún)’ e ‘vento’, ‘refacho’, ‘flatulencia’. Este último significado parece estar en sintonía total cos dos derivados de **gayta*, *gaíth*, *gaeth*, *gaoth*, e penso que o primeiro, ‘falta, defecto (en particular no gando)’, está directamente relacionado coa palabra galega *gaiteiro*³⁷ co seguinte significado, ‘buey o vaca que tiene los cuernos erguidos’. Que un boi ou unha vaca teñan os cornos erguidos considérase un defecto, unha falta ou anomalía.

Ata aquí, as miñas razóns para considerar que a palabra galega, portuguesa e castelá *gaita*, así como diversos termos dos léxicos destas linguas, teñen a súa orixe nas linguas gaélicas, ou mellor, na lingua gaélica / galaica que se falou en diversas zonas da Península Ibérica ata unha época aínda por determinar. Paso agora a outra parte da lingua que non se debe menosprezar en absoluto, a toponimia, sobre todo, tendo xa no léxico unha base que se pode considerar fiable.



Gaath Dobhair, Gweedore, Donegal, Irlanda.

Gaath: ‘brazo de mar’, ‘esteiro’

Coa intención de reforzar todo o dito ata agora, vou comezar esta sección dedicada a topónimos galegos, portugueses e gaélicos derivados da raíz *gáeth / gaoth* coa seguinte acepción da palabra gaélica *gaoth*³⁸ - ‘Ría, esteiro’. A palabra *gaoth* deriva de *gáeth*, que en gaélico irlandés antigo significa ‘mar’, ‘rego’, ‘esteiro’. En gaélico escocés, en referencia ó marítimo, *gaoth* significa ‘rego de pouca profundidade (en especial nun estuario)’, ‘marisma’.

Gaath Dobhair > Gweedore

Para podermos entender o uso da palabra *gaoth* na toponimia, vou explicar o significado do topónimo irlandés *Gaath Dobhair*, anglicanizado como *Gweedore*. É o nome dunha parroquia situada na costa atlántica do condado de Donegal, Irlanda, na que aínda hoxe se fala gaélico irlandés. Coñécese oficialmente polo seu nome gaélico, *Gaath Dobhair*, pronunciado /gi: do:rʲ/. É a maior parroquia de fala gaélica de Irlanda, cunha poboación aproximada de 4.000 habitantes.

Gaoth fai referencia a unha ría (ou brazo de mar) na desembocadura do río Crolly, coñecida como *An Ghaoth*, ‘a ría’. En gaélico, *dobhar*^{39/40}, significa ‘mar’, ‘auga’, ‘torrente’, ‘rego’, ‘río’. *Gaath Dobhair* (*Gweedore*) tradúcese como ‘esteiro do río’, ‘ría (do río)’. *Gaath Dobhair* é unha zona da *Gaeltacht* onde o gaélico irlandés é a lingua máis falada, o que proporciona un vencello ininterrompido con milenios de historia e cultura irlandesas.

Na imaxe superior, collida de Google Earth, vemos a ría ou esteiro formado polo río, *Gweedore Bay*, e máis *Gweedore*. *Gweedore* ou *Gaath Dobhair* úsase en referencia a unha parroquia do mesmo nome, non a unha vila ou a unha aldea. As aldeas de Bunbeg, Derrybeg e outras son coñecidas colectivamente como *Gweedore*. A xente da zona considérase de *Gaath Dobhair*, e só cita Derrybeg, Bunbeg, etc., como enderezo postal.

Debemos ter en conta que *Gweedore* ou *Gaath Dobhair* é o nome dunha parroquia, unha ampla zona ó redor do esteiro, e que a vila do mesmo nome está situada río arriba, non moi lonxe. As pequenas illas, malia teren cadanseu nome, tamén son coñecidas como illas de *Gweedore* ou de *Gaath Dobhair*, pronunciado /gi: do:rʲ/.

Guidoiro, illotes da Ría de Arousa - Catoira

En Galicia, na Ría de Arousa, hai dúas pequenas illas coñecidas como *Guidoiro Pedregoso* e *Guidoiro Areoso*. Entre elas está o Carreiro dos *Guidoiros*.

Na imaxe superior, tomada de Google Earth, vemos os illotes coñecidos como *Guidoiros* e maila canle coñecida como *Carreiro dos Guidoiros*, situados todos no medio da ría ou esteiro. Na imaxe seguinte, vemos que río arriba, non moi lonxe, está a vila e parroquia de *Catoira*, que tamén lle dá nome a toda a zona ou concello.

Tendo en conta as formas fonéticas de *Gaath Dobhair* (*Gweedore*) e de *Guidoiro*, así como a situación de ámbolos dous topónimos nunha ría ou esteiro, parece razoable pensar que *Guidoiro* é unha romanización de *Gaath Dobhair* igual que *Gweedore* é unha anglicanización do mesmo topónimo gaélico ou galaico.

Moi preto da boca do río Ulla, vemos a vila de *Catoira*. Dado que está localizada moi preto dos illotes do esteiro, igual ca *Gweedore* está dos illotes e da boca do río, *Catoira* podería moi ben ser outra versión romanizada de *Gaoth Dobhair*, os trocos de *c* por *g* e *t* por *d* non precisan maior explicación. E así temos:

Gaoth Dobhair > *Gweedore*

Gaoth Dobhair > *Guidoiro*

Gaoth Dobhair > *Catoira*

No *Guidoiro Areoso* aínda se poden ver as ruínas ou restos dalgúns dolmenes ou mámoas, tal como podemos apreciar nas seguintes fotografías:



Os Guidoiros e Catoira, Ría de Arousa.

A Gaiteira: un esteiro na Coruña

Na cidade da Coruña, hai unha zona coñecida como *A Gaiteira*. Nesta zona xa case non queda nin rastro do río coñecido



Fotografías tomadas por Alex Negreira

Restos de antas ou mámoas no Guidoiro Areoso.



A Coruña no século XIX



A Coruña no ano 1931

Esteiro que da nome ó barrio da Gaiteira, A Coruña.

como Monelos, que hoxe en día discorre baixo terra ata chegar ó mar. Na seguinte imaxe, na esquerda, no mapa da Coruña do século XIX, podemos ver, rodeada cun círculo vermello, a boca do río ou esteiro localizado na zona coñecida como *A Gaiteira*. No mapa da dereita, vemos tamén a mesma área uns anos máis tarde, en 1931. O esteiro, situado na ría da Coruña, desapareceu baixo o recheo feito para a construción do peirao de San Diego, pero o río aínda se pode ver uns centos de metros antes de chegar ó mar.

Agora, debemos lembrar a palabra galega *gaita* e a súa relación cos termos **gayta*, *gaíth*, *gáeth* e *gaoth* para entender que neste caso se trata de *Gaoth Dobhair* > *Gaiteira*.

Cadoiro, Ézaro, O Pindo

Pero la más famosa cascata de Galicia, y de las principales del mundo, es la que hace el río Ézaro al despeñarse en la grande bahía de Finisterre, cuyo remate es la ría de Ce o Curcubión. El río Ézaro, aunque solo tendrá siete leguas de curso, va profundo, lleva mucha agua, y aún arrastra peñascos por lo muy precipitado que corre. Corre por lo alto de unas montañas, y como el mar está muchísimo más bajo, llegando el Ézaro a la falda del famoso Monte Pindo, desde allí se despeña enfrente de Finisterre, haciendo en su salto, ya cascata ya cascadas, según va más o menos crecido. (2631) El sitio del despeñadero, o caída, se llama en el país, o *cadoiro* (de cado, is). Mete un ruido terrible y levanta una nube que parece humo. He oído el ruido y estuve muy cerca del *cadoiro*, pero no me atreví a acercarme a verle, porque no tenía quien me guiase⁴¹.

Aínda que, posteriormente, pasou ós dicionarios galegos co significado de ‘fervenza’, ‘freixa’, ‘abanqueiro’, este texto de Martín Sarmiento permítenos intuír que, nesa época e anteriormente, a única fervenza que recibía o nome de *cadoiro* era a formada polo río Xallas ó saltar entre os penedos do Pindo, a uns centos de metros do mar, xa que, coa marea baixa, o río ten que percorrer uns centos de metros para chegar ó areal e ó mar. Posteriormente, o termo pasou ó léxico co significado de ‘fervenza’.

De feito, pódese comprobar perfectamente na seguinte imaxe, que o río Xallas ou Ézaro forma un esteiro, unha ría, que nos permite entender o topónimo galego *Cadoiro* como outra distorsión do topónimo gaélico / galaico *Gaoth Dobhair*. Danse tódolos requisitos, formas fonéticas e situación topográfica semellantes: *Gaoth Dobhair* > *Caedoiro*.

Dobur – dubieira / dobhar, dohair – doira, duira, doiro, duiras

Para clarificar todo isto un pouco máis, vou facer outra pequena incursión no léxico gaélico e no léxico galego coa intención de demostrar que aínda quedan palabras galegas que conservan as formas fonéticas e os significados da palabra gaélica *dobhar*.

Vou comezar coa palabra *dobur*⁴², ‘auga’ en gaélico irlandés medio, da que deriva *dobhar*⁴³, ‘auga’, ‘ríada’, ‘torrente’ en gaélico irlandés moderno. Segundo Alexander MacBain, esta é a orixe da palabra *dobhar*⁴⁴: *dobhar* – auga. En irlandés, *dobhar*; en irlandés medio, *dobur*. En galés *dwfr*; en córnico, *dofer*; en bretón, *dour*. Teñamos presentes os significados ‘auga’, ‘riada’ e ‘torrente’.

«En galego, *dubieira*⁴⁵ significa ‘torrentera’. Navia de Suarna. Voz que derivé, erradamente, de *diluvium*». En galego, *doira*⁴⁶ significa ‘arroyo, torrente, corriente de agua formada por las lluvias’. Tamén en galego, as palabras *doiro*⁴⁷, *duira* e *duiro* son variantes, ou sinónimos, de *doira*. A palabra *doira*⁴⁸ significa, ademais, ‘fervenza’, ‘cascada’. *Duiras*⁴⁹, en plural, significa ‘Riegos que corren de los montes cuando hay mucha lluvia’.

Unha vez vistos os significados e as formas fonéticas destes termos propios do léxico galego, parece razoable admitir o seguinte:

dobur > *dubieira*

dobhar (*dobhair*) > *doira* / *doiro* / *duira* / *duiro*

Doiro, o nome de río en galego-portugués medieval

No Dicionario de Dicionarios do Galego Medieval vemos o seguinte: *Doiro*⁵⁰: (Duriu): 1547. E tamén: *Doiro*⁵¹: Entre Doir'e Mynn' : 245.15, 267.15

Esta variación dialectal de pronuncia, apreciable na grafía alternativa *oi* por *ou*, tamén se pode ver noutras palabras galegas e portuguesas modernas: *doirar*⁵², 'dorar' e *dourar*, 'dorar'.



Cadoiro, Ézaro, ó pé do Pindo.

Gaoth Dobhair – Caia Doiro / Gaia Douro

En Portugal, na marxe sur do río *Douro* oposta a *Porto*, hai unha cidade e concello coñecido como *Vilanova de Gaia*, ou simplemente como *Gaia*. É evidente que o topónimo Porto deriva do termo latino *portus*, 'porto'. Algúns autores afirman que o topónimo *Gaia* se debe a unha cidade chamada *Cale* que existiu baixo o Imperio Romano. Outros din que a orixe de *Cale* (ou *Gale*, xa que no latín clásico non sempre había unha distinción clara entre o *g* e o *c*: *Callaecia* / *Gallaecia*) é probablemente celta. Tamén hai quen di que *Cale* era o nome dunha colonia grega que posteriormente foi coñecida como *Portus Cale*, ou *Portus Galum* en latín. Suponse que un destes nomes é a orixe de Portugal, o nome moderno do país irmán.

Na páxina web <www.ancientportsantiques.com/the-catalogue/spain-portugal/>, encontramos que a entrada número 104 *Portus Galum*, *Portus Cale*, esteiro do *Douro*, considérase un porto antigo, pero mencionado unicamente por autores modernos. Dito doutro xeito, non é un porto antigo mencionado por autores antigos.

Sexa como sexa, despois de todo o que queda exposto neste artigo, creo que o nome da cidade portuguesa, *Gaia*, e o nome do río, *Douro* / *Doiro*, xunto coa situación da cidade, no esteiro do río, deberíanse analizar como un só topónimo, *Gaia Douro* ou *Gaia Doiro*. Así teríamos outra adaptación a unha lingua romance do topónimo gaélico / galaico *Gaoth Dobhair*, derivado de *Gáeth* + *Dobur*, co significado 'esteiro do río'.



Gaia, ou Vilanova de Gaia, no esteiro do río Douro.



Esteiro do Douro.



Aguete, na Ría de Noia e Muros.



A Guía (Monte de), na Ría de Vigo.

An G(h)aoth – A Guía / Aguete / Aguiño / Os Aguillóns / Os Agullóns de Sagrelos

Antes de chegar á conclusión, lembremos que, como dixen anteriormente, o esteiro de *Gaoth Dobhair* é coñecido como *An Ghaoth*, ‘a ría’. A pronuncia de *Gaoth*, sin lenición do *g* inicial, é /gi:/. Isto explicaría Topónimos galegos como *A Guía*, nome dun monte situado a orelas da ría de Vigo, que, loxicamente, tamén significaría ‘ría’, ‘esteiro’. En gaélico manés, unha lingua moi anglicanizada, ‘ría, estuario’ escríbese *giâu*, unha adaptación de *gaoth*. O topónimo *Aguete*, o nome dunha vila situada na Ría de Pontevedra, tamén sería unha adaptación de *gaoth* ou quizais de *gaoithe*, a forma xenitiva. Sempre co artigo prefixado, *a* en galego e *a’* en gaélico, unha abreviatura do artigo *an* tal como se pronuncia na fala cotiá: *A’ Ghalldachd*, por exemplo, é o nome gaélico das Terras Baixas de Escocia.

E tamén explicaría o topónimo galego *Os Aguillóns*, nome dunha punta da Ría de Ortigueira que parece ser unha adaptación de *gaoth*, ‘ría’, ‘esteiro’, seguido de *oileán*⁵³, ‘illa’ en gaélico irlandés e *eilean*, pronunciado /elan/, en gaélico escocés. Así teríamos *Gaoth + Oileán / Gaoth + Eilein > (Os) Aguillóns*. (‘A ría ou o esteiro das illas’)


E o topónimo *Aguiño*, na outra banda da Ría de Arousa. E os *Agullóns de Sagrelos*, no entrada da Ría de Corcubión e Cee.

An Ghaoth, A ría


En gaélico a pronuncia do dígrafo *gh* inicial diante das letras *a*, *o* e *u*, representa o son da consoante velar sonora /g/ con lenición. Por exemplo, aínda que o son /g/ representa o son do *g* na palabra *gato*, o dígrafo *gh* representa o son velar con lenición que encontramos entre vogais na palabra *lago*. En gaélico irlandés, o contraste entre estes dous sons é fonémico e representa posibles diferencias de significado.

Por exemplo, a forma *gaoth*, con /g/ sen lenición, quere dicir «vento» ou «ría», pero a forma *an ghaoth*, con /g/ con lenición, significa ‘o vento’ ou ‘a ría’. O mesmo fenómeno de lenición dentro dunha frase ocorre tamén no galego. Por exemplo, en paralelo á frase *an ghaoth* en gaélico irlandés, ou *a’ ghaoth* en gaélico escocés, encontramos a frase *a blusa* no galego coa consoante inicial da palabra con lenición no contexto intervocálico.

Do mesmo modo, aínda que a letra *c* representa o son velar xordo /k/ da palabra gaélico irlandesa *cé*, «peirao», «porto», o dígrafo *ch*, que atopamos na frase *an ché*, ‘o peirao’, ‘o porto’, representa o son velar xordo que encontramos nas palabras galegas *ghiso* e *ghedella*, con gheada. Observemos que este último son é moi semellante ó son da consoante inicial da palabra portuguesa *ría*, que ten o mesmo significado que a palabra *gaoth* en Gaélico e que é moi similar na súa pronuncia.



Aguíño, Ribeira, Ría de Arousa.



Os Agullóns de Sagrelós, Ría de Corcubión e Cee.



Os Aguillóns, Ortelgal, Ría de Ortigueira.



Illotes Os Aguillóns, Cabo Ortelgal.

Segundo o DRAE, a palabra *ría*⁵⁴ deriva de *río* e este do latín *rivus*. Pero *ría* é un termo que só se dá nas linguas iberorromances e, aínda que sexa unha palabra cotiá, sobre todo en Galicia, a forma feminina de *río* non se usa para designar un brazo de mar ou esteiro en ningunha outra lingua romance. En Italiano dise estuario, en francés dise estuaire, en romanés dise estuar, en inglés dise estuary, inlet ou river mouth...

A miña opinión é que *a' ghaoth* > *a ría* é o produto da evolución vagarosa dunha frase da lingua gaélica / galaica local, tanto no seu sentido como na súa forma, ata outra frase no latín popular entrante nun contexto social bilingüe que se puido estender durante séculos despois da caída do Imperio Romano en Galicia. Sería unha adaptación sociolingüística natural, tendo en conta tódalas explicacións dadas ata agora. De tódolos xeitos, non deixa de ser unha hipótese como calquera outra, un pouco máis traballada, iso si.

Conclusión

Da raíz protocelta **gaytâ*, derivada da raíz indoeuropea *ghai, ghei, ghi*, xorden diversos termos gaélicos con acepcións relacionadas co vento: *gáith, *gaito-, gaeth, goath*, etc. O feito de coincidiren, tanto nas súas formas fonéticas como nos seus significados, con palabras iberorromances empregadas para designar distintos instrumentos musicais de vento coñecidos como *gaita*, mesmo os que non teñen fol nin parte ningunha feita de pel ou de óso de cabra, indican que é máis que probable que sexa esta a orixe da palabra empregada na Península Ibérica para designar estes instrumentos: **gaytâ* > *gaita*.

Da raíz goidélica *gáith*, *gaeth* (**gaito-*) deriva tamén a palabra gaélica *gaoth*, cos significados «vento» e «ría», que xunto co termo *dobhar*, «auga», «río», forman o topónimo irlandés *Gaoth Dobhair*, «esteiro do río», «ría (do río)». Dado que en tódalas rías galegas existen topónimos como *Guidoiro*, *Gaiteira*, *Catoira*, *Cadoiro*, etc., parece razoable pensar que tamén se trata de termos gaélicos / galaicos empregados para designar esteiros e rías no litoral galego e no norte de Portugal. De feito, a palabra iberorromance *ría*, ou mellor, *a ría*, pode ser unha adaptación do topónimo gaélico *An Ghaoth / A' Ghaoth*, «a ría», literalmente, sobre todo tendo en conta a pronuncia do *r* de *ría* en portugués.

E logo Betanzos seguirá forte no s. XVI, como denotan os **monumentos tardogóticos e renacentistas** que nos quedan, como o retablo da ábsida de Santa María do Azougue ou o do Arcediano da igrexa de Santiago, e tamén como a igrexa de Nosa Señora do Camiño e o Hospital da Anunciata (hoxe convento de agustinas recoletas). Continuará sufrindo incendios e **arderá a maior parte no 1616**, acontecemento que nos deixa un excepcional

mapa da cidade. Nese século XVII constrúese o **Hospital de San Antonio de Padua**. E no século XVIII verá como se reconstrúe o vello **concello** da época de Carlos V cos deseños de Ventura Rodríguez, e construírse o **Edificio Arquivo do Reino de Galicia**, o primeiro feito en España para arquivo e que sigue a ser hoxe o máis emblemático do antigo reino.


Sobrevivirá ó século XIX coa **invasión francesa**, as guerras carlistas, os movementos revolucionarios varios e a **obsesión polo progreso**, que tivo como consecuencia graves destrucións patrimoniais como o mosteiro gótico de San Francisco, os soportais da rúa do Castro, a Porta da Vila, etc. E sobrevivirá tamén á Guerra Civil de 1936, acabando o século XX coa esperanza, acaso unha ilusión, de que a democracia, por fin, nos traerá a paz.

Se agora volvemos a vista cara atrás, é verdade que algunhas cousas mudaron, pero ben podemos dicir que Betanzos percorreu os séculos ata chegar ós nosos días como unha cidade que mantén boa parte das súas sinais de identidade medievais. Certamente, os artesáns desapareceron coa chegada das manufacturas desde finais do século XIX. Tampouco quedan mariñeiros e os campesiños e os comerciantes non abundan. Pero, en cambio, concentra agora moitas entidades educativas e culturais e pode dicirse que, como pouco, é hoxe unha **capital cultural de Galicia**, mentres mantén as súas vellas feiras e os seus encantadores mercados, ademais de continuar sendo unha capital administrativa.

A historia non para e a vida segue, mentres a cidade se vai adaptando ós tempos, sen perder a súa esencia máis íntima: a de estar **conectada co seu entorno rural**, coa súa comarca, como poucas poboacións galegas (véxanse as feiras e os mercados semanais).

É como se se resistira a esquecer a súa orixe de Tiobre. Por iso mesmo estamos hoxe aquí: para lembrar ós nosos antepasados e a aquel camiño que fixeron hai 800 anos e que sempre foi de ida e volta.

Moi agradecido! Verémonos aquí dentro de cen anos!



O núcleo principal da **VILA DE UNTIA**, doada por Afonso VII ó mosteiro de Sobrado en 1138 (Urgorri, 1982: 61), podería estar conformada por dous barrios que vemos no «mapa» de Antonio Vázquez, de 1616: **Barrio [da] fontedunta** (desde a **pontem de Untia**, hoxe Ponte Vella, ata a **fontem de Untia**, que daría nome ó castro, á vila e á ponte) e **Barrio do campo da feira de sanroque** (o popular barrio do Campo ou de Castro d'Unta), que estaría entre a costa do **vallem antiquam**, hoxe parte da rúa da Fonte de Unta, a rúa da Cañota e a dos Ferradores. Por conseguinte, a vila de Untia, que pertencía a **Sci Martini de Bravío** e debía ter unha capela onde hoxe está o convento de Santo Domingo, non estaría enriba do castro (Torres, 02-2019-10) e iso explicaría por que no Tumbo das Cascas non figura no **castrum de Vnctia** ningunha igrexa.

CANDO BETANZOS ERA UN RUEIRO DE TIOBRE



VERÍN Y SEIJAS, Manuel Antonio (1812):
Historia de la fundación de la Ciudad de Betanzos antigua y Moderna con varias Notas y adiciones...
Arquivo Municipal de Betanzos.



sepulcro (ca. s. XII)
nunha fonte,
cerca da capela
de San Paio (foto:
Xesús Torres)


restos da
capela románica
de San Paio

Foto: Erias

Igrexa románica
de Tiobre, inau-
gurada por
Xelmírez en 1108
(deseño de F. J. Martínez
Santiso en 1895. AMB)



BETANZOS O VELLO
(2019)



restos da
capela románica
de San Paio

Igrexa
románica
de Tiobre

BETANZOS O VELLO (1956)



Calixto II (papa entre 1119 e 1124), nunha letra inicial do *Codex Calixtinus*. Era irmán do conde de Galicia, don Raimundo de Borgoña.


UNHA CUESTIÓN PREVIA: CAL É A IMAXE DE AFONSO IX?

Na revista do *Museo de Pontevedra*, 1989, nº 43, Serafín Moralejo publicou o traballo titulado, «¿Raimundo de Borgoña (-1107) o Fernando Alfonso (-1214)? un episodio olvidado en la historia del panteón real compostelano». Nel di que, dos sepulcros dos dous reis que existen no Panteón Real da catedral de Santiago, un parece ter maior volume e o outro semella máis


aplastado e ríxido, polo que decide trastocar as atribucións tradicionais: o que era Fernando II pasa a ser Afonso IX e viceversa. Intenta apoiar este cambio en paralelos estilísticos, pero en realidade, aínda que non o expresa, basea en boa parte a súa conclusión nunha lei non escrita que di que a arte evoluciona desde o real ó esquemático. Esta lei é aplicable para a evolución dun tema nun longo período de tempo, pero neste caso non procede.

Hai tanta diferenza entre eles para semellante conclusión? Un é tan aplastado e ríxido e o outro tan voluminoso e naturalista? Realmente si que hai algo diso, pero non o suficiente como para concluir nada definitivo. Basta pensar que entre a morte dos dous reis pasan 42 anos e que o escultor do tradicional Afonso IX, aínda que da mesma escola, semella diferente e de mellor técnica no tratamento dos paños e do movemento xeral da figura.

Non é o momento de analizar en profundidade se é ou non verdade que as imaxes de todas ou da maioría destas laudas sepulcrais do Panteón Real de Santiago son moi posteriores ás respectivas mortes das persoas que representan, como suxire o profesor Moralejo, pero si se pode dicir algo en favor das atribucións tradicionais, tomando como base aspectos iconográficos das propias figuras, que el non analiza.



Panteón Real da catedral de Santiago. Segundo a atribución tradicional esta é a lauda sepulcral do conde de Galicia, don Raimundo de Borgoña (1070-1107), esposo da que sería, dous anos despois da súa morte, raíña Urraca I de León. Foron pais de Afonso VII (rei de Galicia en 1111), sogros da raíña Berenguela, avós de Fernando II e bisavós de Afonso IX. Debuxo: Erias



Panteón Real da catedral de Santiago. De esquerda a dereita, segundo as atribucións tradicionais: a raíña dona Bereguela († 1149), esposa de Afonso VII; o fillo deles, Fernando II († 1188); e o fillo deste, Afonso IX († 1230), reis de León e Galicia. Debuxos: Alfredo Erias.

Pode pensarse, como di Moralejo, que don Raimundo de Borgoña († 1107) debería ter barba, porque así se representa no Tumbo A (desde 1127), pero o seu irmán, o papa Calixto II, non a ten na letra capital do *Codex Calixtinus* (c. 1140). Outra cuestión é o moi diferente peinado en relación cos rizos ostentosos de Fernando II e Afonso IX, que semellan unha marca familiar. O pelo do que supoño é don Raimundo ten un peinado singular, sen paralelos coñecidos, pero ademais é liso, como o da súa nora, a raíña Berenguela, que estaría máis próxima no tempo. Logo, a pesar do razoamento de Moralejo en favor de que se trate de Fernando, un fillo de Afonso IX morto prematuramente en 1214 e enterrado na catedral, non sería perigosamente estraño que tivera un pelo tan distinto ó do pai, poñendo en dúbida a súa paternidade? Ata os fillos adoptivos dos emperadores romanos (penso en Lucio Vero con respecto a Antonino Pío) adoitaban representarse co mesmo peinado do pai.

En canto ó parecido co cabaleiro Paio Gómez Charíño († 1295) en San Francisco de Pontevedra, hai un feito distintivo fundamental entre eles: o que considero don Raimundo de Borgoña non ten espada: o seu único emblema como cabaleiro está nas esporas, e iso, aplicado á escultura sepulcral galega, é un signo de antigüidade que, por imitación, foi adoptado tamén polos cabaleiros de Rocas, Xunqueira de Ambía, etc. Por outra banda, se facemos a comparación destes sepulcros, seguindo as atribucións tradicionais, vemos:



Afonso IX no Panteón Real da catedral de Santiago. Foto, con reconstrución do nariz e engadido de cor, de Alfredo Erias.



Arriba, Fernando II e abaixo, Afonso IX no Tumbo A da catedral de Santiago
Fotos: <<https://commons.wikimedia.org/>>

- 1) Tódalas figuras se cubren con manto de corda e esta aparece ben figurada.
- 2) Semella que un detalle do colo e pectoral da vestimenta de don Raimundo de Borgoña, que cae en dúas bandas que se entrecruzan, é copiado pola raíña Berenguela e polo seu neto, o rei Fernando II. Sen embargo, isto que parecía evolucionar desde unha fórmula decorativa e máxico-relixiosa (cruz) cara a un emblema familiar e un signo de estatus, desaparece na última figura, a de Afonso IX. Soamente este aspecto xa nos indica que sería iconograficamente incoherente que esa figura de Afonso IX fose en realidade Fernando II, porque habería un salto incomprensible.
- 3) Esta mesma idea de evolución cara a desaparición de detalles vese tamén na comparación das figuras de Fernando II e de Afonso IX. Mentres o manto de Fernando II ten abundantes cenefas decoradas, o moi similar de Afonso IX simplemente non as ten. E mentres a barba de Fernando II remata nos típicos rizos mateanos, Afonso IX non os ten.
- 4) E se comparamos as imaxes dos dous reis a cabalo no Tumbo A, claramente Afonso IX aparece máis voluminoso, en roupas e pelo, que Fernando II, o que nos pon en paralelo coas adscripcións tradicionais dos seus sepulcros.

Por conseguinte, considero que a mera análise iconográfica non autoriza a alterar as adscripcións tradicionais dos sepulcros do Panteón dos Reis da catedral de Santiago.



Privilegio rodado do 13 de febreiro de 1219 polo que Afonso IX de León e Galicia cambia a vila de Betanzos (un rueiro da parroquia de Tiobre) para o Castro de Untia.

Imaxe do Arquivo Histórico Nacional, Clero Secular-Regular, car. 538, N. 8-01.

In Nomine d(omi)ni n(ost)ri ih(esu) (christ)i, amen. Notum sit omnib(us) tam p(re)sentib(us) quam fut(ur)is presentem paginam inspect(ur)is quod Ego Adefons(us), d(e)i gratia Rex Legion(is) et Gall(e)cie I, muto villam de Betancüs ad Castrum de Vnctia, ad instantiam et petit(i)o(n)em habitato(ru)m ipsius ville. Et quia ipsum Castrum erat hereditas monasterii de Sup(er)addo, in re / co(n)sensu ipsius ipsi(us) hereditatis, do et assigno in p(er)petuum vob(is) abbati d(omi)no Henrico et conuentui ipsi(us) monasterii de Sup(er)addo quartam partem om(niu)m reddituum siue p(ro)uentuum / ipsius uille et ad ipsam p(er)tine(n)tium, tam per mare q(ua)m per t(erra)m, ut ipsam q(ua)rtam vos et ipsum monast(er)ium libere et pacifice sine contr(a)dictio(n)e aliqua in p(er)petuum iure hereditario posside / atis, cum medietate om(niu)m capellar(um) que in ipsa villa c(on)structe fue(r)int, sicut ea que melius habetis et liberi(us) possidetis. Et sciendu(m) q(uo)d vos, abbas et Conuent(us) p(re)dicti monasterii / datis m(i)hi ad p(o)p(u)latio(n)em ia(m) dicte ville sup(ra)dictum Castru(m) de Vnctia et alias om(n)es hereditates q(ua)s habetis in circuiu ipsi(us) Castr(i), scilicet, per fonte(m) qui est in rippa riuuli de Mando iux(ta) / pontem de Vnctia et inde sursum p(er) vallem antiqu(am), et inde p(er) uiam que tendit ad orreum u(estr)u(m), excepto ipso orreo cum suo currali, et inde q(uo)modo concludit(ur) ipsum Castrum / cum p(re)dictis hereditatib(us) duob(us) riuulis hinc et inde. Si quis igit(ur) tam de n(ost)ra parte q(ua)m de extranea cont(ra) hoc factum n(ost)rum uenire p(re)sumpserit et hanc n(ost)re concessionis / cartam modo aliquo infring(er)e atte(m)ptauerit, iram d(e)i o(mn)ipotentis et Regiam indigat(i)o(n)em inc(ur)rat, et q(ua)ntum inuaserit abbati et successorib(us) predicti monasterii in dupplu(m) co(m)ponat, / et pro ausu tem(era)rio regie parte mille morab(e)ri(n)os p(er)soluat, et tandem cum Iuda d(omi)ni traditore et cu(m) Dathan et Abiron quos uiuos t(er)ra absorbit, penas luat p(e)rpetuas in inferno, nichilo / min(us) carta semp(er) in suo robore p(er)mane(n)te. Facta carta apud Valentiam, XIII, die Febr(ua)rii, Era, M. CC. L. septima. Ego d(omi)n(us), A(defonsus), Rex hanc cartam q(ua)m fieri manda / ui, roboro et c(on)firmo et sigillo meo co(m)munio:



[Signo rodado] † *SIGNVM ILLVSTRIS ADEFONSI REGIS LEGIONIS ET GALLECIE.*

<i>Petro III existente Co(m)postellano</i>	<i>Comite do(mi)no Fernando vassallo Regis existente</i>
<i>Archiep(iscop)o</i>	<i>Comite do(mi)no Gunzaluo vassallo Regis</i>
<i>Johanne Oueten(si) Ep(iscop)o</i>	<i>Do(mi)no Ioha(n)ne Ferna(n)di, signifero d(omi)ni Regis</i>
<i>[Ruderic]o Legion(ensi) Ep(iscop)o</i>	<i>tenente trastamarem et Montem rosum et Toronium</i>
<i>[Laurentio] Auriensi electo</i>	<i>Do(mi)no Velasco gomez ten(ente) Montem nigrum</i>
<i>[Stephano] Tuden(si) Ep(iscop)o</i>	<i>Do(mi)no Martino Sancii ten(ente) Limiam et Sarriam</i>
<i>[Ordonio] Lucen(si) Ep(iscop)o</i>	<i>Do(mi)no Laurentio Suariz maiordomo Regis, tenente</i>
<i>[Petro III^o] Astoricen(si) E(piscop)o</i>	<i>Extrematura(m)</i>
<i>Martino Cemoren(si) Ep(iscop)o</i>	<i>Do(mi)no Fernando ... tene(n)te Maiorica(m) [et] Coriam</i>
<i>Gunzaluo Salamantin(o) epi(iscop)o</i>	<i>Do(mi)no Fernando Fernandi ten(ente) Senabriam et beneuentu(m)</i>
<i>Lombardus Ciuitat(en)si) ep(iscop)o</i>	<i>Do(mi)no Didaco Froile ten(ente) Mansellam et Castrot(er)ram</i>

Petro Pe(tr)i, Archid(ia)co(no) Salamantin(o) tenente Cancellariam. Magist(er) Michael d(omi)ni Regis Notari(us), scripsit et confirmavit]

No nome do noso Señor Xesucristo, amén. Saiban todos, tanto presentes como futuros, que vexan esta páxina, que eu, Afonso, Rei de León e de Galicia pola graza de Deus, traslado a vila de Betanzos ó Castro de Uncia, a instancia e petición dos habitantes da mesma vila, e como o propio castro era herdade do mosteiro de Sobrado, en compensación pola mesma herdade, dou e asigno a perpetuidade a vós abade don Henrique e comunidade do mesmo mosteiro de Sobrado a cuarta parte de tódolos rendementos ou proveitos da mesma vila e que á mesma pertenzan, tanto por mar como por terra, para que a mesma cuarta vós e o propio mosteiro libre e pacificamente sen contradición algunha a posuades por dereito hereditario a perpetuidade, coa metade de tódalas capelas que na mesma vila sexan construídas, como aquilo que mellor tedes e máis libremente posuídes. E sáibase que vós, abade e convento do dito mosteiro, dádesme a min para a poboación da dita vila o antedito castro de Uncia e tódalas outras herdades que tedes arredor do mesmo castro, a saber: pola fonte que está na ribeira do río Mandeo á beira da ponte de Uncia e de alí cara arriba pola congostra antiga e logo polo camiño que leva ó voso hórreo, agás o propio hórreo co seu curral, e desde alí, seguindo os límites do mesmo castro coas anteditas propiedades, quedando a un lado é ó outro ámbolos dous ríos. Se alguén, tanto da nosa parte como allea, viñera interferir contra esta acción nosa e dalgún xeito quebrantase a nosa carta de concesión, incurra na ira de Deus omnipotente e na rexía indignación, e todo canto usurpara ó abade e sucesores do dito mosteiro llo restitúa dobremente, e pola súa temeridade pague á parte rexía mil morabetinos, e xunto con Xudas, traidor ó Señor, e con Datán e Abirón, tragados vivos pola terra, pague penas perpetuas no inferno, sempre e cando a carta permaneza en vigor. Feita a carta en Valencia, a día trece de Febreiro, era MCCL sétima. Eu, o señor Rei A[fonso] corroboro esta carta que mandei facer e confirmo e refórzoa co meu selo. [Signo rodado] [seguen os confirmantes, véxase arriba a transcripción latina deles]



Mosteiro de **San Pelayo de Genrozo**, de **Nuestra Señora de las Dueñas** (de Donas, isto é, de mulleres) ou das **Cascas**. Hoxe está moito peor que na fotografía, pero aínda pode rehabilitarse en parte. É o edificio máis antigo da cidade, edificado no tempo da vila de Untia. Está no lugar das Cascas ou da "Condesa", que nos parece un nome moderno, porque se asocia á nova urbanización que alí hai, pero ese nome é moi antigo. Estaba aplicado ás leiras e montes desta zona, e ten a súa orixe, nada menos, que no século XII cando o **conde don Bermudo Pérez** o

9-10-1138 doou á súa filla **dona Urraca** (a «**condesa**») este **mosteiro de donas** que reedificou para ela, onde sería abadesa. Dona Urraca doaría o mosteiro e a igrexa anterior de San Paio (e logo de Nosa Señora das Donas) ó mosteiro cisterciense de Sobrado o **8-09-1145**. Os seus dominios ían de Bergondo ata Cines e, dentro deles, estaba a **vila de Untia** (doada por Afonso VII ó mosteiro de Sobrado en **1138**). A igrexa sería derrubada en febreiro de **1879** ó construírse a **Carretera da Estación do Norte**. Ese «Norte» referíase á "Compañía de los Caminos de Hierro del Norte de España". Foto: Ferrer (14-07-1907).



castrum de Vncia
que, despois do 13-02-1219, será a
Vila Nova de Betanzos e, finalmente, **Betanzos**
(reconstrución hipotética de Alfredo Erias)

Vila de Vncia
da parroquia de **Sci Martini de Bravio**, probablemente
abarcando o que no 1616 será o **Barrio do campo da feira
de sanroque** e o **Barrio [da] fontedunta**



Proceso repoboador do Castro de Untia, empezando pola cima do castro (a croa).
Composición de Alfredo Erias sobre foto aérea.

A poboación que chega en 1219 (e xa algúns anos antes) desde o que hoxe chamamos *Betanzos o Vello* (en Tiobre), vai conformando a **Vila Nova de Betanzos** no antigo Castro de Untia, de arriba abaixo, desde a croa amurallada (hoxe Praza da Constitución). Nun plano inferior, hai un primeiro antecastro, sostido por unha muralla, que se conserva detrás das casas da rúa Travesa e da rúa Nova. E noutro plano máis baixo, existe un segundo antecastro, que limita por dentro coa muralla do primeiro e por fóra con outra muralla (desaparecida), seguida dun terraplén. É por riba deste antecastro por onde vai a rúa Travesa e a rúa Nova, a da Cortaduría e a da Pescadería. Pero a cidade aumenta e no s. XIV xa se está a construír a muralla definitiva coas súas portas, finalizando a súa construción coa porta da Ponte Nova en 1500 e coa reconstrución da Porta da Vila arredor de 1550. E no s. XIV articúlanse dúas parroquias na nova vila con sendas igrexas góticas.

O FRÍO, A FAME, A PESTE E A GUERRA


Se o «Óptimo climático...» (s. X- XIII) supuxo un período de quecemento entre 1º-1,5º máis de media con respecto á actual, de bonanza na agricultura e de aumento demográfico, a «Pequena Idade de Xeo», que abarca de principios do s. XIV a mediados do XIX, supón **enfriamento, malas ou inexistentes colleitas e baixón demográfico**. É un fenómeno cíclico que ocorre cada 1.500 anos aproximadamente (Erias, 2014: 523).

As xentes morrían de **fame** e, en xeral, houbo unha gran migración ás cidades e vilas, especialmente ás costeiras. Pero coas xentes tamén emigraron as ratas e as súas pulgas, que levaron unha variante da bacteria *Yersinia pestis*, que deu lugar á peste pulmonar, á bubónica e á septicémica. Esta foi a famosa **peste negra** que, orixinada en Asia, matou á terceira parte da poboación europea, uns 25 millóns de hts., entre 1346 e 1353, chegando o seu último brote ó s. XVIII.

Por se todo isto fora pouco, os poderosos encargáronse de empeoralo coas guerras. E dentro do contexto europeo da **guerra dos Cen Anos (1337-1453)**, enmárcase a **guerra civil (1351-1369)** entre o rei Pedro I (1350-1369), apoiado por Inglaterra, e o seu medio irmán Enrique de Trastámara, apoiado por Francia. A vella nobreza galega (Fernando de Castro, Sueiro Yáñez de Parada, etc.) estará con Pedro I, e Fernán Pérez de Andrade tamén, ó principio. Porque el, o mesmo que outros nobres, en xeral liñaxes novas (Andrade, Biedma, Lemos, Maceda, Moscoso, Novoa, Sarmiento, Soutomaior, Ulloa, Valcárcel...), terminará á beira de Enrique de Trastámara.

Fernán Martís, o capelán de Andrade, calificóo como «o mellor home que avía entón en Galiza dos conde ou rico home afora». Mesmo o Licenciado Molina na súa *Descripción del Reyno de Galicia* de 1550 fala de *fernan perez de andrade el bueno*, facéndoo principal protagonista no desenlace da guerra: *Estando caydo en tierra el don enrique y don pedro sobre el para le matar, se halló allí este ferman perez: el cual diziendo: yo no quito rei ni pongo rei, mas ayudo a mi señor; tomó el brazo al rei don enrique, el qual dando la buelta sobre su enemigo y hermano el rei don pedro, le mato...* (en Montiel o 23-III-1369).

Os cabaleiros do novo réxime triunfante precisaban escenificar, a modo de xustificación, o seu poder, e fixérono pactando coas novas ordes mendicantes (franciscanos e dominicos), ás que lles construíron monumentais igrexas e conventos nas vilas a cambio de establecer as súas capelas funerarias dentro deses edificios. Iso explica a multiplicación de sepulcros de cabaleiros e das súas familias nestas igrexas na segunda metade do s. XIV e, sobre todo, no s. XV. O caso de Andrade en San Francisco de Betanzos é o máis significativo.



Os irmáns Iohan Freyre de Andrade e Fernán Pérez de Andrade (igrexia de San Francisco).
Debuxos: Alfredo Erias.



**FERNÁN PÉREZ
DE ANDRADE** († 1397)
(sepulcro na igrexa de
San Francisco)



Sancha Rodríguez, primeira
esposa de Fernán Pérez
de Andrade: posible
retrato na ábsida da
igrexa de San
Francisco e
sepulcro no
Museo das Mariñas



PARAÍSO de ANDRADE

unha romaría de comida (caza, pan, viño) e música (ábsida de S. Francisco)

Cacería




Burriño = humildade de Andrade no Xuízo Universal



Retrato de Andrade

Panadeiro



Músicos



S. Francisco no tímpano da porta occidental da súa igrexa



O Xuízo Universal no centro da ábsida de San Francisco, mesturando a iconografía do Pórtico da Gloria coa franciscana. Foto e reconstrución: Alfredo Erias.




Calendario agrícola medieval (único completo de Galicia) da igrexa de Santa María do Azougue (s. XIV). Deseño e cromatismo de Alfredo Erias.



Fotos: Erias.



Igrexa de San Francisco.
Foto: Ferrer ca. 1900
(AMB).



Arriba, capitel de Sta. M^a do Azougue, coa Anunciación, o Pesebre e a Adoración dos Reis Magos.

Esquerda, igrexa de Sta. M^a do Azougue, do s. XIV, pero consagrada no 1446, segundo unha inscrición da fachada: **ESTA : IGL(es)IA : ET : CIMITERIO : FOY : CO(n)SAGRADA : O P(ri)MEIRO : D(OMINGO) : D(e) : MAYO : ANO : D(omini) : M(ilesimo) : CCC : XLVI : ANOS.**

Foto: F.J. Martínez Santiso (1899, AMB)




Torre Municipal ou do *Reló* (s. XIV, con *reló* desde o XV), igrexa de Santiago (s. XIV, pero posterior á torre do *Reló*) e torre de Lanzós (s. XIV) ó fondo.

Foto: F.J. Martínez Santiso (ca. 1899, AMB)



Foto: F.J. Martínez Santiso




Probable médico de Andrade na prolongación do brazo sur do cruceiro de San Francisco. Debuxo: Erias.

O xurado Pedro Martiz Reimóndez na prolongación do brazo sur do cruceiro de San Francisco. Debuxo: Erias.

O notario de Betanzos, Joan Bonome. Sta. M^a do Azogue. Debuxo: Erias.

Gran embarcación, tipo coca, ancorada na ría de Betanzos e gravada no muro do evanxeo da ábsida da igrexa de Sta. M^a do Azogue. É un símbolo de poder do gremio de mareantes, que tiña nesta igrexa a súa confraría e que probablemente contribuíu á súa construción. Tamén pode entenderse como unha ofrenda e unha súplica de protección á Virxe para as longas e perigosas singraduras. O profesor Alonso Romero (1983: 11-15) considéaa de orixe nórdica. Debuxo: Erias.



3º



SANTIAGO



Alfolí (almacén) do sal que aínda se mantén en pé na rúa do seu nome. Situado á beira do río Mandeo, nel cargaban e descargaban os barcos.

6º



SAN PABLO



SAN FELIPE

Isto é o que queda do destruído (no s. XVIII) **APOSTOLADO** da ábsida de San Francisco, sobre a parte media dos nervios 3º e 6º. Desaparecido o primeiro apóstolo, que sería san Pedro, quedan, arriba, **Santiago Peregrino** e **san Pablo**. Abaixo, **san Felipe**, pois leva o seu símbolo, a cruz en tau, e o outro podería ser **san Xoán Evanxelista**.

Composición e fotos: Erias.



S. XOÁN Evanxelista (?)



San Lázaro, como vítima da peste negra, na capela do barrio da Magdalena.
Foto: Veiga.




«Casetas» do Hospital de Lazarados, construído por Fernán Pérez de Andrade (Martínez Santiso, 1892: 246), baixo a advocación de san Lázaro, no barrio da Magdalena, para apartar da vila ós enfermos de lepra, peste negra e outras enfermidades temibles. Á beira do camiño vello que ía á Coruña, os apestados vivían das limosnas dos viandantes.
Foto: Erias (27-02-1984).



Os esposos Clara Sanches e Afonso de Carvallido, alcalde de Irmandade en Betanzos na derradeira guerra irmandiña (1467-1469). Museo das Mariñas. Fotos: Erias.

OS IRMANDIÑOS

A Irmandade de Galicia, creada probablemente polo betanceiro ALONSO DE LANZÓS e polos representantes das cidades da Coruña, Betanzos e Ferrol, é refrexo da situación caótica do reino castelán-leonés ó longo do s. XV e particularmente no reinado de Enrique IV. Situación favorecida polas pestes e malas colleitas que se arrastraban desde a terrible peste negra de arredor de 1348... As cidades e os campesiños non puideron soportar a presión da nobreza terratenente e máis da Igrexa. Procuraban acabar cos abusos dos cabaleiros, defender os privilexios das vilas, revisar os tributos, que devolveran as terras usurpadas e que se rematara coa costume de criar fillos de fidalgos nas casas campesiñas. Destruiron a maioría dos castelos, mais foron derrotados. Un deles foi o comerciante de Betanzos e alcalde de irmandade, AFONSO DE CARVALLIDO, imaxe única en Galicia.



Jácome Mouro Reimóndez, *regedor* de Betanzos (s. XV) na igrexa de San Francisco. No arcosolio do seu sepulcro está o primeiro **ESCUDO DE BETANZOS**, aínda sen bezantes, coa **Ponte Vella** e a súa torre defensiva, a popular Caramona. Sempre será esta ponte, aínda que despiste ás veces que se figure con tres arcos como a Nova sobre o Mendo. Debuxo: Erias.



Xente da igrexa de San Francisco do s. XV. De abaixo arriba e de esq. a der.: **cabaleiro descoñecido**; **García Peres Vilousaz** († 1402); e **Aras Pardo** o fillo († ca. 1400). Detrás: coengo **Joán López de Vilousaz** († 1440); **muller descoñecida dos Pardo e Aguiar**; o **regedor Jácome Mouro Reimóndez**; e outro **cabaleiro descoñecido**. Debuxos: Erias.



Foto: Erias.

Nun arco do coro da entrada do templo de San Francisco atopámonos con estas catro pedras mal dispostas. As únicas que teñen coherencia co lugar son as dúas superiores, pero, aínda así, están colocadas ó revés, quizais porque quen as puxo alí non sabía ler. Situándoas como deberían, documentan unha obra de 1501: **ESTA OBRA DESTES TRES : ARCOS MANDOU FAZER : O REVERENDO PADRE MESTRE : JUAN : CARLIN : MESTRO : DESTA : PROVINCIA : / A QUAL : FEZO : FAZER AFONSO : SARDINA : PALMEIRO : E NO ANO : DE : MILE : D : I : ANOS :**



Foto: Erias.

Debaixo, á esquerda, temos unha pedra conmemorativa, probablemente, da construción no s. XV da hoxe desaparecida «capela» dos Becerra (Vales, 2006: 224). Quizais foi realizada e custeada, en todo ou en parte, polo «meestre» canteiro Afonso Fernández; só así se entende que a placa conmemorativa se dedique a el e non ó promotor da familia Becerra. Di: **+ ESTA : CAPELA : FEZ : AFONSO : FERNANDEZ : MEESTRE :**

Marcas gremiais na fachada occidental da igrexa de San Francisco, que supoñen que os gremios tamén axudaron na súa construción. De arriba abaixo: cortadores (?), mareantes, alfaiates, cruz (?), alfaiates, figura antropomorfa esquemática como marca de canteiro (?)




Fotos de Gabín e César fundidas por Erias.

Un pazo gótico da Rúa da Cerca é hoxe un símbolo do que hai que facer con urxencia: reconstruílo, como se está a reconstruír outro semellante nesa rúa. Son edificios do século XV, con escudos nobiliarios, portas con arcos conopiais e, por conseguinte, de persoas con poder. Co tempo (ss. XVII-XVIII), este pazo pasou a ser propiedade de campesiños, que engadirían unha pranta cun balcón corrido de madeira para secar maízzo, cebolas, allos, fabas, etc. Betanzos aínda ten moitas casas campesiñas con este tipo de balcóns, que empezaron a facerse no momento en que chegaba de América o maízzo e se aclimataba perfectamente a finais do século XVI, por debaixo dos 400 m. de altitude. O balcón substitúe ó hórreo alí onde este non pode construírse. Hoxe soamente queda un hórreo antigo na cidade, o da Familia Ramos á entrada da Rúa Nova.



Foto: Erias.

Marcas gremiais no interior da ábsida de San Francisco: peixe dos mareantes, vara dos alfaiates (xastres) e lanzadeira de tear dos «texedores».



Tres pazos da rúa da Cerca. Os dous laterais son do s. XV e o do centro, do XVII. O da esquerda hoxe está parcialmente derrubado, incluída toda a fachada; e o da dereita está en avanzado estado de rehabilitación. O último piso dos dous pazos góticos, engadidos *a posteriori*, teñen dúas simboloxías socioeconómicas moi diferentes: o pazo da esquerda, con balcón corrido de madeira (ss.XVII-XVIII), ten un compoñente campesiño, e o da dereita, con galería, é máis burgués (s. XIX-XX). *Plan Piloto de Rehabilitación Integrada* (1980). Arquitecto: Carlos Fernández-Gago Varela. Debuxo: Carlos González Mazaira (delineante). Cor de Alfredo Erias. AMB, c. 910.

OS GREMIOS DE BETANZOS

Os gremios eran asociacións de xentes dun mesmo oficio, que se estenderon pola maior parte de vilas e cidades europeas da Idade Media, perpetuándose ata o final da Idade Moderna, en que foron abolidos. En España abolíronos as Cortes de Cádiz de 1813. Regulaban tódolos aspectos do traballador, tanto materiais como espirituais, desde a súa formación ata a súa morte. A beneficencia e a atención en hospitais, exequias, coidado de viúvas e orfos, eran tamén funcións dos gremios, para o que tiñan sempre aparelhada unha **confraría relixiosa**, co seu santo patrón á fronte. En Betanzos había cinco gremios:

Labradores. O seu patrón é san Antonio nunha capela da igrexa parroquial de Santiago. De orixe medieval, aínda perviven as súas danzas de espadas. A imaxe dos campesiños, sen dúbida o grupo máis importante da vila e logo cidade, só a atopamos nos calendarios agrícolas, como o de S^{ta} M^a do Azougue ou o parcial de San Francisco. Algunha outra referencia témola na imaxe do verán (ou Saturno) nun capitel de Santa María, e nun fouciño gravado nunha columna desta mesma igrexa.

Mareantes (marifeiros). O seu patrón é san Miguel Arcanxo na igrexa parroquial de S^{ta} M^a do Azougue. Tamén se conservan as súas danzas. Nas constituicións da confraría de San Miguel de 1580 xa se mencionaba a danza de arcos e aludíase a ordenanzas anteriores «moi antigas». Deles consérvase gravado un gran barco na parede do evanxeo da ábsida de S^{ta} M^a, unha coca nórdica que viría desde o Mar do Norte ou do Báltico na procura do



Danza de labradores. Foto: AMB.



Danza de mareantes. Foto: AMB.

noso sal. O Alfolí ou almacén medieval do sal aínda se conserva. E como símbolo dos mareantes, na súa versión de pescadores, quedan gravados nas igrexas peixes grandes.

Alfaiates (xastres). O seu patrón é a Santísima Trindade na igrexa parroquial de Santiago. En *Betanzos o Vello* xa coñecemos os estatutos ou constitucións do seu gremio de alfaiates, fundado en 1162, sendo, por tanto, o máis antigo dos reinos hispánicos. E aínda se poden ver as súas danzas. En Betanzos temos a tesoira, acompañada pola vara de medir nas tres igrexas góticas, como símbolos deste oficio e dos comerciantes de panos.

Zapateiros. O seu patrón é o apóstolo san Pedro na igrexa de S^{ta} M^a do Azougue. Tamén quedan aínda as súas danzas. Di Martínez Santiso (1892: 270) que esta confraría gremial foi fundada en 1392. Isto quere dicir que os zapateiros (de *obra prima* e remendóns), e os curtidores, están ligados a esta igrexa desde o momento mesmo en que se estaba a construír. Con todo, non atopamos, como en Noia, gravados coa plantilla do zapato ou a «forma» para a súa construción, nin outros que puidesen identificar este grupo. En 1857 chamábanse «Soportais de Noeses» (polos zapateiros de Noia) ós da rúa da Fonte de Unta.

As «demais artes e oficios» reúnen no **gremio e confraría da Nosa Señora do Rosario**, no convento de Santo Domingo. En orixe tiña a súa sede na igrexa de S^{ta} M^a do Azougue e nela estaban os *Mercaderes, texedores, Herrerros, Carpinteros, Latoneros y otros oficios fuera de los sastres y zapateros* (Verín, 1812).

Os texedores (e tecelanas) teñen presenza gráfica unicamente a través dalgunhas lanzadeiras de tear en lugares significativos: na parede da ábsida, lado da epístola, de San Francisco e na fachada occidental de Santa María do Azougue, xusto encima do gran rosetón. A súa presenza en lugares tan destacados fala do seu poder e tamén de que colaboraron significativamente na construción desas igrexas.

Os artesáns da construción (canteiros, escultores, albaneis, carpinteiros, ebanistas, etc.) foron os grandes protagonistas do levantamento e ornamentación das tres igrexas góticas de Betanzos. Vemos deles as súas marcas, os seus símbolos gremiais (pico, escuadra e compás) e o nome dun «meestre» canteiro e escultor: Afonso Fernández.


En canto ós oficios de metais, como ferreiros ou latoeiros, non atopamos as súas típicas tenazas. Hai, en cambio, unha ferramenta gravada na parede norte da igrexa de Santiago que quizais aluda a estas profesións. E a *rúa dous Ferreiros* aínda chega ata nós.

Os artesáns da alimentación presentan un posible símbolo nunha man cun coitelo na porta occidental de San Francisco, quizais aludindo ós carniceros ou cortadores. A *rúa da Cortaduría* tamén chega ata nós.

XVI-1616



Porta da Ponte Nova en 1926. Da súa construción (ou reconstrución) en 1500 queda alí a seguinte inscrición: **ESTA OBRA LA IÇO SILVESTRE COMCHEIRO A(ÑO) 1500**. Flanqueándoa tiña dúas torres defensivas, das cales queda unha, aínda que sen as ameas correspondentes. É a primeira vez en epigrafía betanceira que se utilizan as letras humanísticas en substitución das góticas, e os números arábigos en substitución dos romanos (Erias, 1984). Foto: Ruth Matilda Anderson.



PROVINCIA, DEMOGRAFÍA E SOCIEDADE

Creadas as provincias galegas arredor de 1480, aínda á altura de 1533 non se separaran A Coruña e Betanzos que, por suposto, compartían correxidor e mesmo o compartirían moito tempo despois. Non obstante, desas cinco provincias, pasárase pronto a sete antes de 1552 (Fernández Vega, 1982: III, 338-348). En 1526 celebrouse unha xunta en Betanzos que comezou a etapa formativa das xuntas de provincias (1526-1599), antecedentes das xuntanzas do Reino de Galicia. Na provincia de Betanzos do s. XVI soamente é de reguengo a cidade e a súa xurisdición, tendo en conta, ademais, que neste territorio se manteñen moitos casares, propiedade de mosteiros e nobres. É, pois, comprensible o sentimento dun certo asedio que ten a cidade nesta época en relación a determinados nobres e mosteiros, o que leva á proliferación, como en ningunha outra etapa, de escudos municipais, (ademais dos de Galicia, Castela e imperiais) con obxecto de marcar a posesión do Rey e de frear ós inimigos, potenciais ou reais. Por exemplo, o portádego de Betanzos foi obxecto dun prolongado preito entre a cidade e o conde Fernando de Andrade (Oro, 1994), quedando este contrariado porque o *Consejo Real* condénnoo o 17-XII-1528 á restitución a Betanzos de froitos e bens percibidos indebidamente durante 51 anos, cousa que ratifica o 22-V-1536, pechando definitivamente o asunto o 21-XI-1540 (Erias e Veiga, 2002).

En canto á demografía, pode afirmarse que a cidade medra en número de habitantes na primeira metade do s. XVI e merma a finais da centuria. Cando o concello pretende do Rey



Violante Núñez Pardo de Aguiar e Montenegro e o seu esposo, o alabardeiro Pero Fernandes de Párega (principios do s. XVI) na igrexa de San Francisco. Logo dun atentado que sufriu o rei Fernando o Católico en Barcelona en 1492, creou en 1504 o *Cuerpo de Alabarderos*. Interpretación pictórica de Alfredo Erias, baseada nas correspondentes laudas sepulcrais.



Foto: Eirias.


Segundo escudo en pedra de Betanzos (1º cuarto do s. XVI) na pedra orixinal dos canos da fonte dos Ánxeles, hoxe máis elevada (utilizada como mero ornamento), e coa lenda que indica a súa reutilización posterior, cando se fixo a obra ou reforma que chega ata nós: POR EL AIUNTAMIENTO DE 1834. No outro extremo está o escudo do arcediano Pedro de Ben (morto en 1525), que debeu pagar a fonte renacentista. A torre Caramona ten bastante semellanza coa do primeiro escudo (o do sepulcro de Jácome Mouro Reimóndez) e o feito de que a ponte sexa inequivocamente a Vella, asegura que a do escudo de Jácome Mouro tamén o era, por máis que se figurase con tres arcos.

permiso para ter e pagar un médico, un cirurxián e un boticario, cousa que consegue en agosto de 1555, unha das xustificacións que debe dar é a súa poboación, que aparecerá máis tarde reflectida nunha provisión real de 27-III-1563 sobre este mesmo asunto como *de más de mil vecinos* (Oro, 1989): poboación que neste caso interesaba inchar e, por tanto, hai que tomala con coidado. Se aplicamos o coeficiente 4,5 do Profesor Eiras (Eiras Roel, 1975), atopámonos con máis de 4.500 habitantes, que é unha cifra algo esaxerada, pero non excesivamente. Os datos que da Barreiro Mallón para 1557 son de 753 veciños, o que implica 3.388 habitantes; as respostas do Reino de Galicia ó Interrogatorio de Felipe II para a repartición de moriscos granadinos, de 1571 (González, 1982) dan para Betanzos 750 veciños, uns 3.375 habitantes. E todo isto sen esquecer a cifra de veciños (probablemente esaxerada tamén) que para a cidade se da en 1587, e que se rebaixa brutalmente a 554 en 1594 (Ruiz Almansa, 1948: 80) e non digamos despois da peste de 1598 (Núñez, 1998). A falta dunha visión xeral da sociedade e da economía de Betanzos no século XVI, podemos ver o panorama que se da para 1571, cando se di que en Betanzos e nos seus arrabaldes,

habrá treinta y cinco caballeros y ciudadanos que no tienen otro oficio más de granjear su hacienda y comer de su renta y della y algunos letrados, clérigos, escribanos, procuradores, un pintor y un broslador y un entallador y algunas viudas y que los demás son oficiales de oficios mecánicos y la mayor parte dellos labradores de viñas y huertas, pescadores, zapateros porque este es el principal trato y comercio que hay en la dicha ciudad y que se sustentan los más de los vecinos della y que también hay muchos herreros, carpinteros, canteros, sastres, plateros y otros oficios comunes, pero que los más dellos son pobres necesitados... La dicha ciudad es pueblo de mucho trato, porque está en el paso de Castilla para la Coruña y de Asturias y Vizcaya para Santiago y Portugal y otros pueblos... Es la mejor tierra que hay en el Reino y es muy fértilera que nace y produce en ella todo cuanto siembra y planta y así pan centeno, trigo, mijo, cebada, vino, todo género de fruta y todo lo demás que se puede dar y criar en España... [Respuestas del Reino de Galicia al Interrogatorio de Felipe II para el reparto de moriscos granadinos, de 1571] (González, 1982).



Foto: Eriás.



Debuxo: Eriás.


Terceiro escudo de Betanzos en pedra, no zaguán do Concello. É do tempo do edificio de época de Carlos V e fai conxunto con outros elementos do zaguán: o escudo imperial, o de Galicia e os dous medallóns renacentistas. Debe datar da década de 1540 ou de arredor de 1550. A cor vermella dos bezantes pode ser un erro do s. XIX (porque tiña que ser ouro) ou o bol vermello de base para dourar. Este escudo, con algunhas diferencias, é o modelo directo dos dous da *Torre do Feló*.

APOIO Ó «YNBITISYMO ÇESAR»

Betanzos, que xa tivera éxito no seu posicionamento á beira de Isabel durante a súa loita contra a Beltraneja, deu un paso importante o 15 de febreiro de 1520, pouco antes de celebrarse as Cortes de Santiago / A Coruña, cando, con elevada retórica, se acomoda á vontade do *Ynbitisymo Çesar, Nuestro Sennor su ynperial persona y real estado*, pedíndolle, iso si, que escoite ó aposentador Juan de Barzea (a quen se lle escribiu máis longamente) *lo que de parte desta çibdad dixiere e pediere* (Vales, 2006). É dicir, Betanzos apoia ó Rey na súa pretensión imperial, pero, a cambio, pídelles solucións ós seus problemas.

Os tempos estaban revoltos e a autoridade do novo rey, en entredito. Era moito o malestar contra os altos cargos estranxeiros e de aí xurdiron as *comunidades*. Por outra parte, a cidade en 1520, a pesar de ser de reguengo, aínda tentaba evadirse dos vellos privilexios señoriais que a atenazaban. Fernando de Andrade nese ano reclama ó rei *çierta parte en la çibdad de Betanços* que ten el e os seus sucesores, segundo di, de *tiempo inmemorial a esta parte... y agora el conçejo e regidores... non me lo consienten llevar y me ponen en ello impedimento* (1520, AGS-Cámara, Memoriales, 129-114, Oro, 1994: 329).

Betanzos ten que seguir loitando polo seu status de reguengo nesas datas. A súa posición fronte ós nobres dos castelos e fronte ó arcebispo, como no tempo non moi afastado das guerras irmandiñas, mantense. Por iso o 4 de maio de 1521 se opón ó nomeamento de capitáns xerais nas persoas do arcebispo de Santiago, Alonso III de Fonseca e do conde Fernando de Andrade (realizado en abril dese ano).



Debuxo: Erias.

Un dos dous escudos da cidade, idénticos, da *Torre do Relo*, de mediados do s. XVI, que toman como modelo o do zaguán do concello, con algunhas variacións.



Foto: Erias.

<https://commons.wikimedia.org/>

O PERIGO POR MAR

Na primavera de 1521, Fernando de Andrade, capitán xeneral de Galicia desde abril, redactou un Memorial (comunicado ós gobernadores do Reino) sobre a defensa das costas, considerando como portos fundamentais a protexer os seguintes: Ribadeo, Viveiro, Cedeira, Ferrol, **Betanzos**, A Coruña, Malpica, Laxe, Corcubión, Muros, Noia, Vilagarcía, Pontevedra, Cangas, Redondela, Vigo e Baiona (Oro, 1997). E de todos eles cría que só poderían resistir os de: Ribadeo, Viveiro, Ortigueira, Cedeira, Ferrol, **Betanzos** e A Coruña.

De feito, Andrade sabía que en Brest estaban a organizar unha armada de *sesenta naos gruesas* con destino a Italia, pero que poderían atacar as costas cantábricas e galegas. Como consecuencia, artilláronse os portos e concedeuse permiso en 1522 para construír unha armada custeada por Galicia. Pero con Andrade lonxe, nunca se construíría e os corsarios franceses non deixarían de atacar.

En 1537 existen documentos que falan da construción dunha armada para a defensa das costas galegas, organizada por Lope Hurtado de Mendoza e apoiada pola armada de

Arriba, *Torre do Reló*: marco granítico da esfera do *reló* cos «catro ventos da Terra», tal como di o *Apocalipse 7: 1* e se estaba a representar na época; por exemplo, no portulano mapamundi do *Atlas Miller* que se fixo para a raíña de Portugal e logo de Francia, Leonor, irmá de Carlos V, arredor de 1519. E, debido a que o marco da esfera do *Reló* se acompaña á mesma altura de dous escudos idénticos da cidade, datados arredor de 1550, como os da Porta da Vila, esta data debe corresponder tamén a esta obra do *Reló* betanceiro, de claro sabor renacentista.



O arceidiago Pedro de Ben († 1525) e probablemente un familiar, de nome descoñecido, vestido á moda dos cabaleiros elegantes de finais do s. XV e principios do XVI. Os dous vémolos en laudas sepulcrais da capela do arceidiago, na igrexa de Santiago. O terceiro personaxe, dunha lauda sepulcral de San Francisco, é Fernán Reimóndez, «regidor de la cibdad de Betanzos cuya hes la casa de Figueroa» (testamento de 1548, Vales, 2006). Debuxos: Erias.

Biscaia. Pero, ó ano seguinte, despois dalgúns encontros cos franceses, só quedaba desta armada un barco de 100 toneladas na ría de Vigo (Fernández- Villamil, 1953).

No 1553 instábase ós portos costeiros a dar o seu voto afirmativo para construír outra armada, pero Betanzos, con Alonso de Lanzós á fronte, opúxose (AMB, actas, 30-VI-1553): *no permitirían ni serían sauidos questa çibdad se asolase y destruyese procurando açer armada*. Alude á crise agrícola e de pesca en anos pasados. Por outra parte, a carencia de cartos débese tamén ás obras públicas: *Casas de consistorio y el ospital y la torre en que se puso el reloj y con el adereço de sus puentes y otras calçadas...* Ademais, atácase o obxectivo da Armada por absurdo e imposible desde o punto de vista económico, xa que non defendería ós propios: *con la dicha armada [se] procura la seguridad de los ingleses y burgaleses, escoçeses y benecianos y de otros mercaderes estrañeros que pasan por la dicha costa y pocas beçes toman puerto...* E por riba, descríbese ós que farían a armada como auténticos delincuentes: *llebaron y mataron, aunque muy pocos dyas que por la costa andubieron, más bueyes y carneros que los françeses y corsarios en todos los tienpos...* Non se construíría finalmente.



Foto: Erias.



Foto: Erias.

Fotos: Erias.

Tres escudos imperiais de Carlos V. O da esquerda, arriba, con restos de cor, está na parede sur do zaguán do concello, facendo conxunto cun de Betanzos (parede norte) e outro de Galicia, ademais de dous medallóns renacentistas (parede oeste). O da dereita, arriba, está no antigo hospital da Anunciata (hoxe convento de monxas agustinas recoletas), na parede que dá á rúa da Fonte de Unta, xunto a un da cidade e a outro con campo sen labrar. Abaixo, á dereita, restos doutro escudo imperial que, sen dúbida, estivo no edificio do cárcere real, construído en tempos de Carlos V e do que hoxe vemos este anaco, empotrado no exterior da parede dunha casa do antigo *Callejón de la Cárcel* (entre a rúa do Castro e a rúa Travesa).



Vemos nesta bocachave da porta da casa de Luís *O Selleiro*, na rúa da Cerca, un eco do escudo imperial de Carlos V, que aquí aínda se le ben, pero cos séculos irase esquematizando ata aparecer irreconocible. Na cidade perdéronse moitas destas bocachaves, pero aínda se poden atopar bos exemplos e comprobar a súa evolución iconográfica desde a primeira metade do s. XVI, de forte propaganda imperial, ata finais do XVII e, por inercia, posiblemente tamén se seguirán facendo, cada vez máis esquematizadas, no XVIII e XIX. Foto: Erias.



Primeira imaxe da **Porta da Vila**, segundo o deseño de Antonio Vázquez en 1616. A pesar do esquematismo, é seguro que a flanqueaban dúas torres ameazadas, aínda que se lle esqueceu debuxar os tres escudos que había na súa fronte e que foran esculpidos arredor de 1550 por Juan de Bergantiños. Vémoslos na imaxe inferior: o da **Galicia** das primeiras cinco provincias; o de **España** cos escudos dos antigos reinos de Castela e León; e o da **cidade**, coa Ponte Vella e a súa torre defensiva (a popular *Caramona*) elevándose sobre o río Mandeo, flanqueda por seis bezantes que aluden ós castros que rodean a cidade e quizais tamén á familia nobiliar dese nome. Lenda inferior: **LAS : [ARMAS :] DEL : REINO : E : LA : CIUDAD**. E abaixo están na posición que debían ter. A mediados do s. XVI, pola política de propaganda imperial e quizais polos enfrontamentos xudiciais de Betanzos co conde Fernando de Andrade, parece haber unha auténtica febre por suliñar con escudos determinados aspectos: 1) o carácter de **cidade de reguengo e mesmo imperial** con escudos de Carlos V no concello, no cárcere e no hospital da Anunciata, ademais do moi político retablo do arcediano Pedro de Ben, con retratos dos emperadores Maximiliano e Carlos V, sen contar as innumerables bocachaves das portas das casas populares, derivadas dese escudo e que aínda hoxe podemos atopar; 2) o carácter de **capitalidade provincial no reino de Galicia** (escudo de Galicia no Concello, escudos da Porta da Vila; e 3) o carácter de **capitalidade xurisdiccional e municipal**.



Fotos e composición: Eriás.



Ascensión (Cristo falta)



Asunción da Virxe



Xesús coa cruz ás costas



Crucifixión (a cruz falta)



Resurrección



Coroación da Virxe



Xesús e os doctores



Xesús orando en Getsemaní.



Flaxelación de Cristo



Coroación de espiñas



Anunciación (roubada)



Visitación de María a Isabel



Nacemento de Cristo



Presentación no Templo

Escenas do retablo tardogótico flamenco (primeiros anos do s. XVI)
da ábsida da igrexa de Santa María do Azougue.




Carlos V

Maximiliano


Retablo renacentista do arcediágo Pedro de Ben, ca. 1525 (igreja de Santiago).

Anuario Brigantino 2019, n. 42



Debuxo: Erias.

Escudo de Betanzos na parede do antigo hospital da Anunciata (s. XVI) que dá á rúa da Fonte de Unta. Imita o escudo da Porta da Vila.



«osPital» da Anunciata no deseño da cidade de Antonio Vázquez, de 1616.



Foto: Erias.

Escudo con campo liso na fachada do hospital da Anunciata (s. XVI).




Foto: F. J. Martínez Samitso na década de 1890

Imaxe de finais do s. XIX da rúa de Nosa Señora do Camiño, co santuario renacentista ó fondo, construído a finais do s. XVI. Máis tarde engadiríase a torre barroca da fachada.



Foto: F. J. Martínez Santiso

O GRAN INCENDIO DE 1569

A segunda metade do século XVI ten varios fitos negativos para Betanzos, sendo un deles o terrible incendio do verán de 1569, estudado por Rivadulla (1982) nun expediente do ARG do que sintetizo os datos. Os incendios foron un mal endémico da cidade desde o mesmo século XIII e este non será o último de grandes proporcións.

gonçalo de billar en nombre del consejo, justicia e regimiento de... betanços, di que se queimaron máis de 600 casas e que moitos veciños, por non ter posibilidade de reedificalas, tiveron que irse a vivir a terras de señorío e por todo iso pide que se faga unha información pormenorizada.

Arderon tamén edificios principais como o hospital da Anunciata, o mosteiro de San Francisco, as casas do Concello, o importante hospital de San Cristobo (coas paredes queimadas e derrubadas), que recollía pobres e peregrinos que agora tiveron que refuxiarse na casa do Alfolí do Sal. E, por se todo isto fora pouco, unha riada derrubou a Ponte Vella co conseguinte perxuízo para o tránsito de persoas e mercaderías. Téñase en conta que as feiras e mercados de Betanzos eran un motor económico de primeira magnitude. E isto, suliñábase, afectaba tamén ós intereses do rei. E, casualidade ou consecuencia, o incendio foi seguido dunha peste.

- (2015): «O seminario e o clero de Mondoñedo: de Trento a principios do XIX». En: LÓPEZ DÍAZ, Antonio; REQUEIXO CUBA, Armando; VILLARES PAZ, Ramón (eds.): *O Seminario de Mondoñedo 1565-2013. Centro de formación e de promoción cultural*. Deputación Provincial de Lugo, Lugo, pp. 23-63.
- SAN CRISTÓBAL SEBASTIÁN, Santos (1975): *La ciudad de Mondoñedo*. Caja de Ahorros de La Coruña y Lugo, Lugo.
- (2001): *Monasterio de la Concepción de Mondoñedo*. Diputación Provincial de Lugo, Lugo.
- SÁNCHEZ ALISEDA, Casimiro (1942): *La doctrina de la Iglesia sobre Seminarios desde Trento hasta nuestros días*. Facultad Teológica, Granada.

- SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús Ángel (1999): «La arquitectura contemporánea y sus opciones en la antigua provincia de Mondoñedo». *Estudios Mindonienses*, nº 15, pp. 555-617.
- (2009): «Maestros de obras y aparejadores en la época contemporánea». En: SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús Ángel; YÁÑEZ RODRÍGUEZ, José M. (eds.): *El aparejador y su profesión en Galicia. De los maestros de obras a los arquitectos técnicos e ingenieros de edificación*. Consello Galego de Colexios de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros de Edificación, Santiago de Compostela, pp. 141-251.
- SILVA POSADA, Víctor de; VILAAMIL Y CASTRO, José (1888): «Documentos para la Historia de Mondoñedo». *Galicia Diplomática*, t. 3, nº 7, pp. 51-54.
- VIGO TRASANCOS, Alfredo (1999): «La ciudad de Mondoñedo en el siglo XVIII. La renovación urbana de una antigua sede episcopal». *Estudios Mindonienses*, nº 15, pp. 519-553.
- VILLAAMIL Y CASTRO, José (1866): *Crónica de la Provincia de Lugo*. Aquiles Ronchi, Madrid.

Que é o Parque do Pasatempo?

Arte, capricho e iniciación

ÁNGEL ARCA Y BARRAL¹

Sumario
Descrición da narrativa masónica do Parque do Pasatempo
Abstract
Description of the masonic narrative about Pasatiempo Park

1.- OS IRMÁNS GARCÍA NAVEIRA

Nos soportais do Peirao (Torres, 2012: 194) e posteriormente no barrio da Ribeira comezaría a historia de dous dos fillos de Joaquina Andrea Naveira López e José García Campos a mediados do século XIX. Seguindo as correntes migratorias que afectaron a Galicia nos últimos séculos, Juan e Jesús García Naveira acabarían abandonando a súa vila natal para probar sorte na República Arxentina, acadando na outra beira do Atlántico un éxito empresarial -e por conseguinte un crecemento social e empresarial- que parecía imposible de acadar no Betanzos ao que regresaron co final da centuria.

Por sorte, son cada vez máis as obras de investigación¹ que tratan de iluminar a biografía dos García Naveira, existindo na actualidade unha serie de referencias que sen dúbida permitirán ao lector adentrarse no coñecemento destas figuras. Aínda así, segue habendo numerosas eivas no seu estudo, no que se manteñen teorías sobre o seu éxito e as súas relacións que non podemos demostrar cos documentos ou as probas pertinentes. Pouco ou nada sabemos dos seus negocios na Arxentina, do seu fulgurante éxito comercial ou da compravenda de terreos ca que parece que fixeron boa parte da súa fortuna.

Semella que hai algo máis de claridade no seu seguinte episodio biográfico. Na derradeira década do século XIX deciden regresar a Galicia e tras un breve paso pola Coruña instaláronse en Betanzos, cando menos o maior dos irmáns -Juan García Naveira- xa que Jesús manterá unha intensa actividade comercial con continuos viaxes por Europa e América. Dende o seu regreso comezarán unha serie de obras filantrópicas que transformará por completo a vida dos betanceiros, inaugurando obras conxuntas, como as Escolas ou o Asilo García Hermanos -artellados a través dun Patronato que eles coordinaban- ou obras por separado, especialmente trala prematura morte de Jesús García Naveira en 1912.

Escolas para nenos e nenas, a chamada escola para nenas anormais ou as escolas nocturnas permitirán a Betanzos reducir á mínima expresión as súas taxas de analfabetismo. Así mesmo, levantarán ao pé do río Mendo o lavadoiro gratuito das Cascas (Vázquez Mosquera, 2009), unha Casa do Pobo para as sociedades obreiras no centro da vila, o Sanatorio San Miguel no alto do Coto ou axudarán economicamente aos máis necesitados da nosa cidade.

¹ Ángel Arcay Barral (Betanzos, 1988) é licenciado en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e Mestre en Arquivos pola U. do Porto (Portugal). É coordinador da revista de investigación Casa dos Espellos, editada pola Asociación de Amigos do Parque do Pasatempo.

Lograrán cas súas obras unha transformación total da cidade, creando institucións asistenciais para solucionar os problemas aos que a precaria administración da época non se podía enfrontar e permitirán a moitos betanceiros ter unha oportunidade de progresar e prosperar grazas ás súas ferramentas. Todo isto rematou ca morte de Juan García Naveira en 1933, afundindo de novo a Betanzos na escuridade do loito que xa anunciaba Tomás López Datorre no xornal²:

Fue el filántropo por antonomasia. Frente a la típica sordidez del capitalismo local, destacó su generoso desprendimiento ininterrumpido. Dignificó el dinero. Su vida en Betanzos fue una maravillosa lección de amor al terruño y amor al prójimo. De trato llano, modesto, sin afectación se complacía en la relación amistosa con los humildes. Pródigo millonario, a nadie lastimó con sus riquezas, antes procuró aliviar con ellas las dolencias y desigualdades humanas. En pocas ocasiones podrá decirse con mayor justicia que el pueblo está de luto.

2.- A INICIACIÓN MASÓNICA DOS GARCÍA NAVEIRA

Como vimos de comentar, hai moitos pasaxes da biografía dos irmáns García Naveira que aínda descoñecemos, especialmente todos aqueles acontecidos na Arxentina. As relacións sociais que mantiveron alén dos seus socios comerciais, como o famoso Domingo Sangrador, son un enigma máis das súas traxectorias. Ben é certo que os seus casamentos con María Iribarne Lescort e con Carmen Echeverría y Olaverri falan da adquisición dun novo status, dun salto social, que sen dúbida tivo que ir parello a un aumento das relacións persoais con outros persoeiros arxentinos.



Fig. 1.- Juan García Naveira ca súa muller a súa filla Joaquina durante a viaxe que fixeron a Exipto en 1910. Arquivo da Asociación de Amigos do Parque do Pasatempo (AAPP).

Malia nosa insistencia, a día de hoxe aínda non podemos probar a iniciación masónica de ningún dos dous irmáns, tendo que deixar esta variable en suspenso ata que aparezan as probas documentais que nos permitan falar con máis propiedade. Aínda así, e adentrándonos no contexto da época, o florecemento das loxas masónicas na Arxentina daquel momento ben puido ter captada a atención dos seus irmáns ou dos seus achegados, sendo esta posibilidade moito máis realista que a de terse iniciado tardiamente ao seu regreso a Betanzos. Aínda con todo, haberá que cavilar detidamente nos aspectos principais desta orde e do seu asentamento en Betanzos para ver ata que punto Juan e Jesús puideron ter cabida nos seus preceptos.

3.- A MASONARÍA

Para definir o que é a masonaría -polo menos dunha forma sinxela e pouco esotérica- compre comezar recuperando as verbas de Ferrer Benimeli para saber todo o que non é, pois en boca do investigador, un dos máis prestixiosos de toda España para o estudo da masonaría, esta non é nin un partido político, nin un sindicato, nin unha relixión nin tampouco unha seita e nin tan sequera, na actualidade, pode ser considerada unha sociedade secreta (Ferrer, 1996a: 39).

Eliminados todos estes factores podemos tratar de acoutar un pouco máis o termo ao redor doutra expresión habitual para definir esta sociedade discreta, a de escola de formación humana ou de perfeccionamento persoal na que tiñan cabida homes de toda procedencia, raza, credo, lingua ou ideoloxía, co único obxectivo compartido de progresar a través dunha serie de ensinanzas simbólicas e iniciáticas que procuran, sobre todo, a tolerancia, a liberdade, a fraternidade e a verdade dentro dun marco igualitario (Ferrer, 1996a: 47-51).

A finalidade derradeira deste perfeccionamento, desta construción do templo ideal -levantado cas ensinanzas da arte de construír (Ferrer, 1996b: 61-62)- ven dado pola necesidade de envorcar toda esta mellora na sociedade, favorecendo que o progreso individual reverta directamente no avance social. O símbolo no que isto aparecerá reflectido, e sobre o que volveremos máis veces durante este traballo, será o da pedra bruta e a pedra traballada, desbastada co cizel e co martelo como imaxe de todo o que debe de tratar acadar un home: o perfeccionamento continuo ata lograr ser unha figura sen arestas, simétrica (Soraluce, 1996: 141), retratada nesa viaxe interior que propón a masonaría na procura da verdade, camiñando polos graos iniciáticos como se fosen as etapas do noso particular percorrido, valéndose o iniciado do simbolismo dos útiles do construtor e




Fig. 2.- F.J. Martínez Santiso (1921).
óleo con simboloxía masónica.
Museo das Mariñas.

recordando sempre que calquera ferramenta é pasiva en relación co artesán e activa na súa relación ca materia (Martínez, 2009: 116).

Dentro do contexto dos García Naveira e dunha posible iniciación -algo aínda non demostrado- haberá que tratar brevemente tamén as características que este tipo de movementos tiñan tanto en Galicia como na Arxentina³ nos anos finais do século XIX e nos comezos do século XX. Se consideramos a Buenos Aires como un dos modelos urbanísticos desa cidade ideal ideada por moitos librepensadores -grazas ao seu sistema educativo, á súa trama urbana⁴ ou á súa arquitectura, moitas veces modélica para outras comunidades hispanas (Darrigran, 2017)-, o que ocorreu no interior arxentino non foi tan dispar. Este territorio, ben coñecido polos García Naveira grazas aos seus negocios, foi de gran interese para os ideais do liberalismo laicista de mediados do XIX por non existir neles a tradición católica (Rodríguez, 2018: 177), cabalo de batalla habitual entre estas dúas faccións historicamente enfrontadas, cunha crueza especial no século XIX e comezos do XX (Cruz, 2017: 109) onde o progreso deste movemento de librepensadores comezou a estar cada vez máis ligado ao ateísmo e aos procesos de secularización da sociedade (Sánchez, 2014: 62).

Sen embargo, o contexto galego parecía discernir en esencia do que pasaba en América, quedando a masonaría ligada a unha forma de sociabilidade propia das elites, como ben explica o investigador Valín Fernández ao retratar esa pequena porcentaxe -un 0,5 por mil da poboación galega (Valín, 1990: 188)- que participaba dos segredos deste movemento:

La historia de la masonaría gallega del Diecinueve, es la historia de una elite social bastante bien definida. Decimos elite y no nos equivocamos a la hora de haber escogido semejante vocablo, porque en un mundo demográfico, social y económico, plenamente campesino como el gallego del siglo pasado, la microzona correspondiente a la burguesía, pequeña burguesía, y proletario-artesano, no deja de ser una auténtica minoría selecta, y hasta exótica, en un macrocosmos de rusticidad e incultura -o subcultura si se prefiere-, en el que el analfabetismo, la superstición y las resabiadas y serviles posturas de un mundo labriego, atenuado entre la omnímoda influencia de los clérigos y la coercitiva y explotadora férula caciquil, va a ser el triste marco que haga resaltar un paupérrimo y bucólico cuadro costumbrista de la sociedad del Ancien Régime.

Unha das particularidades principais da masonaría é a da transmisión do coñecemento a través do simbolismo e dun particular linguaxe artístico no que tira dunha iconoloxía tradicional (Soraluce, 1996: 140) como vía de comunicación. Os seus testemuños, en forma de obra plástica, requiren uns coñecementos previos -e moitas veces só limitados aos participantes das tenidas, as reunións de masóns- para poder ser descifrados e interpretados de forma coherente (Muñoz; Ocaña, 1990: 885). A maior parte dos expertos que abordan este tema requiren achegarse ao simbolismo das súas pezas a través de tres prismas: o da idea, ou o tema; o da forma e o do contido ou da mensaxe que se busca transmitir sendo necesario o coñecemento das súas fontes para poder comprender os conceptos iniciáticos que agochan. Como veremos ao estudar polo miúdo as diferentes pezas do Pasatempo, a maior parte delas terán un significado natural ou primario e outro alegórico que encadrará moitas veces cas ensinanzas transmitidas dentro da Orde, escollendo na maioría das veces imaxes procedentes do clasicismo (Muñoz; Ocaña, 1990: 886). Mais será conveniente aclarar que os elementos simbólicos non terán que responder unicamente á estética masónica, xa que esta aproveita o influxo doutras correntes orientais,

gremiais, relixiosas, alquimistas ou mitolóxicas que serán empregadas –na maior parte das veces- por un artista⁵ ligado á masonaría (Martín, 2009: 26). Alén disto, no caso hispano e debido en parte á importancia da tradición católica, a mensaxe non será tan evidente como noutras latitudes (Martín, 2009: 26).

Expertos na materia remarcarán, alén da importancia do clasicismo nas formas masónicas, o impacto producido tamén pola corrente gótica, especialmente dende o século XIX, cando comezan a recuperar a súa influencia medieval e o valor romántico do gótico e as súas ruínas. A produción artística de inspiración masónica responderá a diferentes tipoloxías, destacando sobre todo as correntes eclécticas ou incluso kitsch -definicións que se ligan acotío co Parque do Pasatempo-, e cunha incidencia moito maior por parte do contido con respecto doutras formalidades (Sánchez, 2014: 56-59)

Nos tempos que tratamos, nese cambio de século do XIX ao XX, a masonaría estaría profundamente ligada aos movementos educativos e asistenciais que moitas veces por medio dos indianos, trataban de traer o progreso a moitas das vilas galegas. A formación do home e o seu progreso foi un dos eixos destes círculos, tendo conexión directa con movementos educativos como a escola moderna, a Institución Libre de Ensinaza ou cos partidarios do laicismo na educación (Ferrer, 1996a: 37). É innegable o impacto social que tiveron en Betanzos os complexos educativos impulsados polos irmáns García Naveira, xa que tanto Juan como Jesús, xuntos ou por separado, desenvolveron unha política educativa que nada tiña que ver co que se fixera ata o momento dende a administración local. As taxas de analfabetismo quedaron reducidas á mínima expresión en comparación con outras vilas e as referencias culturais, pedagóxicas e educativas nas súas obras foron sempre un motivo de orgullo para os betanceiros.

Mais hai que comprender que alén da acción pedagóxica e do rastro simbólico que deixan na arte, tamén a arquitectura e o urbanismo foron un recurso empregado polas sociedades masónicas para deixar a súa pegada, sempre con esa sutileza de amosala sen ningún tipo de disface ante os nosos ollos pero de complicada interpretación para quen non saiba desentrañar a simboloxía que agocha. Tramas urbanas ou edificios públicos non se libraron da súa iconografía, así como moitos parques -públicos e privados- formaron parte tamén deste ritual tan particular. Haberá exemplos de todo tipo polo mundo adiante, uns centrados na ostentación representativa dese poder ilustrado, outros que se cinguirán unicamente ás premisas iniciáticas ou uns terceiros que mesturarán este carácter esotérico con vertentes educativas, como acontece no caso brigantino (Martín, 2016: 326).

Esta opción urbanística ten as súas raíces na eclosión da xardinaría paisaxística da Inglaterra do século XVIII, en pleno apoxeo da ilustración europea e, por descontado, dos ideais da francmasonaría. A Orde concibe os xardíns iniciáticos como aqueles lugares que conseguen transmitir un significado sagrado, filosófico e espiritual, combinado ao mesmo tempo cunha vertente lúdica, cultural e, neste caso, enciclopédica. Neles sempre hai que tratar de representar a viaxe simbólica que desenvolve todo iniciado, percorrendo un camiño que poderá achegarnos información a través da súa orografía, dos obxectos construídos e do significado da botánica (Martín, 2010: 305).

Moitas desas elites decimonónicas que mencionabamos anteriormente acabarán fascinándose ca estética masónica que tomarán como referencia para a decoración dos seus xardíns. Isto acontece por ser un fito froito da modernidade e do exotismo que fai que xurdan estes gustos na burguesía e na aristocracia, recuperando os lazos cos seus devanceiros gremiais, entre outros moitos predecesores. Todo este conxunto de templetas,

grutas, arcos, columnas ou outeiros ambiciosos que escalan o ceo a semellanza da Torre de Babel, poden ser símbolos que un profano non comprenda, con todos os misterios que iso oculta, pero si que poderán, ao igual que os veciños de Betanzos, recrearse na súa beleza. Sen embargo, para un masón, a carga simbólica deste paseo, a acción, sempre será superior ás referencias paisaxísticas (Martín, 2010: 311).

En vista de todo isto, ábrese unha nova porta para comprender o que moitos betanceiros da época consideraron o simple capricho dun indiano. A mensaxe, estruturada e codificada en torno a un fío condutor, permite que nos acheguemos ao Pasatempo xa non só ca intención de recibir unha mensaxe, senón de activar mecanismos conscientes e inconscientes que xerarán un elevado sentido da transcendencia. Non se pode demostrar documentalmente a súa pertenza á masonaría, pero ninguén pode rexeitar que cumpriu con esa “norma masónica de dar a todo necesitado sin que el beneficiado se diese cuenta de la procedencia de la dádiva” (Cortiñas, 1962: 50) e, de ter sido iniciados na Orde, terían cumprido tamén ca súa lendaria discreción.

4.- A MASONARÍA BETANCEIRA

Faise necesario trazas unas breves liñas sobre a existencia deste movemento na nosa vila, xa que unha das hipóteses é que os García Naveira participasen das súas tenidas. Para o caso betanceiro sabemos da existencia de catro agrupacións que estiveron activas nos mesmos períodos en que os irmáns benfeitores residían en Betanzos. Son os seguintes catro exemplos (Vázquez Souza, 2009), que xurdiron na cidade brigantina varias décadas despois do florecemento do primeiro levantamento de columnas, impulsado en 1814 por, entre outros, Luís Lacy:

- Estrella del Noroeste nº 138 (1880-1892) – Dependente do Gran Oriente Lusitano Unido.
- Luz de Brigantium nº 316 (1884-1888) – Dependente do Gran Oriente de España.
- Triángulo María Pita (1893-1894) – Dependente do Gran Oriente Nacional de España.
- Triángulo Ronsel nº 76 (1888, 1932) – Dependente do Gran Oriente de España.

A maiores, Alberto Fernández Valín identifica tamén a presenza da Loxa Capitular Ambulante Méndez Núñez, con presenza no ano de 1892, nun dos momentos álxidos de participación neste tipo de círculos (Valín, 1987: 326).

Pouca documentación podemos atopar da súa actividade nos fondos arquivísticos públicos de todo o estado. A inexistencia de documentación sobre a organización e a administración das loxas foi unha constante ata finais dos anos trinta, cando ca Guerra Civil o bando franquista comeza a sinalar aos masóns como un dos principais causantes da suposta decadencia española nos anos da II República. A partir de aí, a persecución será constante e será neste intre cando se comece a requisar parte da documentación que chegou ata os nosos días. Para o caso betanceiro, ningún dos dous irmáns García Naveira chegou ao inicio da guerra e polo tanto non hai referencias á súa presenza nestes círculos. Contactadas tamén varias loxas arxentinas, seguimos á espera de averiguar máis datos sobre a súa posible iniciación tanto en Buenos Aires como en San Nicolás de los Arroyos, cidade na que residiron.

Mais volviendo ás loxas brigantinas recoñecidas, podemos explicar que Estrella del Noroeste foi a primeira en fundarse, auspiciada sobre todo por un grupo de militares, comerciantes e artesáns radicados na vila betanceira; dato que sabemos por unha das súas planchas

conservadas no Arquivo Histórico Nacional. Deste grupo, o corenta por cento eran oficiais do exército, sendo o resto comerciantes, mestre de obras, mestre xastre, lampista e follalateiro⁶. O grupo de dez irmáns acabaron expulsando a un dos seus primeiros mestres, Mateo Cereijo Fernández, alcalde de Betanzos nos tempos da I República. Este foi o último taller galego unido á dependencia lusitana. O catálogo (Alves, 1987: 701-702) dos irmáns coñecidos -e o seu apodo- estaba composto por:

- | | |
|---|--------------------------------------|
| • Barros Viqueira, Martín – Betanzos | Porto García, José – Patria |
| • Cereijo Fernández, Mateo - Cromwell | Ramos, Ángel – Robespierre |
| • Fernández y Fernández, Pedro | Ramos, Claudio – Riego |
| • García Failde, Manuel - Galileo | Raposo Pardo, Jesús – Robespierre 2º |
| • Lagares, José - Lepanto | Rodríguez Veiga, José – Remedios |
| • López Quiroga, Jacobo - Lincoln | Roibal, Ramón - Roldán |
| • Marrotegui, Secundino - Mensliven | Sánchez Varela, José – Sagunto |
| • Martínez José, Salvador - Savina | Sanz, Mariano – Santispiritus |
| • Martínez Ochandorena, Vicente - Viriato | Valea, Domingo – Van Halen |
| • Meilán, Manuel - Meanelleza | Villaverde, Francisco – Vitoria |

Do triángulo María Pita tamén contamos con escasa información, podendo identificar unicamente a tres irmáns que formaron parte deste taller:

- Novella, Pedro – Nerón
- Ramos, Claudio – Guerra
- Rilo González, Benito – Antonio Pérez

Entre os fondos do Centro Documental da Memoria Histórica de Salamanca⁷ podemos atopar varias decenas de veciños betanceiros xulgados pola súa pertenza á masonaría, tomando como referencia a Lei de la represión de la masonaría y el comunismo, ditada o 1 de marzo de 1940. Tamén o investigador Ernesto Vázquez realiza unha compilación de datos sobre os acusados polo delito de masonaría a partir de 1936, reconstruíndo parte do persoal que se reunía nas loxas coruñesas, recuperando para este caso as referencias betanceiras. Acompañase tamén cos listados dos masóns declarados positivos e, nalgúns casos, co sobrenome que empregaban para as súas reunións, mais hai que ter en conta que unha importante porcentaxe de acusados por pertencer á masonaría nesa época -ou a outros movementos contrarios á ditadura imposta polas armas- foron acusados e xulgados sen ningún tipo de proba e desamparados ante procesos xudiciais sen garantías. A través dos instrumentos de descrición do arquivo e do traballo de Vázquez podemos elaborar o seguinte listado:

- Autrán Carballo, Ramón
- Barbeito Bujía, Félix
- Barrós Viqueira, Martín
- Caridad Pox, Rosendo
- Carrera Goenega, Braulio: Sumario 164-45 por delito de masonaría.
- Casal Lorenzo, José María: Sumario 1372-47 por delito de masonaría.
- Cerezo/Cereijo, Mateo - Cromwell

Fernández Cortés, José
Fernández, Manuel
Ferreira Tarracido/Tarracedo, Antonio: Sumario 1371-47 por delito de masonaría.
Gómez Castillo, Arturo: Sumario 1275-45 por delito de masonaría.
González Ugarte, Francisco - Guerrillero
Iglesias Fernández, José
Iglesias Pérez, José: Sumario 280-45 por delito de masonaría.
Lagares, José - Lepanto
Linares Nogueira, José
Lodos Fernández, Agustín
López Pita, Joaquín: Sumario 219-45 por delito de masonaría.
López Purriños, José: Sumario 376-45 por delito de masonaría.
Marrategui, Secundino
Meilán, Manuel - Fermoselle
Otero Díaz, Celso: Sumario 219-45 por delito de masonaría.
Pons Boides, Luís
Ramos, Ángel - Robespierre
Ramos, Claudio - Riego
Rodríguez Veiga, José - Remedios
Rodríguez Vila, Emilio
Roel Longueira, Manuel
Roibal, Ramón - Roldán
Ruíz Rodríguez, Luís: Sumario 225-45 por delito de masonaría.
Sanz, Mariano - Sanctiespiritu
Suárez Sánchez, Luís
Torres Vico, José: Sumario 169-46 por delito de masonaría.
Turnes Loma, Antonio: Sumario 603-44 e 604-44 por delito de masonaría.
Turnes Serra, Antonio
Valea, Domingo - Vanhalen 3º
Vázquez Borja, Alfonso
Vila Davara, César: Sumario 228-45 por delito de masonaría.
Viqueira López, Manuel

Como xa indicamos anteriormente, non hai referencia algunha aos García Naveira. E pode que non fose unicamente unha cuestión temporal -Juan García Naveira levaba tres anos morto cando comezou a Guerra Civil en España e Jesús vintecatros- senón que todo fai indicar que os benfeitores dende o seu regreso a Betanzos non buscaron unha implicación militante en ningún movemento. Ben é certo que o maior dos irmáns participou da política local, sendo concelleiro aínda que de escaso percorrido durante uns meses do bienio de 1895-1897, pero poucas máis veces poderemos atopar o seu nome ligado a calquera outra causa. É iso que estamos nun momento no que eran habituais a organización de todo tipo de colectivos, xa fosen políticos, culturais ou recreativos. Pola súa banda, Jesús si que mostrou unha maior implicación e un apoio máis evidente ás faccións republicanas e aos obreiros brigantinos, pero a súa condición empresarial e o feito de estar viaxando continuamente, non lle permitiu establecerse con certa continuidade na vila do Mandeo.

Hai nestes anos tamén unha infinidade de figuras de recoñecido prestixio que teñen unha estreita relación cas prácticas másonicas e ás que non sempre poderemos relacionar cos irmáns García Naveira. É o caso do político socialista Ramón Beade Méndez⁸ ou do polifacético Adolfo Vázquez Gómez, ferrolán de 1869, que iniciou a carreira militar por influencia do seu pai -un coronel da guerra de Cuba- pero que pronto a abandonou para dedicarse ao xornalismo. Con pouco máis de dezaseis anos xa dirixía o xornal compostelán *Galicia Liberal*. Ao pouco tempo enrolouse nas filas do Partido Republicano Federal e participou co militar betanceiro Manuel Villacampa, no pronunciamento de 1886. O fracaso desta intentona golpista levouno ao exilio portugués e posteriormente ao francés, regresando anos despois a Betanzos, onde vivían os seus pais. Aquí non detivo a súa actividade, presidindo o Orfeón Eslava, o Ateneo Obreiro e colaborando con diferentes xornais. Un romance frustrado con Emilia Porto levouno novamente ao estranxeiro, instalándose co seu amigo Manuel Castro López en Buenos Aires, onde traballou como xornalista ata que decidiu marchar a Montevideo, onde residiu dende 1893 a 1904. Alí converteuse no fundador do Partido Socialista do Uruguai e da primeira loxa masónica dese país, onde acadou o grao de Gran Mestre da loxa Estrella de Oriente. Á súa intensa actividade cultural hai que engadir numerosas publicacións acerca da masonaría ou a política, chegando a ser director da revista galega *Céltiga* en 1924⁹.

Como xa indicamos anteriormente, non hai referencia algunha aos García Naveira. E pode que non fose unicamente unha cuestión temporal -Juan García Naveira levaba tres anos morto cando comezou a Guerra Civil en España e Jesús vintecatiro- senón que todo fai indicar que os benfeitores dende o seu regreso a Betanzos non buscaron unha implicación militante en ningún movemento. Ben é certo que o maior dos irmáns participou da política local, sendo concelleiro aínda que de escaso percorrido durante uns meses do bienio de 1895-1897, pero poucas máis veces poderemos atopar o seu nome ligado a calquera outra causa. E iso que estamos nun momento no que eran habituais a organización de todo tipo de colectivos, xa fosen políticos, culturais ou recreativos. Pola súa banda, Jesús si que mostrou unha maior implicación e un apoio máis evidente ás faccións republicanas e aos obreiros brigantinos, pero a súa condición empresarial e o feito de estar viaxando continuamente, non lle permitiu establecerse con certa continuidade na vila do Mandeo.

Un rápido repaso pola hemeroteca en liña do Arquivo Municipal de Betanzos xa nos permite comprobar a presenza de Adolfo Vázquez Gómez nos equipos de redacción de varios xornais como *Las Riberas del Mendo* e *¡Ya somos tres!* ou a dirección de *El Valdoncel: diario independiente de agricultura, ciencia, artes, letras, industria y comercio*. No xornal “joco-serio” de *¡Ya somos tres!* escribía tamén baixo os pseudónimos de Patricio Gamarra e Mala Racha (Torres, 1988).

En resumo, se existe algunha vinculación entre os irmáns García Naveira todo parece indicar que a dita relación tería iniciado a súa traxectoria nos anos da Arxentina, sendo improbable a súa iniciación nalgunha loxa betanceira. As longas tempadas que Juan García Naveira pasou noutras residencias, como no caso coruñés ou na rúa Alcalá de Madrid, abren a posibilidade de que puidese ser nestes sitios onde comezase a súa viaxe iniciática.

5.-AS DIFERENTES NARRATIVAS DO PARQUE DO PASATEMPO

Este xardín adxectivado como enciclopédico polo intelectual Luís Seoane (Seoane, 1957), semella ser una obra inclasificable dentro da historia da arte galega. Desprezada por moitos como kistch ou naif, foi dende sempre motivo de críticas e ataques por ser o seu

autor, Juan García Naveira, un indiano, un labrego analfabeto que fixo fortuna tras emigrar a América e retornar cunha fortuna incalculable e incomparable ca das familias máis asentadas de Betanzos.

O feito de ser o que moitos chamaban un novo rico, levou a relacionar a súa particular quinta a extramuros da cidade brigantina como un capricho hortera, vulgar, unha excentricidade. En palabras de Augusto D´Halmar, o que o maior dos García Naveira fixo nas xunqueiras do Carregal non foi máis que lavar as súas mans da usura, a codicia, a envexa e a sangue ca que se tiña manchado na Arxentina.

A figura de don Juan sempre estivo en entredito no día a día garelo, onde era respectado e admirado polas clases máis baixas, mentres suscitaba certas envexas entre os privilexiados da pirámide social. Sirva como exemplo o debate en torno á subscrición popular que ten lugar no Liceo Recreativo, onde recoñecidas personalidades betanceiras deciden non participar da colecta de fondos para agasallar ao indiano ca medalla da Orde de Beneficencia ca que fora recoñecido¹⁰.

Volvendo á cuestión principal, máis que un capricho sempre foi considerado como unha obra de arte. É un xardín con numerosos conxuntos escultóricos que o seu autor levanta ás aforas da cidade de Betanzos, nunha xunqueira e sen un significado claro. Seguindo o modelo doutros xardíns europeos, o indiano recrea nunha gran extensión de terreo todo tipo de esculturas e relevos rodeados de vexetación e canais artificiais que facían a delicia dos visitantes.

Dentro do seu recinto atoparemos infinidade de referencias a pezas artísticas que na actualidade están expostas en museos de medio mundo: dende a réplica do fusilamento de Torrijos ou a Estatua da Caridade ata a descoñecida Estatua do Espiñario (Teijeiro, 2020) ou os leóns que a día de hoxe se poden visitar en Covadonga.

Aínda que se lle compara con outros moitos lugares, como a Quinta da Regaleira de Sintra ou o Parco dei Mostri de Bomarzo, podemos afirmar que non sempre garda similitude con estas ou outras localizacións, máis alá da sorpresa que provoca no turista que o visita.

Non sabemos se debido á bibliografía existente ou á política de memoria que se fixo nas últimas décadas en torno a este lugar, parece que existiu certa unanimidade en definilo como un lugar no que o indiano quería amosar todas as belezas que el tiña coñecido nas súas viaxes polo mundo. Unha especie de caixón de xastre no que poder conxugar réplicas artísticas procedentes de todo o globo e co que moitos xustificaron as crucesas -ou as oportunidades- da emigración.

Máis, realmente todas as pezas do Pasatempo encaixarían nesta teoría? Existe algún fío que agrupe a todas as esculturas, formas, fontes, estanques e demais?

A título persoal, o sentido de buscar un discurso que agrupase todas as pezas foi un dos late motiv da miña relación co Pasatempo. En ningunha das teorías antes comentada lograba asentar relevos como o da “Libertad, Justicia, Fraternidad, Patria” do Muro dos Azulexos. Nunca souben interpretar, dentro desa visión do parque como biografía migratoria do maior dos Naveira, que facían os sartegos dentro das covas construídas de forma artificial ou por que mulleres espidas vixiaban o noso paseo polo interior do parque.

Si que non poderei negar xamais a vertente didáctica que ten o xardín. Como xa temos comprobado de forma presencial dende as numerosas visitas que desenvolvemos dende a Asociación de Amigos do Parque do Pasatempo, o parque funciona á perfección no plano educativo, alimentando o interese de saber a través das súas representacións. Non ten nada que ver, por exemplo, ca versión portuguesa da Quinta da Regaleira, onde atopamos

un enfoque máis elitista e non tan enciclopédico como no Pasatempo, que está inspirado e influenciado polas vivencias de dous homes que prosperaron socialmente partindo dende a humildade máis absoluta.

Ante esta diatriba, un dos esforzos do colectivo veciñal foi buscar o sentido ou a narrativa que agrupase nun mesmo discurso todas as pezas do Pasatempo. Xa fose a forma dos estanques, as estatuas copiadas dos catálogos franceses¹¹ (Teijeiro, 2018; Teijeiro, 2019) ou a propia estrutura do parque, organizado en varias terrazas sobre o val da montaña.

6.- A NARRATIVA MASÓNICA DO PARQUE DO PASATEMPO

Para comprender o paseo iniciático por esta obra de Juan García Naveira, haberá que ter sempre presente a propia estrutura do seu xardín, que poderemos dividir nunha parte baixa –xa desaparecida- e unha parte alta, estruturada en varias zonas aterrazadas.

Esta parte alta será unha construción artificial levantada sobre o val dunha montaña (Souto, 2019) que o propio Juan reparte en cinco chanzos. E dicimos que foi o propio Juan García Naveira quen impulsou esta idea porque a día de hoxe seguimos descoñecendo a existencia de planos ou outra documentación no que se explique o proxecto que posteriormente executaría. Si que sabemos da participación de Francisco Sanmartín Murias como xefe de obras e da colaboración de numerosos obreiros betanceiros, quen ademais de aprender o oficio podían recibir formación académica nas escolas nocturnas impulsadas polo indiano. Ou como dicía a prensa da época, os Naveira daban “a la vez que trabajo, luz para la inteligencia”¹².

As cinco terrazas desta parte alta serán a clave do discurso masónico e haberá que facer este camiño iniciático dende a zona máis baixa do Pasatempo ata a máis alta. Cada unha delas terá unha correspondencia cun grao masónico, ensinándonos a través do simbolismo de cada un dos niveis, os coñecementos que os iniciados teñen que ter nos diferentes graos dentro da orde.

É así como comezaremos o percorrido pola zona máis baixa e máis recargada de simboloxía. Esta terá a súa equivalencia ao profano, no que non está iniciado nin forma parte da orde (Valín, 1996: 31). Por iso a gran cantidade de carga simbólica, porque precisará unha cantidade importante de leccións antes de lograr iniciarse, atravesar a cámara de reflexión que o levará ao seguinte chanzo do Pasatempo, o relativo aos coñecementos do aprendiz masón.

A seguinte terraza, a do Muro das Viaxes¹³, será a que se corresponda cos coñecementos do compañeiro masón, mentres que a terraza do León Colosal, unha das imaxes máis



Fig. 3.- Cimeira masónica da bandeira das *Escuelas García Hermanos*. Museo das Mariñas.



Fig. 4.- Vista xeral do Parque do Pasatempo nos seus anos de abandono. Arquivo AAPP.

simbólicas do parque brigantino, será a que acubille os coñecementos que ten que adquirir todo mestre masón.

Neste mesmo nivel haberá outra referencia que nos levará a transitar ata unha derradeira terraza, a da Despedida de don Juan, sen correspondencia con ningún grao masónico pero importante tamén no discurso narrativo do xardín.

Polo tanto, e partindo desta premisa xa comentada da correspondencia das terrazas cos diferentes graos masónicos, teremos que comezar o noso percorrido dende a parte máis escura do Pasatempo ata a máis luminosa. Esta referencia, a de perseguir a luz do coñecemento, así como outras ideas como o progreso, a tolerancia, a fraternidade ou a xustiza, estarán presentes en todo o discurso e a mellor maneira de simbolizalo –como xa anticipamos ao comezo do traballo- é a través dese símbolo masónico da pedra bruta e a pedra desbastada, traballada, pulida co empeño e cas ferramentas que irán aparecendo ao longo do noso camiño por esta antiga xunqueira do Carregal, sempre e cando a percorramos seguindo a mesma traxectoria do sol, do oriente ao occidente. Cada visitante deberá empregar todas estas referencias aportadas por Juan García Naveira para ir logrando unha mellora individual, ata chegar aos pés do maior dos irmáns na súa despedida do Pasatempo.

6.1.- A PARTE BAIXA DO PASATEMPO

Baixo esta denominación agruparemos a toda esa extensión de xardín levantado, tamén de maneira artificial, sobre a antiga zona de xuncal que existía ás aforas de Betanzos e que Juan García Naveira comezou a artellar na última década do século XIX (Arcay; Teijeiro, 2018). Esta



Fig. 5.- Grupo de mulleres visitando o Parque do Pasatempo nos seus anos de abandono. Arquivo AAPP.

localización comezaría na Casa Taquilla, xusto ao cruzar a ponte do Carregal que atravesaba o río Mendo; e remataría no antigo Pavillón de Recreo, esa estrutura de aires orientais que permitía entrar á parte alta do Pasatempo a todo aquel que tivera accedido pola zona inferior.

Esta parte non parece influír na narrativa masónica do Pasatempo, simplemente funcionaba como un lugar de espaxamento, de diversión. Era unha zona cuberta totalmente por vexetación de todo tipo, adornando as beiras dos canais, das estatuas e das fontes entre as que non semella complicado perderse. A extensión de toda esta zona sería máis do dobre do que se conserva hoxe en día e estaría ocupada polos seguintes conxuntos decorativos que mencionaremos brevemente:

A Casa Taquilla

Non se pode asegurar con exactitude que o Parque do Pasatempo funcionase como un parque público. Hai moitas referencias na prensa que falan da Quinta do Carregal, dese lugar privado da familia de Juan García Naveira na que de vez en cando entraban grupos organizados de visitantes. Mais descoñecemos se tiñan cabida as visitas libres e individuais tras mercar a perceptiva entrada na chamada Casa Taquilla ou se existía ese outro método empregado por eles nas viaxes por Europa con Rogelio Borondo, na que un encargado do Pasatempo actuaría de guía e acompañaría en todo momento ao visitante. Si que sabemos, polo contrario, que nestas antigas cabaleirizas ao pé da ponte que atravesaba o Mendo para quen baixaba dende a Praza do Campo, vendían os conxuntos de tarxetas postais ao prezo dunha peseta que ía destinada ao mantemento do Asilo García Hermanos (Rodríguez, 2020).



Fig. 6.- José Souto. Reconstrucción sobre os restos da Casa Taquilla de parte do muro que aínda non se conserva no parque.
Arquivo AAPP.

Entrada dos Leóns

Unha das fontes documentais principais para coñecer a decoración do Parque do Pasatempo son as *Memorias de un viaxe improvisado* de Rogelio Borondo (1900). Nelas o empresario brigantino narra a viaxe que comparte durante varios meses de 1899 con Juan e Jesús García Naveira. A través do seu detallado diario de viaxe poderemos coñecer -ou intuir- moitas das referencias que logo se repetirán no Pasatempo, sabendo onde se mercaron diferentes materiais ou onde tomaron os modelos para ocupar os terreos do Carregal betanceiro, varios anos despois de que o maior dos Naveira xa comezase a adquirir terras nesta zona e a enchelas de decoración.

A entrada estaría vixiada cos mesmos leóns que os tres amigos seguramente tiñan visto no Museo do Vaticano protexendo o sepulcro do Papa Clemente XIII. Son dúas bestas en posición relaxada que semellan protexer a quen os sobrepasa para entrar no Pasatempo.

Unha das peculiaridades desta parella de leóns é que foron executados en mármore de Carrara, cando o habitual no Pasatempo foi o uso novidoso do cemento Portland, sendo este lugar un dos pioneiros en España. Para traer a copia dende Italia contan que houbo que reforzar varias pontes dende A Coruña, aínda que finalmente acabarían abandonado o recinto en 1968¹⁴ trala venta por parte dos descendentes dos Naveira á igrexa, pasando deste modo a repousar na entrada da Basílica de Covadonga.

Avenida dos Emperadores

Paralelo ao enreixado de aires versallescos que protexía ao Pasatempo do camiño do Carregal, repartíanse doce bustos feitos en mármore de Carrara e que representaban a unha ducia de emperadores romanos cun factor común: ter certa relación con España ou ca Hispania da época. Entre o paseo axardinado podíamos atopar as caras de Julio César, Ottaviano, Augusto, Calígula, Claudio, Galba, Vespasiano, Tito, Trajano, Adriano, Caracalla e Ottone; ata que en 1929 Juan García Naveira manda levar as figuras para o xardín da casa da súa filla, Águeda García Iribarne, ante os continuos ataques vandálicos que padecían no Pasatempo. Isto responde tamén a unha moda da época, pois na súa viaxe con Rogelio Borondo por Francia, Suiza e Italia observan que moitos museos dedican diferentes salóns dos seus establecementos a amosar bustos dos emperadores romanos.

Estatua da Caridade

Unha das estatuas máis valiosas desta parte baixa –falando sobre todo en termos económicos- sería a Estatua da Caridade por estar feita tamén en mármore de Carrara. É unha transposición do cadro de Gaspar de Crayer onde se representa a unha filla que amamanta ao seu pai preso. Neste caso Juan García Naveira inclúe unha lixeira modificación na man dereita da muller, pasando de estar na cabeza do pai a aguantar, no caso do parque, do altofalante dun teléfono da época.



Fig. 7.- Postal da Avenida dos Emperadores ca Casa Taquilla e a Entrada dos Leóns no fondo. Fotogalería do Arquivo Municipal de Betanzos.

Esta, xunto á Fonte das Catro Estacións, son das escasas referencias que aínda manteñen o seu emprazamento orixinal, quedando totalmente desvirtuada por carteis publicitarios, edificios deportivos e demais equipamentos. Si que houbo un intento de traslado¹⁵, primeiramente ao Parque Pablo Iglesias e logo á Praza do Concello (Vales Vía, 2012: 261-262), pero problemas administrativos e queixas eclesíásticas paralizaron en varias ocasións o proxecto.

O simbolismo deste lugar vai máis en relación co propio concepto cristiá de caridade, co que Juan García Naveira si que parecía identificarse, que con postulados masónicos. Aínda que non deixa de ter un trasfondo similar o de procurar axudar sempre ao que menos ten, algo que os irmáns García Naveira cumpriron cas súas accións. Esta figura e a súa mensaxe cobrará un significado máis importante ao relacionala ca outra estatua que recibe esa particular chamada, a dedicada aos irmáns García Naveira; e co Asilo García Hermanos onde os dous filántropos exercían a caridade que procuraba esta muller.

Estatua dos Irmáns García Naveira

Outra das estatuas máis recoñecibles deste recinto inferior sería a dos propios irmáns García Naveira que dende 1983 repousa na praza central da vila, que leva tamén o seu nome. Esta foi outras das estatuas que non se levantou con cemento Portland, senón con mármore de Carrara, converténdoa nunha das máis valiosas do lugar. Nela aparecen os dous irmáns representados coma comerciantes, pois están acompañados dun libro copiador e de símbolos como o caduceo de Mercurio, deus do comercio.

A principal característica desta estatua é a postura dos irmáns, que forma parte desa conversa que manteñen ca Estatua da Caridade. Como dicíamos anteriormente, a filla que aleitaba ao seu pai preso parecía ter na man dereita un teléfono da época, reclamando por



Fig. 8.- Francisco Freire na Entrada dos Leóns ca Estatua dos García Irmáns ao fondo.
Arquivo da AAPP.

ese medio a caridade. Quen recibe a chamada será Juan García Naveira, que eleva na súa man dereita o auricular á altura da orella, mentres permanece abrazado ao seu irmán Jesús que sinalará ao horizonte. O lugar ao que sinala non é outro que o lugar onde eles exercían a caridade, o Asilo García Hermanos, dando resposta deste modo á chamada. O traslado desta figura deturpou por completo o fío comunicativo que exercía cando se encontraba na parte baixa do Pasatempo.

Fonte das Catro Estacións

Catro mulleres seguen representando aínda a día de hoxe ás catro estacións do ano: primavera, verán, outono e inverno na parte baixa do Carregal. Esta estatua, imitación da Fontaine Louvois de París ten a súa copia betanceira cunha única modificación, a do material ca que está realizada, sendo de formigón no caso brigantino.

Ao igual que acontece ca Estatua da Caridade, aínda permanece a día de hoxe no seu asentamento orixinal, aínda que as continuas modificacións da paisaxe fixeron que pasase de estar rodeada dunha frondosa vexetación a quedar enterrada e sen funcionamento entre instalacións deportivas.

Nela poderemos ver a cada unha das mulleres portando un símbolo de cada estación: a cornucopia -ou corno da abundancia- no caso da primavera, a leña para quentarse no inverno, as uvas no outono e unha muller cun peito de fora no caso do verán.

Casa dos Espellos

Unha das motivacións dos irmáns García Naveira para visitar París con Rogelio Borondo, era coñecer o estado da cidade uns meses antes de que comece a Exposición Universal de

1900 (Bourdon, 2020). Nos pavillóns da futura mostra atoparán un espazo similar a esta Casa dos Espellos, un lugar cuberto de espellos cóncavos e convexos que facían que todo o visitante quedara desorientado entre as súas catro paredes durante un instante de diversión. Ademais, na decoración deste lugar atoparemos un xogo de azulexos (Arcay, 2019) que pasaron a formar parte da memoria colectiva dos betanceiros, especialmente o da cruz do matrimonio, onde un home cargaba cunha cruz que presidía a súa muller. Trátase dunha mostra máis do particular sentido do humor de Juan García Naveira.

Estanque dos Papas

Nesta parte baixa, ao igual que referencias ao poder político imperial tamén existen imaxes que tratan o poder relixioso do catolicismo. Así acontece no Estanque dos Papas, un dos lugares máis significativos deste Pasatempo desaparecido. Sabemos pola testemuña de Rogelio Borondo que ao seu paso polo Vaticano Juan García Naveira puido ter mercado unha postal na que aparecían representados todos os retratos dos Papas que houbera na historia, dende San Pedro ata Pío X, representación similar á que tiñan visto nunha das salas da turinesa Basílica di Superga (Borondo, 1900: 54), onde atoparon 257 representacións pictóricas dos mandatarios eclesiásticos. Con base nesta imaxe levantou nas xunqueiras do Carregal un estanque con forma de trevo de catro follas que rodeou cos bustos de todos os xerarcas coñecidos, acubillando no perímetro do estanque máis de duascenas cincuenta esculturas, cada unha co seu cartel informativo do nome oficial e os anos de mandato. Os bustos estaban feitos co mencionado cemento Portland e todos eles estaban orientados cara o centro do estanque, decorado con fontes e cunchas de todo tipo, onde no seu interior unha muller cos peitos de fora daba de beber a un grupo de nenos. Esta acción, a ollos de todos os xerarcas relixiosos, parece conter tamén unha ampla dose de denuncia social, como no caso da Estatua da Caridade.

A localización orixinal deste estanque, rodeado de vexetación e coroado por unha imponente estatua do Sagrado Corazón de Xesús, ocuparía a mesma estancia que ten na actualidade o campo de fútbol García Hermanos. A súa desaparición hai que datala na década dos oitenta, tralo intento por parte de varios colectivos de salvagardar os seus restos do abandono e da especulación.

Zoolóxico

Seguindo as testemuñas da época hai que facer referencia a un zoolóxico que existiría no Pasatempo, non sabemos se na parte baixa ou ao final da parte alta, algo que acontecería tamén ca existencia dun suposto labirinto vexetal. O caso é que temos numerosas excursións



Fig. 9.- Foto de grupo diante da Fonte das Catro Estacións. Arquivo Municipal de Betanzos.



Fig. 10.- M.Chamoso Lamas.Estanque dos Papas ca Fonte das Catro Estacións.
Arquivo AAPP.

que quedan impresionadas con especies como os lobos, os monos ou as aves de diferentes procedencias. Cóntase tamén que Alfonso XII regaloulle un varias bestas dos seus cotos reais a Juan García Naveira, destacando a figura dun iac que non sobreviviu durante moito tempo ao clima do Pasatempo, aínda que é algo do que ata o momento non existe proba documental que así o certifique.

Xardín comedor, xardín salón e xardín dormitorio

Como xa dixemos, esta parte baixa estaba ideada co único obxectivo de distraer ao visitante, de arrastralo a unha sensación de sorpresa e de desconexión do mundo exterior. En vista das crónicas da época os chamados xardín-comedor, xardín-salón e xardín-dormitorio eran deses lugares que facían as delicias dos visitantes. Juan García Naveira construíu, xunto a un gran invernadoiro, o salón e o dormitorio da súa casa. A particularidade é que o material empregado desta volta foron os buxos, que ao recortalos deseñaban as estancias da súa vivenda. Para presidilas, colocou estatuas de materiais nobres cos bustos dos seus familiares.

Estatua de Mercurio

Desta estatua pouco sabemos na actualidade. A simboloxía da deidade encargada de protexer ao comercio volvía a aparecer novamente nas obras dos García Naveira (Camino, 2019), desta volta nunha escultura que seguindo as referencias gráficas parece estar construída con algún material nobre, seguramente bronce (Cabano, Pato, Sousa, 1998). Aos seus pés poderemos contemplar outra das características desta parte baixa do Pasatempo, a da decoración dos diferentes bancos cas pinturas das bandeiras de países de todo o mundo.



Fig. 11.- Panorámica da parte baixa do Pasatempo ca Estatua de Mercurio en primeiro termo e a Estatua da Caridade e dos Irmáns García Naveira no fondo. Arquivo AAPP.

Fonte Florentina

Esta fonte, chamada así nos xogos de postais que se vendían na Casa Taquilla, foi unha construción feita a partir de varios modelos diferentes (Teijeiro, 2019: 94) descoñecendo en gran parte os seus acabados, xa que non existen a día de hoxe imaxes que reflectan con detalle as súas características.

Fontes da canle

Un dos moitos canais que adornaban a parte baixa do Pasatempo remataban na chamada Fonte de Neptuno, deus das augas, na que aparecía acompañado da súa muller e dunha serie de motivos decorativos relacionados co mar. Dende alí partía unha canle artificial de auga que Juan García Naveira decorou con outro conxunto de fontes, entre as que identificamos a Fonte da Industria e o Progreso, con motivos que veremos repetidos na parte alta do Pasatempo; a Fonte do Trovador e a Fonte da Pescadora.

Nicho do Equilibrio

É outra das partes esquecidas do xardín do Pasatempo pero que aínda a día de hoxe consegue sobrevivir con certa dignidade. Trátase dun pequeno recuncho que quedou oculto ao pé da estrada de circunvalación e no que don Juan parecía retar ás normas da física amosando tres obxectos que mantiñan a súa rectitude nunha loita continua contra o equilibrio: o ferrocarril, que lograba transitar sen saír dos seus raís; a Torre de Pisa, xa daquela caracterizada pola súa inclinación como eles mesmos tiñan comprobado ca compañía de Rogelio Borondo; e a Pedra de Tandil, un coñecido monumento arxentino dunha gran rocha que semellaba estar flotando no aire.

6.2.- A PARTE ALTA DO PARQUE DO PASATEMPO

Pavillón de Recreo

Todo aquel que entrase pola parte baixa do Pavillón de Recreo percorrería os diferentes andares da construción que funcionaba a modo de museo de variedades. Non contamos con ningunha referencia gráfica do interior deste lugar, pero un roubo efectuado no seu interior permite facernos unha idea de como sería a decoración deste edificio, xa que os cacos fanse cas “bolas del billar, una hermosa piel, varios cuadros y otros objetos, por valor todo de 250 pesetas”¹⁶. Seguramente as súas estancias gardasen certa relación co museo pedagóxico que tiñan montado tamén nas Escolas García Hermanos, onde as paredes estarían cheas de referencias a outras culturas, animais disecados e obxectos curiosos.

Esta sería a mellor das entradas posibles á parte alta do Parque do Pasatempo ata a súa desaparición a mediados da década dos cincuenta do século pasado (Arcay; Teijeiro, 2019), transformándose co paso do tempo o terreo que ocupaba este lugar no punto de paso da estrada de circunvalación e, posteriormente, da pasarela metálica que copa o acceso na actualidade á parte alta do xardín. Á súa saída poderíamos comezar o paseo iniciático para o que foi concibido o Pasatempo, debendo comezar no recuncho máis baixo do parque, é dicir, dende o templete que coroa o centro do Estanque do Retiro.

Como xa explicamos anteriormente, cada unha das terrazas da parte alta do Pasatempo terían a súa correspondencia cos diferentes graos da masonaría azul ou simbólica (Álvarez, 1996: 20) -aprendiz, compañeiro e mestre- existindo no caso betanceiro dous niveis máis, un dedicado ao profano na parte máis baixa e outro á despedida do seu autor. Deste xeito a visita ao Pasatempo podería adquirir tamén unha vertente iniciática para percorrelo seguindo o fío dunha simboloxía específica e só apta para aqueles que soberan ler o que Juan García Naveira agochou entre fontes, estatuas, pozos e escaleiras, que non foi máis que as ensinanzas relativas á masonaría daquel momento, na que os tres diferentes graos pulaban por crear un ciclo formativo en tres dimensións fundamentais para o home: a ética, do aprendiz; a intelectual, do compañeiro; e a teolóxica, do mestre (Álvarez, 1996).

6.2.1.- NIVEL DO PROFANO

Nesta primeira terraza, a dedicada ao profano, ao non iniciado, haberá varios conxuntos escultóricos -Estanque do Retiro, Estanque da Gruta e Muro da España Monárquica y sus 18 hijas republicanas- que terán como obxectivo principal a preparación do neófito, completar a súa formación para que poida continuar co seu avance no camiño do Pasatempo. Teremos que ter sempre presente que estamos na parte máis baixa do noso percorrido, na zona máis escura e sombría, onde unicamente o progreso individual conseguirá facernos avanzar ata zonas máis despexadas. Esta metáfora do camiño será a que guíe a nosa visita, tendo como obxectivo deixar atrás a escuridade da ignorancia para chegar á luz da sabedoría.

Estanque do Retiro

Este estanque é o derradeiro exemplo da mala conservación do Pasatempo, xa que o derrubamento dunha parte da illa do templete propiciou o peche do xardín en outubro do 2018.

Dita illa está presidida, precisamente, polo nome que lle puxo o maior dos Naveira a este recuncho: Estanque del Retiro. Sorteando estas letras aparecerá unha réplica da Torre de Hércules, símbolo comercial dos García Naveira na Arxentina, como luz que tratará de alumear o camiño que aquí iniciamos.



Fig. 12.- Estanque do Retiro co desaparecido Pavillón de Recreo ao fondo.
Arquivo Municipal de Betanzos.

Este percorrido tería que empezar no banco que rodea o interior da illa do templete, sobre o mosaico que forman as figuras mariñas e que tería que estar regado polas numerosas fontes que decoran este lugar. A auga que chega ata aquí e que brotará de todas as fontes do parque terá sempre a mesma orixe, o Estanque de Salomón, do que falaremos máis adiante, no seguinte nivel. Mais o brote de auga máis portentoso deste inicio sería o representado pola parella de danaiades, fillas do rey Dánao castigadas a encher de por vida un cántaro de auga sen fondo.

Este cántaro, xunto aos centos de cunchas -entre elas a venera- que decoran o Estanque do Retiro e que Juan García Naveira tiña adquirido en diversas tendas de Italia (Borondo, 1900: 62-63), remítennos novamente á idea de escuridade na que sen sabelo estamos sumerxidos. A parte máis baixa do Pasatempo enlaza deste modo co inferno, a través de dous obxectos que acompañaban habitualmente os corpos dos defuntos para combatir a sequedade do inferno (Martínez, 2009: 82-83).

A viaxe iniciática partiría do interior desta illa e tería que levarnos a percorrer o parque acompañados dun mestre que guiase a cerimonia. Xunto a el partiríamos deixando atrás este templete e detendo o noso paseo na mesma ponte de saída, dende onde observaríamos dúas árbores a ambos lados, os que Juan García Naveira denominou Árbol de la Virgen y Árbol de Guernika, remitíndonos na imaxe ao sicómoro que brotou no barrio de Matariyah (El Cairo) ao paso da Sagrada Familia, moi popular nas postais turísticas da época e que de seguro visitou o filántropo na súa viaxe a Expito. A tradición conta que mentres fuxían de Herodes pararon a descansar neste lugar no que brotou un manancial de auga do que bebeu a Virxe María e que lle permitiu lavar a roupa do seu fillo, brotando a árbore do



Fig. 13.- Árbores do Estanque do Retiro. Arquivo AAPP.

charco que deixaron. No lado contrario, a árbore de Guernika, o carballo que dende a Casa de Xuntas de Guernika representa ás liberdades do pobo vasco. A significación destas dúas imaxes pode gardar relación cas futuras leccións que agardan por nós no Pasatempo, centradas na transcendencia e nas liberdades das que falará Juan García Naveira, pero parece remitir tamén a un dos primeiros pasaxes da Biblia, a das árbores do paraíso.

Na Xénese do Antigo Testamento existe unha descrición do Edén no que se conta como foi creado o primeiro home, permitiéndolle comer de calquera árbore, agás do do coñecemento do ben e do mal. Esta árbore tiña a súa contraposición na árbore da vida, outra especie situada no centro do xardín. Á árbore do coñecemento representaríaa morte e sería da que finalmente comerían Adán e Eva, sendo enganados pola serpe, lección que nos falará da capacidade moral para poder discernir entre os feitos que están ben e mal. A súa vinculación co simbolismo masónico poderemos atopalo xa nas Constitucións de Anderson, o documento fundacional da masonaría moderna, onde Adán aparece como o pai de todos os homes, o primeiro masón, e na intención da orde -igual que a doutros movemento da época- da necesidade de crear dende o século XVIII unha moral laica que estaría chamada a substituír á moral relixiosa (Sánchez, 2014: 64). Dende este prisma haberá que abordar todas as leccións do Pasatempo e ter sempre presente as consecuencias das nosas eleccións.

No caso betanceiro tamén poderemos ser expulsados do xardín neste primeiro nivel se caemos nas tentacións que se nos van presentar. De feito no camiño que prosigue aparecerán diferentes trampas para impedir a nosa progresión. Primeiramente, e antes de pasar a pequena ponte para saír do templo, teríamos que atravesar un pequeno túnel para pasar ao perímetro do estanque. Este acceso tería que estar recuberto de espellos



Fig. 14.- Daniel Lucas Teijeiro Mosquera. Representación do escudo masónico do Estanque do Retiro.




Fig. 15.- Loty. Detalle do escudo masónico do Estanque do Retiro. AHP Lugo.

cóncavos e convexos, a semellanza da Casa dos Espellos, para representar un xogo habitual nas loxas masónicas e que terá que ser unha idea que manteñamos durante toda a ruta: o noso progreso, o noso avance, unicamente terá un inimigo e non será outro que a nosa propia persoa, por iso cómpre vernos e coñecemos dende todos os ángulos posibles para saber a que nos imos enfrentar. Presidindo este punto estaría un obxecto, entre dúas columnas, que podemos asegurar que foi dos poucos que desapareceu intencionadamente nos anos da Guerra Civil Española ou nos primeiros anos da posguerra. Tratábase dunha decoración que chegou aos nosos días grazas a ser retratada polo fotógrafo Charles Alberty Jeanneret Loty (Rodríguez, 2015a: 439) (Vázquez Rey, 2018) e na que se admiraban varios relevos claramente identificables por calquera profano ca masonaría: a escuadra, o compás ou a pirámide, combinado con outros como a estrela de cinco puntas (Rodríguez, 2015a: 426). A evidencia dos símbolos foi de seguro a motivación que levou a facelos desaparecer, deixando ante os nosos ollos decenas de símbolos que ante a falta do coñecemento necesario non puideron eliminar, porque a realidade iniciática está sempre velada e para descubri-la, para poder desvelar ese segredo masónico, hai que experimentar os símbolos e o ritual, sendo esta a única maneira de revelar o que agocha.

Unha vez no perímetro do estanque, nese camiño que bordea todo o recinto e que está decorado cos símbolos xeométricos creados con cantos rodados, teremos ante nós unha nova proba: a das poldras polas que deberemos avanzar, acompañados e guiados en todo momento polo mestre e tratando de facer fronte ás tentacións que van aparecendo no noso camiño. Recordemos que estamos no nivel máis baixo e escuro, somos profanos presos da nosa ignorancia e poderemos caer rendidos en calquera momento ante as sorpresas que nos presenta este pasatempo: mulleres espidas entre a penumbra das covas,



Fig. 16.- Ángel Arcay López cas poldras do Estanque do Retiro con transportes antropomórficos. Arquivo AAPP.

animais salvaxes ocultos entre as rochas, etc. Para tratar de progresar e de avanzar, Juan García Naveira colocará na nosa man unha serie de transportes de diferentes épocas para axudarnos a ir cara adiante: figuras antropomórficas que mesturan corpos de muller e vehículos motorizados, un dirixible ou embarcacións como as que tiñan visto en diferentes museos na súa viaxe por Europa xunto a Rogelio Borondo, especialmente no Museo Naval de París (1900: 16).

Se repasamos a biografía dos irmáns García Naveira veremos que o viaxar, aínda que fose forzado pola emigración, foi case a súa salvación ou o que propiciou o seu avance social. É por iso que retomarán en incontables ocasións esta referencia no Parque do Pasatempo. Neste caso continua a falar de progreso xa que presenta dende os medios de transporte máis rudimentarios -esa canoa que decora a illa do templete- ata elementos futuristas de maquinarias aínda hoxe descoñecidas.

España monárquica y sus 18 hijas republicanas

O seguinte conxunto sería o que está presidido por este curioso lema no que Juan García Naveira pretende mesturar as traxectorias das dúas formas de goberno. Aquí sería necesario facer unha puntualización sobre as motivacións políticas dos irmáns García Naveira, ou polo menos do irmán maior, pero non existen probas suficientes para poder aclarar a diatriba. Por un lado, amosa no seu parque unha inmensa cantidade de simboloxía republicana e todas as súas obras filantrópicas están destinadas a axudar aos máis desfavorecidos; pero pola outra banda sabemos que acaba militando na Unión Patriótica de Primo de Rivera, un partido de corte monárquico e ultraconservador, o que non fai máis que sementar de dúbidas a traxectoria do benfeitor betanceiro.

Esta particular relación familiar de monarquía e república tamén ten moito que ver ca visión que quere aportar noutros recunchos do parque e que pretende levar ao turista a outras latitudes. Ao igual que amosa os medios de transporte necesarios para o noso progreso sempre tratará de chamar a atención do visitante presentando novos destinos nos que refuxiarse ou aos que dirixir a súa progresión. O Muro das viaxes ou o propio Muro das horas conterán a mesma simboloxía. Por iso é posible, sen saír do parque e de Betanzos, coñecer o mundo nesta enciclopedia de formigón.

Neste caso aproveita tamén para narrar un suceso histórico, a dos movementos de independencia das colonias hispanas no continente americano, aportando para iso os escudos das dezaioito antigas colonias españolas que se independizaron nas tres primeiras décadas do século XIX (Arxentina, Venezuela, Paraguai, Nicaragua, Ecuador, México, Perú, Guatemala, Cuba, El Salvador, República Dominicana, Honduras, Colombia, Costa Rica, Bolivia, Panamá, Chile y Uruguay) e engadindo, quizais por esa visión universalizadora que lle quixo dar ao Pasatempo, a da nación brasileira, colonia que se independizou de Portugal en 1822.

O feito de empregar os escudos das novas nacións para simbolizar a súa independencia pode ter certa intencionalidade posto que moitos dos movementos revolucionarios estiveron apoiados por ilustres masóns do continente americano, como pode ser o caso de José Martí, José de San Martín ou Simón Bolívar¹⁷, e contaban na súa heráldica con referencias a esta orde: o gorro frixio, os raios de sol ou os apertóns de mans responden a este esquema simbólico que veremos repetido tamén no Muro de homenaxe á Arxentina. Ademais, a existencia do escudo de Panamá revela outro dato curioso, e é que a construción deste muro tivo que ser posterior á súa independencia, en 1903, cando puxo fin á súa unión con Colombia que tiña comezado en 1821, cando fixera efectiva a súa separación de España.

Existe tamén un escudo de España que pasa moitas veces desapercibido por non estar na mesma liña que os demais, senón que para atopalo temos que alzar a vista ata o alto do muro e alí veremos o escudo empregado dende o reinado de Carlos III co Vélaro de Ouro. Esta escolla pode ser intencionada, ao igual que acontecerá co relevo do Fusilamiento de Torrijos y sus compañeros en las playas de Málaga, posto que Carlos III é un dos poucos monarcas europeos dos que se conservan testemuñas escritas da súa particular obsesión antimasonónica, pensamento que levou a prohibir a masonaría baixo o seu reinado (Ferrer, 1996: 67).

Baixo estas representacións heráldicas existen media dúzia de cadros que parecen fornecer ao visitante dunha serie de máximas morais ou éticas a xuízo do autor do parque, quedando repartidos estes relevos a ambos lados da Fonte da Agricultura, unha fonte de grandes dimensións traída dos modelos das empresas de fundición francesas (Teijeiro, 2019) e modificando a escultura que coroa o conxunto, sendo no caso betanceiro unha campesiña con vestimentas tradicionais. Baixo esta Agricultura aparecerán tamén tres alegorías habituais no Pasatempo: as da Industria, o Progreso e o Comercio. Comezando polo mural situado máis ao sur do parque, próximo a unha das portas desta parte alta, atoparemos os seguintes relevos:

A aparición da Virxe

En ocasións confúndese cunha escena da vida campesiña, na que un grupo de agricultores parece admirar a unha figura que sae entre as árbores. Neste caso trátase dunha aparición relixiosa onde o significado principal deste episodio será a relación directa entre o pobo e a figura mariana, sen ningún tipo de intermediario da xerarquía eclesiástica,



Fig. 17.- Panorámica do muro da España Monárquica y sus 18 hijas republicanas. Arquivo AAPP.

o que se pode entender como unha crítica por parte de Juan García Naveira que, como veremos máis adiante, avogaba por unha relixiosidade primixenia fuxindo das grandes ostentacións da igrexa.

Escena dun duelo

O seguinte relevo parece ser unha mensaxe de paz e diálogo, ao aparecer representada unha das formas habituais da época de resolver os problemas. Nel vemos a un home armado a cada lado do cadro, estando un deles ferido. Ao contrario do que aquí se representa, o Pasatempo estará cargado de referencias que favorezan o diálogo e a comprensión como forma de resolver as diferenzas, caso que veremos por exemplo no Muro das Relixións.

Fusilamento de Tupac-Amaru II

O sacrificio do líder indíxena Tupac-Amaru II, sobrenome de José Gabriel Condorcanqui Noguera (1738-1781) tal e como se narra nas crónicas, é outra das imaxes destes relevos. Trátase dun caudillo peruano que liderou unha das maiores rebelións anticoloniais de América, sendo unha persoa culta, defensora da súa lingua nativa, defensor da abolición da escravitude e da independencia americana ante o invasor español. Precisamente na imaxe do seu asasinato podemos ver o contraste entre os líderes hispanos que mandan aniquilalo e os seus aliados. O seu nome estivo ligado á loxa de Lima onde algúns autores manteñen que foi iniciado, dándolle nome a outras agrupacións posteriores ou aparecendo a súa representación simbólica en moitas outras (Martín, 2010: 369).

La última oración de los mártires cristianos (1883)

O cadro de J. L. Gérôme -que Juan García Naveira tiña convertido en postal na súa biblioteca particular (Cabano; Pato; Sousa, 1998: 47)- será outro dos relevos que decoran

esta zona e que cobrará maior relevancia se o comparamos ca imaxe anterior. Os mesmos cristiáns que asasinaban a Tupac-Amaru son os que nesta imaxe están sendo atacados no foxo do circo romano, aos pés dos leóns ou mesmo en chamas. Parece servir esta imaxe feita en cemento de advertencia para non repetir erros pasados e, sobre todo, fuxir novamente da violencia e a intolerancia.

La paz por el arbitraje

Este é o único relevo que conta cun texto que lle dá título, neste caso La paz por el arbitraje. Nel aparece representado un círculo feito á súa vez por 49 pezas circulares, unidas entre si por liñas que van dun lugar a outro. Se temos en conta que este muro é posterior a 1903 hai que contextualizalo nesa época previa ás grandes guerras, onde diversos colectivos non buscaron a confrontación e a violencia, senón todo o contrario. Houbo nacións que chegaron a pactos e acordos de paz, de non agresión, o que Juan García Naveira quixo poñer de manifesto neste recuncho do Pasatempo, potenciando unha idea que como veremos co paso dos anos acabaría fracasando. Esta é ademais unha das mostras máis importantes da relación entre o Parque do Pasatempo e a masonaría, xa que a Institución del Tribunal de la Paz ou o Tribunal del Arbitraje serán considerados descendentes directos do movemento masónico (Enríquez, 1995: 246) como así se demostrou nos diferentes encontros internacionais nos que participaron todo tipo de colectivos, dende loxas masónicas a partidos políticos.



Fig. 18.- Detalle do relevo La paz por el arbitraje. Arquivo AAPP.

Santa Isabel de Hungría curando a los tñosos (1672)

O cadro de Murillo representado no parque co novidoso cemento Portland volvía amosar un dos valores que xa tiña presentado Juan García Naveira no seu Pasatempo, o da caridade. O Rito Escocés Antigo e Aceptado da masonaría, no que os primeiros grados corresponderían aos da masonaría azul que aparecerán representados no parque, toma como referencia os valores de humanismo, do espiritualismo, da fraternidade e da filantropía, empregando o método do rito como a vía para acadar estas virtudes nun esforzo individual e colectivo, mediante a tradición iniciática e progresiva que permita acadala. Neste senso, o rito pulará polo progreso da sociedade, tanto no campo espiritual e moral, como no material e intelectual. Polo tanto, a filantropía e o humanitarismo, que sempre se confunden na obra do indiano co valor cristián da caridade, ten máis que ver ca masonaría que ca propia relixión católica.

El fusilamiento de Torrijos y sus compañeros en las playas de Málaga (1887-1888)

A pintura de Gisbert aparece no alto do muro, contando cunhas dimensións maiores que os anteriormente mencionados e sabemos grazas á documentación gráfica que foi dos

últimos en realizarse. Aproveita o filántropo brigantino para referenciar deste xeito os conflito continuado que padece a España decimonónica, dividida durante toda a centuria entre liberais e absolutistas, encarnados estes últimos na figura de Fernando VII, outro dos monarcas que perseguíu á masonaría e a moitos dos valores que esta defendía e que aparecen simbolizados na obra de Gisbert.

Friso dos animais

A cualidade didáctica do Pasatempo parece indiscutible, sobre todo se botamos a vista a este tipo de referencias. O chamado Friso dos animais é un motivo decorativo que acubilla a 95 miniaturas de diferentes animais procedentes de todo o planeta. Baixo eles, funcionando coma fontes que nos recordarán que seguimos nese nivel salvaxe e escuro, Juan García Naveira disporá de varias estatuas de dragóns, morcegos e serpes para trasladar a auga ata o Estanque do Retiro.

País de Oriente

A forma de ascender máis evidente ata a seguinte terraza será por medio de dúas escaleiras que comparten morfoloxía e mensaxe, aínda que non decoración. A forma de ascender dunha terraza a outra sempre será por escaleiras con dous camiños separados por un pozo, deixando en mans do turista que visite o parque a toma da decisión na progresión do seu camiño. Avanzar por un lado ou polo outro implicará unha serie de significados, os opostos que continuamente se simbolizan nese chan axedrezado as loxas, deixando no medio un pozo que ameazará o noso progreso, recordándonos en todo momento que o ascenso pode vir parello dunha rápida caída á escuridade da que partimos. Esta é a razón pola que as escaleiras teñen que ter unha vía para ascender e outra para descender. Xunto a unha delas, a que antigamente estaba coroada pola Fonte de Cúpido, atoparemos outra das referencias que parecen achegar a idea do Pasatempo ao esoterismo masónico.

Ao pé da escaleira poderemos apreciar un relevo que conta cun enigmático texto:

**UD. QUE LE GUSTA VIAJAR I QUE TIENE CONOCIMIENTOS I
UNA EDUCACIÓN QUE SE SEPARA ELEVÁNDOSE DE LA DE LAS
CLASES ELEVADAS EN ESPAÑA SACARÍA GRAN PROVECHO
Y GUSTO VISITANDO TODO ESTE PAÍS DE ORIENTE.
ILO ILO 25 DE AGOSTO DE 1904. B.S.P.S. BERRUEZOS**

Aquí o Oriente simboliza o lugar por onde nace o sol todos os días como resultado do movemento de rotación da terra, camiño que se asemella ao que se emprega na masonería para que o home faga o percorrido en busca da luz ou da sabedoría. En Betanzos, o Parque do Pasatempo está colocado de tal maneira que o percorrermos camiñando no mesmo sentido do sol, ata que cheguemos ao que nunha loxa chaman Oriente, ese lugar que está separado do resto do Templo por unha balaustrada elevada por tres chanzos. Estes tres escalóns poden ser as tres terrazas que teremos que atravesar para chegar aos pés do León Colosal, nun dos poucos lugares onde estaremos baixo o ceo e cubertos de luz, sobre as grutas e sobre toda a escuridade que deixamos atrás. É por este motivo tamén que nas loxas se representa o firmamento cheo de estrelas ca cátedra do Venerábel Mestre ao fondo, simbolizando a espera paciente da luz, esa forza cósmica que actúa en todo o Universo xerando e mantendo todo canto existe. Neste paralelismo, quen simboliza todo isto e agarda pacientemente a que o sol saia por detrás da cidade de Betanzos é o propio León Colosal.



Fig. 19.- Relevo do País de Oriente. Arquivo AAPP

Estanque da Gruta

Pero antes de chegar aos pés do León Colosal, obxectivo da nosa viaxe, teremos que achegarnos á zona norte deste primeiro nivel para coñecer o simbolismo que agocha o Estanque da Gruta. Na súa orixe, especialmente ata a chegada da estrada que dividiu o Pasatempo en dúas partes, esta sería unha zona máis sombría e escura, recargada de vexetación como podemos ver nas coleccións das postais que se vendían na Casa Taquilla. Dentro deste xogo de luces e sombras o Estanque da Gruta estaría decorado por todo tipo de animais, incluso dentro da propia cova onde atoparemos unha xirafa, un elefante ou algo que semella a un niño de serpes.

A coñecida popularmente como Gruta da Recoleta, a cova que decora a parte superior do Estanque da Gruta, ten varias teorías sobre a súa similitude, xa sexa coa dos parques arxentinos de rocalla ou coa gruta da igrexa de Santiago en Betanzos. Non nos debe confundir unha falsa ara que decora o centro da cova e que foi colocada polo programa «Inocente, Inocente» en 1994 para gastarlle unha broma ao deportivista Beбето, ficando logo no lugar para despiste dos turistas.

Quen accedese ao Pasatempo a través do Pavillón de Recreo do que falabamos antes tería que baixar a través das escaleiras que desembocarían a este lugar, mudando por completo a percepción actual que temos del. De feito aquí tamén existirían unhas poldras sobre o estanque, unhas pedras polas que ir saltando para salvar a auga e para poder fuxir tamén dos animais que decoran as paredes baixo as zocas e as letras que presiden este recuncho.

Saltando con coidado sobre elas chegaríamos á chamada Boca do Inferno, que orixinariamente non sería un punto de saída senón de entrada. Esta misteriosa Boca de Hades parece ter a súa relación estética ca outra entrada aos infernos que existe no Parco dei Mostri de Bomarzo, ou mesmo hai autores que a relacionan co Cabaret de L'Enfer ao que se adentraron xunto a Rogelio Borondo nos seus paseos por París. Este local estaba decorado cunha boca similar na entrada, sendo o interior unha cova angosta como poden ser as do Pasatempo. Mais é preciso centrar a nosa atención no corpo que acompaña a esta boca, xa que se trata dun animal mariño, o que abre a posibilidade dunha terceira teoría: a da balea de Jonás.

Cóntanos a Biblia que Deus solicitoulle a Jonás que fose a predicar á cidade de Nínive, coñecida pola maldade das súas xentes. Sen embargo, Jonás embarcouse con dirección a Tarsis, nunha latitude oposta, polo que Deus desatou unha gran tormenta que acabou con Jonás dentro da balea na que pasou varios días, arrepenido e rezando, ata que Deus conseguiu que o animal cuspiase a Jonás e este pasara o resto da súa vida predicando en Nínive.

A ruta do Pasatempo será similar. Todo aquel que non se queira desviar do camiño correcto terá que reunir a valentía suficiente para entrar na boca da balea, nos infernos, de onde sairá renacido. E é que nas covas ás que esta gran boca dá acceso, ocorre outro dos exemplos máis claros da vinculación deste xardín ca masonaría.

Estariamos ás portas da iniciación, onde o profano terá que dítar testamento, de morte e de resurrección, para volver á inocencia orixinal ao tempo que se despoxa de todos os metais que porte (Martínez, 2009: 92-93) e responde a tres preguntas sobre Deus, sobre el mesmo e sobre a sociedade. O proceso da iniciación ten lugar nun local da loxa masónica que é a chamada Cámara de Reflexión e que o profesor Valín Fernández (1996: 26-27) describe do seguinte modo:

Compartimento oscuro de reducidas dimensiones, situado fuera del templo pero, por lo general, cerca de la puerta de éste. Su finalidad consiste en que el profano, a la luz de una vela, escribe su testamento filosófico y reflexiona sobre el acto iniciatorio que va a realizar.

Fig. 20.- Decoración do interior do Estanque da Gruta. Arquivo AAPP.



Esta Cámara de Reflexión (Daza, 2009: 119-120) aparece no Parque do Pasatempo tamén ca mesma finalidade de ser un lugar no que se conscientiza do efémero da vida e da misión que temos na terra, tratando de deixar atrás os males da sociedade profana que nos escravizan (Álvarez, 1996)¹⁸. Para chegar a ela teremos que acceder pola chamada Boca do Inferno e atravesar varios metros de covas angostas e reducidas. Aquí será o lugar no que o turista teña unha maior percepción da súa ignorancia, dos seus medos, en definitiva, da súa escuridade. O rito propón ir acompañado dunha vela ata chegar á cámara onde será entrevistado por un mestre que desenvolverá o que os masones chaman a aplomación, a investigación segreda realizada polo triángulo de aplomación sobre a vida pública e privada da persoa que solicitou ser iniciada (Valín, 1996: 25). Cos mestres da aplomación tamén topará dentro da cova, xa que estarán agardando polo profano nos sartegos (Veiga; Sobrino, 2012: 86) medievais que se agochan no seu interior.



Fig. 21.- Corpo mariño da Boca do Inferno. Arquivo AAPP.

Todos xuntos entrarán á Cámara de Reflexión que no Pasatempo ten dúas características moi particulares: no caso brigantino está decorada, ao igual que o resto da cova, con

Fig. 22.- José Souto Santé. Plano das covas co percorrido iniciático dende a Boca do Inferno. Arquivo AAPP.



figuras de animais salvaxes; e terá un unha apertura dende a que poderemos ver a luz pero polo de agora, metaforicamente, aínda non teremos acceso a ela. Cumprido con este paso, con esta entrevista e ca posterior aceptación, o iniciado podería continuar co seu camiño e volver ao exterior, renecendo igual que Jonás despois de estar no interior da balea. Quen teña a sorte de renacer no Pasatempo, igual que na lenda bíblica, terá que continuar o camiño trazado polas covas artificiais que deseñou Juan García Naveira, tendo a saída desta gruta na seguinte terraza, a dedicada ao nivel de aprendiz na masonaría.

En resume, a viaxe do iniciado será moi similar á de Jonás, porque entrará na boca da balea sendo un profano e sairá, renecerá, xa na terraza correspondente co nivel de aprendiz. Polo tanto, e facendo referencia ao vocabulario masónico, a iniciación dun home corresponderá a este proceso que protagonizará na Cámara de Reflexión, onde entrará como un simple profano e alí, tras apreciar inscricións e coñecementos como o V.I.T.R.I.O.L. (*Visita interiore terrae, rectificando invenies occultum lapidem, Visita el interior de la tierra, rectificando, hallarás la piedra oculta*) (Valín, 1996: 27) sairá facéndose cargo da súa propia pedra interior que no caso do aprendiz será unha pedra bruta, sen traballar; cando ascenda a compañeiro será cúbica; e, finalmente no grao de mestre, será piramidal (Sánchez, 2014: 61). Comeza agora ese camiño que indicabamos ao comezo do traballo, no que o iniciado terá que ir desbastando a súa propia pedra, traballando o seu interior ata conseguir eliminar as súas arestas irregulares.

6.2.2.- NIVEL DO APRENDIZ

O camiño do aprendiz aparecerá recollido na seguinte terraza do Pasatempo. A el esíxenselle dúas virtudes relacionadas co coñecemento ético que ten que asimilar para poder progresar: aprender a comportarse e a convivir na sociedade segundo o status que agora ostenta e facer o mesmo dentro da loxa, o que podería resumirse, como xa anticipabamos, nun coñecemento dos valores éticos máis fundamentais. Para iso ten que empregar dúas ferramentas simbólicas, a maza e o cicel, os útiles do canteiro, cos que ir desbastando a pedra.

Es imperativo esencial, a su sino masónico, la exigencia categórica e ineludible el pulir en la cotidianidad, la muchas veces dura piedra de su defecto, frente a la suave modelación paulatina del ver poco a poco también, la escultura clásica de la acción creciente de la virtud. El valor simbólico de las herramientas del aprendiz masón es rico en significado, porque, aparte de lo que dice el aprendiz, en la enseñanza de la orden, es notablemente rico también, en los valores simbólicos que dice al iniciado, para su interiorización y aplicación práctica a esa realidad extraña que a veces es la vida (Tammuz, 2014: 72).

Neste nivel da horta de don Juan atoparemos as ensinanzas que precisa coñecer todo aprendiz para convivir na súa propia loxa e na sociedade da que participe. E isto aparecerá representado a través de dous muros, o Muro dos Azulexos para explicar a convivencia masónica e o Muro de homenaxe a Arxentina para o segundo caso.

Muro de Arxentina

Toda esta zona do Pasatempo parece estar rematada en 1910, momento no que Juan García Naveira celebra o centenario da independencia arxentina no seu xardín convidando aos seus amigos a degustar un asado coma se estivesen na Pampa¹⁹. Será a través dunha serie de referencias a este país como nos fale Juan García Naveira desa sociedade na que tivo que convivir, ocupando este número con:



Fig. 23.- Cabeza humana no interior das covas.
Arquivo AAPP.



Fig. 24.- Cadaleito no interior das covas.
Arquivo AAPP.



Fig. 25.- Banco no interior da Cámara de Reflexión.
Arquivo AAPP.



Fig. 26.- Formas de animais no interior das covas.
Arquivo AAPP.

- A Pirámide de Maio, que representa o primeiro monumento levantado na Arxentina para celebrar a independencia deste país o 25 de maio de 1810, cas imaxes do sol, os raios de luz, o apertón de mans, o gorro frixio e a coroa de ramas pero, desgraciadamente, na actualidade xa non podemos apreciar a escultura da liberdade que tería que aparecer no alto. Moitos destes símbolos aparecerán representados no seguinte apartado, na heráldica provincial arxentina, froito da relevancia masónica no seu proceso de creación, ao igual que vimos no caso das fillas republicanas da monarquía.

- Os escudos das provincias arxentinas, aproveitando os arcos que deseña sobre o muro. En cada oco colocará os escudos das trece provincias que en 1853 crearon a Confederación Arxentina e que, xunto á de Buenos Aires, formaron sete anos despois a



Fig. 27.- Escudo do Muro de Arxentina con simboloxía masónica. Arquivo AAPP.

nación arxentina. Na unión dos arcos aparecerán o resto das provincias arxentinas nun letreiro co seu nome e o da súa capital e unhas aves con trinta e tres plumas, mirando cada unha para un lado. Pódese tratar dunha alegoría das aguias bicéfalas que miran ao pasado e ao futuro, sendo ao mesmo tempo o símbolo do Supremo Consello do Grao 33 do Rito Escocés Antigo e Aceptado, o que nos faría intuír que a relación do maior dos Naveira ca orde segreda chegaría ata os niveis máis altos aos que pode optar un masón.

- Os bustos dos primeiros doce presidentes arxentinos, que aparecerán na parte alta do muro, no friso sobre os arcos, onde cada busto irá acompañado do nome e os anos de mandato.

- Ao principio e ao final do muro, dous relevos representan dúas pasaxes dos libros *El Gaucho Martín Fierro*, escrito por José Hernández en 1872 e *La vuelta de Martín Fierro*, escrito sete anos despois. Serían a representación de dúas esceas: *La carreta acampada* e *El adiós del Gaucho*. Cobran

especial importancia estas imaxes por ser obra dun recoñecido francmasón a quen se lle considera na Arxentina o máximo expoñente do poema épico nacional e autor do primeiro poemario gaucho.

- O Muro das horas, onde aparecen representados corenta e un reloxo cas horas en diferentes cidades do mundo. Non coinciden nos minutos porque son as horas antes da chegada do ferrocarril e da creación dos fusos horarios. No medio, un reloxo de maiores dimensións ca publicidade de Cronómetros Escassany, fai mención desta casa comercial bonaerense que se caracterizaba por ter un escaparate decorado dunha maneira similar a esta parede, con varios reloxo sobre a súa porta. O seu significado no Pasatempo parece estar vinculado novamente a esa idea de globalidade que víamos en puntos como *La paz por el arbitraje*, mais tamén conta cun importante significado pedagóxico que de seguro faría as delicias dos alumnos que visitasen a finca da man dos seus profesores.

Rematado este muro e antes de pasar ao seguinte, veremos novamente dúas representacións de transportes relacionados cas innovacións e o progreso da época. O primeiro é unha estación de funicular que aproveita o lateral dunha escaleira para reproducir todo o traxecto, dende a Estación de Funicular ata o cumio da montaña que aparece representado cun saínte na propia parede. Ao seu lado, o Buzo, un home na procura dun tesouro empregando o traxe de buzo que se tiña inventado pouco tempo antes e que nos



Fig. 28.- Águias bicéfalas ao redor dun dos relevos de Martín Fierro e da Pirámide de Maio.
Arquivo AAVV.

permitía abordar novos horizontes, como tiñamos visto nas obras de Julio Verne publicadas tamén nesta época. Dúas novas maneiras de avanzar no noso camiño e de procurar os grandes tesouros cos que nos tentaba don Juan, tanto no fondo do mar como no alto dunha montaña. A carga pedagóxica destas imaxes estará presente tamén nos libros de texto que empreguen nas escolas fundadas polos irmáns, xa que o buzo remite exactamente á imaxe que publica Dalmau no seu *Lecciones de cosas* (Fuentes, 2014: 144).

Muro dos Azulexos

Esta é unha das zonas máis complexas de comprender en todo o parque xa que é a que nos permite recibir unha serie de leccións necesarias para poder afrontar a nosa evolución dentro da orde. Empregando azulexos, un material que xa existía pero que o seu uso era novidoso na Galicia de comezos do século XX, aparecen catro conxuntos formando diferentes imaxes, coroados por dúas grandes estatuas tamén cargadas de simbolismo e relacionadas cos valores que veremos a continuación: a Estatua da Liberdade e a Estatua da República, novamente portando símbolos xa vistos nos escudos americanos. Este lugar está ideado como unha representación da conduta masónica que consiste en instruír en todo que sexa fomentar o amor á patria, purificar as boas costumes, educar e dirixir o espírito para o interese público e potenciar as virtudes e os ideais das persoas en contra da ignorancia e a superstición. Para a súa evolución é necesario obter uns valores esotéricos nos que instruír aos compañeiros, motivo polo cal, tras ter traballado en si mesmos, faise necesaria unha apertura aos valores dos mundo que os arrodea. Aproveita entón este tipo de decoración para pór de manifesto as catro virtudes masónicas que aparecen representadas no alto do muro:



Fig. 29.- Detalle dunha das imaxes simbólicas do Muro dos Azulexos. Arquivo AAPP.

- A legalidade fai referencia á aceptación por parte da loxa de todo o ordenamento xurídico que emana da vontade do pobo, estando prohibido o posicionamento na súa contra. O obxecto que se emprega para isto é o da rosa, que simboliza a iniciación nos misterios da masonería e a rexeneración. Aparece representada en varios cores, incluso no morado que é a único cor prohibida nunha loxa, sendo tamén un tributo aos templarios e aos rosacruces, ordes segredas intimamente relacionadas ca masonería.

- A fraternidade trata de explicar a importancia para a masonería de vincular ás persoas dentro da sociedade, dándolle especial importancia ás relacións cos demais. Por este motivo é unha obriga dos iniciados practicar a irmandade e a solidariedade, concepto este último que estaría formado pola unión da liberdade, a igualdade e a fraternidade.

- A liberdade, un dos valores máis elevados ao que pode optar unha sociedade, aparece representado desta volta ca rexeneración das plantas e as aves nunha ribeira.

- A patria para os masóns implica unha orde que substitúe ao egoísmo humano. No Parque do Pasatempo aparece representado pola acacia, un dos símbolos máis recoñecibles da masonería que indica a iniciación e o coñecemento dos segredos dos mestres masóns. Neste rito, a aquel irmán ao que se lle pregunte se é mestre, sempre terá que responder que coñece os segredos da acacia.

Aquí estaría a última parada deste primeiro capítulo da viaxe iniciática, tendo que agardar neste lugar o masón encargado de recibir a palabra de pase que lle abriría ao aprendiz un novo camiño no grao de compañeiro. Neste caso, a palabra de pase estará vinculada cas representacións destes últimos azulexos, ca espiga que renace ao pé dun caudal de auga.

Muro das Relixións

Para rematar, e aproveitando o lateral doutra escaleira, aparece o Muro das Relixións, unha especie de diagrama de barras no que aparecen representadas as crenzas do momento con cadanseu rótulo onde podíamos ler o nome e os millóns de seguidores que tiña cada unha. A figura para representala podía ser a da xerarquía eclesiástica, a do practicante de cada culto ou a representación de cada deus. Seguindo co afán didáctico de todo o xardín, este podería ser tamén unha mensaxe de tolerancia para os turistas e os estudantes que se achegaban ao Pasatempo pero non queda exento doutro tipo de simbolismo, xa que poderá



Fig. 30.- Muro dos Azulexos entre as Estatuas da Liberdade e da República. Arquivo AAPP.

axudar ao compañeiro masón a comprender o verdadeiro significado das relixións e a procurar a palabra perdida en cada unha delas. Non hai que esquecer que unha das condicións para poder ser iniciado na masonaría é a da necesidade de crer nun ser superior, o que eles posteriormente chamarán Gran Arquitecto do Universo.

6.2.3.- NIVEL DO COMPAÑEIRO

Ao progresar nesta particular visita iniciática teremos que ascender novamente de nivel, chegando ao que garda relación cas ensinanzas do compañeiro masón. O compañeiro, a diferenza do aprendiz, xa ten máis coñecementos e polo tanto precisa de menos ferramentas para poder continuar co seu traballo de desbastar a pedra en bruto e avanzar na súa viaxe persoal, por esta razón cambia totalmente a decoración do Pasatempo, reducíndose notablemente a carga decorativa. A súa iniciación masónica evoca os viaxes dos compañeiros que peregrinaban para adquirir novos coñecementos. Este grao ten por obxectivo a procura do saber e o descubrimento do mundo, por onde terá que camiñar con firmeza, prudencia e valor para ir achegándose cada vez máis á luz. O simbolismo principal deste grao masónico é a viaxe e a revelación do lugar de onde parte a luz verdadeira que ilumina aos que traballan baixo a man do mestre. Polo tanto, o novo grao de compañeiro que se nos presenta ten unha vital relación cas viaxes, como ese tránsito dende as tebras ata a luz da verdadeira ciencia que darán acceso posterior a impartir os coñecementos sobre a superficie da terra. Simbolizan tamén as viaxes dos artesáns que construíron a Torre de Babel. E aínda que poida parecer un reforzo cultural, as viaxes masónicas están relacionadas cos traballos, os esforzos e as privacións que só poderán ser superados con vontade e perseveranza. A iniciación do nivel do compañeiro “evoca simbólicamente el



Fig. 31.- Detalle do Muro das Relixións. Arquivo AAPP.

viaje de la tradición de los compañeros, una larga peregrinación en la que el nuevo obrero se ponía en camino para adquirir aquí y allá nuevos conocimientos. Es el grado de la búsqueda del saber y del descubrimiento del mundo” (Ferrer, 1996b: 62). Para poder pasar da regra á escuadra ou da perpendicular ao nivel, que son os cambios que significa ascender ao segundo nivel, o aprendiz terá que realizar cinco viaxes²⁰ simbólicas (García; Terrones, 2018: 14) (Martínez, 2009: 92-93) que estarán ocultas neste nivel do Pasatempo, especialmente no chamado Muro das Viaxes, principal protagonista desta terraza, pero no que atoparemos dous conxuntos escultóricos máis:

Estanque de Salomón e Sentencia de Jesús

A imaxe, hoxe en ruínas, da Sentencia de Jesús remítenos a un dos gravados de Rembrandt, no que aparece retratado o momento no que o pobo de Xerusalén decide sentenciar a Jesús. Sobre un pequeno balcón aparecerá unha escena cargada de teatralidade e protagonizada por nove figuras humanas, con Xesucristo no centro, entre soldados romanos, Poncio Pilatos, xudeus, etc. Ao igual que na imaxe bíblica, a posición deste escenario ten unha visión privilexiada sobre o pobo de Betanzos, o que parece representar unha nova mensaxe cargada de ética e de relixiosidade por parte de Juan García Naveira a todos os veciños e turistas que visitasen o lugar, recordándolles a todos os que alí entrasen -a situación deste balcón facíao visible dende practicamente a totalidade do xardín- que chegado o momento decidiron sentenciar a un Xesucristo inocente para liberar ao ladrón de Barrabás.

Aos pés do balcón atoparemos o bautizado como Estanque de Salomón, o lugar do que nace a auga para toda a parte alta do Pasatempo, e que tamén seguindo o modelo de Xerusalén -que toma a auga de tres estanques que a abastecían- encherá este estanque a



Fig. 32.- Estanque de Salomón e Sentencia de Jesús. Arquivo AAPP.

través de tres fontes, das que unha delas contará ca decoración dunha ninfa ataviada ca faciana dunha das fillas de Juan García Naveira.

O feito de mencionar a Salomón neste lugar fai referencia ao seu templo, símbolo que na masonaría empregan para falar da construción individual que supón todo este proceso. Para iso retomaremos a lenda deste episodio:

Según describe la leyenda masónica, el rey Salomón había confiado a un arquitecto llamado Hiram²¹, de origen tirio, la dirección de las canteras para la construcción del Templo de Jerusalén. Este arquitecto fenicio estableció, a tal propósito, una escala jerárquica entre los constructores que tenía a sus órdenes dividiéndolos en aprendices, compañeros y maestros. Una palabra misteriosa permitía a los maestros reconocerse entre sí y distinguirse de los demás. Un día, cuando Hiram inspeccionaba a solas el estado de los trabajos, tres compañeros criminales le tendieron una emboscada para tratar de arrancarle aquella palabra y, ante su negativa, lo asesinaron. El primero le golpeó con su regla, el segundo con su escuadra y el tercero lo derribó de un mazazo en plena frente. Los masones fieles, al cabo de una búsqueda dolorosa, descubrieron el cadáver en un otero del que brotaba una rama de acacia. La leyenda termina con la resurrección del cadáver de Hiram, gracias a la realización de ciertos gestos rituales. (...) Los criminales de la leyenda representaban la ignorancia, el fanatismo y la ambición, contra los cuales debían luchar los buenos hermanos. Su lectura positiva indicaba, por tanto, que la instrucción, la tolerancia y el perfeccionamiento moral debían ser los pilares fundamentales del Templo de Salomón. El edificio social universal a construir, simbolizado por dicho Templo, exigía la muerte del hombre viejo y un renacer de un hombre nuevo desprendido de las corruptelas y vicios propios de la sociedad exterior (Álvarez, 1996: 62-63).




Fig. 33.- Loty. Sentencia de Jesús. AHP Lugo.



Fig. 34.- Loty. Árbol del Capital. AHP Lugo.

Árbol Genealógica del Capital

O seguinte conxunto desta terraza está conformado polo Árbol genealógico del capital que parece representar unicamente a interrelación de funcións que precisamos para acadar a fortuna. Mais hai que saber que aspectos como o Traballo, Aforro, Constancia e demais, terán a súa correspondencia cas ferramentas masónicas, é dicir, cos símbolos que agora a masonería emprega nas loxas para perfeccionar ao individuo, pero que os antigos masóns empregaban no seu traballo diario do gremio dos construtores. Deste modo, a plumada simbolizará a Rectitud ou o mazo a Voluntad, valores que poderán cambiar ao conxugarse con outros. Ademais, hai dous detalles que moitas veces se pasan por alto. Esta árbore xenealóxica está no alto dunha escaleira, recordándonos en todo momento a posibilidade de desfacer o noso camiño e retornar cara a escuridade da que vimos se non cumprimos con todos os preceptos que teríamos que ir asimilando e que o indiano nos vai ensinando. E sobre esta decoración, coroando o arco no que se simboliza a árbore, aparece unha copia da escultura do italiano Antonio Canova, Amore e Psique (ou Psique reanimada polo bico do amor), onde novamente a tradición clásica servirá como modelo de conduta para indicarnos que non debemos centrar os nosos esforzos unicamente na obtención de capital seguindo os consellos que aparecen na árbore, senón que sobre todo iso premiarán o Eros e a Psique, o corazón e a alma. A riqueza sen un uso sabio dela e sen amor aos demais non tería sentido, como ben demostra a propia biografía de Juan García Naveira.



Fig. 35.- Muro das viaxes dividido polo tronco de cedro libanés. Arquivo AAPP.

Muro das Viaxes

Aquí aparecerán representadas as cinco viaxes do grao de compañeiro, repartidas en catro grandes murais. De esquerda a dereita atoparemos os relevos da Canle de Panamá - colocado do revés se tomamos de referencia a visión eurocéntrica do planeta, co norte cara o sur-, a Mesquita de Mohamed Alí do Cairo, a Pirámide de Keops e a Gran Muralla chinesa. Todas elas son grandes obras de enxeñaría e están acompañadas por detalles que falan da personalidade do maior dos Naveira. Por exemplo, sabemos da súa predilección polas novidades tecnolóxicas que vai amosando polo seu parque, pois aquí novamente atoparemos aparellos novidosos dese momento, como é o primeiro aeroplano que veremos voar polos ceos de Betanzos. Ao pé da pirámide poderemos ver unha representación da mesma postal que eles -Juan García Naveira ca súa esposa, María Iribarne Lascort, e a súa filla, Joaquina García Iribarne- envían dende a súa visita a Exipto en 1910. Ao igual que na Gruta da Recoleta e na propia despedida, o indiano fai unha especie de autoretrato, lembrándolle aos visitantes que se trata da súa horta particular.

Mais neste relevo semella que só existen catro viaxes, tendo que realizar cinco o compañeiro masón para poder continuar co seu particular progreso. Para iso temos que prestar atención a dúas das formas que dividen os catro relevos das viaxes. Hai unha división meramente decorativa, a realizada con filas de botellas de anís; e unha segunda que divide de xeito vertical as catro imaxes. Trátase dunha separación feita por árbores, neste caso é unha réplica feita con troncos de cedro libanés, o material co que se construíu outras das grandes obras de enxeñaría que se nos retratan na Biblia: a do Templo de Salomón (Ferrer, 1996b: 63), volvendo novamente a unha figura destacada no contexto masónico como símbolo do templo que cadaquén debe levantar traballando a súa propia pedra bruta.

A saída desta terraza pode facerse tamén por dous camiños diferenciados que dan acceso a unha nova cova. Desta volta xa non son lugares angostos e estreitos, contarán con máis amplitude pero tamén con máis recantos e máis saídas polas que perderse. Serán covas máis altas que as dos niveis inferiores e permitirán que vexamos en todo o momento a parte máis baixa do parque e a luz que perseguimos na zona máis alta, recordándonos que estamos nun camiño intermedio do noso progreso no que é tan posible seguir avanzando como perder todo o que temos conseguido. Se logramos adiviñar o camiño correcto, chegaremos ao nivel relativo ao mestre masón. Para iso hai autores que mencionan a escaleira de caracol que dará acceso a este derradeiro nivel da masonaría simbólica e que tamén atoparemos para ascender dende esta gruta ao seguinte chanzo do Pasatempo.

6.2.4.- NIVEL DO MESTRE

Nesta terraza chegaremos ao noso obxectivo, a un lugar iluminado pola luz que, a modo de miradoiro panorámico, permite ver como sae o sol a diario por detrás da cidade de Betanzos, como os primeiros raios de luz iluminan esta zona e como sobre nós estará a chamada bóveda celeste, a expresión simbólica empregada para referirse a todo o que atoparemos baixo o firmamento mais tamén a todo o situado baixo o teito do templo (Valín, 1996: 26). Chegamos ao Oriente que se nos anunciaba ao principio tras escalar os tres chanzos que separan do chan á cátedra do Rei Salomón, do lugar preeminente do Venerábel Mestre, encargado de guiar a luz e o camiño dos aprendices e compañeiros (Martínez, 2009: 146) ata chegar a un dos símbolos que na arte sempre empregan para representar a Salomón: o león, que vivía o seu trono e é a imaxe da Luz e do Sol á que chegamos. Esa cátedra do V. Mestre estará representada no Parque do Pasatempo pola escultura do:

León Colosal

Este león de varios metros de altura, pode que inspirado nos cadros de J.L. Gérôme, aparecerá hierático, representando non só á luz do sol, senón tamén a xerarquía, a vitoria, a forza, o valor e a orde universal (Martín, 2010: 381), aínda que o propio autor tamén o relaciona ca simboloxía rosacruciana e a súa imaxe do Mons Philosophorum do século XVII. Son moitas as lendas que falan sobre esta figura, dicíndose que foi un reto de Juan García Naveira para todos aqueles veciños que non se atrevían a entrar nas covas feitas artificialmente cun material que moitos descoñecían. Tamén se conta que foi destruído por parte dun grupo de monxas que non toleraban a visión dos seus atributos, sendo reconstruído na rehabilitación modificando o seu aspecto orixinal e a súa localización exacta.

Todo o rito relativo ao grao de mestre xiraba en torno á lenda xa mencionada da morte e resurrección de Hiram, pero neste caso vinculado a cuestións astrolóxicas, máis en concreto á relación ca posición do sol respecto á terra. Os tres golpes²² recibidos por Hiram tiveron lugar en cada unha das portas do Templo de Salomón -no sur, no oriente e no occidente- polas que trataba de fuxir, facendo o mesmo movemento que realiza o sol na súa marcha anual. Como indica o Ritual do Mestre Masón (Ruíz; Ruíz, s.f.), “el sol, con Hiram, muere aparentemente para mostrarse luego con nuevo vigor” de aí a posición do León Colosal, vivíante, agardando por ese regreso da luz vitoriosa que aparece cada mañá no ceo brigantino, porque quen conseguirá facer resucitar a Hiram, tamén no Pasatempo, será unicamente o león de Judá

O feito de ser esta terraza a representativa do grao de mestre masón aparece reflectido tamén no seguinte obxecto decorativo -como xa indicamos, co avance do noso paseo polo



Fig. 36.- Loty. Terraza do mestre, co León Colossal, o pozo e o miradoiro. AHP Lugo.

Pasatempo irán descendendo as referencias artísticas á par que van medrando os nosos coñecementos-:

Miradoiro chinés

Nas loxas masónicas existirá un salón para a reunión exclusiva dos mestres. Denomínase Cámara do Medio (Álvarez, 1996: 18) e no Parque do Pasatempo isto aparecerá simbolizado nun miradoiro de estilo oriental na súa orixe que contará cunha planta octogonal. Este lugar dentro sería o organismo superior dunha loxa tanto a nivel formativo como docente ou administrativo, o consello dos mestres, e faise honrando ao lugar no que se reunían os xefes dos diferentes oficios que traballaron na construción do Templo de Salomón. O feito de ter a planta octogonal non é baladí, xa que é un polígono formado pola unión dos extremos de dúas cruces dentro dunha circunferencia, estratexia empregada en construción para apoiar as cúpulas hemisféricas dos templos. Sobre unha base cadrada que simbolizaría á terra, levantamos o ceo aquí representado para que o compañeiro que acade a máxima distinción poida subir os quince chanzos e recibir deste xeito a mestría.

Aos seus pés, entre este miradoiro e o León Colossal, existe un burato no chan que permite ao turista asomarse para contemplar, unha vez que está na parte máis alta do Pasatempo, a parte máis baixa do parque, a da escuridade total. Podería ser esta unha solución á teoría que propón José Crespí (2006: 488), quen considera que o Pasatempo, de contar con simbolismo masónico, estaría incompleto por non contar cun pozo similar ao que podemos atopar na Quinta da Regaleira. No caso betanceiro, sería tamén un punto para recordarlle aos mestres masóns o seu deber de baixar a buscar aos novos eslabóns da cadea que precisan axuda e consello para percorrer o seu camiño ata a luz.



Fig. 37.- Columna quebrada ao comezo da Despedida de don Juan. Arquivo AAPP.

Pedras sen forma

Detrás do León Colosal aparecerán unhas grandes rochas sen forma -hai autores que defenden a teoría de que se trata dunha réplica da Montaña de Monsterrat- pero semella non ser máis que un novo xogo proposto por Juan García Naveira. Tras realizar todo o camiño iniciático, dende o estado profano ata o nivel de mestre, agora preséntalle ao visitante deste País de Oriente unha gran pedra bruta, sen traballar, a diferenza de todo o que vemos nas diferentes terrazas do Pasatempo. E aquí comezaría unha nova historia na que o turista

tería que interiorizar este símbolo e comezar a súa propia progresión.

Mais non será no Parque do Pasatempo, que xa remata aquí. Simplemente teremos que achegarnos á derradeira terraza para recibir unha nova mensaxe ca que emprender a nova traxectoria que propón o indiano betanceiro.

6.2.5.- DESPEDIDA DE DON JUAN

O simbolismo desas pedras brutas que tratan de ensombrecer ao León Colosal cobran unha especial importancia nesta terraza agochada na parte traseira do Parque do Pasatempo. Para chegar a ela teremos que descender novamente ás covas que se ocultan baixo a terraza do grao de mestre e dende alí, enfiar o camiño ata esta parte final, salvando deste xeito un antigo camiño veciñal.

Despedida de don Juan

A denominación ca que se coñece este lugar pode vir dada polo único símbolo que identificaremos aquí cas correntes masónicas: a das columnas quebradas, abatidas. Isto representa dentro da orde masónica unha mensaxe moi clara: a da despedida, do pasamento ao Oriente Eterno ou do peche definitivo dunha loxa (Valín, 1996: 25). En contraposición ao levantamento das columnas, ao igual que no Templo de Salomón, das que se fala ca creación dunha nova loxa; a representación destas nun estado de derrubamento ou simplemente seccionadas fai referencia ao final do camiño.

Neste caso, as columnas recibirán ao visitante nada máis chegue á terraza, deixando moi clara a intencionalidade. Se camiñamos uns metros máis atoparemos outro conxunto decorativo ao redor da derradeira escaleira que veremos no Pasatempo. Tres figuras tratan de amosar as referencias sobre as que se baseou Juan García Naveira para levantar toda a súa obra filantrópica, ou o que é o mesmo, estas foron as ferramentas cas que o indiano tratou de desbastar a súa pedra interior:

- A **xustiza**, representada por unha muller cos ollos vendados, unha espada e unha balanza nas súas mans.
- A **caridade**, amosada neste caso a través da figura dunha das monxas das súas institucións benéficas sostendo a un neno ao que lle faltaría unha perna.
- A **familia**, valor que Juan García Naveira representou cunha escultura da súa persoa, xa anciana, xogando co seu neto en brazos.



Fig. 38.- Restos das estatuas da Despedida de don Juan. Arquivo AAPP.



Fig. 39.- Loty. Estatuas da Despedida de don Juan. AHP Lugo.

Ata aquí chegaran os visitantes do Pasatempo, cargando ca pedra bruta que lles acaba de ofrecer o filántropo na terraza anterior. Atrás quedan todas as obras feitas en vida por Juan García Naveira, as súas ensinanzas dos valores de xustiza, familia e caridade, e todo o ensinado cas leccións do seu xardín no que nos falou de progreso, cultura, respecto ou tolerancia. Será neste momento, con todo o aprendido, cando encaremos os derradeiros chanzos da horta de don Juan, subindo pola escaleira na única traxectoria que permite e que só se dividirá cando cheguemos aos pés da súa estatua, a da familia. Alí xoga co seu neto e, ao contrario que nas ocasións anteriores no que sempre atopábamos dúas opcións para ascender de nivel, aquí só teremos que subir ata os seus pés e unha vez alí, xunto a el, decidir –con todo o que fomos coñecendo e aprendendo– o camiño polo que queremos continuar ca nosa vida entre as novas escaleiras que se abren a un lado e a outro.

A chama do coñecemento está prendida, os turistas foron iluminados con esa luz que enche todo o País de Oriente e Juan García Naveira conseguiu mellor que ninguén facer reflectir toda a súa traxectoria e o seu progreso na sociedade e na vida. Cumpría así cunha das máximas masónicas de perfeccionar ao individuo para que isto revertese nunha mellora da sociedade.

Chegado a este punto, continuar co seu legado está na nosa man.

7.- COLOFÓN

Chegado a este punto gustaríame compartir cos lectores unha pequena conclusión persoal:

Aínda que a día de hoxe hai moitos investigadores tratando de adentrarse no pasado da masonaría, mesmo creando un corpus científico que permita abordar o tema con certas garantías, para un profano sen experiencia nestas artes -como é o meu caso- non sempre é sinxelo comprender o simbolismo tan cambiante da orde.

As fontes documentais das que se dispoñen requiren ser interpretadas dende un sentido crítico que permita discernir entre os aspectos máis académicos e outros máis literarios, estando estes divididos por unha liña demasiado fina na maior parte dos casos. Ademais, para comprender o simbolismo do Parque do Pasatempo, non podemos caer no erro habitual de afrontar o pasado dende os ollos do presente, sendo necesario coñecer como funcionaba a masonaría a finais do século XIX e principios do XX, que finalidade tiña e que funcións tiñan os homes que se introducían nela.

Xustifico así este traballo ao que cheguei case por casualidade e que me deparou novas formas de interpretar o pasado. Formas que como verá o lector máis ávido, non son as que habitualmente manexo, razón pola que agardo que moitos de vós indagueades con máis razón e coñecemento -e ca mesma paixón- un tema do que me gustaría seguir debatindo no futuro, porque o Parque do Pasatempo segue sendo un lugar cheo de vida, en constante movemento, onde toda a nosa traxectoria investigadora estará marcada polas palabras que don Juan colocou no seu Estanque dos Papas: “Es fácil criticar, difícil ejecutar”.

NOTAS

1- Quen queira ampliar a información relativa ás biografías dos irmáns García Naveira ten materiais de sobra tanto en publicacións anteriores do Anuario Brigantino como na revista Casa dos Espellos, editada pola Asociación de Amigos do Parque do Pasatempo. A escasa bibliografía que estude con rigurosidade as figuras dos Naveira complementase ca obra *O capricho dun indiano* (Cabano; Pato; Sousa, 1998) e mesmo o libro *Lucha y generosidad de los García Naveira* (Rodríguez, 1983).

2- *La voz de Galicia*, 10 de marzo de 1933, p.1.

3- Teño que agradecer ao amigo Alberto Valín Fernández as pesquisas que tivo feito ata o momento sen

atopar, nin en España nin na Arxentina -por medio da arquiteira encargada da documentación masónica de Buenos Aires- ningún tipo de referencia que ligase aos irmáns García Naveira con este tipo de sociedades.

4- Compre botar un vistazo á obra *Memorias de un viaje improvisado* (Borondo, 1900), no que o betanceiro Rogelio Borondo viaxa por media Europa cos irmáns García Naveira e na que amosa unha fascinación continuada polos novos trazos urbanísticos das grandes cidades europeas, as alamedas, as rúas comerciais e os escaparates que rachaban cas correntes arquitectónicas e urbanísticas anteriores.

5- Outro enigma relacionado con esta casuística é o da construción do propio Parque do Pasatempo. Sabemos que Juan García Naveira comezou na derradeira década do século XIX a adquirir terreo na xunqueira do Carregal para darlle forma ao seu xardín. Pero descoñecemos a existencia duns plans previos, incluso dunha vontade persoal para levantar unha obra de tal magnitude, ao non existir documentos sobre a súa construción. Sabemos, sen embargo, que Murias foi o seu xefe de obra, aínda que tampouco o poderemos ligar á masonaría nin saberemos se este impuxo a súa visión na decoración do Pasatempo. O que si podemos descartar é a afirmación de que Águeda García Iribarne era a que deseñaba moitas das pezas do Pasatempo, como así amosan os recentes estudos de Daniel Lucas Teijeiro Mosquera (2018, 2019).

6- Carlos Pereira Martínez tamén vincula á figura de Marcelino Vilaboy ca Estrella del Noroeste, no seu artigo *A masonaría de estirpe galaica en Arxentina: unha primeira contribución*, publicado o 4 de xuño do 2015 no *Terra e Tempo: dixital galego de pensamento nacionalista*. Dispoñible en liña: <http://www.terraetempo.gal/print.php?artigo=3867> [Consultado o 13 de xaneiro do 2020]

7- Destacar tamén o documento “Causa número 155/1937 instruída por el supuesto delito de masonaría” onde aparecen os listados de acusados, as súas fichas persoais (con datos persoais de filiación, antecedentes masónicos, a filiación política e os informes que se tiñan feito sobre eles)

8- Ramón Beade nace en 1900 e a súa participación política comeza a axitarse a finais dos anos vinte, o que fai improbable a amizade cos García Naveira, agás nos derradeiros anos de vida de Juan García Naveira. Ficha de Ramón Beade Méndez na Fundación Pablo Iglesias: https://www.fpabloiglesias.es/archivo-y-biblioteca/diccionario-biografico/biografias/2688_beademendezramon [Consultado o 3 de xaneiro do 2020].

9- Adolfo Vázquez Gómez faleceu en Montevideo en 1950 e tivo que ser o seu sobriño-neto, Leopoldo Calvo Sotelo, quen recuperara a súa biografía do esquecemento tras atopar, de maneira fortuíta, un libro deste familiar ao que non coñecía nunha librería de vello da capital arxentina: Calvo Sotelo, Leopoldo (2003). *Pláticas de familia*. La Esfera, Madrid.

10- El eco de Galicia: diario católico, nº1334, 29 de decembro de 1910, p.1. O momento álxido foi o debate celebrado dentro da xunta xeral da sociedade Liceo Recreativo, onde os señores Cancela, Cortiñas e Sánchez Valeiro amosaron a súa oposición a participar da subscripción popular para agasallar aos irmáns as insignias da cruz de Beneficencia.

11- Recomendo encarecidamente a lectura sosegada do traballo realizado polo meu colega Daniel Lucas Teijeiro, por rescatar dos catálogos franceses das empresas de fundición unha boa parte das pezas que atopamos hoxe en día camiñando pola horta de don Juan.

12- La semana brigantina: periódico independiente, defensor del pueblo, nº1, 16 de marzo de 1930, p.2. 13- Empregaremos neste traballo os nomes a cada unha das partes do parque ca denominación que aparecen no libro *El Pasatiempo: O capricho dun indiano* (Cabano, Pato, Sousa, 1998) e no blogue da Asociación de Amigos do Parque do Pasatempo por ser estas as obras de referencia nas que se detallan, peza por peza, as principais características da horta de don Juan.

14- La voz de Galicia, 16 de agosto de 1968, p.22.

15- Arquivo Municipal de Betanzos. Acta da sesión ordinaria celebrada polo pleno do Excmo. Concello o 20 de outubro de 1950, caixa 3104, p.142.

16- La defensa: órgano de las asociaciones de agricultores, nº65, 27 de outubro de 1907, p.4.

17- Sobre os diferentes debates acerca da participación ou non das figuras políticas na masonaría americana, así como da fina liña que dividía a vinculación política nestes movementos revolucionarios da pertenza ás loxas americanas, recomendo traballos como os asinados polo gran historiador da masonaría José Antonio Ferrer Benimeli, os de Morivalde Calvet Fagundes, Miguel Ángel Hernández González ou estudos máis xenéricos como os de Felipe Santiago del Solar.

18- Para unha explicación máis detallada deste rito, véxase *Morir antes de morir*. Ritos de iniciación y experiencias místicas en la historia de la cultura (Alvarado; Hernández, 2019).

19- La voz de Galicia, 30 de agosto de 1910, p.1.

20- Para unha explicación mística de cada un dos viaxes co que iso supón para o iniciado aparece recollida con mestría na páxina correspondente do Museo Virtual da Masonaría: <https://www2.uned.es/>

dpto-hdi/museovirtualhistoriamasoneria/18formacion_en_logia/grado%20de%20companero.htm [Consultado o 29 de xaneiro do 2020].

21- Na opinión de Valín Fernández (1996: 33): “La masonería siempre ha remontado sus orígenes a los bíblicos tiempos de la construcción del templo por el rey Salomón, tomando equivocadamente, al broncista Hiram (...) por el maestro de obras de la sacra construcción. Así el Templo de Salomón es, para el masón, el ideal más elevado al que tiende la humanidad (siguiendo en esto la teoría liberal del progreso indefinido) por medio del progreso, la educación y la fraternidad universal”

22- Ferrer Benimeli (1996b: 64) explica que “muere para los aspectos material, psíquico y mental del hombre antiguo, y renace a una vida nueva y en cierto sentido espiritualizada. El sentimiento que anima esta iniciación es la voluntad de convertirse en un hombre nuevo para ayudar a construir mejor

BIBLIOGRAFÍA

- ALVARADO PLANAS, Javier; HERNÁNDEZ DE LA FUENTE, David (2019). *Morir antes de morir. Ritos de iniciación y experiencias místicas en la historia de la cultura*. Ed. Dykinson, Madrid.
- ÁLVAREZ LÁZARO, Pedro (1996). *La masonería, escuela de formación del ciudadano: La educación interna de los masones españoles en el último tercio del siglo XIX*. Universidad Pontificia de Comillas, Colección de Investigación sobre Liberalismo, Krausismo y Masonería, Madrid.
- ALVES DÍAS, João José (1987). “Estrutura social das últimas lojas do G.O.L.U. em Espanha (1892)”. En FERRER BENIMELI, José Antonio (coord.) *La masonería en la España del siglo XIX – Actas del Symposium de Metodología Aplicada a la Historia de la masonería Española*, vol.2, Salamanca, pp.683-703.
- ARCAY BARRAL, Ángel (2019). “Laboratorio de formas: o Parque do Pasatempo no arquivo persoal de Isaac Díaz Pardo”. *Casa dos Espellos*, nº2, pp.132-151-
- ARCAY BARRAL, Ángel; TEJEIRO MOSQUERA, Daniel Lucas. (2019) “Fontes documentais arredor dos García Naveira (II): A chegada da estrada ao Parque do Pasatempo”. *Casa dos Espellos*, nº2, pp.152-181.
- (2018) “Fontes documentais arredor dos García Naveira: Obras públicas do Parque do Pasatempo no Arquivo Municipal de Betanzos”. En *Casa dos Espellos*, nº1, pp. 84-99.
- BORONDO, Rogelio (1900). *Memorias de un viaje improvisado*. Imprenta de Sucesores de Castañeira, Betanzos.
- BOURDON FERNÁNDEZ, Fanny (2020), “El panorama de las exposiciones universales”. *Casa dos Espellos*, nº3, pp. 45-55.
- CABANO VÁZQUEZ, Ignacio; PATO IGLESIAS, Mª Luz; SOUSA JIMÉNEZ, Xosé (1998). *El Pasatiempo: o capricho dun indiano*. Edicións do Castro, Sada, 3ª edición.
- CAMINO PLAZA, Laura (2019). “Estatua de Mercurio do Parque do Pasatempo: unha postal de Pedro Ferrer”. *Casa dos Espellos*, nº2, pp.16-23.
- CORTIÑAS, L.A. (1962). “Dos grandes hombres para la historia de Betanzos”. En *Revista del Centro Betanzos en Buenos Aires*, nº 58, Centro Betanzos, pp. 49-51.
- CRESPÍ RODRÍGUEZ, J. (2006). “Revalorización del Parque histórico de El Pasatiempo: Investigación, gestión e intervención”. En *Anuario Brigantino*, nº29, pp.439-490.
- CRUZ OROZCO, José Ignacio (2017). “Masonería y educación en la España contemporánea. Entre la tolerancia y el dogmatismo”. *REHMLAC+*, vol.9, nº1, pp.105-114.
- DARRIGRAN ALGABA, Gabriel (2017). “La Gran Logia Bonaerense y su preocupación por la educación: una de las fuentes del rito nacional español”. *REHMLAC+*, vol. 9, nº1, pp.28-55.
- DAZA, Juan Carlos (2009). *Diccionario Akal de la Francmasonería*, Madrid. Ed. Akal.
- DE LA FUENTE GARCÍA, Santiago (1999). “Los Hermanos García Naveira y sus fundaciones”. *Anuario Brigantino*, nº22, pp.395-434.
- ENRÍQUEZ DEL ÁRBOL, Eduardo (1995). “La primera guerra mundial y la masonería española: El Gran Oriente Español en pro de la paz”. En FERRER BENIMELI, José Antonio (coord.) *La masonería española entre Europa y América. Actas del VI Symposium Internacional de Historia de la masonería Española*, Departamento de Educación, Cultura y Deporte del Gobierno de Aragón, pp.245-267.
- FERRER BENIMELI, José Antonio (1996a). “¿Qué es la masonería?”. En VALÍN FERNÁNDEZ, A.; DÍAZ MARTÍNEZ, C. (coords.) *Masonería universal. Una forma de sociabilidad. Familia gallega (1814-1996)*. Fundación Ara Solis, A Coruña, pp.35-54.

- (1996b). "Ritos y grados en la masonaría". En VALÍN FERNÁNDEZ, A.; DÍAZ MARTÍNEZ, C. (coords.) *Masonería universal. Una forma de sociabilidad. Familia gallega (1814-1996)*. Fundación Ara Solis, A Coruña, pp.55-66.
- (1996c). "Evolución histórica de la masonaría española". En VALÍN FERNÁNDEZ, A.; DÍAZ MARTÍNEZ, C. (coords.) *Masonería universal. Una forma de sociabilidad. Familia gallega (1814-1996)*. Fundación Ara Solis, A Coruña, pp.67-102.
- FERRER VENTOSA, Roger (2019). "Una pedagogía por símbolos e imáxenes simbólicas". *REHMLAC: Revista de Estudos Históricos de la masonaría Latinoamericana y Caribeña*, vol. 10, nº2, pp. 259-272.
- FRAGA PÉREZ, Sara (2019). "O Parque do Pasatempo: conservar 1/7 do legado". *Quórum: Revista de Artes, Letras, Ciencias Sociais e Xurídicas*, nº2, pp. 81-102.
- FUENTES ABELEDO, Eduardo (2014). "Reflexiones en torno a la acción educativa de los Hermanos García Naveira en Betanzos". *Anuario Brigantino*, nº37, pp.137-160.
- GARCÍA GONZÁLEZ, Alfonso León; TERRONES BENÍTEZ, Adolfo (2018). *Los 21 temas del compañero masón*. Berberda Editores, México.
- MARTÍN LÓPEZ, David (2012). "Consideraciones estéticas en la restauración del patrimonio masónico: análisis histórico y perspectivas de futuro". *E-rph: Revista electrónica de patrimonio histórico*, nº11, pp.3-26.
- (2010). *Estética masónica, arquitectura y urbanismo, siglos XVIII-XX*, Tese de doutoramento da Universidade de Granada.
- (2009). "Arte y masonería: consideraciones metodológicas para su estudio". *REHMLAC: Revista de Estudos Históricos de la masonaría Latinoamericana y Caribeña*, vol.1, nº2, pp.17-36.
- MARTÍNEZ FERRANDO, Daniel (1922). *A través de Galicia: ciudades y paisajes*. Ed. Cervantes, Barcelona.
- MARTÍNEZ OTERO, Luís Miguel (2009). *La masonaría: Historia, símbolos y misterios*. Books4pocket, Barcelona.
- MERA COSTAS, Pilar (2014). "Perseguidos en el limbo. La primera represión de la masonería gallega (1936-1939)". *Historia Actual Online*, nº33, pp.93-105.
- MUÑOZ ECHEVERRÍA, Mª Elena; OCAÑA VÁZQUEZ, Mª Jesús (1990). "Aproximación a la iconografía y simbología masónica". FERRER BENIMELI, José Antonio (coord.). *Masonería, revolución y reacción. Actas del Symposium Internacional de Historia de la masonaría Española*, Diputación Provincial de Alicante, Instituto Alicantino de Cultura Juan Gil-Albert, pp.885-895.
- RAGON, Jean-Marie (1873). *Francomasonería. Ritual del aprendiz masón*. Ed. Salvador Manero, Barcelona.
- RODRÍGUEZ, Ana Mª T. (2018). "Masones en el interior argentino: su funcionamiento, sus redes de vinculación y su disidencia religiosa (1907-1924)". *REHMLAC+*, vol.9, nº2, pp. 176-193.
- RODRÍGUEZ ARNAO, J.A. (2020). "Manteniendo la memoria: las postales del Pasatiempo". *Casa dos Espellos*, nº3, pp. 109-137.
- (2015a). "El Pasatiempo en los ojos de Loty (1927-1936)". *Anuario Brigantino*, nº38, pp.423-454.
- (2015b). "El Pasatiempo visto por Vega en 1947". *Anuario Brigantino*, nº38, pp. 455-472.
- RUÍZ, J.; RUÍZ, C. (s.f.). *Ritual del Maestro Masón*. Imp. Moreno y Rojas, Madrid.
- SÁNCHEZ FERRÉ, Pere (2014). "La iconografía masónica y sus fuentes". *REHMLAC, Univ. de Costa Rica*, vol.6, nº1, pp. 53-76.
- SEOANE, Luís (1957). "El Pasatiempo de Betanzos". *Galicia Emigrante*, nº28, pp.12-15.
- SORALUCE BLOND, José Ramón (1996). "Arquitectura y masonería". En VALÍN FERNÁNDEZ, A.; DÍAZ MARTÍNEZ, C. (coords.) *Masonería universal. Una forma de sociabilidad. Familia gallega (1814-1996)*. Fundación Ara Solis, A Coruña, pp.139-149.
- SOUTO SANTÉ, José (2019). "Materiais empregados na construción do Pasatempo". *Casa dos Espellos*, nº2, pp.24-51.
- TAMMUZ, Bethet (2014). *Introducción a la masonería*. Ed. Carena, Barcelona.
- TEIJEIRO MOSQUERA, Daniel Lucas (2020). "O Parque do Pasatempo na revista *Vida Gallega*". *Casa dos Espellos*, nº3, pp.31-43.
- (2019). "A arte no Pasatempo de Betanzos (II): entre as súas pezas e os catálogos franceses de fundición artística". *Casa dos Espellos*, nº2, pp.88-115.
- (2018). "A arte no Pasatempo: un templete de catálogo". En *Casa dos Espellos*, nº1, pp.54-73.
- TORRES REGUEIRO, Xesús (1988). "Os animadores da prensa local (II)". *Anuario Brigantino*, nº11, pp.69-124.
- (2012). "A emigración betanceira a América a través dos expedientes do Arquivo Municipal (1865-1907)". *Anuario Brigantino*, nº35, pp.185-208.

- VALES VÍA, José-Domingo (2012). *No regazo da noite estrelecida*. Concello de Betanzos.
- VALÍN FERNÁNDEZ, Alberto (2007). “La masonería postsagastina en la provincia coruñesa”. En FERRER BENIMELI, J.A. (coord.) *La masonería española en la época de Sagasta*, v.2, Gobierno de Aragón, pp.1419-1442.
- VALÍN FERNÁNDEZ, Alberto (1996). “Vocabulario masónico”. VALÍN FERNÁNDEZ, A.J.; DÍAZ MARTÍNEZ, C. (coords.) *Masonería universal. Una forma de sociabilidad. Familia gallega (1814-1996)*. Fundación Ara Solis, A Coruña, pp.25-34.
- VALÍN FERNÁNDEZ, Alberto (1990). *Galicia y la masonería en el siglo XIX*. Sada, Edicións do Castro.
- VALÍN FERNÁNDEZ, Alberto (1990). “La masonería como vehículo propagador del liberalismo político. El caso gallego”. En FERRER BENIMELI, J.A.(coord.) *Masonería, revolución y reacción. Actas del Symposium Internacional de Historia de la masonería Española*, Diputación Provincial de Alicante, Instituto Alicantino de Cultura Juan Gil-Albert, pp.183-193.
- VALÍN FERNÁNDEZ, Alberto J. (1987). “Reflexiones en torno a la distribución geográfica de la masonería gallega a lo largo del siglo XIX”. En FERRER BENIMELI, José Antonio (coord.) *La masonería en la España del siglo XIX – Actas del Sympsiom de Metodología Aplicada a la Historia de la masonería Española*, vol.2, Salamanca, pp.311-330.
- VÁZQUEZ MOSQUERA, José Manuel (2009). “Lavadero público gratuito de Betanzos”. *Anuario Brigantino*, nº32, pp.367-382.
- VÁZQUEZ REY-FARTO, Ernesto (2018). “O Parque do Pasatempo no Arquivo Gráfico do Museo de Pontevedra”. *Casa dos Espellos*, nº1, pp.74-83.
- VÁZQUEZ SOUZA, Ernesto (2009). “Notas sobre o fundo da Sección Especial ou Maçonica, no Archivo General de la Guerra Civil / Centro Documental de la Memoria Histórica (Salamanca): Uma fonte para o estudo do Republicanismo galego e a súa repressão (em especial da cidade da Crunha)”. *Actas do Congreso Jenaro Marinhas del Valle*, Ourense, Associação Galega da Língua, pp.197-323.
- VEIGA FERREIRA, Xosé María; SOBRINO CEBALLOS, Juan (2012). “Espenuca: inscripción, edificios e lugares máxicos”. *Anuario Brigantino*, nº35, pp.59-98.



Fig.40 José Caruncho. Estatua dos García Irmáns antes do seu traslado.

O Parque do Pasatempo: unha «finca-museo»

DANIEL LUCAS TEIJEIRO MOSQUERA¹

Sumario

O amplo repertorio de pezas artísticas que albergou o Parque do Pasatempo fixo que se concibira como unha «finca museo», termo acuñado na reputada revista *Vida Gallega* en 1922. A admiración que sempre causou o parque débese ao seu contido didáctico e figurativo, polo que co presente artigo se achegan novas aportacións sobre a súa percepción nos visitantes e a súa construción, así como reconstrucións gráficas dalgunhas das súas partes.

Abstract

The wide repertoire of artistic pieces that the Parque do Pasatiempo housed caused it to be conceived of as a «museum farm», a term coined by the renowned magazine *Vida Gallega* in 1922. The admiration that the park has always inspired is due to its didactic and figurative content, and so with this article new unpublished contributions are presented concerning the perceptions of its visitors and its construction, as well as graphic reconstructions of some of its parts.

1. «BETANZOS: LA FINCA-MUSEO DEL PASATIEMPO»

Os estudos sobre o Parque do Pasatempo abundan polo carácter enigmático que posúe¹. Xunto ás innumerables investigacións publicadas no *Anuario Brigantino*, na recente revista *Casa dos Espellos* e noutros ámbitos, debe mencionarse como referencia básica o libro «*El Pasatiempo*»: *O capricho dun indiano*, escrito por Cabano Vázquez, Pato Iglesias e Sousa Jiménez. Así mesmo, o blog *Parque del Pasatiempo* é unha ferramenta fundamental, cuxa iniciativa lanzou un dos fundadores da Asociación de Amigos do Parque do Pasatempo (en adiante AAPP), Josiño Souto Santé. Nesta situación, o obxectivo do presente artigo é aportar novos datos sobre a orixe construtiva do parque, unha tarefa sostida na fonda revisión bibliográfica, así como na busca de documentación inédita e a reconstrución gráfica dalgunhas das súas partes.

O Parque do Pasatempo constrúese supostamente entre 1893 e 1915, e o seu promotor foi don Juan García Naveira (Betanzos, 16/05/1849 – *ibidem*, 09/03/1933) (fig. 1). A obra deste famoso indiano brigantino sempre foi un clamor social, porque abranguíu un amplísimo repertorio artístico cunha vontade didáctica, ademais de ter un importante significado masónico xunto co resto de fundacións que levou a cabo por si mesmo e co seu irmán don Jesús (Betanzos, 11/09/1852 – San Nicolás de los Arroyos, 24/03/1912)². En palabras de Arcay Barral, o Pasatempo non era só un capricho, senón tamén o camiño iniciático polo que os García Naveira querían transmitir «o seu republicanismo, as súas crenzas, os seus valores e o sentido da Historia» (2018: 27).

¹ Daniel Lucas Teijeiro Mosquera é graduado en Historia da Arte pola USC e titulado no Mestrado en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte pola USC e a ULPGC. Tamén é coordinador de *Casa dos Espellos: Revista poliédrica da cultura galega* –editada pola Asociación de Amigos do Parque do Pasatempo– e membro do consello de redacción de *Quórum: Revista de artes, letras e ciencias sociais e xurídicas* –editada pola Asociación de Amigos e Amigos do Museo de Pontevedra–.



Fig. 1.- Don Juan na casa da súa filla Dona Águeda ca. 1930.
Colección AAPP.




Fig. 2.- Ksado: «Betanzos: la finca-museo del Pasatiempo», *Vida Gallega*, n.º 192. (01/03/1922). Vigo, s.n.

A súa inauguración foi unha novidade sen precedentes na prensa e a revista viguesa *Vida Gallega* fixo eco da súa existencia ata en cinco ocasións. Saír nesta publicación era sinónimo de éxito, xa que gozaba de moita popularidade pola súa difusión en toda Galicia e nas comunidades de emigrantes de América, Madrid e Lisboa. Deste xeito, o Pasatiempo traspasou fronteiras e en 1922 o afamado fotógrafo Luís Ksado realiza unha reportaxe gráfica na que o describe como «finca-museo» (fig. 2). Esta denominación era perfecta, porque definía o parque como un lugar agrícola, á vez que como colector de obras de arte.

O Pasatiempo podía explicarse, pois, como un complemento do Museo Pedagóxico das Escolas García Irmáns. Foi clave a súa función educativa, xa que a través da metodoloxía da ensinanza intuitiva –promovida pola Institución Libre de Ensinanza– (Fuentes Abeledo, 2014: 157) serviu como lugar de formación básica para os obreiros que o construíron e como destino de excursión para moitos colexios. Ademais, nese contexto proliferan os museos pedagóxicos, fundándose, por exemplo, o Museo Pedagóxico Rexional da Coruña en 1926, no que traballou Vales Villamarín (Vales Vía, 2012: 349).

Porén, o recinto tamén recibía outras denominacións: «xardín», debido á ornamentación vexetal; «granxa», porque albergou animais de todo tipo; «quinta», como se fose unha ostentosa facenda rústica; «parque enciclopédico», denominación dada por Luís Seoane desde o exilio (1957: 12); ou «horta de don Juan», nome polo que era coñecido na veciñanza betanceira, debido a que a partir das décadas dos trinta se cultivaban hortalizas e lúpulo. Non obstante, o nome orixinal é «Pasatiempo», tal e como figura en numerosas inscricións, con referencias seguramente a un teatro bonaerense que se chamaba así e ao que posiblemente acudiron os irmáns xunto con moitos españois.

2. AARQUITECTURA

2.1. A extensión

Que non se conserve ningún plano da construción do Pasatiempo probablemente se deba a que se foi erixindo sen un plan de obras definitivo (Arcay Barral & Teijeiro Mosquera, 2018; *idem*, 2019). A vinculación dos García Naveira coas sociedades obreiras locais foi transcendental, xa que para a construción contaron con man de obra dirixida por Francisco Sanmartín Murias, quen chegaría a ser presidente da sociedade de canteiros *El Avance* en 1912 (Torres Regueiro, 1998: 202), ano no que se constituía a federación *La Unión Obrera* grazas ao legado testamentario de don Jesús. Así e todo, a obra estendeuse en dúas grandes áreas, unha baixa (fig. 3) e outra alta (fig. 4).





Fig. 4.- Plano da zona alta do Pasatiempo. A.A.P.P.



A zona baixa ergueuse sobre uns 70.000 m² de terreo chan, composto por leiras e xuncais no Carregal, conformando un espazo repleto de esculturas, buxos artísticos e mesmo animais nun zoo que durou durante poucos anos, e que foi admirada por ilustres persoas como Carré Aldao: «el Carregal de hoy no es como antaño, una extensa pradería de incultos eriales, sino un amenísimo vergel en el que destaca tan hermoso parque, llamado «El Pasatiempo»» (1936: 789). De todos xeitos, esta parte xa non se conserva, porque ao longo das décadas se foi destruíndo. Nun primeiro momento afectoulle a construción da estrada de circunvalación, rematada en 1955. O estado ruinoso agravábase e a Alcaldía de Tomás Dapena motivou a primeira pretensión de rehabilitalo, mais co obxectivo de «proponer al Ministerio de Información y Turismo, la adquisición del Pasatiempo, para que, debidamente reparado, sirva como lugar de recreo y atracción turística, donde incluso podría instalarse un Parador y convertir sus grutas en algo sensacional y fuera de serie para Galicia»³. Aínda que Manuel Fraga visita Betanzos como ministro de Turismo, finalmente a idea esmorece e, nos mesmos anos, a corporación municipal solicítalle ao Ministerio de Vivenda que o solo se declare como polígono industrial. Ao tempo, os herdeiros de don Juan venden moitas esculturas e, finalmente, demólese toda esta zona baixa logo de adquirila o Concello de Betanzos en 1986 (Núñez-Varela y Lendoiro, 2013).



Fig. 5.- Acuario do Trocadero. 1928. Bibliothèque Nationale de France.

A zona alta é a que se conserva e conforma 10.405,86 m². Estrutúrase en sete terrazas con grutas artificiais subterráneas que discorren pola ladeira contigua, que en moitos tramos se compón por pedras reempregadas doutros sitios, como sucede con dous sartegos altomedievais que probablemente procederon de Santa Baia de Espenuca (Veiga & Sobrino, 2012: 86-87), unha lauda sepulcral baixomedieval (Erias, 1996) e outros restos escultóricos. A súa fisionomía rochosa remite aos xardíns de rocallas, unha tipoloxía arquitectónica e ornamental que proliferou desde o rococó francés do século XVIII e que se caracteriza polo *horror vacui* de distintas pedras, cunchas e relevos sinuosos. Os García Naveira coñecían ben esta tipoloxía, xa que a presenciaron en incontables lugares: en Buenos Aires, na Gran Gruta da Recoleta ou na Gruta de Retiro; en París, no Bosque de Boulogne, no Trocadero ou no Bosque das Rocallas de Versalles, etc. Sobre isto fala o seu amigo Rogelio Borondo⁴, que, tras viaxar cos filántropos por Francia, Suíza e Italia en 1899, describe nas súas *Memorias de un viaxe improvisado* as grutas artificiais do Trocadero (fig. 5): «Visitamos el Palacio del Trocadero y su museo de esculturas comparadas, que contiene un sin fin de fragmentos de edificios antiguos, puertas de templos, catedrales y otras figuras. Vimos el importante acuario, bajo gruta artificial, con rica colección de peces». (1900:19). Ademais, a decoración da rocalla emparéntase co termo *coquille*, que fai alusión ás cunchas e o Pasatempo está repleto delas, seguramente porque os irmáns as mercaron na súa viaxe a Venecia en 1899, tal e como afirma Borondo:

Hay establecimientos que no venden otros efectos sino conchas en sus diferentes formas; [...] De esto tienen inmortal recuerdo mis buenos compañeros; la fabricación veneciana les fué tan simpática, que le hicieron honor con algunas compras de consideración. [...] Nuestra visita á una de las principales fábricas de vidrios de fama universal, que se halla en el gran canal. [...] Allí fué donde mis compañeros se entusiasmaron y empezando por el género de las conchas, que es la afición por excelencia del amigo Don Juan, concluyeron por espejos, estatuas y otros efectos para uso y ornato de sus habitaciones (1900: 64-65).

2.2. Arquitecturas desaparecidas

A destrución que sufriu o Pasatempo en detrimento de novos postulados urbanísticos no lugar do Carregal, implica que sexa necesario falar de arquitecturas desaparecidas e esvaecidas. Por este motivo indícanse a continuación aquelas construcións destruídas na




Fig. 6.- Varela Fernández: Reconstrución da entrada do Carregal. AAPP.




Fig. 7.- Proyecto de variante de Puente Nuevo al Puente de las Cascas (supresión de la Travesía de Betanzos). 1957. Arquivo do Reino de Galicia, sign. 63589/469.

parte baixa e na alta, á vez que se pode comprender como mudou o parque no decorrer da súa vida.

A parte baixa delimitábase na súa meirande parte por un suntuoso enreixado que se erguía sobre un baseamento granítico, cun portalón no camiño veciñal do Carregal (fig. 6) e outro na chamada travesía de Betanzos –actual avenida Fraga Iribarne–, que se cubría por un emparrado (fig. 7). Estas pezas realizounas José Fernández Montero, un mestre ferreiro que tiña o seu taller en Sada⁵. A súa contribución no Pasatempo foi moi admirada:

Sinceramente debemos dedicar nuestros parabienes más amplios al modesto cuanto inteligente herrero forjador de Sada D. José Fernández Montero, autor de la colosal verja de hierro forjado que el señor García Naveira acaba de adquirir para cerramiento de su posesión. En verdad que es digna de ella.

Costó seis mil duros, y ha sido ejecutada por el señor Montero, que es todo un artista, con una delicadeza, una sobriedad y un buen gusto extraordinarios. Esta verja honra á Galicia. Merecería un premio de honor; si en nuestra tierra se estimulase con recompensas á los hijos que la galardonan con sus obras. Dijérase que está hecha en Barcelona, en Bilbao ó en el extranjero, tal es lo airoso de su traza y lo bello de sus adornos. Nuestra felicitación efusiva al señor Montero.⁶

Secasí, os enreixados que elaborara Fernández Montero non eran orixinais, senón copias de modelos producidos en fábricas francesas de fundición (figs. 8 e 9). Así pois, o portalón de entrada do Carregal (fig. 10) correspóndese co modelo que se vendía na



Fig. 8.- Teijeiro Mosquera: Antigo enreixado do Pasatempo convertido en portalón no Pazo de Armuño.



Fig. 9.- Val d'Osne: *Album n°2: Fontes d'Art*, pr. 455.



Fig. 10.- Teijeiro Mosquera: Portalón do Pasatempo no Pazo de Armuño.



Fig. 11.- Val d'Osne: *Album n°2: Fontes d'Art*, pr. 447.

prancha 447 do *Album n°2: Fontes d'Art* da S.A. de Altos Fornos e Fundicións do Val d'Osne (fig. 11). Así mesmo, os gardarrodas anexos aos machóns do portalón, que servían para que os vehículos non rozasen ao entrar no parque, tamén eran copias. Estas pezas de fundición e as varandas orixinais do Estanque do Retiro chegaron ao Pazo de Armuño (Bergondo) arredor de 1955.

Dentro do Pasatempo tamén había varias edificacións: a Casa-Taquilla (fig. 12), a Casa dos Espellos (figs. 13-15), o Estanque dos Papas coas súas pagodas chinesas (fig. 16), a vivenda do caseiro, os invernadoiros, o pavillón ou os miradoiros da zona alta⁷. Algunhas



Fig. 12.- Souto Santé: Alzado da Casa-Taquilla. AAPP.




Fig. 13.- Souto Santé: Alzado da Casa dos Espellos. AAPP.




Fig. 14.- Varela Fernández: Reconstrución da Casa dos Espellos e o seu entorno interior. AAPP.




Fig. 15.- Varela Fernández: Reconstrución da Casa dos Espellos e o seu entorno exterior. AAPP.




Fig. 16.- Varela Fernández: Reconstrución do Estanque dos Papas. AAPP.

destas obras foron polémicas entre os labradores das fincas anexas, porque ocupaban sendeiros rurais. Neste senso, moitos propietarios presentan no Concello de Betanzos unha denuncia contra don Juan en 1907, pola que o culpabilizaban de usurpar o camiño rural que desde o Carregal ía á antiga Pontica –unha pequena ponte que existía no Carregal– cando se estaba construíndo a Casa-Taquilla, sendo *imposible el tránsito de personas cargadas con las cosechas o los abonos*⁸.

Cómpre salientar o pavillón (figs. 17 e 18), porque no seu interior estaba o «museo de variedades». Este tiña na planta baixa luxosos mobles, cadros e un billar, namentres na segunda había obxectos tropicais e na terceira restos de panteras, tigres e crocodilos, que posteriormente se levaron ao Museo Pedagóxico das Escolas García Irmáns. Ademais, desde o pavillón partía ao Estanque da Gruta a chamada Ponte dos Suspiros, cuxo nome tamén o tiñan outras pontes que visitaran os García Naveira, como a do regato Matorras en Buenos Aires ou a que une o Palacio Ducal e as prisións antigas de Venecia, coa que quedaran abraiados en 1899:




Fig. 17.- Varela Fernández: Reconstrución da zona do Pavillón e Vivenda do Caseiro. AAPP.




Fig. 18.- Teijeiro Mosquera: Alzado do Pavillón. AAPP.

El «Puente de los Suspiros» que sobre un canal y á una gran altura conduce del Palacio Ducal á otras prisiones, servía de corredor por donde trasladaban los prisioneros de un edificio á otro sin ser vistos (Borondo, 1900: 68).

3. AS ESCULTURAS

3.1. Esculturas en mármore de Carrara

A entrada do Carregal custodiábana de maneira simbólica dous leóns idénticos aos que esculpira Antonio Canova (Possagno, 1757 – Venecia, 1822) entre 1789 e 1792 para a tumba do papa Clemente XIII, aínda que no Pasatempo se complementaron cun baseamento granítico con relevos da cruz salomónica. Os irmáns García Naveira coñecéronos na súa viaxe a Roma en 1899. De novo, Rogelio Borondo relata a experiencia cos irmáns na basílica de San Pedro do Vaticano, dicindo que *la ornamentación en general de este magnífico templo es extraordinariamente rica e distinguindo o sepulcro de Clemente XIII entre sus innumerables esculturas*. Tan marabillados quedaron que tiveron que saír do templo *«con el propósito de hacer repetidas veces la misma visita para conservar memoria de tanta belleza»* (1900: 102-105). Finalmente, en xuño de 1968 véndenselle ao arcebispo de Oviedo e trasládanse ao Santuario de Covadonga⁹.

No Vaticano tamén viron varios dos bustos de emperadores romanos que logo encomendou don Juan para o Pasatempo, que eran os de Julio César, Octaviano, Augusto, Calígula, Claudio, Galba, Vespasiano, Tito, Traiano, Adriano, Caracalla e Otón. Estes tamén os viron en París: *Nuestro asombro tomó proporciones inexplicables cuando despues de dejar el Hotel de Ville, nos presentamos ante el monstruoso Palacio del Louvre, que con razón se dice ser el mayor del mundo.* Borondo sinala que a colección de escultura antiga está en el piso bajo, y se encuentran allí producciones de todas especies del arte antiguo» distinguindo «*várias estatuas de emperadores romanos y otras muchísimas del tiempo de Augusto y Julio César, 200 años de J.C.*». Conclúe coa especificación do seu asombro cando escribe que *la reseña de este grandioso edificio y de sus dependencias tan pálidamente hecha, no es ni una tenue sombra de aquel mónstruo del arte, sinó un miserable bosquejo para recordar nuestra visita á vuelo de pájaro* (1900: 12-17).



Fig. 19.- Monumento García Irmáns antes de trasladarse ao Pasatempo. Ca. 1908. A.A.P.P.

No Pasatempo non duraron moito, pois nos anos vinte trasládanse ao xardín da casa de dona Águeda. Síntoma da pouca apreciación foi a súa venda a *La Unión y el Fénix* de Madrid entre a década de 1960 e 1970, mais o 5 de outubro do 2000 véndense en poxa pola Sala de Subastas Alcalá de Madrid cun prezo final de 36.250.000 pesetas, descoñecéndose onde están actualmente¹⁰.

Outra obra marmórea é o Monumento García Irmáns, no que don Jesús sinala ao Asilo namentres don Juan recibe a mensaxe da Caridade por un moderno auricular (figs. 19 e 20). Aínda que non se pode corroborar, a súa realización sufragárona talvez as federacións obreiras como *profunda manifestación de agradecimiento* aos irmáns, verbas que aparecen no discurso inaugural das obras do Asilo García Irmáns publicado en 1908 polo xornal *La Defensa*, que era o medio informativo das sociedades de agricultores. Por medio de José Espiñeira Germade –presidente da Sociedade de Carpinteiros–, Bernardo Miño Abelenda (da Sociedade de Agricultores– e Luís Illobre Sánchez –pola Sociedade de Oficios Varios), pronunciouse que:

*Las Sociedades obreras de la ciudad de Betanzos tienen el alto honor de dirigir á los distinguidos filántropos hermanos señores D. Juan y D. Jesús García Naveira el siguiente mensaje: [...] la realización de una plausible iniciativa: la de erigir por suscripción popular un monumento que perpetúe á las generaciones venideras el recuerdo de estos filántropos señores.*¹¹

Este monumento probablemente encargouse a S.S. Bricoli, quen realiza en 1904 uns bustos de don Juan e dona María Iribarne-Lascort –a súa esposa– en mármore de Carrara



Fig. 20.- Antonio López Rodríguez: Isaac Díaz Pardo diante do Monumento García Irmáns cuberto polas varas de lúpulo. 1955. Arquivo de Xosé Díaz.

que acabarían no Asilo, os cales eran idénticos aos de formigón que había no xardín-dormitorio do Pasatempo (Cabano Vázquez *et alii*, 1991: 37). Segundo isto, é posible que todas as esculturas marmóreas se deban a este artista.

Con motivo do quincuaxésimo aniversario da morte de don Juan, o Concello move o monumento á praza dos Irmáns García Naveira en 1983. Nese momento tamén se pretendeu trasladar a Estatua da Caridade tras doala os herdeiros de dona Águeda –a filla de don Juan– en 1968¹², nun primeiro momento para o actual parque Pablo Iglesias e posteriormente para a praza do Concello, mais finalmente a idea quedou en balde.

3.2. Esculturas en bronce fundido

No Estanque dos Papas había un grupo escultórico no centro do estanque presidido por unha figura feminina *algo oriental, quizá muy desvestida para los ojos que la miran* (Martínez Ferrando, 1923: 114). Este conxunto non era de bronce, pero encabezaba o espazo acuático arrodeado

por catro figuriñas de bronce, que se situaban sobre os pedestais das esquinas do paseo perimétrico. Por desgraza, non se conserva ningunha destas no parque, pero a partir das fotografías pódense distinguir que botaban auga en dirección vertical a través dos seus surtidores, e continuaban o afán acuático tan repetido en calquera recuncho do parque, unha auga que aquí proviña do regato que discorría anexo aos xuncais. Así pois, a partir das fotografías, albíscase un pequeno grupo no que unha figura antropomorfa masculina leva outra ao lombo e unha feminina porta un vaso e dous *putti*.

De todas as formas, a de Mercurio era a máis valorada do parque (fig. 21) (Camino Plaza, 2019). Este deus é moi recorrente na iconografía dos García Naveira porque se identifica co comercio, e apare o seu caduceo nas claves dos arcos das ventás verticais francesas na fachada da casa de don Juan e en distintas partes do Pasatempo.

3.3. Esculturas con xistos e lousas mariñas

Xunto coas cunchas, os muros do Pasatempo caracterízanse por estar decorados con representacións de animais realizados con xistos e lousas: no Estanque da Gruta, a balea, o rinoceronte, o oso polar, o camelo, o dromedario, o hipopótamo e o animal –sen identificar– que sufriu un derrubamento en febreiro de 2017 (fig. 22); na Gruta da Recoleta, a xirafa e o elefante, así como varios revestimentos murais. Estas pedras aparecen con poros producidos pola erosión do sal mariño, uns materiais xeolóxicos que tiveron que ser extraídos das costas de Sada e Oleiros, xa que é a localización máis próxima onde os hai.

No caso galego as imaxes máis antigas que conservamos do traxe son do século XVIII, momento no que os etnógrafos sitúan o inicio do traxe tradicional tal e como o entendemos hoxe. As dificultades que sinalan neste estudo son a falta de datos iconográficos que permitan establecer unha liña do tempo do desenvolvemento dos seus elementos, pois



Fig. 3 e 4.- Labradora e labrador de Betanzos. Estampas de «Colección de trajes de España, tanto antiguos como modernos, que comprende todos los de sus Dominios», de Juan de la Cruz Cano y Oldemilla. Fonte: Galiciana.

non tódalas prendas son da mesma época. As diferentes pezas do traxe que hoxe entendemos como tradicional foron mesturándose con outras novas en función das necesidades de cada momento, conformando unha vestimenta con partes de distinto orixe (LOURENZO, 2002: 237).

Neste século os intelectuais ilustrados difundiron por toda Europa a idea de que a cada territorio lle correspondía un traxe diferente, único, uniforme e invariable. No caso de España, esta creación cultural pretendía cambiar a imaxe do estado español cara o exterior. O obxectivo era crear unha nova imaxe dunha sociedade pulcra, limpa, sofisticada, moderna e ilustrada;

pretendían que as clases populares se identificasen con esa nova imaxe e cambiara, así, o seu xeito de vestir farrapento e miserento baixo o punto de vista dos ilustrados. Para conseguilo fixéronse valer da estampa, elemento divulgador por excelencia durante o Antigo Réxime que tamén se usou no panorama internacional, da que destaca o exemplo da parella de labradores de Betanzos na *Colección de trajes de España, tanto antiguos como modernos, que comprende todos los de sus Dominios*, de Juan de la Cruz Cano y Olmedilla (fig. 3 e 4).

3.1. A folclorización do traxe tradicional galego

No contexto político e socio-cultural europeo do século XIX houbo un crecente interese do estudo da cultura popular e dos costumes dos pobos, sobre todo da literatura oral, a música, as crenzas, as institucións consuetudinarias, en definitiva do folclore. Buscábase o *volksgeist*, o espírito do pobo, na procura dos pobos da súa identidade e carácter propios. Consideraban que dito espírito estaría na base dos nacionalismos europeos.



Fig. 5.- Traxe tradicionais galegos, Racinet, 1888. Fonte: RACINET, Auguste (2003): *The Costume History*, Taschen, Cologne.



Fig. 6.- Tipos españoles. Gallega. Tarxetas postais 1901. Fonte: Galiciana.



Fig. 7.- «Escena típica». Fonte: Arquivo Municipal de Betanzos.

Con este momento correspóndese a enciclopedia de Auguste Racinet de 1888, obra que podemos considerar un produto desta busca. Nela atopamos unha referencia ó traxe tradicional galego no capítulo correspondente ás variedades rexionáis españolas (fig. 5). Nel vemos ilustrados diferentes traxes e incluso a un home e unha muller bailando a muiñeira (RACINET, 2003: 711 -715).

Co Romanticismo como movemento cultural de base, en Galicia naceu o Rexurdimento, vinculado ós movementos políticos galeguistas e por tanto reivindicando que Galicia era unha nación. Este movemento centrou a súa mirada na sociedade rural e campesiña, que consideraban depositaria da tradición e do «ser» galego (SÁENZ-CHAS DÍAZ, 2014: 42 -44).

Con esta mirada comezou o proceso de folclorización, que seguiría os seguintes pasos:

1. Fixación dos tipos: O grupo social preocupado busca os individuos «característicos» (fig. 6).

2. Definición dos tipos: «son galegos», é dicir, a **posta en escena** (fig. 7): Unha vez fixado o «tipo gallego», chegamos á posta en escena. A cultura urbana selecciona unha imaxe do que cómpre ser entendido por «gallego» e abonda con promover a estética duns individuos cunha indumentaria determinada para recoñecelos como tales, cunha mirada intemporal. (CASTRO RAMIL e LLANA, 2004: 221)

Isto será o que se verá nas representacións pictóricas de escenas «folclóricas» na arte costumista e no caso das revistas, o máximo expoñente será a revista *Vida Gallega: ilustración regional*, onde aparecen moitas fotografías que recreaban escenografías de tipos populares idealizados. Podemos descubrir tamén fotografías de mulleres ataviadas



Fig. 8.- Revista *Vida gallega*. *Ilustración regional*, 1918, Nº 104. Fonte: Galiciana.

cun xeito de vestir que lles é alleo: señoritas de vilas con dengues, mantelos, cofias e mandís, ás veces incluso por riba da súa propia roupa de época. É curiosa unha estampa, máis que nada polo seu pé de foto (fig. 8): *Caramiñal: Grupo de distinguidas y bellísimas señoritas que compusieron «enxebrísimos» grupos pastoriles demostrando su buen gusto y el amor al país. Señoritas Carmencita y Carolina Otero Valderrama, María Lojo y Ventura Villa Lorenzo.*

Este tipo de escenas foron consideradas patrióticas e «vestirse de galegas» foi unha práctica habitual entre as señoritas adiñeiradas dende o século XIX nas cartas de visita. Entre as décadas de 1860 e 1870 nalgunhas cartas aparecen mulleres vestidas con pezas soltas do traxe tradicional sobre a súa roupa á moda internacional (SÁENZ-CHAS DÍAZ, 2019: 110).

3.2. Fontes documentais para o traxe tradicional: A fotografía etnográfica

Chegados a este punto, falouse das testemuñas documentais nas que aparece o traxe que levaban os ricos e os pobres do país, mais esta información sempre é documentada polas clases sociais altas, por tanto está é parcial, razón pola cal para estudar o traxe das clases populares debese contrastar esta información.

É aquí o momento no que nace o interese pola fotografía etnográfica, imaxes susceptibles de aportar unha lectura propiamente antropolóxica. Esta ciencia social defínese coma o uso de fotografías para a conservación e comprensión de culturas, tanto a dos suxeitos como dos fotógrafos; polo tanto, o que convirte a unha fotografía en etnográfica non é necesariamente a intención da súa produción, senón como se usa para informar etnográficamente ós seus espectadores. Así mesmo, considéranse fotografías etnográficas aquelas que investiguen a familia, os roles femininos, a situación dos nenos na sociedade, as culturas populares nos sitios e tempos específicos e a súa comparación con valores cultos e prácticas sociais, a disposición espacial e o grado de participación individual, a cultura individual e o cambio cultural; estas fotografías, unha vez localizadas, deben someterse a un detallado análise, que é o obxectivo deste artigo. (BRISSET MARTÍN, 1999: 4- 5)

Como xa se mencionou, non importa tanto a intencionalidade na produción de tales fotografías, senón o que aparece nelas, pois o antropólogo atópase diante de documentos que permiten coñecer a sociedade deste tempo e lugar. Así, a selección que fixo a burguesía do popular remata por tomar un interese etnográfico e por medio destes documentos poderemos

achegarnos á sociedade rural galega do primeiro terzo do século XX. (CASTRO RAMIL e LLANA, 2004: 223)

Entre os fotógrafos que traballaron na comarca dos que hai exemplos no Arquivo de Betanzos, destacan, en primeiro lugar, Juan Bautista Avrión, de nacionalidade francesa, que tamén aparece nas súas propias fotografías gracias a un disparador a distancia. Tamén foi importante a figura de «Ksado», nome artístico de Luis Casado, nado en Avila en 1888, traballou en Santiago de Compostela e Vigo e fixo numerosas colaboracións para a prensa diaria española, galega e arxentina. O seu sobriño Paco López Casado tamén deixou unha espléndida visión de Galicia a través da súa cámara. O último a destacar é Francisco Ferrer y Puigdemogolas, editor dunha serie de postais baixo o título «Pueblos. Paisages. Arte y Costumbres de Galicia», quen iniciou unha variante de documentalismo iconográfico cos seus «Tipos del país». A súa obra é tan interesante para o estudo do traxe tradicional galego que se fixeron varios estudos no que se analiza a indumentaria das fotografías. (LÓPEZ GÓMEZ, 1993: 11)

Por último, a autora cuxas fotografías tiveron máis repercusión foi Ruth Matilda Anderson. Destaca porque se centrou nos traxes e nas costumes locais nas súas expedicións. Difire dos fotógrafos locais porque escolleu un material que poucas veces consideraban que pagaba a pena fotografar. Así, o elemento humano foi dominando as súas imaxes, pois ela non buscaba crear «tipos do país», senón documentar a forma de vida de Galicia e os ciclos que esta tiña. (LENAGHAN, 2016: 40)

4. A MODA PARISINA EN BETANZOS

Agora que xa se presentou a documentación dende o panorama internacional ó local, analizarase a moda das clases sociais altas que, como xa se explicou, vestían ó xeito cosmopolita parisino:

Se houbo uns betanceiros internacionais foron os García Naveira, familia viaxada e preocupada por aprender de todo sitio canto foron. Como persoas que se movían por ambientes distinguidos, usaban unha roupa adecuada á súa posición social e ó ámbito no que se movían, que era o internacional.

A roupa que unha muller debía levar dependía do acto ó que acudía, de xeito que nas revistas da época, aparecen diferenciados os traxes de paseo (fig. 9), respecto dos de ciclista (fig. 10) ou dos de praia (fig. 11). Seguindo estes manuais, non se concibía que saísen á rúa sen ir apropiadamente vestidas e con todos os accesorios correspondentes ó traxe que levaban. Pois daquela era hexemónico un pensamento que aínda continúa hoxe en día: que as damas de clase elevada debían demostrar uns valores e comportarse de acordo á súa clase social (ARTOLA BLANCO, 2014: 85). O traxe máis popular neste momento foi o traxe xastre, que dende a última década do século XIX se popularizou entre as mulleres pola súa comodidade, elegancia, por poder usarse en todas as estacións do ano e por adaptarse ás posibilidades económicas de quen o levaba³.

As mulleres que vestirían esta roupa da familia García Naveira, dentro da de Don Juan, foron a súa esposa Dona María Iribarne Lascourt e as súas fillas Dona Águeda e Dona Joaquina. As netas coñecidas de Don Juan foron Joaquina e Águeda, fillas de Joaquina, e Lourdes, Joaquina e Águeda, pola parte de Águeda. Don Jesús e a súa cónxuxe Carmen Etcheverría Y Olaverri adoptaron a Eulalia López. Por ser de clase social adañeirada, traballárase coa premisa de que as mulleres da familia García Naveira vestían á moda e a comparativa das fotografías coas revistas de moda do momento confirmará que así o facían.



Fig. 9.- Traxe de paseo. Fonte: Hemeroteca Dixital da Biblioteca Nacional de España.



Fig. 10.- Traxe de ciclista. Fonte: Hemeroteca Dixital da Biblioteca Nacional de España.



Fig. 11.- Traxe de praia. Fonte: Hemeroteca Dixital da Biblioteca Nacional de España.



Fig. 12.- Familia García Iribarne na súa viaxe a Exipto, 1912. Na fotografía Dona María, Don Juan e Dona Águeda. Fonte: Arquivo da Asociación de Amigas do Parque do Pasatempo.

Moitas das actividades que realizaba a familia de Don Juan eran comúns ás habituais das elites madrileñas, e un exemplo son as viaxes (fig. 12), que era habitual facer por Europa (transmitindo cosmopolitismo) ou por Exipto, buscando as paisaxes exóticas.

Aqueles pertencentes á «clase ociosa» tamén crearon os seus propios espazos de recreo para poder actuar con naturalidade. Estes lugares podían ser as casas dos seus amigos, organizando visitas ou indo a clubs ou salóns (ARTOLA BLANCO, 2014: 97). As fincas de recreo, que podían estar preto dos seus lugares de residencia, son o tipo de espazos que aparecen nas fotografías da familia García Naveira; estas sempre estaban nas aforas das cidades, como é o caso do Pasatempo (ARTOLA BLANCO, 2014: 150 - 151).

Fotografía da viaxe a Exipto

A indumentaria que visten as mulleres da fig. 12 permiten encadrala na última década do século XIX e nas dúas primeiras do XX. O elemento que da a clave para encadrala nunha data concreta son as chaquetas das mulleres, que son practicamente tan longas coma a saia, cousa que tamén se ve no muro que representa esta viaxe no Parque do Pasatempo. Este dato indica que non levan traxe xastre, senón «traxe princesa», o cal se introduciu en 1908-1909 e apareceu nas revistas ata 1910. Caracterizábase por incorporar unha levita, habitualmente confeccionada cos mesmos tecidos. O éxito radicou en que ó ter liñas máis sinxelas podía usarse tanto a diario como para ocasións especiais. O seu



Fig. 13.- Fotografía na randeeira do estanque dos papas. Fonte: Arquivo da Asociación de Amigas do Parque do Pasatempo.

éxito foi pasaxeiro, polo que sabendo o intervalo de tempo no que se levou, é doado datar a fotografía. Neste caso xa se sabía que fora tomada en 1910, pero a indumentaria ven a corroborarnos este dato (PASALODOS SALGADO, 2013: 195).

Fotografía no columpio do estanque dos papas

Na Fig. 13 aparecen mulleres novas, acompañadas por nenos e outras de maior idade. Os traxes que se van analizar son os das mozas, os cales están compostos por dous elementos do traxe xastre: saia e blusa. Sabendo isto, o primeiro marco temporal no que se pode encadrar a fotografía é do ano 1898 ao 1920 aproximadamente, pois a partir de entón na roupa feminina deixárase de marcar a cintura tan alta e pasárase a unha silueta máis recta.

Nesta fotografía usan o traxe sen chaqueta, simplemente con blusa, combinación que era habitual facer para uso matinal. Unha aportación á cronoloxía que nos poden dar as blusas é que son de cores claras, usadas así ata 1911, polo que esta pode ser a data tope (PASALODOS SALGADO, 2013: 198).

O seguinte paso é analizar a parte de abaixo, ou sexa, a saia. Neste caso, levan unha saia que é relativamente fácil de identificar, o modelo «corselete». Esta saia foi común en 1906 e caracterízase por ter unha cinturiña ancha, cunha especie de incorporación cara arriba que semellaba un cinto (GÓMEZ GÓMEZ, GONZÁLEZ RODAO e PACHECO, 2010: 62). Polo tanto, a datación que podemos darlle á fotografía tendo en conta a roupa debe encadrarse de 1906 a 1911, sendo máis probable que fose tomada preto de 1906.



Fig. 14.- Fotografía de Dona María, Don Juan, Dona Joquina e Dona Águeda con cans. Fonte: Arquivo da Asociación de Amigas do Parque do Pasatempo.



Fig. 15.- «Traje de campo para señorita», 1902. Fonte: Hemeroteca Dixital da Biblioteca Nacional de España.

Fotografía de Dona María, Don Juan, Dona Joquina e Dona Águeda con cans

Os traxes que visten Dona María, Dona Joquina e Dona Águeda na Fig. 14 podería dicirse que son xenéricos deste período. Sen embargo, podemos apreciar os detalles das prendas, polo que os adornos van ser a pista principal, aínda que neste campo deberíase ter en conta o gusto persoal. Os adornos máis comúns pódense dividir entre os que se engadirían na tela (bordados, galóns, trenciñas, bieses etc) ou os complementos (garabatas, solapas, tirantes etc), sendo os primeiros os que se usan na saia de María Iribarne. Existen exemplos de saias con este tipo de decoracións en exemplares de revistas de case todos os anos, como é o caso do número de 1902 de *La última moda* (fig. 15), onde aparece un «traje de campo para señorita» con adornos similares. Por tanto, compre buscar información noutros aspectos, coma o longo das saias. Esta foi unha cuestión moi debatida. No 1905 as saias de paseo levábanse máis curtas ca na fotografía a analizar (PASALODOS SALGADO, 2013: 193), deixándose ver o nocello, polo que o retrato ten que ser ou anterior ou posterior.



Fig. 16.- Fotografía de Dona Joaquina, 1902.
Fonte: Arquivo da Asociación de Amigas do
Parque do Pasatempo.



Fig. 17.- Peiteado con tutorial de «La Última
moda», Sección «El tocador de la última moda»,
1902. Fonte: Hemeroteca Dixital da
Biblioteca Nacional de España.

É moi improbable que fose tomada en 1906 por ser o ano no que se usaba a saia «corselete» e sobre todo porque pola fig. 12 sábese que as tiñan, polo que se supón que as usarían durante esta temporada. Polo longo das chaquetas que levan tamén se pode descartar que sexa dos anos nos que se usaba o «traxe princesa».

En conclusión, a fotografía puido ser tomada ou ben entre 1902 (non antes, pois as saias dese momento aínda eran máis longas por atrás que por diante por herdanza do polisón) e 1904, momento no que xa se establece definitivamente o longo que se ve na fotografía, ou ben poden ser tomadas entre 1907, cando se deixa de levar a saia «corselete» e 1908-1909, cando se comeza a usar o «traxe princesa».

Dona Joaquina como modelo

Chapeus e toucados, luvas, zapatos, abanos, bolsos de man, camisas móbiles, medias, cintos, panos, parasoles... Os accesorios son unha parte indispensable do vestiario feminino, do mesmo xeito que as xoias e outros adornos que contribuían a realzar a beleza das mulleres e dos seus vestidos (FRAGUAS FERNÁNDEZ, 2018: 25). Así, a presenza ou ausencia dos mesmos tamén nos aporta información, sobre todo en persoas desta clase social. No caso da fotografía de Dona Joaquina (fig. 16), que se sabe que é de 1902 porque aparece escrito na mesma, aprécianse a moda en canto a peiteados dese momento, que tamén recolleron as revistas da época (fig. 17).



Fig. 18.- Fotografía na Fonte Florentina Parque do Pasatempo. Fonte: Arquivo da Asociación de Amigas do Parque do Pasatempo.

Os parasoles foron outro elemento fundamental no traxe deste período. Os clásicos foron os de cor branca, que se usaban sobre todo para o campo e a praia, pero houbo dous tipos máis: a marquesa e a antucás. En cada tipo de evento habería que usar un parasol específico, adecuándoo á idade de quen o levaba e ás cores do seu vestiario. Nas figs. 18 e 19 pódese observar o uso do parasol branco tanto por parte de Joaquina coma da súa nai, María, en ambientes de paseo polos xardíns do seu Parque do Pasatempo e na Fonte Florentina. Como se pode ver na fig. 20, as revistas de moda difundiron as novidades en canto a parasoles, sobre todo nos números de primavera e verán (PASALODOS SALGADO, 2013: 686 - 688).

Como é de supoñer, á hora de elixir un atavío, era recomendado conxuntar o parasol co sombreiro para que non desentoase (PASALODOS SALGADO, 2013: 686). Así, na fig. 18, unha das damas combina o parasol co sombreiro, complemento básico na indumentaria da muller decimonónica que tivo que adaptarse necesariamente ó tipo de toucado requirido en cada momento. Estes eran imprescindibles para o exterior, os seus deseños, formas e tamaños eran do máis variado; atopábanse entre os materiais máis comúns para a fabricación o feltro, a palla e o veludo, complementados con veos, tules, encaixes, flores e lazos, froitas e mesmo paxaros disecados e plumas de avestruz, marabú ou perdiz, que encarecían considerablemente o prezo dos chapeus (FRAGUAS FERNÁNDEZ, 2018: 26).

Malia que a prensa recolle algún comentario de mulleres que se amosan partidarias de, cando menos, despoxarse do sombreiro, ata os anos 20 ningunha muller se atrevera a non seguir esta norma de etiqueta, rompéndoa por vez primeira «Las sinsombrero» (BALLÓ, 2016: 32 y 33).

A razón máis lóxica pola que se pode pensar que as mulleres da familia García Iribarne non usaron o sombreiro nestas fotografías é porque se atopaban na súa finca privada entre a familia máis nuclear: na figura 18 aparecen Joaquina, o xoven Juan Jesús, Águeda



Fig. 19.- Fotografía de Joaquina e un rapaz nos xardíns do Pasatempo. Fonte: Arquivo da Asociación de Amigos do Parque do Pasatempo.



Fig. 20.- La moda elegante. Traxe de verán con parasoles, 1911. Fonte: Hemeroteca Dixital da Biblioteca Nacional de España.



e María. Na fig. 19, retrátase a dona Joaquina cun mozo diferente ó da fotografía anterior, polo que se pode pensar que era o seu marido, Arturo Martínez Baladrón.

5. O TRAXE DAS CLASES TRABALLADORAS EN BETANZOS

A fotografía que abre a análise do traxe tradicional galego na comarca das Mariñas retrata un Enterro en Oza dos Ríos (fig. 21). Por tratarse dunha fotografía dun entorno rural, as persoas que aparecen nela visten o traxe tradicional galego. A este tipo de ocasións, os asistentes levaban roupas coas mesmas feitura que as que usaban na súa vida diaria, pero procuraban que estivesen o máis limpas e no

Fig. 21.- Enterro en Oza dos Ríos. Fonte: Arquivo Municipal de Betanzos.



Fig. 22.- Obras no ferrocarril de Betanzos (1908-1910). Fonte: Arquivo Municipal de Betanzos.

mellor estado posible, polo que estes traxes se poderían enmarcar dentro dos usados «para os domingos» (GONZÁLEZ PÉREZ, 2005: 49-50).

A presenza de certas modernidades, sitúaa arredor do 1900. Son os traxes os que permiten facer esta datación aproximada: as modernidades que se advirten na vestimenta, coma o uso de mantóns no caso das mulleres e da boina vasca nos homes (RODRIGUEZ ÁLVAREZ e QUIÑONES VÁZQUEZ). As mulleres, por estar no ámbito litúrxico, cobren a cabeza ademais de co pano, cunha manteleta⁴, que normalmente sería de baeta ou pano negro.

Obras do ferrocarril (1908-1910)

Nas fotografías de moda aparecen diferenciados os tipos de traxes que deberían usar as damas de clase alta en función do evento de ocio ó que acudían, pero esta non era unha opción para as mulleres de clase traballadora. Na fotografía das obras do ferrocarril (fig. 22), que tiveron lugar entre 1908 e 1910 vese outro uso diferente do traxe, neste caso para traballar, pero, sen embargo, a indumentaria diferenciase moi pouco da fotografía do enterro de Oza dos Ríos.

A figura documenta como as mulleres traballan ó carón dos homes con roupa aparentemente igual á que usan en momentos de lecer. As saias manteñen o longo e hai que ter en conta que non levarían bragas nin ningunha outra prenda que protexe os órganos xenitais⁵, simplemente unha camisa que lles cubría ata os xeonllos, sobre a que poñían os refaixos.⁶ Este foi un problema común ás mulleres traballadoras en toda Europa, que intentaron engadir unha protección ou vestir pantalóns en traballos coma a minaría, na construción ou nas fábricas téxtiles (BARD, 2012: 173). É moi probable que a maioría da xente representada sexa do medio rural, polo tanto, o traxe dos labregos e labregas que vivían na periferia das vilas era tamén de tecidos industriais.



Fig. 23.- Praza do Campo, discurso do ex-presidente da Primeira Republica D. Nicolas Salmeron, 1907. Fonte: Arquivo Municipal de Betanzos.

Fotografía na praza do Campo do Discurso de Salmerón, 1907

Na fig. 23 aprecíase unha multitude de xente, en xeral do común, cun traxe que xa se podería considerar de época: panos da cabeza caídos e saias de tecidos industriais. Polo contexto da imaxe, o uso sería o mesmo ca no Enterro de Oza dos Ríos, por tratarse dun evento importante na vila de Betanzos. Neste caso, a multitude de xente permite ver a diferenza entre o traxe de adultos e nenos, apreciable no primeiro termo da fotografía. Segundo as informantes, o cambio de indumentaria de crianza a adulto tiña máis implicacións sociais que simplemente a estética. En palabras de Sara (GARCÍA GONZÁLEZ, 2017), a vestimenta de adulta viría ó cumprir os 18 ou 19 anos, momento no que se deixaba de usar calcetíns para vestir medias. O uso de medias implicaba que as rapazas puidesen ir ás foliadas, manifestación de ocio e de encontro da xuventude da contorna. Segundo a informante, isto tamén se aplicaba á asistencia á misa, que como se explicou no caso da fig. 21, tiña uns códigos de vestiario específicos.

Asilo dos Irmáns García Naveira, 1912

Continuando o tema da música e baile tradicional como forma de ocio é interesante analizar a fig. 24, na que aparecen as anciás do asilo dos Irmáns García Naveira bailando a ribeirana⁷. Pola indumentaria, entre o público está unha persoa de clase social máis alta. As retratadas usan para bailar a súa roupa de diario, xa con tecidos industriais e os panos da cabeza caídos. O uso do pano como se ve na fotografía é algo raro no caso dunha muller de avanzada idade en 1912, pois a muller galega sempre levou a cabeza cuberta



Fig. 24.- Anciás do Asilo dos Irmáns García Naveira bailando a ribeirana (1912).
Fonte: Arquivo Municipal de Betanzos.

porque levar o cabelo á vista fóra da casa era considerado de mulleres de mala reputación. (SÁENZ-CHAS DÍAZ, 2019: 110 - 113). A explicación desta posición do pano pode ser semellante á de por que non levaban sombreiro María e Joaquina nas fotografías no Parque do Pasatempo: atopábanse nun ambiente doméstico en certo modo, porque as anciás son usuarias do asilo.

É interesante reparar no traxe que usan para bailar, pois co imaxinario actual cabía esperar que bailasen co traxe folclórico. A diferenza é que o bailar e cantar tradicional neste momento non incluía o concepto de espectáculo que ten implícito na actualidade. Para as mulleres da fotografía era a súa forma de ocio e na festa que facían non había espectadores, senón que todo o mundo era partícipe e creador da foliada. Polo tanto, usan a súa roupa diaria para bailar e tocar porque é a súa forma de divertimento (LAMAS VARELA, 2019).

Rúa Roldán por Ruth Matilda Anderson, 1926

A imaxe (fig. 25), tomada por Ruth Matilda Anderson unha década despois ou incluso máis, é o produto dun estudo etnográfico que pretendía mostrar a forma de vida en Galicia. Os retratados xa non visten o traxe tradicional, senón que a xente leva posto o traxe que se denominaría de época. As feituraxas son distintas, xa non son as que se pasaron de xeración en xeración, por iso non sería correcto chamarlle tradicional, porque é algo moderno. Aínda así, vemos pezas tradicionais, coma as zocas, das que tamén se conservan exemplos no Museo das Mariñas (fig. 26). Este calzado que seguiuse usando ata ben entrado o século XX, cando na maioría dos casos se substituíron por catiúscas (FERRO, 2017).



Fig. 25.- Fotografía de Ruth Matilda Anderson da Rúa Roldán, 21 de xaneiro de 1926. Fonte: <https://www.afundacion.org/es/agenda/evento/unha-mirada-de-antano.-fotografias-de-ruth-matilda-anderson-en-galicia.-bet>



Fig. 26.- Zocas do Museo das Mariñas. Fonte: Páxina web do Museo das Mariñas.



Fig. 27.- Dengue do traxe das Mariñas de Dona Matilde «A Torreira». Fonte: Páxina web do Museo das Mariñas.

6. O TRAXE FOLCLÓRICO EN BETANZOS

Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán foron as figuras de folcloristas máis significativas do país. Pode que no recordo quedasen elas como folcloristas porque tradicionalmente, as mulleres son as depositarias do folclore, dos cantares tradicionais, de fiada, as que elaboraban o traxe etc. No caso de Rosalía, amosa en *Cantares Gallegos* (1863) ter un profundo coñecemento da poesía popular galega de tradición oral, dos seus temas, das súas formas e dos seus recursos que adquiriu con labores de recollida de material co seu marido Manuel Murguía (VILAVEDRA, 2013: 340) e do que deixou mostras de recolección e transcripción (LAMA LÓPEZ, 2013: 585). Este libro saíu á luz nun momento no que as clases letradas, fillas do espírito romántico, se interesan a fondo polo folclore e, dentro deste, polo saber popular e pola poesía de tradición oral (ALONSO MONTERO, 2013: 311).

Emilia Pardo Bazán tamén pertencía a este colectivo, sendo fundadora da Sociedad de Folklore Gallego en 1884, que tiña como ambición crear arquivos de tradicións e traxes. Escribiu tamén artigos en diversas revistas de temática folclorista (ALLAVENA, 2010: 266, 271). Nas súas pescudas sobre a indumentaria tradicional, deixou estudos do traxe da Comarca das Mariñas que, se comparamos cos conservados no Museo de dita comarca, como é o caso do que pertenceu a Dona Matilde «A Torreira» (fig. 27) ou os depositados pola familia Vázquez-Camino (fig. 28), correspóndese co relatado pola condesa.

Pero aún cuando presumen, con razón, las muradanas, por su elegante arreo, de llevarse la palma en Galicia, pienso que el traje clasico de gallega es el usado por las mujeres de mi país, las mariñanas. Lucen estas dengue de escarlata orlado de negro terciopelo y sujeto atrás con plateado broche; el justillo de fuerte drogué, se escota sobre la chambra de lienzo con flojas mangas y puños de curiosa manera fruncidos; el soberbio mantelo⁸ no cede en riqueza a otro alguno y se ata atrás con cintas de seda de charros colorines; bajo la falda del mantelo se ve media cuarta de saya de grana y se entrevé un dedo de refajo de amarilla bayeta y el zapato de cuero con lazadas de galón azul; ciñe su cuello la gargantilla de filigrana y cubre sus hombros el pañuelo de blanca muselina, prólijamente rameado.⁹

Malia ser as dúas folcloristas, ambas vestían coa roupa á moda internacional, como facían as García Naveira e tampouco se coñecen fotografías delas vestindo o traxe tradicional galego, pero si que se sabe que á hora de recrear as pezas de vestir que recollían adaptábanas ó seu status social, collendo o patrón tradicional da peza pero confeccionándoa con tecidos ricos. As novas prendas que crearon, polo tanto, eran folcloristas, non tradicionais. (SANJURJO YÁÑEZ, 2019)



Fig. 28.- Traxe das Mariñas da Familia Vázquez-Camino. Fonte: Páxina web do Museo das Mariñas.



Fig. 29.- Irmandades da Fala de Betanzos coa bandeira, 1918.
Fonte: Arquivo Municipal de Betanzos.

Fotografía dos Xogos Florais e das Irmandades da Fala de Betanzos de 1918

Na fig. 29, tomada en 1918, aparecen as integrantes da Irmandade da Fala de Betanzos, fundada en 1916. Existe testemuño de que no ano 1918 se celebraron uns Xogos Florais nos que houbo un notable éxito:

Os Xogos Florais betanceiros realmente trascendentes foron os de 1918. Dous anos antes constituíranse as Irmandades da Fala que contaron deseguida cunha dinámica organización en Betanzos, creada por iniciativa de Francisco Vales Villamarín. Fixo o discurso, como mantedor, Vázquez de Mella. A presidencia do tribunal foille encomendada a Don Manuel Murguía. Foi un acto moi solemne. Os premios entregáronse no Teatro Alfonsetti. Acompañaron as autoridades locais o marqués de Figueroa e o alcalde da Coruña, e a Raiña e a súas damas vestían o traxe típico galego. E rematouse coa interpretación do Himno Galego pola Banda Municipal e cantado pola maioría dos presentes ¹⁰.



**Fermosas nenas que compuxeron a Corte d' Amor no-s
Xogos Froraes, tendo por fondo a bandeira da «Irman-
dade da Pala» donada pol-o Conselleiro honorario
D. Federico Pita Espelosin.**

*(D' esquerda a dreita: Anita Fernández, Pilar Suárez,
Polores Aparicio, Joaquina Iglesias-Reina-, Gloria Suárez y-Elvira Varela.)*

Fig. 30.- Raíña das festas e corte do amor, 1918.
Fonte: [http://anuariobrigantino.betanzos.net/AB_completos/
1918_xogos_froraes_de_betanzos_arquivo_municipal_de_betanzos.pdf](http://anuariobrigantino.betanzos.net/AB_completos/1918_xogos_froraes_de_betanzos_arquivo_municipal_de_betanzos.pdf)

Nas crónicas do acontecemento relátase o novidoso de que a Corte do Amor e a raíña das festas vestisen co traxe folclórico en eventos como este (fig. 30). Os xornais fixéronse eco deste acontecemento, coma o diario *El Orzán*, que publicou ó día seguinte que a raíña, Joaquina Iglesias e a súa corte Ana Fernández, Pilar Suárez, Gloria Suárez, Lola Aparicio e Mercedes Carril «*Visten todas de campesinas gallegas y forman un grupo encantador*». (VALES VÍA, 2013: 443, 454)

O vestiario das damas é moi semellante ó usado polos coros históricos, e dada a estreita relación entre as Irmandades da Fala e ditos coros, esta escolla de indumentaria non debería resultar tan infrecuente. Débese ter en conta que o afán reivindicativo e dignificador da lingua, da música e do folclore do pobo galego, era unha idea que compartían ambas institucións, o que facilitou a súa converxencia en moitos momentos. Así, moitos *irmandiños* promoveron, cantaron, tocaron, bailaron, actuaron, representaron teatro, pertenceron á masa asociada ou fixeron parte da directiva dos coros. Ademais, era algo habitual pechar os espectáculos dos coros cantando o himno galego e tamén a presenza da bandeira coa franxa azul celeste cos nomes e escudos de cada coro (ÍNSUA, 2019: 63, 65), ámbolos dous, elementos que se sabe que estiveron presentes nos Xogos Florais do 17 de agosto de 1918.

En canto ó traxe, na fig. 29 todas as mulleres e mais dous homes visten o denominado traxe folclórico, mentres que os oito homes da parte traseira visten un traxe cosmopolita correspondente coa moda contemporánea. O uso deste vestiario para a celebración dos Xogos Florais de 1918 correspóndese coa construción do traxe feminino, influenciada polo folclorismo literario e as pezas de roupa que recrearan as burguesas para «vestirse de galegas» no século XIX.

O traxe das mulleres tiña como base principal o conxunto formado polo dengue e o mantelo a xogo; ó mantelo podíase engadir un mandil por enriba ou substituírse por el. Estas pezas estaban feitas de pano de la, con rodos de veludo ou de damasco e adornadas con agremáns bordados de abelorios de vidro.

A roupa elegante do traxe tradicional feita de tecidos sofisticados e de calidade vestírase por enriba da roupa cosmopolita que levaban as señoritas e, por ende, da súa roupa interior. Así, como se comentou anteriormente, o dengue poñíase sobre a camisa, eliminando o mantón¹¹ de longos flocos. Na parte inferior levaban o refaixo, e por riba del, o mantelo, normalmente adornado con agremáns a xogo co dengue. Nas pernas levaban medias finas e o calzado era un zapato de corte salón con tacón, apropiado para o escenario, como se ve no caso da raíña e da corte (fig. 30).

As damas da fotografía levan na cabeza unha cinta de lazo anoada na parte superior, toucado inventado polo folclorismo, que levaron coros coma *Cantigas da Terra* ou *Cantigas da Mariña*. Sábese que é unha invención do folclorismo porque, como xa se comentou anteriormente, na sociedade tradicional galega, non levar a cabeza cuberta era considerado de mulleres de mala reputación. (SÁENZ-CHAS DÍAZ, 2019: 110 - 113)

Como nesta ocasión o uso destes traxes enmarcábase en momentos de exaltación patriótica, por iso moitas señoritas de cidades e vilas e labregas das casas máis ricas rescataron das arcas das súas nais e avoas os traxes que vestiran nos eventos máis especiais da súa vida, coma no seu casamento. Por tanto, sería moi probable que a Fig. 29 e a Fig. 30 fosen tomadas o 17 de agosto de 1918.



Fig. 31.- Gaiteiros na praza de touros da Coruña, 1907. Fonte: Arquivo Municipal de Betanzos.



Fig. 32.- Gaiteiro e tamborileiro, Betanzos, 1926. Fonte: Libro *Fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia. Unha mirada de antano*, catálogo da exposición (Coruña, 2016) Afundación, p. 100.

Gaiteiros na praza de touros da Coruña, 1907

Na Fig. 31, que data de 1907, aparecen uns gaiteiros na praza de touros da Coruña e o seu interese reside no uso folclorista do traxe polas clases sociais baixas. Neste caso, a fotografía non é de Betanzos, pero foi seleccionada porque o gaiteiro é «O Cafú», un coñecido gaiteiro de Coirós. O oficio de gaiteiro, coma moitos outros traballos rurais, era exercido a tempo parcial por labregos como complemento á súa actividade agrícola ou calquera outro oficio.

A roupa que poñían para ir tocar a gaita non era a mesma que a que empregaban na vida cotiá: usaban mouteiras altas con bordados de cores, chalecos coas costas adornadas, chaquetas e calzóns a xogo con botóns de prata e remontas de veludo, faixas bordadas e polainas con borlas ou pompóns. Trátase dun traxe folclorizado porque era o que identificaba o gaiteiro, que moitas veces ía a xogo co tamborileiro e co resto dos músicos da formación, como é o caso da imaxe analizada. Na Fig. 32, pode apreciarse que os traxes tiñan cores rechamantes, fomentando que o gaiteiro fose un personaxe recoñecible.

Os traxes da Fig. 31 correspóndense co esquema que sigue o traxe masculino dos coros: camisa branca, chaleco, chaqueta por riba, faixa na cintura, calzón curto que deixa



Fig. 33.- Ruth Matilda Anderson co traxe de mariñana, 1926. Fonte: Libro *Fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia. Unha mirada de antano*, catálogo da exposición (Coruña, 2016) Afundación, p. 339.



Fig. 34.- Mantelo das Mariñas fotografado por Ruth Matilda Anderson. Fonte: *Fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia. Unha mirada de antano*, catálogo da exposición (Coruña, 2016) Afundación, p. 338.



Fig. 35.- Partes do traxe das Mariñas baseado na fotografía de Ruth Matilda Anderson.

ver as cirolas¹², polainas de pano e zapatos. A peza máis significativa é a monteira, que no caso mariñán era de altura intermedia con presiñas de veludo e montas de seda (SÁENZ, 2019: 108 - 109). O traxe que leva o músico que toca a caixa corresponderíase co fotografado por Ruth Matilda Anderson en xaneiro de 1926 (fig. 32).

Unha americana vestida de mariñana, 1926

Por último, analizarase o traxe tradicional das Mariñas a través das fotografías de Ruth Matilda Anderson. Xunto co de Muros, é un dos traxes que máis sona rexistran, tamén porque foron os que se usaron durante máis tempo e nas casas conserváronse polo seu prestixio (RODRIGUEZ ÁLVAREZ e QUIÑONES VÁZQUEZ, 2020).



Fig. 36.- Traxe das Mariñas na Exposición de Madrid 'Exposición del traje regional'. Fonte: Hemeroteca Dixital da Biblioteca Nacional de España.

Na Fig. 33, aparece unha muller, que facendo unha comparativa fotográfica sería a propia Anderson facendo de modelo. Os elementos do traxes das Mariñas que viste son: cofia, camisa, dengue, bobiné, zagal¹³ e mantelo¹⁴ (fig. 34). Trátase dunha fotografía de estudo na que unha modelo viste o traxe folclórico. A colocación das prendas do traxe non se correspondería temporalmente, pois a cofia non se usaría co bobiné, por desaparecer a primeira a finais do século XIX (fig. 35); despois da desaparición da cofia, pasou a usarse o pano. (SOUTO PICO, 2003: 95)

Esta foto forma parte da serie das que fixo da roupa tradicional galega que viña de volta a Galicia, logo da exposición de traxes rexionais feita en Madrid no ano 1925. Encargada pola Hispanic de New York, concertou a visita a Betanzos co pintor Fernando Álvarez de Sotomayor, director desta exposición de Madrid, para facer fotos das prendas (fig. 36).

7. CONCLUSIÓN

Dende o século XIX tomouse consciencia de que o denominado folclore -como conxunto da sabedoría, tradicións e costumes propios de Galicia- estaba en perigo de desaparecer. Para evitar esta extinción as clases sociais adañeiradas fixeron a súa propia interpretación destas manifestacións culturais, considerando aquelas tradicións en perigo algo alleo e integrándoo dentro dos seus comportamentos sociais conforme ós seus gustos.

Para conseguir que o folclore non desapareza debemos tomar conciencia da nosa responsabilidade como último relevo deste corpus de coñecemento que chega ata nos. Como sociedade do presente, debemos respectar o que se nos transmite, adecualo á nosa realidade social e transmitilo ás xeracións futuras. Debemos tratar as tradicións e as músicas como algo noso, algo propio. A aplicación disto no uso do traxe supón consideralo portador dunha identidade e non un disface ó que se lle poden poñer e quitar elementos.

Os coros e os folcloristas fixeron do ocio dos nosos devanceiros un espectáculo cunha carga patriótica, pero para as señoras do asilo que bailaron a ribeirana, era unha forma de divertimento, razón pola cal cando a bailaron usaron a súa roupa do día a día. As

nosas músicas e bailes non deixaron de ser unha parte do ocio dos galegos e a día de hoxe pódese asistir a unha foliada e bailar un maneo con vaqueiros e tenis.

Por tanto, que lugar debería ocupar o traxe tradicional a día de hoxe? Noutras culturas, coma a asiática, o traxe tradicional ten unha carga solemne, forma parte do protocolo, e render homenaxe ó legado dos nosos antepasados nas celebracións e actos dos nosos persoeiros máis importantes quizais sexa a forma de pagar a débeda que temos con eles.

ANEXO: PARTES DO TRAXE TRADICIONAL

MULLER

Agremán: Adorno de pasamanaría en forma de fita, usada para adornos e gornicións de gargantillas, dengues, muradanas, mantelos, mantelas etc. e outras pezas de gala (SOUTO PICO, 2003: 78).

Bobiné: Pano branco de liño fino cunha falla, usada polas mozas nos días de festa, atado polas súas dúas puntas dianteiras sobre o peito e caído sobre os ombros e as costas, chegando até máis abaixo da cintura (SOUTO PICO, 2013: 81). O seu nome provén de bobbinet machine, unha máquina de bobinas que facía o tule bordado mecanicamente imitando o encaixe. O seu uso, fora do disfrace burgués e dos foros ferrolan e coruñés, apenas está documentado, polo que parece ser unha peza engadida ao traxe polo folclorismo. (SÁENZ-CHAS DÍAZ, 2019: 115)

Cofia: Touca branca de liño fino, batista, tule bordado ou encaixe branco de forma rectangular suxeita por un fío de liño, unha fita de seda ou un lazo de amplas caídas por detrás con que, nas ocasións de festa, as mulleres cubrían a cabeza e a adornaban, quer recollendo o cabelo, quer enfiando por ela a trenza e deixándoa caer polas costas (SOUTO PICO, 2013: 95).

Dengue: Especie de capa pequena de baeta ou pano que se prolonga polos ombros para diante, cruzándose sobre o peito e se prende nas costas á altura da cintura cun broche de prata ou outro metal (SOUTO PICO, 2003: 99).

Mandil: Peza de roupa de encima feito de múltiples materiais e usado dependendo do tipo, como protección ou adorno ora sobre a parte frontal da saia da cintura para abaixo (tamén chamado máis frecuentemente mantela, avantal, devantal etc.) ora sobre os ombros e o dorso do corpo (tamén chamado mandil de picote, mantelo, candil etc.) (SOUTO PICO, 2013: 112).

Manteleta: Peza de pano negro en forma de semicírculo que cae desde a cabeza até a cintura da muller e lle serve para entrar na igrexa e se abrigar nos días de moito frío (SOUTO PICO, 2003: 114).

Mantelo mariñán: Mantelo acampanado de pano sedán negro ou castaño, que se cinxe á cintura cun broche de prata ás costas que pode ter forma de concha de peregrino. Pola cintura é ribeteado cunha fita de cor e francido para lle dar máis roda. Por abaixo e pola abertura traseira ten unha franxa xeralmente de veludo negro liso adornado con bordos de pasamanaría con acibeche ou de veludo labrado negro ou azul-mariño (SOUTO PICO, 2003: 116).

Mantelo: Avantar ou mandil (ou especie de saia aberta) de pano e xeralmente de cor castaña, verde escura, azul mariño ou negra, que cobre a saia ou refaixo case por

completo (á excepción da parte posterior, xa que vai aberto detrás, e a beira inferior), suxeito/cinxido á cintura por medio de broches posteriores (SOUTO PICO, 2013:115).

Mantón: Pano grande usado como complemento, xeralmente cadrado, vestido solto, sen atar, por encima dos ombros e o lombo, dobrado en triángulo pola diagonal e dobrado polo medio para vestir a modo de chal, feito de diversos tecidos e feitura, de cores ou negro para cerimoniais relixiosas. (SOUTO PICO, 2013: 117)

Refaixo: Peza de roupa de muller de baeta (no traxe de festa) ou la, lenzo ou xeralmente candil ou picote (para o traxe de diario) tinxido de negro, encarnado con franxas de veludo negro, con roda amplo (SOUTO PICO, 2003: 133).

Zagal: Saia interior xeralmente de baeta amarela que remata un pouco por encima do tornecelo, usado no traxe de festa da muller das Mariñas (SOUTO PICO, 2013: 143).

HOME

Calzón: Peza de roupa do home que cobre o abdome inferior e as pernas até o xeonllo, xeralmente provida de aberturas laterais nas perneiras, abotoadas ou fechadas con cordón, que deixan ver os calzoncillos. Podía ser de pano ou pardomonte ou, para gala, de pana. Esta peza procede directamente do que era empregado no século XVIII, por todas as clases sociais segundo a moda do momento, e que xa se viña usando dende séculos atrás, cambiando a súa anchura e lonxitude dependendo dos gustos de cada época (SOUTO PICO, 2003: 84).

Calzón curto: Esta peza procede directamente do que era empregado no século XVIII, por todas as clases sociais segundo a moda do momento, e que xa se viña usando dende séculos atrás, cambiando a súa anchura e lonxitude dependendo dos gustos de cada época.

Chaleco: Peza masculina xeralmente sen mangas feito de moi diversos materiais, con ou sen lapela, provido dunha ou dúas fileiras de botóns e xeralmente abrochado a un lado, que se pon por riba da camisa (SOUTO PICO, 2003: 90).

Chaqueta: Peza de vestimenta exterior de ambos os sexos que cobre o tronco, de mangas longas e aberta por diante, mais que xeralmente se pode fechar con botóns, descendendo un pouco abaixo da cintura, vestíndose xeralmente por encima da camisa (SOUTO PICO, 2003: 92).

Cirolas: Especie de calzón amplo de roupa interior masculina, xeralmente feito de lenzo de cor branca que cobre da cintura até aproximadamente o xeonllo, vestido por debaixo do calzón ou do pantalón (SOUTO PICO, 2013: 94).

Faixa: Banda de la fina de cor azul, encarnada, tella, mostaza, negra etc., que dá varias voltas arredor do corpo pola cintura, podendo os flocos dun dos extremos pendurar no lado dereito (SOUTO PICO, 2003: 102).

Monteira: Toucado característico do home galego, xeralmente alto e triangular aínda que podía ser de moitas e variadas formas conforme a zona, feito de felpa, saial, baeta ou pano negro, ribeteado ou cuberto de veludo de cores vivas ou de pano sedán (SOUTO PICO, 2003:119).

Polainas: Cobertura do pé e da perna até o xeonllo, con forma de tubo cunha abertura lonxitudinal, sen sola, cinxida por unha fileira de botóns na cara externa da perna e vestida xeralmente por encima da media (SOUTO PICO, 2003: 131).

NOTAS

³ O seu prezo variaba da calidade das telas e do prezo adornos, polo tanto permitiu estar á moda usando a mesma feitura pero variando estes elementos.

⁴ **Manteleta:** Véxase anexo das partes do traxe tradicional de muller.

⁵ Os pololos, as enaguas e as camisas de lenzo chegaron a formar parte do traxe tradicional a raíz de que as burguesas se vestisen co traxe tradicional por enriba da súa roupa de moda internacional e, por conseguinte, por riba da súa roupa interior, por ser esta última parte un factor diferenciador entre as clases sociais (SAENZ-CHAS DÍAZ, 2019: 111).

⁶ **Refaixo:** Véxase anexo das partes do traxe tradicional de muller.

⁷ **Ribeirana:** Nome que se lle da á muiñeira vella nas zonas costeiras. Trátase dun baile case ameazador (implica un galanteo enérxico), no que o home fai gala (metaforicamente) da súa forza mediante punto moi vistosos con saltos, bater de castañas e zapateados, movéndose cos brazos ben altos e coas palmas abertas ou cos puños pechados, mentres que a asoballada muller adopta unha actitude submisiva mirando para o chan, cos brazos baixos e sen segui-los puntos que el bota, limitándose a pequenos desprazamentos laterais ou a debuxar un círculo ou oito arredor del na volta. Ten unha estrutura fixa: descanso, punto e volta. O home pode bailar con varias mulleres á vez e aínda que bailen varias parellas, fano separadamente. Neste caso o baile non segue a música, senón que os tocadores fan coincidir os seu toques coas evolucións dos bailadores. (CAMAFEITA LONGA, 2001: 161 - 162)

⁸ Véxase Fig. 33.

⁹ SÁENZ-CHAS DÍAZ (2019): pp. 114.

¹⁰ VALES VÍA (2013): pp. 451.

¹¹ Véxase o anexo do traxe tradicional feminino para a definición das palabras dengue, mantelo, mandil, agremán e mantón.

¹² Véxase o anexo do traxe tradicional masculino para a definición de monteira, chaleco, chaqueta, calzón, calzón curto, faixa, polainas e cirolas.

¹³ Véxase anexo das pezas do traxe para as definicións de cofia, bobiné, zagal e mantelo.

¹⁴ Véxase descrición do traxe das Mariñas de Emilia Pardo Bazán.

BIBLIOGRAFÍA

- A moda en detalles. Indumentaria e complementos 1870 – 1925* (2018): catálogo da exposición (Pontevedra, 2018). Museo de Pontevedra, Pontevedra.
- ALLAVEMA, Josette (2010): «La Galicia de Emilia Pardo Bazán (La Coruña 1815 – Madrid 1921)». En SALAS DÍAZ, Miguel, HEIKEL, Susana e HERNÁNDEZ-ROA, Gerardo (Eds.): *Actas del XLV Congreso internacional de la AEPE. El Camino de Santiago: Encrucijada de lenguas y culturas*. Gráficas Varona, Salamanca, pp. 263-280. [https://cvc.cervantes.es/ensenanza/biblioteca_ele/aepe/congreso_45.htm Consulta de 25-02-2020]
- ALONSO MONTERO, Xesús (2013): «Para unha interpretación integral da obra rosaliana: a ‘questione della lingua’, o problema da(s) lingua(s)». En: ÁLVAREZ, Rosario, ANGUEIRA, Anxo, DO CEBREIRO RÁBADE, María e VILAVEDRA, Dolores (Eds.): *Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada*. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, pp. 301-334. [<http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=2> Consulta de 27-02-2020]
- ARTOLA BLANCO, Miguel (2014): *El fin de la clase ociosa: De Romanones al estraperlo, 1900-1950*. Alianza, Madrid.
- BALLÓ, Tania (2016): *Las sinsombrero: sin ellas, la historia no está completa*. Espasa, Barcelona.
- BARD, Christine (2012): *Historia política del pantalón*, Tusquets Editores S.A., Barcelona.
- BRISSET MARTÍN, Demetrio E. (1999): «Acerca de la fotografía etnográfica», en *Gazeta de Antropología*, Jaén. [<https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1222897> Consulta de 26-02-2020]
- CAMAFEITA LONGA, Olga M. (2001): *A música popular en Galicia. Glosario monolingüe*. Universidade de Vigo, Vigo. [<https://www.regueifa.org/archivos/PROXECTO%20OLGA%20CAMAFEITA.pdf> Consulta de 25-02-2020]
- CASTRO RAMIL, Bibiana e LLANA, César (2004): «Imaxes de Galicia no primeiro tercio do século XX. Homenaxe a Xaquín Lorenzo Fernández». En: *Imaxes de Galicia: Fotografía etnográfica (Homenaxe a Xaquín Lorenzo)*. Catálogo da exposición (Santiago de Compostela, 2004). Xunta de Galicia, pp. 217-238.
- FERRO, Elena (2017): *EFERRO. Unha zoquería contemporánea*. Conferencia impartida no curso «Cando o efémero se eleva á categoría do sublime» na Facultade de Xeografía e Historia de Santiago de Compostela o 19 de xuño de 2017.
- GARCÍA GONZÁLEZ, Sara. Entrevista realizada polo grupo Punto e Volta en Santiago de Compostela, 2017. [<https://www.youtube.com/watch?v=mcuV8n4XjaI> Consulta de 13-02-2020]
- GÓMEZ GÓMEZ, Alicia; GONZÁLEZ RODAO, Carmen e PACHECO, Mª José (coord.) (2010): *Guía del Museo del Traje. CIPE*. Ministerio de Cultura, Madrid.
- GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (2005): *Historia do traxe en Galicia*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
Fig. 69. *Escenografía dos xardíns para O monte das Ánimas*. 1927. Camilo Díaz Baliño. Técnica: Papel maché coloreado. Medidas: 4,32 x 2,24 cm. Colección de Cántigas da Terra, A Coruña.



Fig. 70. *Belén da Igrexa de Ortigueira*. 1924. Camilo Díaz Baliño. © Iria-Friné Rivera Vázquez.

anteriores ao estudo do libro citado sobresaen os destinados a ópera *O monte das ánimas*, composta por Eduardo Rodríguez-Losada Rebellón. O arquitecto tomara os versos de Núñez Cepeda publicados en 1927, que recreaban a lenda relatada polo escritor e poeta romántico Gustavo Adolfo Bécquer (1836-1870). O compositor estreara e dirixira esta ópera o 6 de Maio de 1927 no Teatro Rosalía de Castro e logo, mais adiante, o 22 de Maio no Teatro Principal de Santiago. Os deseños foron encargados a Díaz Baliño quen ambientou a historia entre paisaxes xaponeses e edificacións que recreaban o Barroco de Placas. As paredes e detalles arquitectónicos estaban plasmados seguindo as formas planas e xeométricas propia deste estilo galego, mantendo unha correspondencia cos principios do Decó predominante (fig. 68). As cores estaban disposta segundo os contrastes cromáticos que os Ballets Rusos, con Bakst a cabeza, estableceran. Así gris e madeira clara combinábanse con vermellos Borgoña e azuis reais, mentres que os estilizados xardíns estaban proxectados con brancos glicínias e rosas de tinte viño (fig. 69). Contrastes cromáticos cos que xa experimentara uns anos antes, en 1924, cando realizara o *Belén* para a Igrexa de Ortigueira (fig. 70). Nel creara distintos planos mediante a suma de tons intensos, tanto de gamas frías e cálidas, pero mantendo un aspecto plano como se as leis da perspectiva non existiran. Os mesmo aplicou a esta escenografía, so que a grande escala.

Da obra que quedou mais documentación (pero non escenografía) foi *O Mariscal*. Tamén esta foi unha ópera adaptada por Rodríguez Losada, desta vez do libro *O Mariscal* que fora publicada por Lar en 1926. Escrito por Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte, o primeiro manuscrito do libro está datado en 1920 e foi finalmente nese ano cando a editorial




Fig. 71. *Capa de O Mariscal*. 1926. Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte, con ilustracións de Álvaro Cebreiro. Editorial Lar.



Fig. 72. *O Mariscal Pardo de Cela*. 1883. Manuel Ángel Álvarez. Técnica: Óleo sobre lenzo. Medidas: 2,27 x 1,26 cm. Colección da Deputación Provincial de Pontevedra.

publicou a obra enteira, ilustrada ademais por Álvaro Cebreiro (fig. 71). A obra teatral relata o contexto, a rebelión e a derrota de Pedro Pardo de Cela Aguiar e Ribadeneyra, coñecido como o Mariscal Pardo de Cela (1425-1483), en liña cos autores románticos británicos ou franceses que novelaban ou levaban ao teatro ou o verso a vida de figuras históricas nacionais (fig. 72). Neste caso tratouse de facer unha visión anovadora desta personalidade, para a cal encargouse novamente a Díaz Baliño que fixera tanto a escenografía como a caracterización dos personaxes. O estreo da obra tivo lugar o 31 de Maio de 1929 no Teatro Tamberlick en Vigo, sendo de novo dirixida polo propio compositor. Xa con maior influencia das artes escénicas rusas, o interesante deste caso é que a documentación que quedou permite observar como traballaba o artista; primeiro plasmaba a ambientación na que sucedería a acción, plasmándoa igual que un lenzo (fig. 73, 74 e 75). A partir de esta primeira imaxe realizaba unha serie de maquetas que permitira estudar as perspectivas e os efectos que podían aplicarse (fig. 76). (Díaz Baliño era un mestre na aplicación de efectos lumínicos. Para o *Belén de Ortigueira*, por exemplo, indicou que se puxeran luces vermellas onde os lumes pintados para que pareceran efectivamente fachos acesos).

Se isto facíase en canto a escenografía, nos personaxes o artista seguiu en parte as descrições deixadas por ambos escritores. Por outra parte fixo emprego de numerosos detalles que deran veracidade a historia, pois Díaz Baliño a miúdo estudaba os espazos e a estilo dunha época para trasladar referencias xeográficas, artísticas ou estilísticas que



Fig. 73. Cadro para a escenografía de *O Mariscal*. 1929. Camilo Díaz Baliño. Fondo Isaac Díaz Pardo – Gaiás, Santiago de Compostela. Fig. 74. Fotografía do lenzo para o primeiro cadro de *O Mariscal*. 1929. Camilo Díaz Baliño. Fondo Isaac Díaz Pardo – Gaiás, Santiago de Compostela. Fig. 75. Fotografía do lenzo para o terceiro cadro de *O Mariscal*. 1929. Camilo Díaz Baliño. Fondo Isaac Díaz Pardo – Gaiás, Santiago de Compostela. Fig. 76. Fotografía do lenzo para o derradeiro cadro de *O Mariscal*. 1929. Camilo Díaz Baliño. Fondo Isaac Díaz Pardo – Gaiás, Santiago de Compostela. Fig. 77. Deseño do vestiario e caracterización do personaxe da Raza para *O Mariscal*. 1929. Camilo Díaz Baliño. Fondo Isaac Díaz Pardo – Gaiás, Santiago de Compostela.

resultaran evocadoras, o mesmo que Bakst. Isto é palpable no seu *Belén da Grande Obra de Atocha* (1923) como tamén nesta ópera. O artista foi particularmente sagaz na representación dun personaxe cun papel curto pero transcendental: a Raza. Tanto Cabanillas como Villar Ponte deixaran unha descrición cumprida de cómo era esta personificación, e



Fig. 78. *Canto do arrieiro*. 1927. Camilo Díaz Baliño. Medidas: 31 x 23 cm. Colección do Coral de Ruada, Ourense. Fig. 79. *Alalá do Cebreiro*. Camilo Díaz Baliño. Medidas: 32,8 x 23,2 cm. Colección do Coral de Ruada, Ourense. Fig. 80. *Utreja*. Camilo Díaz Baliño. Medidas: 33 x 25,3 cm. Colección do Coral de Ruada, Ourense. Fig. 81. *O canto das chirimías da Catedral de Santiago*. Camilo Díaz Baliño. Medidas: 30,5 x 23 cm. Colección do Coral de Ruada, Ourense.

Fig. 82. *Escena alegórica final*. 1929. Camilo Díaz Baliño. Medidas: 32,8 x 23,2 cm. Colección do Coral de Ruada, Ourense.

Díaz Baliño así a plasmou: como unha grande dona sabia, co poder dos séculos e a gloria da inmortalidade (fig. 77).

Xa completamente integradas na esfera dos Ballets Rusos son as escenografías para o Coral de Ruada de Ourense. Entre 1927 e 1929 Díaz Baliño realizou as distintas escenografías para que serviran de marco para os cantos e danzas da compañía. Das escenografías conserváronse as pinturas preparatorias e as fotografías que logo fixo a Coral por Sudamérica entre 1930 e 1931. As cinco pinturas non so presentan unha total evolución do seu estilo, senón que en moitos aspectos cumpren coas premisas especificadas por Bal y Gay. *Canto do arrieiro* (fig. 78) -coa referencia ao primeiro cadro de *O Mariscal*- mostra un bosque de piñeiros nunha luz crepuscular, que servira para os cantos tradicionais recollidos pola Coral. *Alalá do Cebreiro* (fig. 79) ao igual que a anterior



Fig. 83. *Detalle da escena alegórica final*. 1929. Camilo Díaz Baliño. Colección do Coral de Ruada, Ourense.




Fig. 84. *Carta de Vicente Risco a Camilo Díaz Baliño*. Fondo Isaac Díaz Pardo. Gaiás, Santiago de Compostela.




Fig. 85. Apuntamento a man alzada de Risco da escenografía para a obra de Brecht «Tambores de noite» (1919). Fundación Vicente Risco, Allariz.




Fig. 86. Segundo apuntamento de Risco a man alzada da escenografía para a obra de Brecht «Tambores de noite» (1919). Fundación Vicente Risco, Allariz.

obra, servía para ambientar os cantos e música do alalá, que Díaz Baliño situou no Cebreiro recreando o panel esquerdo do *Tríptico dos Homes de Brigantía*. *Eultreja* (fig. 80) mostraba a chegada a Catedral de Santiago por Platerías, mentres que *O canto das chirimías da Catedral de Santiago* (fig. 81) servía como unha visión gloriosa da catedral románica en plena celebración. O clímax final chega coa *Escena alegórica final* (fig. 82) na que aparecía un dolmen chantado tras un carballo, sobre o cal flota o Grial rodeado das sete cruces. A




Fig. 87. *Escenografía do pórtico da Catedral de Santiago para Ultraja! 1935.* Camilo Díaz Baliño. Material: Papel maché coloreado. Medidas: 6,78 x 6,22 cm. Colección Cántigas da Terra, A Coruña.



Fig. 88. *Escenografía do interior da Catedral de Santiago para Ultraja! 1935.* Camilo Díaz Baliño. Material: Papel maché coloreado. Medidas: 4,48 x 4,84 cm. Colección Cántigas da Terra, A Coruña.



Fig. 89. *Velocidade* (cabeza para o automóbil *Victoria*). 1928. René Lalique. Material: Cristal. Técnica: Masa presada. Colección privada.



Fig. 90. *Ilustración do Aire*. 1936. Camilo Díaz Baliño. Fondo Isaac Díaz Pardo – Gaiás, Santiago de Compostela.

escena aparece ao pes do Pico Sacro, mentres unha constelación de estrelas brilla na noite. Esta imaxe bebe de varias iconografías cultivadas polo propia artista: a anta que aparecía xa en *Galicia Artística*, nos trípticos citados e nas versións da *Ara Gael*. O Grial coas sete cruces disposta na *Ara Gael* de 1924 e nas capas que fixera para *A Nosa Terra*, así como o Pico Sacro que fora evocado nos escritos de Risco.

A influencia dos Ballets Rusos vese en varios aspectos; de novo aparecen as combinacións cromáticas plenas de vitalidade, pero neste caso o artista recrea cores que son propias da Natureza Atlántica. O detallismo que caracterizaba a Bakst tamén está presente, como pode apreciarse por exemplo nas cruces bordadas en fío de ouro (fig. 83). Un elemento que logo sería trasladado a escenografía a tamaño real, o cal daría maior calidade plástica ao cadro co intre no que os fíos entrarán en contacto coa luz. Debe de terse en conta que cada un dos elementos simbólicos estaban dispostos de tal xeito que foran engadidos ou retirados segundo o ritmo das cancións e as danzas. Desta maneira víase como un todo, perfectamente integrado en canto a verba, acción e xesto. Xa Risco comprendera que este Díaz Baliño sería quen de condensar unha linguaxe simbólica que servira como rostro pioneiro (fig. 84.). Neste punto o artista, ao igual que a compañía de ballet rusa, levaba coa escenografía a enerxía vital dun estilo nutrido ao longo dos séculos e da tradición popular. E, ao igual que os rusos, era capaz de establecer unha simbiose entre a arte galega e a arte europea, aportando un senlleiro senso do ritmo caracterizado pola axilidade, a graza e o enxeño.

Díaz Baliño estaba interesado, como moitos dos seus coetáneos, no que estaba a producirse na arte rusa e centroeuropea. Un exemplo disto son os apuntamentos que Risco tomou durante a súa viaxe en 1930 por París, Berlín, Viena e Praga. Deixou bocetos das escenografías expresionistas as que acudiu (fig. 85 e 86), así coo as súas impresións sobre o teatro e cinema que estaba a presenciarse. Desta maneira enténdese o ambiente cultural galego no que movíase Díaz Baliño.

Unha das escenografías mellor conservadas foi a executada para a ópera *Ultreia!*. Ao igual que as anteriores fora composta por Rodríguez-Losada en 1935, coa referencia do libro de Armando Cotarelo do mesmo título publicado en 1932. O seu estreo tivo lugar no Teatro de la Zarzuela en Madrid. O conservado desta escenografía é a portada da catedral

románica de Santiago (fig. 87), a través da cal podía verse a consagración do Grial (fig. 88). As cores, como viña sendo nas outras obras, definíanse pola intensidade e polo contraste. Pero neste caso resulta moito mais finas, mais sutís e mais definidas. Tendo en conta as datas nas que foi feita, estas pezas son froito de tres cuestións: o estudo do libro dos teatro ruso -palpable dende 1928-, a continuación das liñas establecidas polos Ballets Rusos -que desaparecera en 1929 cando Diagheliev morrera en Venecia- e a influencia do Decó, que seguiría ata 1939 (fig. 89) e no cal inseriuse o seu estilo nesta época (fig. 90).

Así a dinámica da estrutura interna, os xogos da paleta de cores, o simbolismo, o coidado estético de tódolos elementos para crear unha obra de Arte total fora por fin conseguida. En base a xerar obras de teatro de base literaria dende 1926 o reactivo de textos como os de Bal y Gay, a presenza dos Ballets Rusos en artigos como os de Montes, a composición dunha estética galega en liña cos movementos artísticos europeos dende Risco, xeraron un contexto no cal a obra de Díaz Baliño resultou unha das facetas mais belas e significativas da revolución estética galega que tivo lugar nesta época, e que lle deu un lugar tan único como pioneiro.

BIBLIOGRAFÍA

Fontes primarias

- Bal y Gay, J. (1924): *Hacia el ballet gallego*, Madrid, Ronsel.
- Cabanillas, R. (25 de Xullo de 1923): O Cabaleiro do Sant Grial (saga). *Terra*, pp. 5-10.
- (1988): *Na noite estrelecida*, Vigo, Xerais.
- Elliot, K.J. (2014): *René Lalique. Enchanted by glass*, New York, The Corning Museum of Glass - New Haven and London, Yale University Press.
- Mackenzie, A. (2013): *Diana Vreeland. Empress of Fashion*, London, Thames and Hudson.
- Montes, E. (1 de Novembro de 1922): Estética da Muiñeira. *Nós*, pp. separables.
- (1 de Decembro de 1922): Estética da Muiñeira. *Nós*, pp. separables.
- (1 de Xaneiro de 1923): Estética da Muiñeira. *Nós*, pp. separables.
- Parton, A. (2010): *Goncharova. The art and design of Natalia Goncharova*, Suffolk, Antique Collectors Club.
- Scheijen, S. (2010): *Diaghilev. A life*, London, Profile Books.
- VV.AA. (2001): *Sissi. Isabel de Austria*, Milán, SilvanaEditoriale.
- (2000): *Infinite variety. The life and legend of the Marchesa Casati*, London, Pimlico.
- (2011): *The cult of Beauty. The Aesthetic Movement 1860-1900*, London, Victoria & Albert Publishing.
- (2012): *El arte de Cartier*, Madrid, Fundación Colección Thyssen-Bornemisza.
- (2014): *Sonia Delaunay*, London, Tate Britain.

Fontes secundarias

- Cantz, H. (2013): *Vasily Kandinsky. From Blaue Reiter to the Bauhaus*, New York, Neue Galerie. Museum for German and Austrian Art.
- Chaney, L. (2012): *Chanel. An intimate life*. London, Penguin Books.
- Hughes, G. (2014): *Resisting Abstraction. Robert Delaunay and Vision in The Face of Modernism*, The University Chicago Press, Chicago.
- Lemaire, G-G. (2000): *The Orient in Western Art*, Potsdam, H.F.Ullman.
- Lucie-Smith, E. (1990): *Art Deco Painting*, Oxford, Phaidon.
- Prettejohn, E. (2007): *Art for Art's Sake, Aestheticism in Victorian Painting*, New Haven & London, published for The Paul Mellon Centre for Studies in British Art by Yale University Press.
- Risco, V. (24 de Febreiro de 1912): La conferencia de Castelao, *El Barbero municipal*, p. 1.
- (15 de Novembro de 1918): Do noso filósofo. Prosas galeguistas. Para «A Nosa Terra». *A Nosa Terra*, p. 4.
- (15 de Nadal de 1918): Prosas galeguistas. V. *A Nosa Terra*, pp. 5-6.
- (15 de Abril de 1919): Versos novos (Cántiga para acompañar co pandeiro, Balada de mal cristián e Interior o Gaston La Touche). *A Nosa Terra*, p. 2.
- (25 de Maio de 1919): Prosas galeguistas. *A Nosa Terra*, pp. 2-3.
- (15 de Xunio de 1919): Literatura extranxeira. Traducións de V. Risco. Xan Arturo Rimbaud. *A Nosa Terra*, p. 3.

- (5 de Xulio de 1919): Prosa de Risco. O druidismo no século XX. *A Nosa Terra*, p. 1.
- (5 de Agosto de 1919): Xente nosa. Euxenio Montes. *A Nosa Terra*, p. 4.
- (15 de Agosto de 1919): Xente de fora. Max Jacob. *A Nosa Terra*, p. 4.
- (25 de Agosto de 1919): Da nazionalización galega. Cosmopolitismo e universalismo. *A Nosa Terra*, p. 5.
- (25 de Outono de 1919): Estórea e crítica. Nuno Gonçalves i-a pintura galego-portuguesa do quatrocento. *A Nosa Terra*, pp. 8-9.
- (15 de novembro de 1919): Nuno Gonçalves i-a pintura galego-portuguesa do quatrocento. *A Nosa Terra*, pp. 7-8.
- (1919-1922): *Ordem Galega do Graal*, Dossier sobre a cultura galega, 29.667/10, Fondo Ricardo Palmás, Arquivo do Reino de Galicia, A Coruña.
- (1 de Xaneiro de 1920): Nuno Gonçalves i-a pintura galego-portuguesa do quatrocento. *A Nosa Terra*, pp. 4-5.
- (25 de Febreiro de 1920): U...ju juu...(poema futurista). *A Nosa Terra*, p.8.
- (20 de Marzo de 1920): Notable disertación de Vicente Risco. Arte nova. *A Nosa Terra*, pp. 1-6.
- (10 de Maio de 1920): Crítica literaria. Letras portuguesas. *A Nosa Terra*, pp. 1-2.
- (20 de Agosto de 1920): Letras nosas e alleas. Letras galegas en Francia. Valle-Inclán ultraista. Euxenio Montes. *A Avant-garde catalana. A Nosa Terra*, pp. 5-6.
- (15 de Abril de 1921): Lírica nova. O vento pasa. O mar cantou. *A Nosa Terra*, p. 6.
- (7 de Xaneiro de 1922): O artista, o home. *La Zarpa*, p. 1.
- (1 de Abril de 1922): Prosas de Risco. A cencia y-os mitos. *La Zarpa*, p. 1.
- (15 de Xulio de 1922): Prosas de Risco. De «mais alá» e mais do «foulard». *La Zarpa*, p. 1.
- (22 de Agosto de 1922): *Carta a Camilo Díaz Baliño*, Fondo Isaac Díaz Pardo, CB11156563 IDP – MS – 6 (15/62), Gaiás, Santiago de Compostela.
- (15 de Febreiro de 1931): Da Alemaña. II. -O Rhin. *Nós*, pp. 10-19.
- (15 de Outubro de 1932): Da Alemaña. IV. Museus de Berlín. *Nós*, pp. 14-21.
- (1981): *La Centuria*. Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- Rose, C. (2014): *Art Nouveau Fashion*, V&A Publishing, London.
- Seoane, L. (1973): *Comunicacións mesturadas*. Vigo, Galaxia.
- VV. AA. (Xaneiro – Febreiro de 1935): Vicente Risco, explica la leyenda de Graal. *Raza celta*, p. 10.
- (1998): *The Fashion Book*, London, Phaidon.
- (2000): *Furniture. From Rococo to Art Deco*, Evergreen.
- (2010): *Gustave Moureau and The Eternal Feminine*, Melbourne, The National Gallery of Victoria.
- (2012): *Gauguin y el viaje a lo exótico*, Madrid, Fundación Colección Thyssen-Bornemisza.
- (2012): *Van Gogh to Kandinsky. Symbolist landscape*, London, Thames and Hudson.

DISCOGRAFÍA

- Strawinsky: Le Sacre du Printemps. Bartók : Konzert für Orchester*. 1964-1966. Director : Herbert Von Karajan. Orquesta: Berliner Philharmoniker. Discografía: Deutsche Grammophon Gesellschaft.
- Tschaikowsky . Ballettsuiten. Dornröschen - Schwanensee - Nussknacker*. 1967-1972. Director: Herbert Von Karajan. Orquesta: Berliner Philharmoniker. Discografía: Deutsche Grammophon.
- Maurice Ravel. Bolero. Daphnis et Chloé. Suite N°2. Claude Debussy. La Mer. Prélude à l'après-midi d'un faune*. 1965-1966. Director: Herbert Von Karajan. Orquesta: Berliner Philharmoniker. Discografía: Deutsche Grammophon.

WEBGRAFÍA

- Victoria and Albert Museum (15 de Abril do 2020): *Léon Bakst – design for the ballet*. (Arquivo do vídeo). <https://www.vam.ac.uk/articles/1%C3%A9on-bakst-design-for-the-ballet>
- Filmografía.
- MacGibbon, R. (2008): *The Sleeping Beauty*. Royal Opera House. London: Opus Arte.
- (2011): *La Bayadère*. Royal Opera House. London : Opus Arte.
- (2017): *Giselle*. Royal Opera House. London : Opus Arte.
- Protasoni, T. (2004): *Swan Lake*. Ballet and Orchestra of the Teatro alla Scala. Halle: Arthaus – Musik.
- Rodolf Nureyev (26 de Abril do 2020): *L'après-midi d'un Faune*. <https://www.youtube.com/watch?v=m7b1FkZYarU>

Campio: un santo das catacumbas en Galicia.

O seu culto en Entíns (Outes) e Figueiró (Tomiño)

CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ*

Sumario

San Campio sobresa entre todos os santos procedentes das catacumbas que se veneran en Galicia. Os seus restos atópanse na igrexa de Entíns (Outes - A Coruña), pero tan concorrida como esta romaría, é a que se celebra en Figueiró (Tomiño - Pontevedra). Da súa vida non se sabe nada, agás do que constaba nunha inscrición que había na tumba: que se chamaba *Kampio*, que foi a muller quen a mandou poñer -non figura o nome-, e que finou o 7 das calendas de febreiro (23 de marzo), pero tampouco consta o ano. A partir de 1795 en que chegaron os restos a Entíns, enviados de Roma polo cardeal Francesco Saverio de Zelada, argallouse unha haxiografía totalmente fabulosa: o nome da esposa, que tiveron tres fillos, e que os cinco foron martirizados (malia que na lápida non se di como finou Campio) o ano 306, durante as persecucións do emperador Diocleciano.

Abstract


Saint Campio stands out among all the saints of the Roman catacombs who are venerated in Galicia. His remains are found in the church of Entíns (Outes - A Coruña), but just as popular as this *romaría* is that which is celebrated in Figueiró (Tomiño - Pontevedra). Nothing is known about his life except what is described in an inscription found in the grave: that his name was *Kampio*, that it was his wife who ordered the inscription — her name does not mentioned, and that he died on the 7th of the Kalends of February (March 23th), though the year is not mentioned. In the year 1795, when his relics arrived at Entíns, sent from Rome by cardinal Francesco Saverio of Zelada, an entirely fictitious hagiography was concocted containing his wife's name, the fact that they had three children, and the fact that the whole family had been martyred (though the gravestone doesn't state how Campio died) in the year 306, during the persecutions of the emperor Diocletian.

I. OS SANTOS DAS CATACUMBAS

O ano 1578 uns obreiros descubriron por casualidade a primeira catacumba de Roma. Decontado xa se supuxo que todos os que alí descansaban eran mártires cristiáns, malia que o enterrar deste xeito non fose exclusivo dos que practicaban esta relixión, nin tampouco da capital do imperio. Dende entón localizáronse na cidade e contorna máis de 60 cemiterios subterráneos con centos de tumbas, dos que se poden visitar os de san Calisto (o máis interesante, onde recibiron sepultura 16 papas), san Sebastián, santa Inés, santa Domitila e Priscila.

Durante o goberno dos emperadores Decio (249-251) e Valeriano (253-260) ordenouse a confiscación destas necrópoles co pretexto de que se celebraban xuntanzas nelas, ata que ao finar o segundo quedou outra vez libre o uso. Poucos anos máis tarde, Diocleciano (284-311) fixo o mesmo, ao tempo que ordenaba a persecución dos cristiáns, aínda que na última época da vida deixou o acceso e utilización como antes.

* **Clodio González Pérez** é académico correspondente da Real Academia Galega, membro do Padroado do Museo do Pobo Galego, Cronista Oficial do concello de Cenlle (Ourense), etc. Autor de varios libros e traballos de investigación. Premio nacional «a la mejor labor continuada en prensa» do Ministerio de Cultura (1984, 1985, 1986 e 1987); de investigación da Deputación de Pontevedra (1987 e 1992); de investigación etnográfica «VII Romaría Etnográfica Raigame» (con X. R. Marín) da Deputación de Ourense - Concello de Celanova; premio «Lois Peña Novo, 2013», «pola súa traxectoria vital como investigador no campo da etnografía e da historia de Galicia», etc.



O primeiro plano da catacumba de san Calisto, de onde proceden os restos de san Campio (A. Bosio: *Roma Sotterranea...*, Roma, 1632).

Non se sabe de certo ata cando se mantivo o seu recordo, pero hai constancia que entre os séculos IX ao XI existiu comercio destas reliquias (Bouza, 1990: 27). En adiante non se volve falar delas ata o 31 de maio de 1578, en que, como queda dito, uns obreiros que se dedicaban á extracción de materiais silícicos (*puzzolana*) para elaborar cemento, descubriron a entrada do *Coemeterium Jordanorum* (cemiterio dos Xordanos) na rúa Salaria, que axiña estudou o dominico andaluz Alonso Chacón (Alphonsus Ciacconus), ao que dedicou a obra, aínda inédita, *De Coemeterriis vetustis Urbis Romae...*

Máis coñecidos son os traballos do arqueólogo Antonio Bosio (1575-1629), levados a termo tamén nos anos inmediatos ao descubrimento, que en 1600 xa publica a vida e paixón de santa Cecía, Valeriano, Tiburcio, Máximo e dos papas Urbano e Lucio, baseándose no achado das reliquias (Bosio, 1600). Con todo, a obra que lle deu máis sona foi *Roma Sotterranea*, publicada tres anos despois do seu pasamento (Bosio, 1632).

Decontado empezaron os papas e outros xerarcas da Igrexa a permitir a exhumación destes defuntos e a exportalos por todo o mundo como reliquias de santos mártires, a pesar de non saber se o eran (hainos posteriores ao edicto de Milán), nin tampouco como se chamaban. No último caso bautizaban os restos e dábanlles un nome (os *battezzati*, como din os italianos), relacionado dalgún xeito co cristianismo, como *Fidelis, Felix*,

Placidus, Iustus, Clementis, Candidus, etc., por mencionar só algúns dos existentes en Galicia.

Tamén eran moi apreciados os obxectos que había dentro do sepulcro, dos que se cría que estaban relacionados coa tráxica morte do finado ou finada (non sempre era doado coñecer o sexo), en particular o vaso que se achaba de par dalgúns, coñecido polo *vas sanguine* ou *vitreae sanguine*, e dicir, o recipiente onde os familiares ou amigos recolleran o seu sangue o día do martirio (Bouza, 1990: 121 ss.).

As primeiras discrepancias verbo destas identificacións xurdiron ao pouco do descubrimento, das que sobresaen as do xesuíta e historiador toledano Juan de Mariana (1536-1624), que afirmaba: «se engañan los que juzgan que en las catacumbas todos los huesos son de Martyres, y mucho mas los que persuadidos desta opinion los sacan y los ponen en las yglesias como reliquias» (Ciro, 1905: 421), pero, sobre todo, as de Jean Mabillon (1632-1707), monxe francés da congregación beneditina de san Mauro, que baixo o pseudónimo de Eusebius Romanus dirixiu unha carta a un imaxinario *Theophifilum Gallum*, na que ademais de poñer en tea de xuízo que todos os enterrados sexan mártires, disinte que o vaso ou redoma conteña o seu sangue (Mabillon, 1698).

Para a maioría dos investigadores actuais, os devanditos recipientes non son máis que unguentarios de perfumes, pero como en todos os temas dos que a documentación é escasa ou inexistente, polo de agora o único que pode proporcionar algunha luz é a propia tumba se non foi profanada e conta con inscrición.

A Igrexa fixo caso omiso das críticas e continuou exhumando cadáveres e repartíndoos por todo o mundo, ata que nos primeiros anos da segunda metade do século XIX decidiu prohibir as extraccións.

1. Santos das catacumbas en Galicia

Ao longo de máis de 250 anos saíron destes cemiterios centos de restos de supostos mártires, para o que xa existían empresas en Roma encargadas de exhumalos e de facer os relicarios e as urnas. Aínda que non todos chegaban coa mesma presentación ao centro relixioso ou á persoa que os recibía: nuns casos eran só os ósos colocados nunha caixa, e noutros ocultos dentro dunha imaxe de forma humana de pasta encerada, con cabelo natural, vestimenta «da época» (enténdase, romana), armas cando se trataba de home (case sempre se cría que foran militares), e recostada ou deitada dentro dunha urna, máis ou menos artística e coa fronte de vidro.

Segundo din, os países onde hai máis son, por esta orde, Italia, México e Alemaña. Nalgúns centros xuntaron tantos que nun só mosteiro chegou a haber 155, como no italiano do Corpus Domini de Forlì.

Nos casos que mandaban só os ósos, estes permaneceron así ata os nosos días ou foron depositados dentro dunha imaxe-relicario de madeira de feitura semellante ás que viñan de Roma. Moito máis raro era que os adornasen con ricas roupas e abundante pedrería, como varios que se poden ver en Alemaña e Austria (só a basílica alemá de Waldsassen posúe dez), dos que algúns xa non reciben culto e outros foron destruídos ou consérvanse fóra da visión dos fieis (Koudounaris, 2013).

En Galicia temos documentados polo de agora os seguintes santos e santas procedentes das catacumbas, aínda que pode haber algúns máis, sobre todo en poder de particulares:

1) Só os restos óseos:

- San Vitorio, catedral de Santiago de Compostela, 1789.

2) Os ósos dentro dunha figura humana deitada e esta nunha urna, ambas as dúas construídas aquí:

- San Vicente, convento de santa Clara de Pontevedra, 1826.

- San Xusto, igrexa de Bemil - Caldas de Reis, 1831.

- San Cándido, igrexa de san Miguel dos Agros - Santiago, 1843.

- Santa Constancia, igrexa de san Miguel dos Agros - Santiago, 1843.

3) Os restos ocultos nunha figura humana ou so parte, feita de pasta, deitada ou recostada, protexida dentro dunha urna, todo procedente de Roma (nalgúns casos non é seguro que a urna actual sexa a orixinal):

- San Campio, igrexa de Entíns - Outes, 1795 (a urna que se conserva agora data de 1801, obra do escultor Xosé Ferreiro).

- Santa Orícera, convento das carmelitas descalzas de Santiago, 1796.

- San Fidel, igrexa de Carril - Vilagarcía de Arousa, 1817.

- Santa Plácida, igrexa de Rubiáns - Vilagarcía de Arousa, 1825.

- San Pexerto, igrexa de Bucións - Carballedo, 1830.

- San Clemente, exmosteiro de san Martiño Pinario - Santiago (c. 1830).

- San Silviniano, exmosteiro de san Martiño Pinario, 1844. Dende 1861 no convento de san Paio de Antealtares, os dous en Compostela.

- Santa Minia, primeiro en Cádiz e dende 1848 en Brión. Ao comezo estivo exposta na igrexa parroquial e agora no seu santuario (a urna actual non é a orixinal).

- San Clemente, capela das reliquias da sé de Tui. Exhumado antes de 1864, na catedral dende 1985¹.

- San Fiz, capela do pazo de Leboráns - Trasmonte - Ames².

Santa Minia e san Campio foron os que acadaron máis notoriedade de todos, tan axiña e de tal xeito que no *Cuestionario del Folk-lore Gallego*, que se redactou en 1883, as dúas romaxes xa figuran entre as máis concorridas de Galicia (*Cuestionario...*, 1885: 28). No tocante aos demais hai de todo: varios reciben culto nas parroquias onde se achán os restos (san Xusto, san Fidel, santa Plácida, san Pexerto...), outros están expostos nas igrexas (san Cándido, santa Constancia, santa Orícera...), e dalgún xa ninguén se lembra (san Fiz do pazo de Leboráns).

II. SAN CAMPIO EN GALICIA

1. O cardeal Celada (ou Zelada) e a parroquia de Entíns

A historia de san Campio comeza cando está a piques de rematar o século XVIII, ao nomear o papa arcebispo de Santa Tasia (santo Ourente de Entíns - Outes)³, capital do arcebispoado de Trastámara -ou Trastamar-, unha das dignidades da igrexa compostelá, ó cardeal Francesco Saverio de Zelada (Francisco Javier Agustín José de Celada Rodríguez), nado e falecido en Roma, o 27 de agosto de 1717 e o 19 de decembro de 1801, respectivamente. Os biógrafos afirman que procedía dunha nobre familia española, de pai

murciano, Juan Jacinto⁴, e de nai oriúnda de Asturias, Manuela, e que o proxenitor exercía en Roma de intermediario entre a administración eclesiástica española (a coroa e as dioceses) e a pontificia, negocio que tamén mantivo o fillo (Candel, 2006; Pérez Martín, 2010: 574)⁵.

Desempeñou importantes cargos na Santa Sé: arcebispo titular de Petra, secretario da Sagrada Congregación do Concilio, prefecto da Biblioteca Vaticana, cardeal dende o 19 de abril de 1773, secretario de estado, etc. (Moroni, 1861: CIII - 460 a 469). Fomentou a investigación e foi o fundador do observatorio astronómico do colexio romano.

Non hai constancia que estivese algunha vez en España, mais dende 1769 gozou aquí de varios beneficios eclesiásticos e dun soldo por parte do goberno, do que estaba moi ben visto dende a intervención que fixo a prol da supresión da Compañía de Xesús. Ademais de arcediogo de Santa Tasia, tamén foi nomeado cóngo das catedrais de Sevilla e Córdoba, membro da irmandade do cabido da de Toledo, etc. (Pérez Martín, 2010: 575-577).

Zelada sobresaíu como coleccionista de antigüidades e bibliófilo. Ao seu pasamento, os libros impresos (máis de seis mil) pasaron á Biblioteca do Vaticano (Moroni, 1861: CIII - 469), e os manuscritos, por decisión de seu, á catedral de Toledo, dos que unha parte están dende 1869 na Biblioteca Nacional de España, por incautación do goberno da I República. En particular á sé compostelá mandoulle un pontifical pequeno (Pérez Martín, 2010: 582).

Os cargos desempeñábaos outra persoa no seu nome, agás algúns de Roma. Por exemplo, a parroquia de Entíns era atendida por un crego ou vicario e, ademais, había un apoderado para administrar os bens: «le cobraba la renta de todo como amigo Amigo el Sr. Penitenciario Don Simon [Díaz] de Rabago» (*Libro becerro...*, 1748: 57). Este, ademais de facerlle chegar os beneficios, tamén o informaba das necesidades do arcediagado, entre as que unha era a construción dun novo templo en Entíns, ao que Zelada accedeu:

le ordeno dicho Sr. Cardenal redificase la Iglesia Parroquial y la adornase con retablos, é Imagenes devotas, estando todo concluido le abiso que para estar todo completo como dadiba de su mano solo le faltaba una Reliquia de aquella Sta. Ciudad, le respondió que a la primera ocasión le mandaria por mar, a la Coruña el Cuerpo de un St. Martir (Libro becerro..., 1748: 57).

As obras comezaron o 22 de marzo de 1784 e non rematarían ata dez anos despois, agás a cúpula que aínda foi en 1801 (o ano do pasamento do cardeal). Segundo consta nas catro



O cardeal Francesco Saverio (Francisco Javier) de Zelada Rodríguez, por A. Raphael Mengs, c. 1773 (*Museo Cívico*, Pistoia, Italia).



Igrexa parroquial de santo Ourente de Entíns un 29 de setembro, día grande da festa de san Campio.

pendentes da mesma, correu cos custos, pero cómpre entender que non é que el puxese os cartos, senón que foi á conta das pingües rendas que lle correspondía recibir polo cargo que ostentaba (García, 1918: XXXV-373):

Construiose a expensas del eminentísimo Sr. Dn. Francisco Xavier de Zelada, Arcediano de Sta. Tasia, Secretario de la Sacra Rota, Arzobispo de Petra, Cardenal de Roma, Secretario del Papa: sus apoderados Dn. Bernardo de Prado Ulloa i el licenciado Dn Simón Diaz de Ravago. Este penitenciario y aquel canónigo. Ambos en Santiago, siendo vicario Dn Vicente Ygnacio e Tuñas natural y vezino desta Parroquia, contribuíeron con los servicios los vezinos de esta Parroquia de Sant Orente (Iglesia, 1863: IV-15: 165; Mariño, 1999: II-41).

O edificio é de boa construción, dos últimos anos do barroco, que realza unha ampla escalinata de dobre rampla de acceso ao adro fronte á fachada principal, adornada a cada lado cun cruceiro. Os retablos e as imaxes son obra dun dos artistas máis soados daquela, o noiés Xosé Ferreiro, que se encargou en 1796 do do altar maior (hoxe en día desaparecido) e dos catro laterais, así como das imaxes de santo Ourente, san

Francisco Xabier (sen dúbida, por chamarse así o benfeitor), Virxe do Rosario, Dolorosa, Cristo, san Roque e Virxe do Carme, catro anxos adoradores e o cruceiro que se ergue no cemiterio por detrás do templo.

Como remate, o mesmo artista fixo a urna actual, barbaramente mutilada cando se substituíu o retablo que el tallara polo actual ecléctico, a fins do século XIX ou comezos do XX, de gusto neogótico e sen ningún mérito artístico⁶. Para encaixala por detrás do altar maior elimináronlle a parte ornamental superior de gusto neoclásico (emblemas militares, palmas, estandartes, querubíns, nubes...), como se pode comprobar polo gravado de Melchor de Prado Mariño realizado sobre un debuxo de Plácido Antonio Fernández de Arosa en 1798, do que se levan feito varias reimpresións, algunhas con pequenas modificacións⁷.

2. San Campio en Galicia: a curta estadía en Compostela

O 2 de marzo de 1794, segundo a «auténtica» (documento acreditativo que acompañaba a imaxe-relicario),

escrita en vitela con letras de oro, de que y varios colores era la orla, y lo demas escrito de tinta comun, qe. reconocida se halló ser del Em^o Sor. Cardenal Corsini firmada suya, y sellada con sus Armas, por que se acredita haver S. S. el Papa reinante concedido al Em^o Sor. Cardenal Celada el Cuerpo del Glorioso Martir S. Campio vestido, adornado, y colocado en una urna de madera bien cerrada (1795. San Orente..., 1795: s. f. -3r-).

Os restos procedían da catacumba de san Calisto, e cando llos entregaron ao cardeal, conforme a «auténtica», estaban preparados como se poden ver agora dentro dunha imaxe, sen faltar o vaso do sangue (*vitreo sanguine*) e unha copia da inscrición que debía haber na sepultura, xa que durante os case 1.500 anos que transcorreron entre a inhumación e a exhumación é imposible que se conservase unha táboa de madeira. Consonte coa mesma, mandouna poñer a esposa, pero non figuran o nome e o ano, só que finara o 7 das calendas de marzo (23 de febreiro).

O 22 de maio de 1795 a reliquia estaba en Santiago, despois de vir en barco de Roma e en carro dende o porto da Coruña. Non se levou directamente para Entíns, senón que se acordou que botase entre o 25 de maio e 3 de xullo no convento das carmelitas descalzas de Compostela, co gallo de que o administrador da prebenda do cardeal Zelada, Simón Díaz de Rábago, tiña no mesmo unha sobriña relixiosa. Aquí foi onde empezou a sonda de milagreiro do novo santo polos moitos prodixios que lle atribuían, ben aireados pola comunidade relixiosa que tratou que o deixasen no seu templo: «Quedamos con la Sta. embidia que Sn. Campio no fuese para Nosotras y se metiese en una aldea una cosa tan grande que en Nuestra Iglesia tendria mas beneracion por ser Ciudad» (*Libro becerro...*, 1748: 58). Para compensar ás monxas, o cardeal mandoulles dende Roma outro corpo das catacumbas en 1776, o de santa Orícera.

O día 25 de maio presentáronse no convento o arcebispo, Sebastián Malvar, varios cóngos, médicos e outras persoas, coa fin de proceder á apertura do caixón onde viñera a urna e revisar o seu contido. O primeiro que comprobaron foi que o santo descansaba recostado sobre unha cama con dúas almofadas de tea de prata

vestido a la heroica con su peto adornado del Lavaro, oro, y varias piedras; con calzones de raso liso color de rosa, y calzas a la Romana o a la heroica, y el cuerpo encogidas las piernas en aptitud de no haber a lo largo de la urna: Cara, cuello, y entrada de pechos parecian de pasta, y aquella estaba adornada de barba, y la cabeza de pelo rojo postizo: de la misma pasta parecia eran las Piernas, y Pies, y el intermedio de los codos a las manos, qe. estaban esqueletadas, y sus huesos, y de los dedos unidos con alambres, y metidos en unos guantes de hilo de plata, qe. se sacaron de ellos pa. este reconocimto (1795. San Orente..., 1795: s.f. -12v / 13r-).

Como se puido verificar, ademais dos ósos das mans (*esqueletadas*, é dicir sen cubrir coa pasta), tamén se acha do mesmo xeito o resto do corpo cuberto coa roupa:

Descosida, asi mismo parte de la ropa qe. adornaba, y cubria el cuerpo se observo, y vio, qe. era este un esqueleto de cuerpo humano; cuyas partes cubiertas con la ropa, igualmte. [igualmente] qe. alga. [alguna] de la cabeza, estaban unidas entre si mediante unos alambres, y las restantes cubiertas de aquella pasta qe. figuraba el rostro, pies, y piernas, y parte de los brazos humanos en un ser, o estado como natural en un cadaver (1795. San Orente..., 1795: s. f. -13r / 13v-)⁸.

Continúan coa descrición da vestimenta e demais obxectos, como o casco, o peto e o escudo adornados co lábaro ou crismón, a palma, un libro e

al largo del cuerpo una lanza enbuelta en una bandera de tafetan, y el cuerpo con un sable al parecer de madera y plateada la oja, y pendte. [pendiente] de la trasera de la urna una tabla de madera pintada de Azul metida en un marco de lo mismo dorada, y en ella gravada con letras de oro la siguiente inscripcion VII KAL. MAR. KAMPIO COLVXº DVLCISSIMA P. En la delantera, y frente a las manos se vio, y havia un vaso de vidrio con algas. [algunas] gotas de sangre pegadas a el; y haviendo S.E. mandado sacar de alli pa. reconozerlo, tubo la desgracia de quebrantarse en las bueltas qe. fue preciso dar al tornillo qe. lo aseguraba, y era aporquetado, pr. lo qe. se reconocieron sus pedazos y vio la respersion de la sangre, y echo esto de Ordn. de S. E. el mismo vaso, sus fragmentos fueron recogidos en otro de cristal qe. alli se trajo pa. este efecto, y colocado todo al pie del cuerpo (1795. San Ourente..., 1795: s. f. -13v / 14r-).

A representación iconográfica coincide coa maioría da dos santos das catacumbas: xacentes ou recostados, vestidos «a la romana», e cando se trata de homes, como se cría que foran militares, sempre acompañados de varias armas.


Antes do peche da urna, o arcebispo ordenou extraer varios fragmentos óseos cos que agasallou aos acompañantes, en particular eclesiásticos, dos que algúns darían orixe a santuarios dedicados ao santo, como o de Figueiró (o máis importante de todos), Buxán (Val do Dubra), Dodro, Fazouro (Foz) e Sarandón (Vedra). Aínda se sabe de máis reliquias, como unha que está na catedral de Santiago («Un hueso de S. Campio Martir», D. E. A. L., 1858: 175), e outra na igrexa de Santiago do Deán (A Pobra do Caramiñal)¹⁰.

A urna quedou exposta ao público no coro da igrexa, gañando dende ese intre 80 días de indulxencias, concedidos polo arcebispo, cantos rezasen diante dela un credo, pregasen pola exaltación da fe, a extirpación das herexías e a saúde dos monarcas. Durante os 39 días que permaneceu en Compostela pasaron polo convento centos de devotos, tantos que «no se cabia en la Iglesia con el gentio que llegaba hasta la Calle para berlo y que le tocan rosarios y medallas y cosas semejantes» (*Libro becerro...*, 1748: 58).

3. San Campio en Entíns

O relicario permaneceu no convento do Carme ata o venres 3 de xullo. Ese día, ás tres da mañá, saíu cara Entíns transportado por 56 veciños da parroquia que viñeran adrede a Santiago, acompañados por varios cregos e moitos devotos. No camiño fixeron varias paradas ou descansos, dos que o máis importante foi no pazo do Cotón, en Negreira, do que dá fe o notario e veciño de santo Ourente, Domingo Ferreyro:

en todo el transito era edificante el repique de las Campanas de las Parroqs. [parroquias] de las ymediaciones, siendo yndecible la concurrencia de todos los fieles, no solo p^a. adorar y reverenciar el Sto. sino p^a. aliviar el peso, que era de veinte arro. [arrobas]¹¹ a los feligreses de Entines, no permitiendolos a estos qe. le pusiesen mano asta los trmos. [términos] de su Parroquia. Haviendole rrecivido en el Puente Maceyra, áquellos devotos feligreses de alli y sus Cercanias con muchos aplausos devn. [devoción] y ternura, con notables dispendios de Coetes que siguieron asta la Casa del Coton, su dueño y adminis- traor. Don Francº. [Francisco] Vermudez de Castro, qn. [quien] tenia con la maor. [ma-



Santuarios de san Campio en Galicia (debuxo de X. R. Marín).

yor] decenzia, y mucha yluminaon. la Capilla de aquella Cassa, con concurrencia de muchos Sres. Abades, y ppnas. [personas] particulares de la circunferencia, quienes con el ynmenso Pueblo que seguia al Sto. Cuerpo, oyeron una Misa cantada (1795. San Ouren-te..., 1795: s. f. -30r / 30v-).

A comitiva chegou a Entíns de noite, acordándose non expoñer a urna ao público ata pola mañá:

El Domingo cinco del Presente Mes se colocó el Santo Cuerpo de San Campio en el Nicho que ya estaba preparado en el Altar Mayor habiendo metido en la Urna, antes de poner los

vidrios, la misma Auténtica que viene de Roma en el mismo cañoncito de oxa de lata despues Yluminado el altar se manifestó al Pueblo, que era ynmenso, el Santo Cuerpo con mucho jubilo, alegría y alabanzas (Bretal, 1980: 7).

A continuación celebrouse unha misa solemne, encargándose do sermón o párroco de Miñortos (Porto do Son), Juan Fernando Rodríguez Calderón, que fixo unha exhortación

muy piadosa, y eficaz, para persuadir a todos el debido aprecio, y beneraon. [veneración] que se debe tener al Santo Martir. Y los agradecimitos. con que deven vivir eternamte. p^a. con su buenechor el Emmo. Sor. Cardenal de Celeda, como Arzediano de esta Parroquia Dignidad de la Sta. Iglesia Metropolitana de Señor Santiago (1795. San Ourense..., 1795: s. f. -30v-; García, 1918: XXXV-376).

San Campio, como se pode ver, chegou a Entíns avalado pola estadía compostelá e por unha eficaz propaganda dos poderes taumatúrxicos do «corpo incorrupto» que viñera de Roma, crenza popular que se mantivo ata os nosos días, malia que non sexa máis que un relicario con parte do esqueleto dentro: «tenia Cabello y barba postiza, el rostro, brazos, y pies, de una pasta tan bien figurada que parecia Carne» (*Libro becerro...*, 1748: 57).

Axiña se empezou a falar de milagres, como da curación da muller dun avogado que lle deran po da reliquia diluído en auga e da dun sobriño do apoderado do cardeal.

III. QUEN FOI SAN CAMPIO?

Se damos por verdadeira a inscrición gravada en madeira que está dentro da urna (copia da que había no sepulcro), o único que se sabe de certo da súa vida é o pouco que consta na mesma:

VII. KAL. MAR. KAMPPIO
COIVX¹²DVLCISSIMAP.

É dicir: o 7 das calendas de marzo (28 de febreiro) puxo (ou dedicou) a Campio (este monumento, sepultura...) a súa amadísima esposa.

Como se pode ver, non constan: o nome da muller, se o defunto foi mártir ou finou de morte natural, nin o ano en que ocorreu. Polo mesmo, todo canto se diga máis que isto non deixa de ser pura ficción, sen outra pretensión que enganar aos devotos, que non teñen porque saber se o que se di dende o púlpito é ou non certo. Como, poñamos por caso, que sufriu o martirio no século III, no V, o ano 306 ou o 10 de febreiro do 306 (Cebrián, 1992: 127; Precado, 2002: 161; *Santuario...*, 2005: 2; *Santuario San Campio*, 2019).

1. Dúas pseudohaxiografías

Non obstante de se tratar do mesmo santo, cómpre falar de dúas vidas, mellor dito, haxiografías, acomodadas a cada un dos santuarios máis importantes onde se festexa: Entíns e Figueiró.

1.1. *San Campio de Entíns*

Segundo o párroco Jesús López Miguez, Campio (ou Kampio) non é máis que a forma galega do nome castelán Caralampio, que procede de *Kará* = alegría, gozo, e *lampio* =



San Campio na urna do escultor Ferreiro: gravado calcográfico de Melchor de Prado Mariño (Museo do Pobo Galego).

brillar, polo que significa «o que resplandece de alegría» ou «o iluminado pola felicidade». Dito isto bota man da haxiografía de Caralampio, do que afirma que é posible que fose perseguido polos xudeus e que o matasen, pero, «de todos modos, la historia nos lleva, mejor que a Antioquía, a la hora del martirio, a Roma, pues en la Ciudad Eterna, precisamente en el cementerio romano de San Calixto, fue donde se encontró la sepultura con los restos del Santo».

En particular de Campio (agora xa non é de Caralampio), logo de copiar a inscrición que se acha na urna, afirma que estaba casado e que «pudo haber nacido en Antioquía y avvicinarse en Roma posteriormente. ¿Sería militar o funcionario imperial?. Una pregunta a la que no podemos responder» (López, 2013: 11 ss.).

Da mesma opinión é o deán da catedral compostelá Manuel Jesús Precedo Lafuente, que ao referirse á reliquia que se venera na parroquia de Sarandón (Vedra), afirma que se trata do «nome galego de San Caralampio», do que tamén dá a etimoloxía, «O que brilla pola súa ledicia», e de seguido insire a haxiografía: soldado romano, «do que non se sabe

con seguridade do seu lugar de nacemento, pois algúns sitúano en Antioquía de Pisidia, e outros en Roma», que «sufriu o martirio na cidade de Roma no século V e foi soterrado no cemiterio de san Calixto. Xunto ós seus ósos, revestidos de cera, que se veneran na igrexa de Entíns, na Serra de Outes, hai un frasquiño co seu sangue» (Precedo, 2002: 161).

Non deixa de ser curiosa esta identificación baseada na semellanza dos nomes, e, aínda máis, o que Campio sexa en galego e Caralampio en castelán, cando o primeiro xa veu así «bautizado» de Roma¹³.

O resto da haxiografía non é «historia», senón «lenda», porque «la fantasía del pueblo quiso poner remedio a la pobreza de datos históricos sobre San Campio», como que naceu no lugar de Banzás (Entíns), que marchou a Roma como soldado, onde casou con Arquelaida, que tiveron tres fillos, e que os cinco morreron pola fe cristiá no tempo dos emperadores Diocleciano e Maximiano. Chama a atención que antes non se dixese nada da muller e dos fillos e que agora coincidan o nome e o número co que contan en Figueiró, feito que amosa que estes datos proceden da haxiografía argallada no santuario da orela do Miño (Bouza, 1990: 241; *Santuario...*, 2005: 2; López, 2013: 13).

A semellanza doutros santos populares, Campio rematou por ser natural ou ter vivido onde se venera ou preto, crenza moi favorable para o seu culto ao consideralo os devotos como un veciño máis esforzado, valente e santo.

Contan que antes lle medraba a barba, o cabelo e as uña, e, como o apóstolo Santiago, veu en barca de Roma a Padrón, e ata Entíns nun carro de bois, pero como o quixeron parar en Negreira tiveron que cambiar de camiño¹⁴. Como remate, tampouco faltan os que din que como soldado e patriota formou parte das hostes de Santiago na defensa de España, e ata que foi soldado ou xeneral nada menos que nas guerras de Flandres (López, 2013: 13).

1.2. *San Campio de Figueiró*

Aquí tamén existe unha parte «histórica» e outra «lendaria». A primeira coincide coa de Entíns, tendo en conta que a romaxe miñota xurdiu grazas a un dos anaquiños óseos extraídos polo arcebispo Malvar en Santiago de Compostela en 1795. Segundo di, contra o ano 1807, Cayetano Ramos deulle a un tío que era crego un fragmento da reliquia que posuía Teresa Arcay Góngora, veciña do Ferrol, que chegara a el por medio dun tal señor Peña, que foi a que deu orixe ao culto do santo en Figueiró. Posteriormente, en 1951 e en 2004, a igrexa recibiu dúas máis, polo que agora conta con tres.

Isto é todo canto se sabe deste san Campio. O demais non deixa de ser unha andrómena inventada, en particular na segunda metade do século pasado, sen ningún fundamento documental.

Por exemplo, que «se pierde en la lejanía de los siglos el comienzo de la devoción a nuestro Santo, en Figueiró», cando se sabe que se empezou a celebra en 1807, ou aínda despois, en 1810 ou 1814; que foi mártir e soldado romano, ao que engaden que «participa en la búsqueda, captura y persecución de los cristianos» e que «sirve a las órdenes de los emperadores Diocleciano y Maximiano»; que se converte ao cristianismo e que «primero hace partícipe de sus sentimientos a sua esposa Arquelaida y a sus tres hijos de corta edad, y despues ayuda a los cristianos, bien animándolos a soportar los suplicios del martirio, bien favoreciéndolos en las cárceles», e que ao coñecer Diocleciano a súa conduta e o

proselitismo que realizaba entre sus compañeros de profesión, le condena por ‘delito de lesa majestad’ a sufrir un martirio más cruel que aquellos que él antes hacía sufrir a los cristianos. Y al escuchar su sentencia de labios del propio emperador pide ver a su esposa y a sus hijos y les anima a seguir su ejemplo. Sufren todos juntos el martirio por confesar la fe de Cristo el 10 de febrero del año 306. Sus compañeros soldados -aquellos a quienes él mismo antes había evangelizado- depositan su cuerpo en el cementerio de San Calixto en Roma, en las catacumbas donde los cristianos se refugiaban, celebrando el culto divino y enterraban a los Santos.

Como proba dise que na parroquia de Estás (á que antes pertencía o territorio da de Figueiró) hai un «castelo romano» e por iso «la veneración a San Campio es mayor en Figueiró que en otros lugares de nuestra Diócesis, porque aquí tenían su sede los ejércitos romanos, y en los otros lugares iban de paso» (*Santuario...*, 2005: 2 - 3; Portela, 1983).

Non abundando estes contos, a partir dos datos da inscrición que se atopa na urna teceron outra haxiografía, de xeito que

VII. KAL. MAR. KAMPIO
COIVX DVLCISSIMA P.

Pasou a:

VHKIA MAR
KAMPIO CÕIVX
DULCISSIMA P.

Que desenvolvendo as abreviaturas quedou:

V[OTUM] H[PC] KAIA MAR[TYRI]
KAMPIO CONIUS
DULCISSIMA P[OSUIT]

E traducen:

KAIA (ARQUELAIDA) ESPOSA
DELICADISIMA DEL MARTIR KAMPIO
LE DEDICA ESTE MONUMENTO

Así consta na capela da cera e das ofrendas do santuario, obra do párroco José Luis Portela Trigo (*Santuario...*, 2005: 59).

Curiosa interpretación, tendo en conta que non se trata dunha peza arqueolóxica de dubidosa lectura, senón da copia nunha táboa da inscrición que se di que estaba na tumba: «una tabla de madera pintada de Azul metida en un marco de lo mismo dorada, y en ella gravada con letras de oro la siguiente inscripcion VII KAL. MAR. KAMPIO COLVX¹⁵ DVLCISSIMA P» (1795. *San Ourense...*, 1795: s. f. -13v-).

É de subliñar que apareza KAIA como nome da esposa, e que o fagan equivaler a ARQUELAIDA. Polo de agora, a única Arquelaida (ou Arquelaide) da que se teñen novas, é unha santa que se celebra o mesmo día que Trega e Susana, o 28 de outubro, das que refiren que eran tres mozas que vivían na Romaña (Italia central) e que foron martirizadas durante o goberno de Diocleciano, preto de Capua, por negarse a deixar de ser cristiás, o



Imaxe de santa Arquelaida no testeiro do presbiterio da igrexa de Figueiró, obra do escultor J. Antúñez Pousa, 2002.

19 de xaneiro do ano 293. En Figueiró convertérona na «protectora da familia» e está representada cunha palma na man dereita, atributo do martirio, e un libro na esquerda. No templo hai varios carteis coa seguinte oración, así como nas estampas:

Dios padre Todo poderoso y eterno, por los méritos e intercesión de la gloriosa protectora nuestra: SANTA ARQUELAIDA, a quien coronaste con la palma del martirio por haber derramado su sangre confesando la fe cristiana, después de santificarse en el seno de un hogar en la vida de familia, y difundir valor al mártir San Campio y a sus hijos para que siguiesen a Cristo por el camino del martirio, en defensa de la fe...

A manter estes contos contribúen aqueles que afirman que o culto a san Campio se remonta «al s. XVI por lo menos» (Martínez Tamuxe, 1974: XIII - 20), e os que din que a imaxe de madeira policromada que hai na igrexa data do século XVII cando se sabe, como queda dito, que non hai novas da súa existencia ata o ano 1794 (*Figueiró*, 2014).

Os tres fillos de curta idade do matrimonio, que tampouco se libraron do martirio, polo de agora aínda non teñen nome, pero a todo se pode chegar...

IV. SAN CAMPIO DE ENTÍNS OU «DA SERRA»

1. Cultos anteriores á chegada de san Campio: o mosteiro de santa Tasia e a capela do Rial

Cando foron depositadas as reliquias do santo romano na igrexa de Entíns, o 5 de xullo de 1795, xa existían dende moito antes a capela da Virxe do Rial, único vestixio do cenobio bieito de santa Tasia, e tamén é de supoñer que a fonte santa¹⁶. O lugar onde se atopan aínda é coñecido polo Mosteiro, e do edificio só se sabe que en 1607 quedaban algúns restos: «por tradición clara que hay dellos y notorios vestigios de la casa y coro, en la qual viven los arçedianos de Sanctiago» (Hoyo, 1950?: 330).

Non se sabe a data de fundación, pero hai constancia que existía o 22 de febreiro de 1139, en que Guntrode Muniz dispón ser enterrada no mesmo: *In primus mando corpus meum ad Sanctam Mariam dictam Sanctam Talasiam...*; poucos anos despois, o 14 de febreiro de 1151, o cabaleiro Diego Muniz testa antes de partir para a guerra contra os mouros e deixa unha manda a *Sanctam Mariam de Talasia*; e, por non dar máis mencións documentais, o 25 de novembro de 1153 fai un troco de propiedades co mosteiro de san Xusto de Toxosoutos (Lousame), constando na escritura que era da orde de san Bieito: *Igitur ego domna Maior, abbatissa monasterium Sancte Marie cognomen Thaasie, cum*

omni conuentu feminarum in ibi Deo seruiencium sub Benedicti patris regulam... (Pérez Rodríguez 2004: 586, 330 e 503). Existía en agosto de 1334, pero non cando se redacta o *Libro do Subsidio* do arquivo da catedral compostelá contra o ano 1500, que no arceprestado de *Intiis* consta a parroquia con dúas advocacións e dous templos: *Santa Atazyra con Sant Lourent* (Vázquez Bertomeu, 2003: 10).

A comezos do século XVII os oficios relixiosos repartíanse entre os dous, como comprobou en 1607 o visitador do arcebispado Jerónimo del Hoyo:

Esta feligresía [a de santo Ourente ou Gemuncio¹⁷] es anexa de Sancta Tasia caveça del arcedianazgo de Santiago y estas dos andan unidas así en ornamentos como en la administración de los Sacramentos porque aquí hay pila baptismal y no Sanctísimo y en Sancta Tasia hay Santísimo Sacramento y no pila baptismal, y en los entierros de todos son comunmente en Santa Tasia y Anastaçia, aunque cada una iglesia tiene señalados sus feligreses... (Hoyo, 1950?: 335 - 336).

Ademais do mosteiro, santa Tasia era dende o ano 1177 cabeza dun dos arcediagos en que o arcebispo Pedro Suárez de Deza dividira o territorio da arquidiocese, coa denominación de Trastámara, do que dependían os arceprestados da Barcala, Céltigos, Dubra, Entíns, Nemancos, Soneira e Seaia. Un dos arcediagos, Pedro Ximenez, foi quen reformou a capela da Virxe do Rial en 1668, como consta na inscrición que campa no lintel da porta da sancristía: ... *D. PETRUS XIMENEZ STI JACOBI ARCHIDIACONUS ERIXIT ET ORNAT. ANNO 1668* (Iglesia, 1863: IV - 15: 164).

A mostra de que o santuario do Rial xa era concorrido dende antigo, constitúena tres exvotos pintados do século XVIII que se conservan na capela anteriores á chegada dos restos de san Campio: un do crego de san Xoán de Roo (Outes), Carlos de Ulloa, por curar dunha doenza que non lle permitía misar; outro do escribán da xurisdición de Soneira (parte dos actuais concellos de Cabana e Zas), Domingo López, e o terceiro da criada dun tal Francisco de Tubío.

Malia a importancia que ao pouco tempo acadaron as reliquias do novo santo, non por iso os fieis se esqueceron da advocación anterior, que seguiron celebrando o 8 de setembro, e á que piden as devotas solteiras un home bo e as casadas e embarazadas que o fillo sexa san.

Ata os nosos días chegaron varios ritos, algúns relacionados coa auga, que forman parte do cerimonial popular de san Campio dende o século XIX, pero seguro que son moi anteriores a 1795:

a) Beber auga da fonte santa. Di Antonio de la Iglesia a mediados do século XIX, que algunhas mozas aproveitaban as cunchas de vieira de tocar para beber: «Del caño de la piedra toman agua las mozas en las mismas conchas que traen para acompañarse en sus cánticos y para la *fuliada*; y sino en las propias manos» (Iglesia, 1863: IV - 15: 164).

b) Lavar a cara ou outra parte do corpo coa auga da fonte e deixar o pano con que se enxugou no valo de redor, na crenza que con el queda a doenza. Agora predominan os de papel, pero antes habíao ata de seda e bordados.

c) Beber, lavar a cara e petar coa testa varias veces (normalmente nove), contra a imaxe da Virxe que está na fornela que hai sobre o cano. Antes (agora xa case non o fai ninguén) ao mesmo tempo adoitaban dicir: «Lévame a enfermédá e dame a sanidá» (Bouza, 1990: 243).

d) Mollar na auga unha pedra e dar con ela na cabeza varias veces (case sempre nove). Algúns tamén din a fórmula anterior, pero cada vez menos.



Unha devota petando coa cabeza contra a imaxe da Virxe.

e) Levar auga para a casa, para uso propio ou dalgún familiar ou veciño que non pode asistir.

f) Entrar na capela, rezar, prender algunha candeia e deixar unha esmola, dando así por concluído o percorrido que empezou na igrexa parroquial diante dos restos de san Campio.

g) Antes, pois non últimos anos xa non vimos ninguén que o fixese, dentro da capela collían a chave e golpeábanse con ela nove veces, en particular na cabeza, para curar a xaqueca e outras dores. Esta chave, de grandes proporcións, é coñecida pola «chave de san Pedro».

h) Deixo para o remate a seguinte manifestación porque, se cadra, xa data da época en que están os restos de san Campio, tendo en conta que o cruceiro é contemporáneo dos que hai diante da fachada da igrexa, deseñados polo escultor Ferreiro durante o tempo que traballou aquí, entre 1796 e 1801, sen máis motivo ornamental que un brasón de armas no

pedestal (Mariño, 1998: I-122). Aínda sendo así, non se pode negar de maneira taxativa que antes non existise unha cruz no mesmo sitio. Desenvólvese logo de pasar pola fonte, pero tamén pode ser antes: consiste en dar nove voltas arredor ao tempo que rezan outros tantos nosopais. As voltas poden ser nun só sentido (contrario ás agullas do reloxo) ou seis ou catro nun senso e as demais noutro. En todos os casos, ao acabar os devotos petan coa cabeza contra o pedestal do cruceiro e algúns tamén lle dan un bico.

A Virxe do Rial celébrase o 8 de setembro, día en que tampouco faltan devotos e devotas que aproveitan para visitar a san Campio e facer todo o ritual.

2. O culto a san Campio: antes e agora

Hoxe en día celébrase dúas veces no ano: o primeiro domingo de xullo, lembrando a chegada dos restos a Entíns que era domingo, e o 29 de setembro, festa do arcanxo san Miguel, por se considerar a ambos os dous soldados, que agora é a data principal. Noutros tempos tamén se festexaba polas *Pascuillas*, o luns seguinte ao sétimo domingo despois da Pascua.

Un dos ritos antigos desaparecidos, que se documenta nos primeiros anos da estadía do santo en Entíns, era o de dar a beber aos doentes un xarope de auga mesturada con po da reliquia. Non se sabe en que consistía nin tampouco como o facían, pero é posible que raspasen algún dos ósos do esqueleto do santo que están ao descuberto por debaixo da roupa, a teor do que consta na descrición que fixeron cando chegaron a urna a Santiago:

Descosida, así mesmo parte de la ropa qe. adornaba, y cubría el cuerpo se observo, y vio, qe. era este un esqueleto de cuerpo humano; cuyas partes cubiertas con la ropa, igualmte. [igualmente] qe. alga. [alguna] de la cabeza, estaban unidas entre si mediante unos alambres (1795. *San Orente...*, 1795: s. f. -13r / 13v-).

Antano moitos devotos que viñan de lonxe facían por chegar a véspera á tardiña e pasaban a noite nalgunha casa da contorna ou, de estar bo tempo, na Xesteira, un monte situado entre a igrexa e a capela do Rial. Como adoita ocorrer en todas as concentracións nocturnas, xuntábase a fe co lecer, con divertimentos propios da mocidade: cantos, bailes, fuxidas polo monte... Actualmente só as persoas moi maiores falan das xoldas da Xesteira, das que non queda máis que a lembranza e algunhas cantareas populares:

Xa fun ó santo san Campio
e mais non fun á Xesteira,
santo san Campio é honrado
por unha nena solteira.

Eu fun ó santo san Campio
pero non fun á Xesteira,
santo san Campio me aparte
dunha muller cabuxeira.

O cambio de mentalidade e a mellora das comunicacións acabaron coa presenza dos devotos que se ofrecían ir a pé dende lonxe ao santuario.

Capela do Rial: a xente na fonte e arredor do cruceiro o día de san Campio.



Nas últimas décadas desapareceron os doentes do «mal cativo», «ramo cativo», «meigallo» ou «mal de san Campio» (enfermidades mentais), aos que empurraban á forza os familiares e amigos ata o santo, do mesmo xeito que nas romaxes de san Pedro Mártir de Belvís (Santiago de Compostela) e a Virxe do Corpiño (Losón - Lalín), coa fin de «botar fóra o demo do corpo». A presenza destas pobres persoas (sobre todo mulleres), constituíu durante séculos a nota máis tétrica da celebración, polos berros que daban ao obrigalas a bicar a urna, beber auga bendita ou mesmo aceite da lámpada do santo. O espectáculo completábase coa participación dos presentes que canto máis se opoñían os doentes, máis lles berraban: *-Bótao fóra!, bótao fóra...!*, non calando ata que devolvían entre convulsións, créndose que se había pelos ou agullas (segundo ata dicían algúns), era a proba que botara fóra o mal que tiña no corpo e sandaría. Malia que desaparecese o rito, non así o que se sega considerando avogoso das doenzas mentais e nerviosas¹⁸.

Nas épocas de guerra eran numerosos os mozos que se ofrecían a asistir a algunha misa antes e despois de ir ao servizo militar, para que non lles tocase ir e, de facelo, volver sans. Ademais dunha esmola, tamén lle deixaban a gorra como agradecemento. Unha cantiga alude a esta crenza:

Meu señor santo san Campio
eu aló hei de ir a andar,
para lle dar a ponderancia
de que foi bo militar¹⁹.

Tampouco se vén persoas con cadaleitos á cabeza, ou portados entre varias co doente dentro, que ao remate deixaban como ofrenda ao santo para poxalos.

É moi raro que anden persoas descalzas arredor da igrexa, cando antes algunhas xa viñan así dende a casa, mulleres e homes, como amosa o seguinte fragmento do «Diálogo entre Silvestre Cajarabille e Domingo Magariños, labradores e veciños das súas respetivas parroquias», de Vicente Turnes (1845):

Magariños.= Pois pra que eses de nós coiden
Rezo ó grorioso San Campio,
A quen ofrezco unha misa
E mais ir aló descalzo (*Album...*, 1862: 298).

Agora son escasos os devotos (a maioría devotas) vestidos con mortalla ou hábitos, que antano algúns xa os traía dende que saían da casa por lonxe que vivisen do santuario, e que logo ao remate deixaban na igrexa.

Por último, xa ninguén dá froitos e animais, ofrendas propias dunha sociedade agropecuaria: bois, vacas, cabras, carneiros, porcos, aves, trigo, carne de porco, etc., substituídos agora por diñeiro e exvotos.

Nos nosos días en san Ourente de Entíns conxúganse os ritos antigos relacionados coa Virxe do Rial, e, en particular, coa auga, con outros posteriores que xurdiron ao abeiro dos restos de san Campio:

a) A celebración empeza coa novena que remata coas vésperas a tardiña anterior ao propio día. Estes actos conclúen co canto dos gozos do santo en castelán, alusivos ao seu martirio en Roma.



Unha muller deixando o pano con que se enxugou e un dos que venden na capela cun adhesivo do santo.

b) O día da festa os fieis asisten a unha misa, deixan as ofrendas, agora só exvotos de cera (cabezas, corpos enteiros, pernas, mans...), candeas da súa altura ou pequenas e esmolas.

c) Ao remate pasan por detrás do altar maior onde se acha a urna do santo, diante da que se persignan, danlle ou bótanlle bicos, tocan a reixa que a protexe con panos, pezas de roupa ou outros obxectos (medallas e rosarios), que levan para casa.

d) Á saída algúns aínda dan varias voltas arredor da igrexa, ao tempo que rezan.

e) A partir de aquí empeza o ritual antigo que xa se desenvolve na capela do Rial: beben e lávanse na fonte, deixan os panos no valo, andan arredor do cruceiro e entran na capela, dando así por concluído todo o cerimonial. Por certo, agora xa venden na capela panos de tea para enxugarse, adornados cun adhesivo coa cabeza do santo e o texto: *S. Campio*.

Protégenos.

En Entíns, a diferenza da inmensa maioría dos santuarios, non se celebra procesión debido a que a urna non se pode mover do sitio e non existe ningunha imaxe do santo, como por exemplo en Figueiró.

Tanto na igrexa como na capela véndense estampas da Virxe do Rial e de san Campio, entre as do segundo hai unha co gravado de Melchor de Prado Mariño feito en 1798, coa representación da urna tal como a fixera o escultor Xosé Ferreiro, cos adornos superiores que eliminaron cando a encaixaron por detrás do actual altar maior, de gusto neogótico a fins do século XIX ou comezos do seguinte. Nas do santo consta que o cardeal arcebispo de Santiago, Martín de Herrera, concedeu o 18 de decembro de 1919 indulxencia parcial a cantos devotamente recen a oración da estampa e un nosopai.

San Campio considérase especialmente avogoso das doenzas mentais («ramo cativo» ou «mal cativo» e meigallo), dor de cabeza (xaqueca), neuralxias, etc.

3. A romaría

A mediados do século XIX a festa profana xa se celebraba dous días, o 28 e o 29 de setembro, e, a teor da descrición que nos deixou o escritor e profesor compostelán Antonio de la Iglesia (1822-1892), sen dúbida que era das máis concorridas e animadas de toda a contorna:

Al redor de San Orente no faltaba, pues, nada para una noche de grato solaz y curioso entretenimiento; pero lo que era muy de notar que aquel canto general del alalala á que primero todos los grupos rendían tributo, volviendo á menudo á él, no impedía que se oyesen otros cantos diversos teniendo cada comarca en sus diferentes grupos el más favorito suyo, moderno, ó de tiempo inmemorial. Con esto podía reconocerse á Galicia en su alalala y á las comarcas en que naturalmente por sus montañas se halla dividida, en aquellas cadencias y letras con que en sus cantares se distingue un mariñán de un barcalés (...) Terminado el fuego, continuaron por algun tiempo las músicas y cantos y luego los bailes improvisados en que imperó la muiñeira y todo fue armonía deliciosa y contento fraternal; y cuando el cuerpo tuvo al fin que rendirse de tanta emocion y fatiga, los más buscaron á donde retirarse á cenar y á dormir; pero las casas no bastaron á contener tantas personas ni alegría tanta. Bajo los hórreos durmieron muchas gentes y otras prefirieron no dormir allí ni en ningun sitio: con lo que la verbena duró toda la noche y con ella la algazara, el bullicio y el canto (Iglesia, 1863: IV - 17: 198).

Dende entón fose adaptando a cada época, non tendo nada que ver a de hai case 150 anos coa que se celebra hoxe en día, que non se diferenza da doutra calquera da zona, agás polos moitos postos de venda, entre os que non faltan os dos cereiros e as tabernas (nas que o prato tradicional é o carneiro, aínda que tampouco faltan o polbo e o churrasco), situados nas beirarrúas da estrada CP-5604 que pasa por diante da igrexa, así como no adro da igrexa e na pista que vai ata a capela do Rial.

A romaxe de san Campio de Entíns é a máis concorrida, non xa do concello de Outes, senón de toda a contorna.

V. SAN CAMPIO DE FIGUEIRÓ, «DE LONXE» OU «DO MONTE»

1. San Campio no Baixo Miño

Figueiró é unha parroquia moderna, separada de Portugal polo río Miño. O expediente de creación iniciouse en 1802 por solicitude dos veciños que querían deixar de formar parte da de Santiago de Estás, da que ata entón era unha das aldeas. Catro anos máis tarde, o 22 de marzo de 1806, consumouse a secesión e quedaban demarcados os territorios de cada unha, ao tempo que se convertía en templo parroquial a ermida de santo Antonio de Padua, pero non con esta advocación, senón coa de san Martiño de Tours, á que se uniría xa nos nosos días, a partir do 26 de xuño de 1998, a de san Campio.

Inmediatamente despois da creación da nova freguesía, chega por doazón de Cayetano Ramos un fragmento dunha das reliquias que extraera o arcebispo compostelán da urna de san Campio no convento das carmelitas descalzas, que, segundo se conta, fora agasallo dun tal señor Peña e era parte da que posuía Teresa Arcay Góngora, veciña do Ferrol. A ela xuntáronse dúas máis xa nos nosos días, unha en 1951 e outra en 2004.

Así foi como empezou o culto a este santo das catacumbas en Figueiró, e todo o demais que se diga non deixa de ser unha fábula sen fundamento. Como que «se pierde en la lejanía de los siglos el comienzo de la devoción a nuestro Santo.» (*Santuario...*, 2005: 3: *Santuario San Campio*, 2019), cando se sabe que comezou en 1807, ou aínda máis tarde: a «devoción y fiesta de San Campio en la parroquia de Figueiró en la última Dominica de Julio, dió principio en el año de 1807», pero non é seguro, pois outras veces dise que puido ser en 1810, en 1813 e ata en 1814 (*San Martiño e san Campio...*, v. d.).



Igrexa e cruceiro de Figueiró.

Tampouco é verdade, como consta na algunha publicación, que a imaxe actual de madeira policromada date do século XVII, cando nesa época non se sabía da existencia de tal santo (Figueiró, 2014: 61), nin tampouco se refiren a ela as indulxencias que constan nun taboleiro que hai no templo, en particular as concedidas polo arcebispo compostelán Felipe Fernández Vallejo, que cando rexeu a arquidiocese (entre 1797 e 1800) non existía a freguesía de Figueiró, nin había aquí ningunha reliquia do santo:

Cuadro de indulgencias concedidas al glorioso martir Sn. Campio, cuya milagrosa imagen se venera en esta Iglesia de Sn. Martín de Figueiró, Obispado de Tuy el sábado y el domingo últimos de Julio y el sábado y domingo segundos de Agosto, en cuos días le rinden sus devotos los más tiernos y sagrados cultos.

YNDULGENCIAS

El Exmo e Yltmo. Sr. Dn. Felipe Fernandez Vallejo Arzobispo de Santiago concedió 80 dias de indulgencias á todas las personas que devotamente rezasen un padre nuestro y Ave Maria delante de esta santa imagen, y los Ytmos. Sres. Obispos de Tuy, Lugo, Orense y Mondoñedo, cada uno 40 dias de indulgencias por cada padre nuestro y ave maria que rezaren delante de esta Sta. imagen, que todos hacen 240 dias de indulgencia. Ademas otros 240 dias á todos los Fieles que devotamente asistan a la Novena del Glorioso Sn. Campio rogando a Dios por la paz y concordia entre los Principes cristianos y aumento de nuestra Sta. Fé Católica. Suman entre todas 480 dias de indulgencia. A honra y gloria del milagroso martir Sn. Campio²⁰.

A sona de milagreiro axiña se estendeu por todo o bispado de Tui e terras miñotas portuguesas, favorecida pola que tiña en Entíns e, en xeral, en toda a arquidiocese compostelá, e tamén, sen dúbida, por mor das guerras que se desenvolveron por estes anos (contra os franceses, carlistas, de independencia das colonias americanas, etc.), ao convertelo en avogoso dos soldados. O número de devotos e esmolos non deixaron de medrar nos anos sucesivos, como testemuña o que en 1874 se constrúa a actual igrexa, de tres naves e dúas torres con remate bulboso de gusto portugués, na que interveñen artistas canteiros e tallistas de alén do Miño, como António José Carbalho, autor dos retablos en 1873 e, xunto co seu pai, Joaquín Carbalho, tamén do baldaquino de san Campio (1877), reformado en 2001 polo guardés Angel Goyás Portela.

Polos mesmos anos urbanízase a contorna do templo cunha espazosa praza contigua ao adro, coñecida como de san Martiño ou do Telleiro, adornada cun monumental cruceiro debido ao escultor José António Ramalhosa, natural de Gondarém (Vila Nova de Cerveira), labrado en 1875, aínda que a imaxe actual da Virxe data de 1911.

Como en Entíns, aquí tamén o consideran natural da comarca ou, cando menos, que estivo nela algún tempo como soldado romano, destacado nunha acrópole que se acha na lindeira parroquia de Estás, por iso -segundo un haxiógrafo actual- «la veneración a San Campio es mayor en Figueiró que en otros lugares de nuestra Diócesis, porque aquí tenían su sede los ejércitos romanos, y en los otros lugares iban de paso» (*Santuario...*, 2005: 3).

Ademais, como queda dito no capítulo dedicado á haxiógrafía, nas últimas décadas procuráronlle un nome para a esposa, Arquelaida, da que unicamente se sabe que foi quen mandou poñer a inscrición (segundo a copia que acompaña o relicario), que representan cunha palma na man dereita, símbolo do martirio, e na esquerda un libro, do que neste caso descoñecemos o significado pois non foi doutora, nin tampouco escritora. Tamén a

declararon protectora da familia e conta cun día de seu, o 28 de outubro (non sabemos o porqué de lle dedicar este e non outro), e na oración das estampas que hai no templo implóraselle:

- Valor para imitar o seu exemplo na nosa vida cristiá.
- Protección ás nosas familias, especialmente ás que teñen problemas.
- Luz a todos os fillos para que escoiten a voz dos seus maiores e dos que busquen o ben para eles.
- Regreso ao bo camiño de todos os extraviados.
- Defensa de todo perigo e azoute para os nosos corpos e as nosas almas, para que camiñemos todos polo sendeiro do ben, a obediencia, a honradez, a piedade e a fe.

2. Desavinzas con Estás

En 1806 Figueiró independizouse da parroquia de Estás, pero non por iso desapareceron os enfrontamentos entre ambas as dúas, non polo territorio, como sería de agardar, senón por san Campio.

O conflito xurdiu co gallo de que os fieis que acudían á festa da Virxe Peregrina, de volta aproveitaban para deterse en Figueiró, e como era tan numerosa a concorrencia acordaron dedicarlle ao santo das catacumbas un día máis, o segundo domingo de agosto, co que non estaban de acordo os de Estás, alegando na súa defensa que «la fiesta de Sn. Campio de Figueiró fue establecida, y tubo su origen en el año de [18]13 o [18]14, en la Dominica última de Julio, continuando siempre en dicho día», e que a función «que al mismo Santo celebran los vecinos de Figueiró el Sábado y Domingo segundos de Agosto, la tienen estos como en día propio en el año de [18]50 o [18]51 en que tuvo su establecimiento». Ante o esmorecemento que estaba a sufrir a festa da Peregrina por culpa da de san Campio,

determinaron bajo la dirección del Monge Cartujo D. José Álvarez hacer una suscripción y costearon la nueva imagen de San Campio, fijando su función con acuerdo del Prelado el Sábado víspera de la Peregrina, para poder de algún modo impedir el que los devotos se fueran á Figueiró a llevar sus limosnas (San Martiño e san Campio..., v. d.: s. f.).

As discordias remataron en 1852, ao ordenar o prelado da diocese, Francisco J. García Casarrubios, que

desde este año inclusivo en adelante se tengan en Estás la función de S. Campio y la de la Peregrina en el Sabado y Domingo segundos del mes de Agosto, y en Figueiró en la ultima Dominica de Julio como estaba en costumbre, prohibiendo como espresamente prohibe que en Figueiró haya función alguna cualesquiera que sea la devoción de los fieles en dichos Sabado y Domingo en que se tienen en Estás (San Martiño e san Campio..., v. d.: s. f.).

En adiante acabáronse as desavinzas por san Campio entre os veciños de ambas as dúas freguesías lindeiras.



A actual balanza data de 1996
(capela da pesa).

3. O culto: antes e agora

A data principal é o último domingo de xullo, pero a celebración xa empeza os días anteriores, sobre todo o sábado. A diferenza de Entíns, que a urna coas reliquias non se move do sitio, aquí como se trata dunha imaxe hai procesión á que acoden moitos fieis que, como noutras romaxes, tamén experimentou cambios nas últimas décadas:

a) Agora ninguén anda de xeonllos arredor do templo nin tampouco dentro, como foi corrente ata non hai moitas décadas (Hennigsen, 2019: 103).

b) É moi raro que veñan a pé de lonxe como se facía antes, tanto de Galicia como do norte de Portugal. A día de hoxe a inmensa maioría dos devotos utilizan coche ou autobús, e logo aproveitan para xantar nas tabernas que se instalan no campo da festa e nos restaurantes próximos.

d) Desapareceron os cadeleitos portados polos ofrecidos (en particular mulleres) ou por varias persoas cando o ou a doente ía dentro (Vila, 2003: 110 - 111).

e) Non se ofrecen animais como antano (bois, años, galiñas, etc.), que se poxaban ao remate da festa, como era corrente na década dos anos sesenta do século pasado (Hennigsen, 2019: 101).

f) Tampouco se dá o peso do ofrecido ou ofrecida en trigo ou sal, para o que xa había unha balanza, que foi restaurada non hai moito e se pode ver fóra do templo na capela da pesa (Hennigsen, 2019: 99 - 105). Cando o fai alguén, entrega o importe en metálico.

g) O mesmo que en Entíns, antano contou con moita devoción entre os soldados, tanto por parte deles, como dos familiares (os anos de máis asistencia foron os da guerra civil de 1936-39), que á volta deixaban a roupa ou algunha prenda para poxar. Actualmente é moi raro ver algún, e máis dende que o servizo militar deixou de ser obrigatorio, malia que na propaganda do santuario se diga:

Por haber sido soldado se le tiene por patrón o protector tutelar de los jóvenes que sirven a la Patria. Antes de ir al servicio peregrinan a San Campio buscando su protección y muchos -como símbolo- le ofrecen la corbata, y al regresar vienen a darle gracias, y si obtuvieron alguna medalla o triunfo en las campañas también se la ofrecen, rindiendo esta homenaje a su Capitán (Santuario San Campio, 2019).

h) Cada vez hai menos devotos con hábito ou mortalla, como era corrente na década dos anos sesenta do século pasado (Hennigsen, 2019: 99 - 101 - 103 - 104 - 105).

i) Mantense o costume de que algunhas persoas se ofrezan a ir durante a procesión debaixo das andas do santo.



Imaxe de san Campio de Figueiró, disposta para saír na procesión.

l) Como noutras partes, aínda se conserva a tradición de poxar os banzos ou banceiros das andas do santo ao remate da procesión, para metelo na igrexa quen máis ofreza.

m) Persiste a tradición de bicar a imaxe e tocarlle con panos, para despois pasalos pola parte enferma do corpo.

n) Antes considerábase avogoso das doenzas mentais e relacionadas coa cabeza, pero agora

se le invoca para toda clase de enfermidades, especialmente en las del cáncer; reumáticas y nerviosas o mentales. En tiempos pasados fue «el gran médico venturoso» al que se recurría para curar todo «meigallo» y también a los que sufrían de «ramo cativo», es decir, posesión diabólica (Santuario San Campio, 2019).

Actualmente, o mesmo que na inmensa maioría dos santuarios, os devotos dan diñeiro, candeas (da súa altura ou máis pequenas) e exvotos de cera, que poden mercar no santuario (na capela da cera e das ofrendas situada fóra do templo, no adro), e o día da festa nos postos dos cereiros.

Nas últimas décadas o santuario experimentou grandes cambios coa construción de casas, capela das ofrendas, fonte do santo, auditorio espiritual, salón de xuntanzas, parque, museo, capela da pesa, capela da cera e das ofrendas, etc., así como área de acampada, refuxio con 55 camas, fonte do peregrino e varios comedores e cociña con servizo para 150 persoas, para acollida dos peregrinos e fieis que desexen pasar algúns días no santuario. Melloras que tamén afectaron ao templo, non só polos novos obxectos de cultos, ornamentos e mobiliario, libro de peticións de favores e acción de grazas (situado nun atril



Igrexa de Figueiró: un dos botafumeiros.

diante do baldaquino onde se acha a imaxe do santo), senón ata polo feito de contar con dous botafumeiros (un do ano 2000 e o outro do 2001), dos que un funciona o primeiro de xaneiro e o 11 de novembro, todos os días da novena e os dous días da festa de san Campio, e o outro o último sábado e o domingo de xullo. Como na catedral compostelá, aquí tampouco faltan veciños «tiraboleiros» que se encargan do seu funcionamento.

Os días máis concorridos son os da novena (empeza o penúltimo xoves de xullo) e o último sábado e domingo do mes de xullo, durante os que se celebran varias misas e ao remate, despois da solemne, a procesión coa imaxe do santo deitada e cuberta cun dosel vermello con adornos dourados e unha fita cruzada coa bandeira de España.

O tudense Manuel Lago González, bispo de Burgo de Osma e de Tui e arcebispo de Santiago de Compostela, onde faleceu o 19 de marzo

de 1925, dedicou a este santuario un longo poema, *Aires do Miño: San Campio*, considerado dende entón como o «Himno de San Campio», ao que puxo música o compositor Xosé Torres Creo, «Alborada do san Campio». Empeza coa seguinte estrofa:

Lus da yalba cobre o ceo,
 doura os campos, doura os montes,
 e nos regos e nas fontes
 lindas pelras verte arreo.
 Hoxe hai festa ó pé do Miño,
 hoxe hai troula y-alegría.
 Ei, rapaces! hoxe é día
 de San Campio queridiño.
 Vamos ver o noso Santo,
 vamos ver a nosa frol,
 que da igrexa nun recanto
 loce e brila coma un sol... (Portela Trigo, 2007).

4. A romaría

Celébrase tres días: o venres, sábado e domingo da última semana de xullo. Como na maioría dos santuarios con moita concorrencia de fieis, os actos relixiosos son máis importantes que os profanos. En Figueiró non faltan bandas de música, orquestras, grupos de gaitas e as populares «treboadas», típicas das terras do Baixo Miño, que cos enormes «bombos de mallada» máis que tocar abouzan aos asistentes. Tanto a praza de san Martiño ou do Telleiro, como os arredores, durante estes tres días atéiganse de vendedores ambulantes, quincalleiros, tabernas, etc.

En tempos pasados existía o costume de queimar figuras pirotécnicas durante a procesión e pola noite elevar globos, substituídos agora polas bombas e os foguetes, tanto para anunciar a festa, como durante o percorrido da procesión, dende que sae o santo do templo ata que regresa.

VI. CODA

San Campio e santa Minia son a día de hoxe os santos procedentes das catacumbas que contan con maior número de devotos en Galicia. O primeiro en particular nos santuarios de Entíns e Figueiró, pero tamén noutros de menor concorrencia, como o do Fazouro, no norte da provincia de Lugo, dos que algúns xurdiron por mor das reliquias que extraeu da urna o arcebispo compostelán en 1795, nos días que esta permaneceu no convento das carmelitas descalzas.

Ante a escaseza de datos biográficos de san Campio (García, 1918: XXXV-373 nota), axiña se empezaron a argallar pseudohaxiografías, nas que se di que andou por estas terras cando era soldado romano e ata que foi galego. Mais, polo de agora, o único que se pode afirmar é o que consta na copia da inscrición que chegou de Roma, que se limita a dar o día e o mes que finou (non aclara se de morte natural ou violenta), que se chamaba *Kampio* e que foi a esposa quen mandou poñer a inscrición e, supoñemos, tamén facer a tumba. Todo o demais, como que foi militar e mártir, que a muller se chamaba Arquelaida e que tiveron tres fillos, non deixa de ser un conto piadoso inventado cando xa estaban aquí os seus restos.

A situación actual das demais reliquias dos santos das catacumbas que se conservan en Galicia, que chegaron entre mediados dos séculos XVIII e XIX, é moi desigual. Agás as dos mencionados Minia e Campio, o resto poden recibir culto pouco máis que na contorna (san Pexerto de Bucións), só a nivel local (san Xusto de Bemil, san Fidel de Carril, santa Plácida de Rubiáns...), continuar nos templos como outra imaxe calquera (san Vicente de santa Clara de Pontevedra, san Cándido e santa Constanca de san Miguel dos Agros...), estar expostas en museos (san Silviniano no do convento de san Paio de Antealtares), ou que xa ninguén se lembre delas (san Fiz de Leboráns).

NOTAS

¹ Pertenceu ao bispo Telmo Maceira Pazos (Tui, 1798-1864), que rexeu as dioceses de Mondoñedo e Tui. Procede da catacumba da vía Tiburtina, pero descoñecemos o ano que se extraeron os restos. O prelado regaloulle a imaxe-relicario a un irmán, Andrés, e os herdeiros deste en 1985 acordaron doarlla á catedral.

² Non conseguimos información de como nin cando chegou ao pazo, debido a que este foi vendido e o actual dono non posúe ningunha documentación. Carece de culto dende hai moitos anos, unicamente lle pon algún veciño unha candeia de cando en vez. Nunha lámina litográfica de contra o ano 1860, por debaixo da urna co santo e do brasón da familia, lese: *VERDADERO RETRATO DEL CUERPO DE SAN FELIX MARTIR que se venera en el lugar de Leboranes Parroquia de Trasmonte Arzobispado de Santiago en la Capilla particular del Sr. D. Manuel Sanjurjo, Secretario de S. M. Caballero de la Yncrita orden militar de S. Juan de Jerusalem, && El Emmo. Sor. Cardenal Arzobispo de Sevilla, el Escmo. Sor. Patriarca de las Yndias, el Escmo. Sor. Arzobispo de Santiago y varios mas Escmos é Ylmos. Sres Arzobispos y Obispos, han concedido indulgencias á los fieles que devotamente hagan oracion ante el cuerpo de Sn. Felix Martir y demas reliquias é imágenes que existen en dicha Capilla* (González, 2008: 264).

³ Atanasia ou Anastasia. Hai varias santas con este nome, polo que non se sabe cal veneraban en Entíns: Atanasia de Roma, monxa e mártir (s. III); Anastasia de Sirmio - Serbia, mártir durante as persecucións de Diocleciano (s. III-IV), ou Atanasia de Exina - Grecia, abadesa (s. IX).

Orente ou Orencio, santo lendario oscense que viviu no s. III, ou o francés *saint Orens* ou *Ourens de Aush* (s. V).

⁴ Aínda que se rumoreaba que era fillo do cardeal Mario Bolognetti («bien que Roma asegura que su verdadero padre fue el cardenal Bolognetti», Azara, 1846: I - 22).

⁵ O pai traballaba, entre outras, para as dioceses de Valencia, Tarazona, Girona, Tui, Burgos, Ceuta, etc., ata que en 1737 foi apartado por acadar de forma ilegal para o fillo unha dignidade e unha coexxia no bispado de Cartaxena (Pérez Martín, 2010: 574).

⁶ Non sabemos de ningún gravado ou fotografía do mesmo, só da seguinte descrición: «El sepulcro se halla expuesto en el altar y capilla mayores de San Oriente. Constituyen aquel, sobre buenos basamentos con pintados medallones, cuatro columnas del orden corintio, anteponiéndose la mesa del altar y su espalda y custodia para dar espacio á la escalinata de dos arranques y el descanso ó plataforma, preciso todo para examinar de cerca la urna de San Campio, sobre la cual se levanta la imagen del patron de la iglesia y feligresia, San Oriente, obispo también mártir» (Iglesia, 1863: IV - 15: 165).

Cebrián Franco afirma que «el altar mayor es barroco de madera tallada y con pretensiones o dejes góticos», sen aclarar que o actual non ten nada que ver co primitivo (Cebrián, 1992: 128).

⁷ Unha estampa coa mesma representación do santo e varios motivos ornamentais arredor, tamén se vendía na igrexa de Figueiró - Tomiño nos últimos anos do século XIX, como se fose igual á de Entíns (Vila, 2003: 113).

⁸ O mesmo di Antonio de la Iglesia en 1863: «Segun la pericial declaracion, el santo cuerpo es un esqueleto perfecto el que la escultura adhirió una pasta que representa un cuerpo humano en estado de difunto, á que se añadió pelo y barba natural; vestido luego á la heróica, ó segun la antigua milicia romana» (Iglesia, 1863: IV - 15: 165).

⁹ Por *COIVX*. Un erro do que describe o acto.

¹⁰ Non teñen nada que ver con estas reliquias os santuarios de Cances (Carballo), Estás (Tomiño), Fozara (Pontearreas), Pontellas (O Porriño), Nigrán, A Ramallosa (Nigrán), Rubín (A Estrada), Setecores (Valga), Valadares (Vigo), etc.

¹¹ A arroba variaba segundo a zona. Supoñendo que se refira á oficial, a castelá, de 25 libras, serían máis de 230 kg.

¹² O correcto é *CONIVX*.

¹³ De Caralampio tampouco se sabe moito: dise que viviu na Asia Menor no século III ou V (non se poñen de acordo os haxiógrafos), pero, a diferenza de Campio, figura nos santorais das igrexas católica e ortodoxa. Crese que foi martirizado na época do emperador Septimio Severo (193-211) en Magnesia de Meandro (algúns axustan a data e dan como posible o ano 202), e o seu cranio venéranse no mosteiro ortodoxo de santo Estevo de Meteora (Tesalía - Grecia). En Galicia recibe culto, cando menos, na capela da illa da Toxa e no barrio compostelán de Vista Alegre.

¹⁴ Como queda visto, non foi así. Pola contra, os nicrarienses recibírono moi ben e ata se celebrou unha misa solemne na capela do pazo do Cotón.

¹⁵ Por *COIVX*. Erro de quen describe o acto.

¹⁶ Rial é un sitio fondo e húmido por onde corre un regueiro ou río, etimoloxía que se axusta a onde se atopa a capela. Non ten nada que ver con «real», como consta nalgúns documentos e libros coa pretensión de relacionar o santuario coa monarquía, e menos aínda con que «el topónimo Rial no es otra cosa que la galleguización del adjetivo La Real» (Cebrián, 1992: 129; López, 2013: 5).

¹⁷ Descoñecemos a que se debe esta identificación, tendo en conta que tal santo non o hai no santoral.

¹⁸ Ten tratado desta manifestación, entre outros antropólogos actuais, Carmelo Lisón Tolosana, tanto de como se desenvolvía en Entíns como noutros santuarios (Lisón, 1990: 14 ss).

¹⁹ Hai uns trinta anos contoume un señor da parroquia de Villestro (Santiago de Compostela), que os mozos, antes de que os destinasen, acudían ofrecidos a Entíns, eles e as nais, e sempre remataba coa seguinte anécdota: «Aquí había na parte de Muros o san Campio e os mozos ían ofrecerse para que o santo os librara de ir a África, e había aquí un (que casualmente foi carpinteiro noso) e dicía:

– Santo benditiño. Fun ao san Campio e mandoume dereitiño para África...»

²⁰ Na estampa de Melchor de Prado que se vendía en Entíns, consta nalgunha das edicións que o arcebispo Fernández Vallejo concederá 80 días de indulxencias aos que «rezaren un Padre nuestro delante de esta Estampa» e os bispos de Tui, Lugo e Mondoñedo cada un 40. Polo mesmo, estas indulxencias non se refiren ao san Campio de Figueiró, senón ao de Entíns.

BIBLIOGRAFÍA

Xeral

AZARA, José Nicolás de (1846): *El espíritu de don José Nicolás de Azara descubierto en su correspondencia epistolar con don Manuel de Roda*, I, Madrid: Imprenta de J. Martín Alegría.

BOSIO, Antonio (1600): *Historia passionis B. Caeciliae virginis, Valeriani, Tiburtii et Maximi martyrum. Necnon Urbani et Lucii pontificum, et mart....* Roma: Stephanum Paulinum.

---(1632): *Roma Sotterranea. Opera postvma di Antonio Bosio Romano Antiquario Ecclesiastico singolare de suoi tempi. Compita, disposta, & accrescivta dal M. R. P. Giovanni Severani da S. Severino sacerdote della Congregatione dell'Oratorio di Roma...* Roma: Guglielmo Facciotti.

CANDEL CRESPO, Francisco (2006): *El cardenal don Francisco Javier Zelada y Rodríguez (1717-1801)*, Murcia: Ed. autor.

CIROT, Georges (1905): *Études sur l'historiographie espagnole: Mariana historien*, Burdeux – París: Feret & Fils, Éditeurs.

KOUDOUNARIS, Paul (2013): *Heavenly bodies: Cult treasures & spectacular saints from the catacombs*, USA, Australia, New Zealand: Thames & Hudson.

MABILLON, Jean (1698): *Eusebii Romani ad Theophilum Gallum. Epistola. De Cultu Sanctorum Ignotorum*, París: Petrum de Bats.

MORONI ROMANO, Gaetano (1861): *Dizionario di erudizione storico-ecclesiastica da S. Pietro sino al nostri giorni...*, vol. CIII, Venecia: Tipografia Emiliana.

PÉREZ MARTÍN, Inmaculada (2010): «Los manuscritos griegos del cardenal Zelada: Una biblioteca romana en la catedral de Toledo», en BRAVO GARCÍA, A. *et al.*: *The Legacy of Bernard de Montfaucon: Three Hundred Years of Studies on Greek Handwriting. Proceedings of the Seventh International Colloquium of Greek Palaeography*, Turnhout (Béxica): Brepols (recurso electrónico).

Particular

Fontes documentais

Libro Becerro de Carmelitas Descalzas de Santiago. Año de 1748 (1748): «Dase noticia de la llegada a esta Cdad. de los venerables restos de los Stos. Martires San Campio y Sta. Oricera», Arquivo do convento das Carmelitas Descalzas, Santiago de Compostela.

San Martiño e San Campio de Figueiró, Parroquia de..., Arquivo Histórico Diocesano, Tui-Vigo. 1795. *San Orente de Entines (Cuerpo de San Campio)* (1795), Varia, 1.116, Arquivo Histórico Diocesano, Santiago de Compostela.

Fontes impresas

- Album de la Caridad: Juegos Florales de La Coruña en 1861, seguido de un mosaico poético de nuestros vates contemporáneos* (1862), A Coruña: Imprenta del Hospicio Provincial.
- BOUZA ÁLVAREZ, José Luis (1990): *Religiosidad contrarreformista y cultura simbólica del Barroco*, Madrid: Biblioteca de Dialectología y Tradiciones Populares, CSIC.
- BRETAL, Celestino (1980): «San Campio en San Ourente de Entines», *Boletín de Estudios del Seminario «Fontán - Sarmiento» de Hagiografía, Toponimia y Onomástica de Galicia*, ano 3, núm. 1, Santiago de Compostela.
- CEBRIÁN FRANCO, Juan José (1992): *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago de Compostela)*, Santiago de Compostela: Editorial Compostela.
- Cuestionario del Folk-lore Gallego: establecido en La Coruña el día 29 de Diciembre de 1883* (1985), Madrid: Tipografía de Ricardo Fe.
- D. E. A. L. (1858): *Compendio de la vida, martirio, traslacion é invencion del Glorioso Cuerpo de Santiago El Mayor...*, Santiago de Compostela: Imprenta de Jacobo Souto e Hijo.
- FIGUEIRO (2014): *Arciprestado A Guarda - Tebra. Figueiró. Diocese de Tui-Vigo*. Indd, PDF, 16-diciembre (recurso electrónico).
- GARCÍA, P. P. (1918): «El glorioso mártir San Campio en Sant Ourente de Entines». *El Eco Franciscano*, XXXV, 598, 15 de agosto, Santiago de Compostela.
- GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (2008): «Reliquias e relixiosidade popular en Galicia», *Diversarum rerum*, 3, Ourense.
- HENNINGSSEN, Gustav (2019): *Galicia máxica. Romarías e santuarios*, Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego.
- HOYO, Jerónimo del (1950?): *Memorias del Arzobispado de Santiago; edición preparada por Ángel Rodríguez González y Benito Varela Jácome*, Santiago de Compostela: Porto y Cía Editores.
- IGLESIA, Antonio de la (1863): «Estudios Arqueológicos. La romería de San Campio», *Galicia, Revista Universal de este Reino*, ano IV, núms. 15 (1-VIII), 17 (1-IX) e 18 (15-IX), A Coruña.
- LISÓN TOLOSANA, Carmelo (1990): *Endemoniados en Galicia hoy. La España mental II*, Madrid: Akal Universitaria.
- LÓPEZ MIGUEZ, Jesús (2013): *Historia del santuario de San Campio de Entís o da Serra en la parroquia de San Ourente y Novena del Santo*, Noia: ed. autor.
- MARIÑO, Xoán Xosé (1998): *Patrimonio histórico - artístico de Outes*, I, Santiago de Compostela: Tórculo Edicións.
- (1999): *Patrimonio histórico - artístico de Outes*, II, Santiago de Compostela: Tórculo Edicións.
- MARTÍNEZ TAMUXE, Xoán (1974): «Figueiró, San Martiño de», *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago - Xixón: Silverio Cañada, Editor.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco Javier. J. (2004): *Os documentos do tomo de Toxos Outos*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- PORTELA TRIGO, José Luis (1983): *San Campio «de lonxe», su vida e historia en Figueiró*, A Guardia: ed. autor.
- (2007): *Himno a San Campio*, Vigo: Fama Vigo, S. L.
- PRECEDO LAFUENTE, Manuel Jesús (2002): «San Miguel e San Campio», *XXII Exaltación do viño da Ulla*, San Miguel de Sarandón - Vedra: Comisión de festas.
- Santuario San Campio* (2019), Wikipedia, 15-novembro (recurso electrónico).
- Santuario San Campio «de Lonxe». Iglesia parroquial de San Martín y San Campio de Figueiró. Guía de visita* (2005), sen autor (case seguro o párroco José Luis Portela Trigo): Vigo: Fama Vigo, S.L.
- VÁZQUEZ BERTOMEU, Mercedes (2003): *A Igrexa de Santiago contra 1500 (O libro do subsidio)*, Verín - Santiago de Compostela: Lóstrego Edicións.
- VILA, Suso (2003): *Antiguas Fiestas. Romerías y procesiones del Bajo Miño*, Tomiño: ed. autor.

Un soporte gráfico orixinal

YOÁN MANUEL ANDRADE VIDAL*

Sumario

Estudo sobre o Globo de Betanzos, visto como un soporte para comunicar humor gráfico. O humor e a diversión son estados de ánimo ligados ás festas e espectáculos, ao que contribuíron os lanzamentos de globos de papel que acompañaron durante décadas estas celebracións. O Globo de Betanzos conserva a súa calidade de gran espectáculo en canto ao seu tamaño, aos seus materiais e á forma de lanzamento. En canto ao humor, exprésase por medio de humor gráfico.

Abstract

A study of the Globo de Betanzos, seen as a medium for communicating graphic humor. Humor and fun are moods associated with celebrations and theatrical spectacles, and the balloon launches that have accompanied these celebrations for decades have contributed to this lightheartedness. The Betanzos Globo retains its quality of a great spectacle in terms of its size, its materials and its form of launching. The humor itself is expressed graphically.

Cando pensamos en cadriños ou viñetas de humor gráfico, é fácil que se asocien ao soporte habitual no que aparecen publicados, que normalmente son xornais e revistas. Hoxe tamén é frecuente a súa edición en formato de libro, que soe utilizarse para recompilar cadriños xa publicados con anterioridade en diarios e outras publicacións periódicas.


Betanzos, con todo, goza dun *soporte de humor gráfico* único e especial, que ademais está afinado nunha tradición de moitos anos e que ofrece características peculiares. Trátase do Globo que se eleva cada mes de agosto, celebrando o seu patrón San Roque. Este globo, que obtén a forza para ascender só da menor densidade do aire quente, presume de ser *o globo de papel máis grande do mundo*: 25 m de alto e 50 m de circunferencia divididos en 16 cuarteiróns.

O seu lanzamento xera cada ano unha espectáculo e unha emoción enormes, na espera de que os traballos para o seu inchado culminen no éxito da súa ascensión. O mérito está en que este enorme artefacto estea construído con **papel**. Papel que, en catorce dos seus cuarteiróns¹, leva como motivo decorativo un *debuxo de humor*²: unha viñeta, unha caricatura ou unha combinación de ambas. Así pois, o Globo de San Roque actúa tamén como un **soporte gráfico** moi especial para os debuxantes e artistas que acometen a delicada tarefa de o deseñar cada ano. E imos reflexionar un pouco sobre este tema.


O feito de ser, como é, un globo de **papel** de lanzamento anual, impón algunhas condicións:

- A base material é papel de estraza ou papel kraft.
* 14 de Agosto, Pasacalles acompañando a la comitiva municipal en la coronación de la Reina de las fiestas.

* 15 de Agosto, Pasacalles acompañando a la corporación municipal y a continuación la procesión en honor a San Roque.

* 16 de Agosto, Pasacalles acompañando a la corporación municipal a la Función del Voto.

* 8 de Septiembre Procesión de Nuestra Señora de los Remedios.

* 15 de Septiembre, Procesión de Nuestra Señora de la Angustia.

* 12 de Octubre, concierto Homenaje a la Virgen del Pilar patrona de la Guardia Civil en el Aula de Cultura en la Sala Julio Cuns.

* 1 de Diciembre, Concierto de la Ilusión con la incorporación de Anxo, Martín, Carmela y Javier como nuevos componentes de la Banda en la Iglesia de Santa María.

* 29 de Diciembre, Concierto Extraordinario de Navidad junto al coro de alumnos del conservatorio Carlos López García-Picos.

ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CASCO HISTÓRICO DE BETANZOS

O ano 2019 foi un ano moi especial para Betanzos dende o punto de vista histórico, cultural e dinamizador, xa que foi o ano do 800 aniversario do traslado da cidade de Betanzos o Vello ó Castro de Untia (actual ubicación). Por iso, a Asociación de Amigos do Casco Histórico de Betanzos tamén aportou o seu gran de area xunto con actividades levadas a cabo polo Concello de Betanzos e tamén por outras asociacións que se sumaron a dinamizar o casco histórico.

Febreiro: a Asociación estivo presente nos actos de celebración do 800 Aniversario de Betanzos.

Marzo: a Asociación participou como ponente nun ciclo de conferencias e mesa redonda sobre o Patrimonio e Administración Local para a posta en valor e dinamización do Casco Histórico da nosa cidade.

Abril: a Asociación estivo presente e colaborando coas actividades solidarias levadas a cabo para a recaudación de fondos na investigación para o tratamento do meduloblastoma, dado que o noso veciño Noel está a sufrilo e non quixemos faltar nesta causa. Recaudou 427,50€ en fondos a través do Xogo do Tiruriru para cedelos á investigación desta enfermidade. Esta iniciativa levouse a cabo en colaboración e sumando xuntos coa Asociación de Comercio, Hostelería e Servizos do Casco Histórico.

Maio: a Asociación celebra a posta en marcha da nova Lei de Rehabilitación aprobada pola Xunta de Galicia na que se van a flexibilizar unha serie de trámites para poder rehabilitar nos cascos históricos. Participa en Radio Coruña da cadea Ser para dar a súa opinión acerca desta Lei e o día 26 volveu a poñer en valor a zona monumental a través dunha iniciativa de éxito e consolidada: a ALMOEDA, celebrada no atrio de Sta María do Azogue.

Xullo: colaboración coa Asociación Lar de Unta e co Concello no proxecto «María Balteira» onde se pon en valor a figura dunha das mulleres máis relevantes da Idade Media galega.

Agosto: gran éxito na concentración de motos clásicas no casco histórico, incluíndo esta vez motos customs e tamén marcas de especial relevancia. Ademais levouse a cabo o concurso “foto moto no casco histórico”.

Outubro: a Asociación colabora cos promotores de “Cocomitentes” e coa Asociación de Amigos do Parque do Pasatempo no encargo dunha obra de arte para Betanzos, financiada pola Fundación Daniel y Nina Caraso.

Decembro: posta en marcha un ano máis do “Nadal no Casco Histórico” para atraer visitantes. Ademais dos Xogos Tradicionáís, celebramos tamén un obradoiro de papiroflexia para nenos na Praza da Constitución.

CÁRITAS INTERPARROQUIAL DE BETANZOS

Cáritas, de forma silenciosa, sigue apoiando a todas as familias en riesgo de exclusión, que aunque no lo parezca, son muchas en nuestra Ciudad.

Rogamos a todos los que PUEGAN Y QUIERAN, que no echen en olvido, mirando para otra parte, las necesidades tan grandes que nos rodean. QUERER ES PODER Y, EN ESTA SITUACIÓN QUE ESTAMOS PADECIENDO, ES NECESARIO SER MAS SOLIDARIOS QUE NUNCA.

¡Colabora con CARITAS! no mires para otra parte, cuando la necesidad está tan cerca de ti.

AGRUPACIÓN MUSICAL «CARLOS SEIJO»

* Día 15 de marzo, concierto de los alumnos en la Residencia hermanos García Naveira.

* Día 24 de mayo, concierto de los alumnos en Sada.

* Día 1 de junio, actuación en la iglesia de los Remedios en la boda de nuestra compañera Amparo.

* Día 19 de junio, concierto fin de curso en el Aula de Cultura Xulio Cuns.

* Día 20 de julio, comida en una carpa y fiesta para celebrar el 40 aniversario de la Agrupación.

* Día 13 de agosto, concierto cidade de Betanzos en la Iglesia de Santiago.

* Día 31 de octubre, concierto de los alumnos en el Aula de Cultura junto a los alumnos y coro de Sada.

* Día 30 de noviembre, concierto en Ribeira invitados por la Rondalla de Aguiño dentro de los conciertos da Rede Cultural de la Diputación.

* Día 8 de diciembre, concierto de celebración del 40 aniversario en el aula de cultura junto a la rondalla de Aguiño.

* Día 21 de diciembre, chocolatada en el local para alumnos, componentes y familiares.

* Día 23 de diciembre, concierto de los alumnos en la Residencia Hnos. García Naveira.

* Día 28 de diciembre, comida en el Restaurante Praia do Vilar en Carreira para despedir a nuestro director, que cesa voluntariamente por razones de edad, y a continuación concierto en la Iglesia de San Paio de Carreira, para la AVV Cultural e prestadora de servicios á mocidade de Carreira, también patrocinado por la diputación mediante la Rede Cultural.

CRUZ ROJA BETANZOS

Nos hacemos un hueco en este Anuario Brigantino para resumir las actividades realizadas en 2019. Y comenzamos por los servicios preventivos realizados, con un total de 77 coberturas en exhibiciones o competiciones deportivas, fiestas patronales, comidas de mayores, ferias, eventos escolares y celebraciones que requerían nuestra presencia, como A Coruña, Abegondo, Aranga, O Barco de Valdeorras, Bergondo, Boimorto, Coirós, Irixoa, Miño, Narón, Sada, Oza-Cesuras, siendo más de la mitad en el Ayuntamiento de Betanzos. En muchos de estos eventos, voluntarios/as entregan pulseras identificativas a los padres/madres para facilitar su localización y seguridad, con más de 2.000 unidades repartidas en eventos como el Festival de la Luz de Boimorto o la Feria Medieval de Betanzos, entre otros.

En el ámbito social se realizan labores de orientación en campos como el familiar, educativo, sanitario, laboral o social, destacando las clases de español con 14 participantes, geron-

togimnasia en la Residencia de Mayores García Hermanos para grupos de 40 una vez por semana, seguimiento a personas mayores del Proyecto de Teleasistencia Domiciliaria con 116 usuarias/os, acompañamientos a gestiones o a domicilio a 17 personas, el proyecto de Promoción del Envejecimiento Saludable y Salud Constante para 12 usuarias/os, charlas para el Buen Trato a las Personas Mayores en Irixoa, Aranga y Betanzos para 60 asistentes y encuentros de voluntariado. Destaca la Teleasistencia Domiciliaria a la Comarca, con 346 usuarias/os, y el espacio de búsqueda de empleo con 32 solicitantes.

La Campaña de Reparto de Alimentos dispara nuestras expectativas y medios, con varios repartos durante el año, en Abril a 76 familias, en Junio a 66 y en Octubre a 57, completándolos además con productos de higiene, ropa y calzado, alcanzando a 437 familias. Y también con ayudas económicas para el pago de facturas, 25 para suministros de hogar y 11 para el ámbito escolar. Todo completado con talleres de economía doméstica para 35 usuarias/os. La campaña Vuelta al Cole Solidaria también repartió material escolar a 27 menores gracias a la colaboración de Carrefour Oleiros.

Las actividades que llevan a cabo en Cruz Roja requieren formación del personal técnico, voluntariado, usuarios/as y público en general. Seis cursos de DESA, 4 de Manipulación de Alimentos, Dietética y Nutrición, Primeros Auxilios para Bebés y Niños fueron los más demandados en la formación externa. Las/os voluntarias/os ampliaron su formación en las Jornadas de desarrollo local, LOPD, Formación y competencias digitales, Jornadas para Directivos y Responsables Locales, Escuelas de Otoño, Encuentros de Voluntariado, Método Bridge e IMAP.

El Área de Juventud trabaja en todas las áreas de la institución, con el Apoyo Escolar como su programa abanderado y al que dedica más medios, destinado a menores de la comarca completando sus actividades formativas, con 26 estudiantes en clases tres días a la semana, meriendas saludables, excursiones y actividades deportivas como Taekwondo, fútbol sala, piscina y baloncesto.

La Campaña de Juguetes es la otra joya de la corona, con el reparto de regalos para 97 niñas/os de Bergondo, Curtis, Irixoa, Miño, Monfero y Oza-Cesuras, gracias siempre a la colaboración de los comercios betanceiros.

Los talleres copan la mayoría de las actuaciones de CRJ, en centros formativos como el CEIP Castro Baxoi de Miño para 43 estudiantes de 5 de Primaria de Coeducación, los de Primeros Auxilios en el IES y CEIP de Curtis, Campamento de Verano de Coirós, CPI Castro Baxoi de Miño, Xuventude de Crendes CF, Colegio Nuestra Señora del Carmen – Grande Obra de Atocha e IES As Mariñas de Betanzos a 436 participantes, de Prevención de Accidentes Domésticos en el CEIP de A Castellana a 37 estudiantes, de Educación Sexual en el IES de Curtis a 54 alumnas/os, de Sensibilización sobre Medio Ambiente e Consumo Responsable en el CEIP San Marcos de Abegondo a 51 menores, Día del Sida en el IES de Curtis a 89 asistentes, de Competencias Digitales y Sensibilización sobre Violencia de Género para estudiantes del Apoyo Escolar.

Y también charlas, como las del Día del Sida a 89 asistentes en el IES de Curtis a 89 asistentes, o las de Primeros Auxilios a 15 en el ANPA del CEIP San Marcos de Abegondo, 20 en el CIM de Curtis, 25 en el Ayuntamiento de Vila-santar, 15 del Voluntariado del Centro Pai Meni, 14 de APEM y 34 del Concello de Oza-Cesuras, 25 de la Escuela Infantil de Guísamo, y 147 de Voluntariado en el IES de Vios.

El Grupo Pineo cuenta con 20 voluntarias/os que organizaron 11 actividades lúdico-educativas, como los juegos tradicionales en la Feria Franca Medieval betancería o los campamentos de verano.

Pero todavía hay más. Día de la Banderita, Rutas Solidarias Nocturnas y en Bicicleta. Destacar el Encuentro Provincial de Cruz Roja, que este año fue en Betanzos con visitas guiadas al CIEC, Ruta a los Caneiros, exhibición de bailes tradicionales y actos de reconocimiento al voluntariado.

Para finalizar, agradecer las iniciativas solidarias de empresas, asociaciones, clubes, centros formativos y particulares betanceiros y de la Comarca que permiten llevar a cabo muchas de nuestras actividades. A las/os socias/os, personal técnico y directivo por su apoyo y trabajo. A las/os usuarias/os por su confianza y por hacernos crecer. Y al voluntariado, siempre al voluntariado, por su tiempo, ilusión y formación en pos de las/os demás.

gabetanzos@cruzroja.es



Arttime

ACONTECEMENTOS DO ANO

A redacción do *Anuario Brigantino* agradece a colaboración especial para este apartado dos corresponsais locais de *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *La Opinión*, *El Correo Gallego*, *Betanzos e a súa Comarca*, *El Metropolitano*, *As Mariñas*, <<http://novas.betanzos.es>>

5 de xaneiro de 2019

Cabalgata dos Reis Magos de Oriente polas rúas da cidade, organizada polo Concello.

9-27 de xaneiro de 2019

Na sala Jesús Núñez do Edificio Liceo tivo lugar a mostra colectiva de fotografía da Agrupación Fotográfica Nfoca 8, titulada «21 enfoques», organizada pola agrupación e o Concello de Betanzos.



Prensa Concello

13 de xaneiro de 2019

Dentro do programa de Nadal organizado polo Concello tivo lugar na Igrexa de Santiago un concerto por conta da *Camerata Brigantina*.

17 de xaneiro de 2019

A alcaldesa de Betanzos, María Barral Varela, fíxolle unha visita de agarimo a dona Avelina Otero Nogueira, con motivo de cumprir 100 anos.

19 de xaneiro de 2019

Organizada por Manos Unidas de Betanzos tivo lugar na Aula de Cultura Xulio Cuns a representación da obra teatral, «Nosotros, ellas y el duende» por conta da Asociación Cultural Xirria.

22 de xaneiro de 2019

Tivo lugar a entrega de premios da Semana da Tortilla e Pincho 2018.

23-27 de xaneiro de 2019

A cidade de Betanzos estivo presente cun stand propio na Feira Internacional de Turismo de Madrid, FITUR, onde se presentou un vídeo turístico e o programa de actos da celebración do VIII Centenario da cidade. Mantivéronse contactos con axencias de operadores turísticos, autoridades e betanceiros residentes en Madrid.



Prensa Concello

25 de xaneiro de 2019

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o recital-concerto «Episodios dunha vella historia», basados na obra poética de Luis Seoane, por conta do grupo Casa Hamlet e organizado pola Asociación Cultural Roxín Roxal.



Arume

2 de febreiro de 2019

Como anticipo dos actos do VIII centenario da cidade celebrouse na Aula de Cultura Xulio Cuns o sorteo da Lotería Nacional, presidido polo director de relacións institucionais e internacionais de Loterías y Apuestas del Estado, Manuel Gómez Amigó e pola alcaldesa, María Barral. Os nenos de San Ildefonso estiveron acompañados de seis nenos do colexio Vales Villamarín. No acto participou tamén a Escola Municipal de Folclore. Os doce millóns de décimos emitidos para o sorteo levaban estampado o selo do VIII Centenario.

Febreiro de 2019

Ao longo deste mes desenvolveuse na Aula de Cultura Xulio Cuns o X Encontro de Teatro Aficionado de Betanzos, organizado pola Agrupación Teatral Mariñán e polo Concello de Betanzos: «Un fiambre, unha rosca e un cancán», pola A.C. Faíscas (Arteixo), «Año 0 antes de Cristo», pola Compañía Allegro Teatro (Vigo), «O xogo de Versailles», por *Gargallada Teatro* (Barco de Valdeorras) e finalizouse co estreno de «Insania», pola Agrupación Teatral Mariñán (Betanzos). E mostra de carteis e fotos.

Febreiro de 2019

Ao longo deste mes desenvolvéronse varios actos para conmemorar o aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, organizados polo Concello coa colaboración dos centros de ensino e asociacións culturais, nos que participaron Raquel Queizás, Xandobela, Dores Tembrás do colectivo Apiario. Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a lectura de poemas e actuacións musicais, no que participaron os actores Diego Freire e Ana Ponte, de Producións Dispersas, que guiaron a homenaxe coas teatralizacións «Sempre Rosalía». Completáronse os actos cunha mostra bibliográfica na Biblioteca Municipal Castelao e coa colocación de algúns dos seus poemas nos balcóns dos principais edificios municipais.

1-26 de febreiro de 2019

Na Sala de Exposicións Jesús Núñez tivo lugar a exposición titulada «XII Premio de Banda Deseñada Castelao», dentro do Programa de Exposicións Itinerantes da Deputación da Coruña.

Febreiro-xuño de 2019

Ao longo destes meses tiveron lugar no Cine Alfonsetti proxeccións de cine para nenos e adultos.

9 de febreiro de 2019

Foi inaugurada unha área de servizo de autocaravanas nas inmediacións do Paseo Ramón Beade con capacidade para doce vehículos. No acto, presidido pola alcaldesa, María Barral estiveron presentes arredor de 150 caravanistas.

9 de febreiro de 2019

No Salón Azul do edificio Liceo celebrouse, dentro do programa «Sábados miúdos», o contacontos para nenos «Levántante Xan» por conta de *Caxoto Contacontos da Trastenda dos contos*.

12 de febreiro de 2019

A conselleira de educación, Carmen Pomar, visitou as obras de eficiencia enerxética que se estaban a realizar no CEIP Francisco Vales Villamarín. Estivo acompañada polo director do centro, Alejandro Sánchez e a alcaldesa, María Barral.



José Luis Lagares Crespo

13 de febreiro de 2019

Deron comezo neste día, declarado festivo local, os actos organizados polo Concello para conmemorar o **800 aniversario do privilexio rodado outorgado polo rei Afonso IX, autorizando o traslado da vila de Betanzos ao castro de Untia**. Comezaron na igrexa de San Martiño de Tiobre con discursos da alcaldesa, María Barral e do historiador Alfredo Erias, para a continuación descubrir a



alcaldesa un monlito conmemorativo do traslado en Betanzos o Vello cun breve concerto de música medieval. Posteriormente, no Concello e na praza da Constitución tivo lugar un acto institucional no que participaron o delegado do goberno, Javier Losada, o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, o presidente da Deputación, Valentín González Formoso, ademais da alcaldesa, María Barral na compañía de todos os concelleiros, exalcaldes e numeroso público. Descubriuse na praza un monlito conmemorativo e celebrouse un acto público cun concerto de música a cargo do grupo Ensemble Arriola e a representación da Danza dos Xastres a cargo da Escola Municipal de Folclore. Na praza dos Irmáns García Naveira inaugurouse a exposición «Oito séculos en oito obxectos» formada por oito cubos nos que se reflectiron os momentos máis destacados dos 800 anos da cidade, co deseño de Alfredo Erias.

Finalmente, na igrexa de San Francisco púxose remate aos actos cun concerto do gran músico Carlos Núñez e cunha sesión de fogos de artificio.

2019
ZOS



José Luis Lagares Crespo



Arumé



Arumé



13 de febreiro de 2019

A Organización Nacional de Ciegos de España (ONCE) adicou este día á efeméride do 800 aniversario de Betanzos.

24 de febreiro de 2019

No edificio Liceo tivo lugar a conferencia do músico betanceiro Javier Ares Yebra, con ilustracións musicais, titulada, «Aportacións a unha historia da música en Betanzos».

24 de febreiro a 6 de marzo de 2019

Desenvolvéronse ao longo destes días os festexos do Entroido na cidade, rematando coa queima da sardiña no río Mandeo.

Marzo de 2019

Ao longo deste mes conmemorouse o Día Internacional da Muller con varios actos como a exposición titulada «Creatividade pola igualdade», formada por traballos elaborados polo alumnado de todos os centros educativos de Betanzos. A exposición bibliográfica «Poetisas galegas de todos os tempos» na Biblioteca Municipal Castelao e a visita guiada «Betanzos en feminino» que percorreu puntos da cidade relacionados coa muller.



1 de marzo de 2019

Visitaron as obras levadas a cabo polo ministerio de Fomento na Ribeira, o delegado do Goberno en Galicia, Javier Losada e a subdelegada do Goberno na Coruña, Pilar López-Rioboo. Con eles estiveron a alcaldesa, María Barral e o enxeñeiro, Eduardo Toba. A obra, para solventar o problema das inundacións, é a primeira en España de drenaxe marino automático.

2 de marzo de 2019

Tivo lugar o *Survival Zombie 2019*, mestura de xincana e xogo de rol.



5 de marzo de 2019

O Concello, Cruz Vermella e a Fundación A Caixa entregaron hoxe os diplomas aos participantes nos cursos de formación para desfibriladores, dentro do programa que leva a cabo o goberno local para completar a rede de desfibriladores na cidade e crear así novas zonas cardioprotexidas.

8 de marzo de 2019

O concelleiro de Cultura, Andrés Hermida recibiu á Xunta de Goberno do Colexio de Graduados da Coruña e Ourense, que se reuniron en Betanzos.



Veiga

Marzo-Abril de 2019

Celebrouse no Edificio Arquivo ao longo destes meses o VIII Ciclo de Conferencias do Anuario Brigantino, organizado polo Concello de Betanzos e coordinado por Alfredo Erias. A primeira conferencia foi a titulada «Diego Gelmírez y la frontera del Miño» por conta do historiador medievalista, Ermelindo Portela Silva. A segunda, «Iconografía de las tres iglesias góticas de Betanzos» por Alfredo Erias. A terceira, «Pasado, presente y futuro del casco histórico de Betanzos» por Andrés García Carneiro. A cuarta, «A tradición literaria de Betanzos» por Concepción Delgado Corral. A quinta, «La sucesión contractual en el derecho civil de Galicia: especial referencia a los pactos sucesorios de mejora y apartación» por Francisco Javier Ramírez González. Rematou o ciclo coa «Presentación da web do Museo das Mariñas» polo seu autor, Alfredo Erias Martínez.



9 de marzo de 2019

Tivo lugar na Praza da Constitución unha concentración feminista, reivindicando os dereitos reais i efectivos das mulleres.

9 de marzo de 2019

Dentro dos actos de conmemoración do Día Internacional da Muller tivo lugar a XV Xuntanza de Labores Artesanais, organizada polas Mulleres da Condesa e o Concello, na que participaron arredor de 400 persoas con asistencia de asociacións de Asturias, Cantabria, León e Galicia.



Arume



14 de marzo de 2019

Presentouse no edificio Liceo o programa «Coñece Betanzos», unha actividade na que participou o colexio Vales Villamarín, incluído dentro do programa «Educando na Biosfera», promovido pola Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Foi presentado nun acto no que estiveron presentes a alcaldesa, María Barral, o director do colexio, Alejandro Sánchez, o técnico da Reserva, Diego Miranda, e o concelleiro de cultura, Andrés Hermida.



14 de marzo de 2019

A alcaldesa, María Barral, recibiu no Concello a Roberto Tojeiro Rodríguez, presidente de Gadisa, Intasa e Reganosa.

15 de marzo de 2019

Tivo lugar a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e diversas entidades culturais da cidade.

16 de marzo de 2019

Celebrouse no matadoiro o VI Encontro de Troco da Rede Galega de Sementes onde, aparte do intercambio de sementes, se realizaron obradoiros de enxertos, actuacións e charlas.

16 de marzo de 2019

Na igrexa de Santiago tivo lugar o concerto de *Aquel Trovar*, do Programa *Circuitos*, organizado polo Centro Nacional de Difusión Musical (CNDM) do Ministerio de Educación Cultura e Deporte coa colaboración da Unidade Pastoral de Betanzos e do Concello de Betanzos.



18 de marzo de 2019

No edificio Liceo tivo lugar a entrega dos premios Muller Emprendedora 2018, dentro do III Plan de Igualdade promovido polo Concello. Foilles outorgado a quince mulleres betanceiras que ao longo do pasado ano abriron ou se puxeron á fronte dun negocio en Betanzos.



21 de marzo de 2019

Clausuráronse os obradoiros de emprego de promoción turística e xardiñaría que promoveron os concellos de Abegondo, Carral, Coirós, Paderne e Betanzos.

18-25 de marzo de 2019

Organizadas polo concello para a celebración do Día da Poesía celebráronse diversas sesións e actividades nos centros de ensino da cidade por conta das escritoras galegas, María Lado, Lucía Aldao, Antía Otero e Dores Tembrás.

25 de marzo de 2019

Foron recibidos pola alcaldesa e diversos concelleiros na Sala Capitular os integrantes da Comisión Permanente do Consello Galego de Relacións Laborais, que elixiron a nosa cidade para reunirse.

30 de marzo de 2019

A cidade e comarca volcouse en solidariedade coa campaña de Noel para recaudar fondos para poñer en marcha un novo tratamento contra o meduloblastoma. Por este motivo celebrouse unha andaina neste día, organizada polo Concello.

30 de marzo de 2019

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Dúas donas que bailan», interpretada pola compañía *Teatro do Atlántico*. Foi organizada polo Concello dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

30 de marzo de 2019

A nosa cidade sumouse á acción reivindicativa coñecida co nome de «A hora do planeta» contra o cambio climático deixando os edificios públicos a escuras.

2 de abril de 2019

Presentouse no palco da música a programación de actos do 800 aniversario do traslado de Betanzos, estreouse así mesmo o himno pop composto polo compositor e cantautor coruñés, Carlos Bau para celebrar este aniversario.



22 de marzo de 2019

Tivo lugar a sinatura dun convenio entre o Concello e Abanca, con presenza da alcaldesa, María Barral e de directivos da entidade.





3 de abril de 2019

O Concello quixo recoñecer o labor da primeira corporación democrática no corenta aniversario das eleccións, cunha recepción na Sala Capitular presidida pola alcaldesa, María Barral e coa presenza dos exalcaldes, Vicente de la Fuente García e Antolín Sánchez Presedo, ademais de varios concelleiros.

3-27 de abril de 2019

No edificio Liceo puido contemplarse a exposición «CPR Nuestra Señora del Carmen-Atocha. Betanzos 8.0», organizada polo CPR Nosa Señora do Carme-Atocha.

Abril de 2019

Con motivo do Día internacional do libro e da lectura desenvolvéronse obradoiros e contacontos nos centros de ensino por conta de Antía Otero do colectivo Apiario, Raquel Queizás e Dores Tembrás.

10 de abril a 5 de maio de 2019

Na Sala Jesús Núñez tivo lugar a exposición «Unha mirada de antano. Fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia», organizada por ABANCA, Afundación e o Concello de Betanzos.



12-20 de abril de 2019

O día 12 presentouse o Ciclo de Música Sacra e ao longo destes días desenvolvéronse os actos de Semana Santa, declarada de Interese Turístico de Galicia, que foron organizados pola Confraría de

Semana Santa de Betanzos. O pregón deste ano correu a cargo de Francisco Vázquez Vázquez, exalcalde da Coruña. Contouse con actuacións musicais dentro do IV Ciclo de Música Sacra no que participaron a Coral Polifónica de Betanzos, o *Coro Cantabile*, *Ensemble Iulius XIII*, o tenor Pablo Carballido, o barítono Pedro Martínez, con Alfredo Gómez Sieiro ao clarinete e Ludmila Shevyakova ao piano. Participaron tamén nos distintos actos as sopranos Victoria Álvarez e Cristina López, a cantante lírica Clara Jelihovschi e a Agrupación Musical Santísimo Cristo de la Buena Muerte de Ferrol, Banda de gaitas e tambores Zucurrundullo de Castroverde (Lugo), Banda Acotaga de Ferrol, Agrupación Musical Virgen de la Amargura e a Banda de las Angustias de Ferrol.

13 de abril de 2019

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «A Canción do Elefante», interpretada pola compañía *Redrum Produccións*. Foi organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

16 de abril de 2019

Dentro dos actos programados polo Concello con motivo do 800 aniversario tivo lugar na igrexa de San Francisco un concerto do Coro e a Orquesta Gaos.

21 de abril de 2019

María Buján Regueira recibiu de mans da alcaldesa María Barral o *XI Premio Úrsula Meléndez de Texeda*, pola súa labor no movemento asociativo e dinamización do centro social As Minas de Tiobre.



Artume




Artume

23 de abril-31 de maio de 2019

Con motivo da celebración do Día Internacional do Libro e a Lectura tivo lugar a campaña «Betanzos. Poesía no comercio» nas tendas betanceiras, coa difusión das poesías galegas creadas polo alumnado do CEIP Francisco Vales Villamarín. Esta actividade estivo organizada polo Concello de Betanzos e o Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística do CEIP Francisco Vales Villamarín.

27 de abril de 2019

No edificio Liceo celebrouse o contacontos para bebés, «O berce das verbas» por conta de Caxoto Contacontos da Trastenda dos contos, dentro do programa *Sábados miúdos*.



27 de abril de 2019

Encadrado dentro dos actos do 800 aniversario organizados polo Concello tivo lugar na igrexa de Santa María un concerto do Coro e a Orquesta de Cámara da Escola Municipal de Música da Coruña.

Maio de 2018

Ao longo deste mes levouse a cabo o programa de actos das Letras Galegas, organizado polo Concello, que este ano estivo dedicado a Antonio Fraguas. Para o seu desenvolvemento contou coa participación de diversas agrupacións culturais betanceiras, da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, ademais das propias institucións municipais, como o Museo das Mariñas co mes de portas abertas ou unha exposición bibliográfica na Biblioteca Municipal Castelao. Claudia Villares Barros, de cuarto de Primaria do colexio Vales Villamarín foi a gañadora do Concurso de carteis das Letras Galegas.

1 de maio de 2019

Celebrouse o «Canto dos Maios» polas prazas da cidade, por parte do alumnado da Escola Municipal de Folclore de Betanzos (EmuF).

2-3 de maio de 2019

Dentro dos actos do 800 aniversario presentouse no edificio Liceo o vídeo titulado «Unha viaxe ao interior das cousas» para a promoción turística da cidade. No acto, presidido pola alcaldesa María Barral, estiveron presentes os responsables da produción, Marina Pérez e Matías Losada, ademais do concelleiro Andrés Hermida.

2 de maio de 2019

No edificio Liceo tivo lugar a conferencia titulada «O legado dos Irmáns García Naveira: coidado, educación e cultura», a cargo de Eduardo José Fuentes Abeledo, Profesor Titular no Departamento de Pedagogía e Didáctica da Univ. de Santiago de Compostela.



Arume

3 de maio de 2019

No Cine Alfonsetti tivo lugar a estrea do vídeo «Unha viaxe ao interior» (Marma, 2019), dentro dos actos do 800 aniversario da cidade, que contou coa presenza das directoras; seguio da proxección da película «Doghs», coa presenza do director, Andrés Goteira e de Antonio Durán «Morris», Suso López e Laura Doval, dentro da programación do Cine Alfonsetti.

3-18 de maio de 2019

No edificio Liceo puido verse a exposición das fotos de Semana Santa, organizada pola Confraría de Semana Santa de Betanzos.

4 de maio de 2019

Na Praza da Constitución tivo lugar a actuación de danza contemporánea «Camiño a...» por conta da compañía Serdanza, dentro do programa «Do camiño vivido 2019», seguido do cocineiro Kike Piñeiro con «Saboreando o camiño vivido». Foi organizado pola Deputación da Coruña e o Concello de Betanzos dentro do Programa das Letras Galegas.

4 de maio de 2019

Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación da obra de teatro «Falar por falar» a cargo da compañía *Volta e Dálle teatro*. Foi organizada polo Concello dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

5 de maio de 2019

Celebrouse a XVII Volta á Ría de Betanzos, unha media maratón de 21 km onde resultou gañador o atleta portugués, Nuno Costa.

6 de maio de 2019

A alcaldesa María Barral fixo entrega dos diplomas e credenciais a todos os participantes nas rutas do Camiño Inglés. Unha iniciativa para promover o deporte, a colaboración e a solidariedade.

7 de maio de 2019

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a posta en escena do espectáculo «A Danza das Letras» por conta da Escola de Danza Danzarte, para público familiar. Foi organizado pola Escola de Danza *Danzarte* como gala benéfica a favor da Fundación Cris (Noel).

11-29 de maio de 2019

No edificio Liceo puido verse a exposición «25 anos vestindo a EMuF», organizada polo Concello de Betanzos polo aniversario da Escola Municipal de Folclore, dentro do Programa das Letras Galegas.

11-12 de maio de 2019

No circuito «García Irmáns» do Pasatempo celebrouse o campionato galego de patinaxe de Velocidade en circuito.

15 de maio de 2019

O neurólogo Diego Santos impartiu unha charla coloquio sobre o Parkinson no edificio Liceo.

17 de maio de 2019

Dentro das actividades programadas polo Concello para a celebración das Letras Galegas tivo lugar na praza da Constitución o XXII Encontro de Bandas de Música coas actuacións de Rosa Cedrón, Paco Lodeiro e Miguel Ladrón de Guevara.

23 de maio de 2019

No edificio Liceo tivo lugar o acto de entrega dos premios do X Concurso de carteis das Letras Galegas e IX de Creación Literaria.

29 de maio de 2019

Neste día tiveron lugar as eleccións municipais, cos seguintes resultados: PSdeG-PSOE, 3272 votos; PP, 2.102 votos; B.N.G. 652 votos; Betanzos Novo, 348 votos; Unidas Podemos, 306 votos; Ciudadanos, 273; Betanzos en Común, 151; Nulos, 91 e Votos en branco, 78.

Obtiveron a seguinte representación municipal: PSdeG-PSOE, 10 concelleiros; PP, 6 e B.N.G., 1.



Prensa Concello



Arume



CORPORACIÓN MUNICIPAL DE BETANZOS



Arume

María Barral Varela
Alcaldesa
Delegada de Servizos
Sociais e Igualdade



Diego Fernández López
Concelleiro
1º Tenente de Alcalde
Economía e Facenda,
Obras Públicas e Servizos,
Protección Civil e Persoal



Andrés Teijo Hermida
Concelleiro
2º Tenente de Alcalde
Educación, Deportes,
Urbanismo, Casco
Histórico e Patrimonio



**María de los Ángeles
Veiga López**
Concelleira
3º Tenente de Alcalde
Comercio, Hostalaría e
Industria, Protocolo e Festas



Arume

**María Jesús Regueiro
Sánchez**
Concelleira
4º Tenente de Alcalde
Promoción Económica,
Formación e Emprego e
Dinamización do Casco
Histórico



Ana Belén Veiga Pita
Concelleira
5ª Tenente de Alcalde
Cultura e
Normalización Lingüística



Mónica Carneiro Cid
Concelleira
Feiras e Mercados,
Nomenclátor, Honras e
Distincións, Eventos e
Dinamización Asociativa



José Luis Lagares Crespo
Concelleiro
Eficiencia Enerxética,
Transportes,
Medio Ambiente e
Medio Rural



Arume

Pablo Beade Pérez
Concelleiro
Mobilidade, Turismo,
Tráfico e Seguridade



Andrés Pandelo Torres
Concelleiro
Mocidade,
Novas Tecnoloxías,
Transparencia e
Información Cidadá



Cecilia Vázquez Suárez
Concelleira



**Susana Fernanda Golpe
Veiga**
Concelleira



Arume

**José Angel Rodríguez
Prieto**
Concelleiro



**María Vanessa
Seijo Siso**
Concelleira



**José Manuel
Manso Naveira**
Concelleiro



**Eduardo
Rodríguez Teijo**
Concelleiro



Arume

Henrique del Río Otero
Concelleiro

29 de maio de 2019

A atleta betanceira Mónica Granero acadou o Campionato de España Máster e o Campionato Galego absoluto nas probas celebradas en Cariño e Ortigueira.

6-9 de xuño de 2019

O Concello estivo presente na VII edición da Feira de Festas de Interese Turístico, Festur, en Silleda, coincidindo coa celebración do Salón Turístico de Galicia.

6 de xuño de 2019

No edificio Liceo tivo lugar a conferencia «Juan de Betanzos y el Imperio Inca», por conta de Manuel Ares Faraldo.

7 de xuño de 2019

No cine Alfonso Setti celebráronse os actos conmemorativos do VI aniversario da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo con conferencias de expertos de medio ambiente e representantes das distintas administracións.

7-8 de xuño de 2019

Tiveron lugar no edificio Liceo as VII Xornadas de formación e sensibilización sobre a atención á diversidade, co tema «A escola do futuro», organizadas polo CEIP Francisco Vales Villamarín, ANPA Brigantium, IES Francisco Aguiar, ANPA O Carregal, IES As Mariñas, ANPA As Mariñas, CFR A Coruña, Consellería de Educación Universitaria, FP e o Concello de Betanzos. Nas mesmas participaron José Antonio Fernández Bravo, a pedagoga Mar Romera e o pensador e psicopedagogo italiano, Francesco Tonucci.

9 de xuño de 2019

Celebrouse o I Trofeo Master Cidade de Betanzos organizado polo Clube Ciclista Betanzos. Participaron 120 ciclistas sendo o ganador o asturiano Saul Martín.

9 de xuño de 2019

A alcaldesa de Betanzos, María Barral Varela, entrevistouse na Xunta de Galicia co presidente, Alberto Núñez Feijoo.



15 de xuño de 2019

Neste día tomou posesión a nova Corporación Municipal, saída das últimas eleccións municipais, presidida pola alcaldesa, María Barral Varela.

15 de xuño de 2019

Celebrouse ao longo destes días na Praza do Campo, organizado pola Asociación de Comerciantes e Empresarios (ACEBE), «Betanchef», unha iniciativa que combina compras, entretemento e agasallos.



21 de xuño de 2019

A nosa cidade acolleu o encontro anual de policías e corpos de seguridade de España e Portugal. Foron recibidos pola alcaldesa, María Barra, e o concelleiro, Andrés Hermida.

21 de xuño de 2019

Organizado pola Deputación da Coruña coa colaboración do Concello de Betanzos, tivo lugar no edificio Liceo dentro do Certame Musical Fran Pérez Narf, un concerto da cantante Su Garrido

24 de xuño de 2019

Na Praza do Campo desenrolouse a campaña educativa itinerante sobre prevención, reutilización, reciclaxe e compostaxe dos residuos urbanos, auspiciada pola Xunta de Galicia, Xacobeo 2021 e pola Comunidade Europea.

24 de xuño de 2019

No Edificio Liceo foi inaugurada a exposición «350 anos da Ofrenda do Antigo Reino de Galicia», organizada pola Diócese de Lugo e Lucense Eucharisticum Centrum, coa colaboración do Colectivo Egeria, Xunta de Galicia, Unidade Pastoral de Betanzos e Concello de Betanzos.

25 de xuño de 2019

A alcaldesa, María Barral, e o concelleiro de deportes, Andrés Teijo, recibiron no edificio Liceo aos equipos de infantís e alevíns do Betanzos CF pola consecución das súas respectivas ligas.

27 de xuño de 2019

No edificio Liceo tivo lugar a presentación do libro titulado *María na busca da liña do horizonte* da que é autora a betanceira Esther López Castro.

28 de xuño de 2019

A Asociación Cultural Eira Vella presentou no edificio Liceo o libro *Obra teatral*, en homenaxe ao escritor betanceiro Xulio Cuns, coincidindo co quinto aniversario do seu pasamento. Recolléronse no



libro tres obras teatrais: «O ramallo de loureiro», «O vello do saco» e «Alter ego», así coma unha conferencia sobre «Lecturas teatrais».

29 de xuño de 2019

Tivo lugar na Praza de Dona Águeda o II Encontro de Música Tradicional organizado pola Asociación de Músicos de Betanzos, e no que participaron máis dun cento de músicos.

29 de xuño de 2019

No Campo da Feira tivo lugar o II Concerto de bandas dos locais de ensaio de Betanzos «Música local 15300», coa actuación de Caor+Hannach, Sickeper, Radio Infame, Blackout, M. Degrees, Punk-Tojas, Bebidos Espirituosos e Keko.

1-7 de xullo de 2019

Ao longo destes días celebrouse o «Proxecto María Balteira» dentro do programa de actos do 800 aniversario da cidade de Betanzos, organizado e coordinado polo grupo poético Nova Poesía Guitirica, pola asociación Lar de Unta e polo Concello de Betanzos. O obxectivo foi achegar a



poesía medieval desta soldadeira da comarca betanceira e outros xogares do seu tempo. Celebráronse recitais de poesía, un concerto, unha andaina, charlas, mesa redonda, nas que participaron entre outros Dores Cao, Concha Delgado, Xosé Ramón Pena, Eduardo Maragoto, Xulio Loureiro, Marica Campo, Alfredo Erias e Manuel Portas.

3 de xullo de 2019

No edificio Liceo foron entregados os premios do concurso «Detalles de 800 anos» convocado polo IES Francisco Aguiar coa colaboración da Asociación de Comerciantes de Betanzos e o Concello. Resultaron gañadores en adultos; Antonio Vidal e Carlos Álvarez e en categoría infantil, Marcelo Barreiro.

7 de xullo de 2019

Izan Prego, do equipo Kwon Betanzos, acadou o subcampionato de España xunior na categoría de 68 kg nos campionatos celebrados en Valladolid.

4 ao 30 de xullo de 2019

Ao longo destes días puido visitarse no edificio Liceo a exposición colectiva de pintura, escultura e fotografía titulada «8 séculos, 8 artistas», organizada polo Concello de Betanzos.

12-14 de xullo de 2019

Celebrouse a XXII edición da Feira Franca Medieval, declarada de Interese Turístico de Galicia, que contou con diversas recreacións históricas realizadas por voluntarios e grupos teatrais: expulsión dos leprosos, tributo das cen doncelas, torneo medieval... A Feira deu comezo coa lectura do pregón a cargo do ex concelleiro de cultura, Francisco Díaz Pereira, máis coñecido por «Pachico».



Arume

Pregón da XXI Feira Franca Medieval

Señora alcaldesa, rexedores, betanceiros e betanceiras, xentes doutras terras!

É para min un motivo de honra poder dirixirme a todos vós en tan extraordinario acontecemento e sentir o voso entusiasmo ao revivir o mundo medieval do que xorde BETANZOS.

Tiven a fortuna de nacer no corazón do casco histórico, de que o meu patio de xogos fosen o Adro de Santa María e a Praza de Fernán Pérez de Andrade. De descubrir, sendo aínda un nenño, os personaxes soterrados en San Francisco... «OS MEUS VECIÑOS DORMENTES!»

Personaxes como Andrade o Bo, ao que tanto debemos os betanceiros, pois mercé á súa vontade se constrúen tres das nosas grandes xoias arquitectónicas: as tres igrexas polas que Betanzos é considerada a CAPITAL DO GÓTICO GALEGO.



Arume

Eses cabaleiros pétreos e silandeiros dos que os nenos imaxinabamos grandes fazañas e aos que queríamos imitar... E IMITABAMOS!

Os de Santa María compartíamos escola en San Francisco cos do Matadoiro e da Ribeira. Un día – aínda hoxe non acerto a saber a razón- desatáronse as hostilidades e planificouse unha «batalla concertada» en día e hora. O certo é que os de Santa María preparámonos para defender a nosa «fortaleza», que era o ADRO. Botamos man das nosas espadas e arcos de madeira, así como doutros elementos de curiosa maquinaria bélica. A maioría de nós vestiamos pantalón curto con tirantes, e para cinguir a espada ao noso costado, utilizabamos un cordón o suficientemente grosso para que, a modo de cinto, nola suxeitase

O noso capitán, César, ordenou establecer quendas de vixilancia no campanario, por se atacaban pola retagarda, subindo polo Arco da Ribeira, e que accederan a Santa María a través da rúa Travesa. Mentres, o noso enxeñeiro, Luís, construía unhas catapultas montadas en dirección á rúa de San Francisco. Eran de pau e, para arrebolar a munición, á maneira dun cazo, colocou unhas latas de sardiñas grandes e redondas.... Así, entre todos fixemos provisión de pedras nos seus distintos tamaños, que amoreamos ao pé de cada catapulta... E esperamos.

A medida que avanzaba a tarde escoitabamos de lonxe un murmurio que viña do fondo da rúa, e cando ese murmurio se converteu en balbordo... Meu Deus! Centos de guerreiros detrás dunha enorme árbore que portaban entre tres ou catro, a modo de bandeira e ariete. Ocupaban toda a rúa ao fondo e ao ancho. Unha auténtica marea de nenos armados ata os dentes!

O capitán, sen perder a calma, dá as indicacións precisas para que ocupemos as nosas posicións e



Arume



Arume

establece que ninguén «abra fogo» ata que él o mande. Alea iacta est... Comenza o combate e as catapultas lanzan unha choiva de pedras que deteñen momentaneamente as tropas invasoras. Mentres se cargan de novo, son os arqueiros os encargados de tratar de deter o avance, pero son demasiados e a munición empeza a escasear. Cando a situación se volve crítica decretase a retirada, iso si, da mesma maneira ordenada que tantas veces viramos no cinema e nos tebeos do Jabato e do Capitán Trueno. RETIRADA cara a territorio neutral, o interior da Igrexa de Santa María, que é a nosa salvagarda sagrada.

As tropas hostís conquistaron o adro e como botín de guerra levaron as catapultas, non sen antes facer un intento de provocar a nosa saída ao berro de «chumbambe... chumbambe... Queremos guerra!» Pero nós fixemos caso omiso, e coa chegada do sancristán pasamos a refuxiarnos definitivamente na sancristía. Máis tarde chegaron os sacerdotes e algúns de nós revestímonos de monaguillos para axudar na novena, mentres o resto ocupou as primeiras filas de bancos. E así foi como unha tarde de «cruenta» guerra sen cuartel se converteu nunha tarde de piedade relixiosa.

Ao día seguinte, na escola, os inimigos do día anterior volvían a ser amigos e compañeiros, comentando entre chanzas e risotadas as vicisitudes da batalla co correspondente parte de guerra ata que todos ao unísono volvíamos cantar ás ordes do mestre o consabido soniquete $5 \times 3 = 15$...

Amigos e amigas, este ano é especial para Betanzos porque celebramos o 800 ANIVERSARIO do seu traslado á súa ubicación actual, o antigo Castro de Untia, que xorde do FRATERNAL ABRAZO entre o Mendo e o Mandeo.



Arume

Mercé ao Fuero de Benavente, Alfonso IX de León autoriza o traslado dos habitantes do Castro de Tiobre ao Castro de Untia. Así pois, Betanzos nace da FRATERNIDADE coa que nos agasallou a natureza e da FRATERNIDADE amosada na acollida por parte dos de Untia cara aos de Tiobre. FRATERNIDADE que BETANZOS segue practicando sempre que a ocasión o require, pois foi, é e será un dos nosos sinais de identidade. Como tamén o é ese sentimento de orgullo e pertenza que nos acompaña aló onde imos. Orgullo do noso e orgullo de poder compartilo. **ORGULLO DA NOSA HISTORIA, DA NOSA CULTURA, DO NOSO PATRIMONIO.**

A UNESCO define a cultura como o conxunto de trazos distintivos, espirituais e materiais, intelectuais e afectivos que caracterizan unha sociedade ou un grupo. Engloba, ademais das artes e das letras, os modos de vida, os dereitos fundamentais do ser humano, os valores, as tradicións e as crenzas.

A cultura outórganos ás persoas a capacidade de reflexionar sobre nós mesmos, de facernos racionais, críticos e eticamente comprometidos, de definirmos e de diferenciarnos nun mundo cada vez máis global e interconectado. De aí a súa consideración e prestixio, consecuencia da súa capacidade de asegurar a evolución dunha sociedade democrática avanzada, e de configurar a convivencia e o desenvolvemento pleno dos individuos que a integran. É por iso polo que Betanzos sempre tivo na cultura un obxectivo que, unido á extraordinaria herdanza dos nosos antergos, han de ser os principios básicos da fórmula que debemos aplicar para seguir avanzando como cidade.

Da mesma maneira que A PROTECCIÓN DO PATRIMONIO ha de ser unha prioridade. Porque o patrimonio, ademais de servir como ponte de unión entre o pasado e o futuro dunha sociedade, pode ser unha ferramenta de desenvolvemento socioeconómico de incalculable valor se se sabe empregar... Se se sabe rehabilitar e conservar. Unha FERRAMENTA IRRENUNCIABLE para **DESENVOLVER O BETANZOS QUE TODOS DESEXAMOS.**

Betanzos ten a sorte de ser unha cidade de costumes e de tradicións, cun patrimonio inmaterial único perfectamente preservado por xeracións e xeracións de betanceiros. Como as nosas DANZAS GREMAIS. CONSERVAMOS CATRO e en cousa duns días teremos a oportunidade de volver a velas xuntas, no mesmo marco, para celebrar o Día de Galicia! As de Mariñeiros e Labradores, tan ben representadas a través do esforzo e adicación dos Mozos do Pobo, que eficazmente dirixe Ton Pena. E as de Xastres e Zapateiros recuperadas a través da Escola Municipal de Folclore e o Grupo Azogue, produto do traballo e a investigación dos seus mestres e compoñentes.

Pero Betanzos tamén ten UN GRAN RETO, QUE HAI QUE AFRONTAR SEN DEMORA: a rehabilitación do seu centro histórico. Son necesarios a promoción de estudos e o establecemento de estratexias e proxectos de protección que impulsen de xeito definitivo o seu ARRANQUE. Ben é certo que se están vendo notables progresos grazas ao Plan Rexurbe, especialmente ostensible na rúa da Cerca. Unha rúa na que tamén se realizou unha magnífica pavimentación dentro do plan municipal de posta en valor de vías do entorno monumental. Mais na Cerca, a que para os milleiros de peregrinos que chegan á cidade a través do Camiño Inglés supón a súa primeira toma de contacto co BETANZOS INTRAMUROS, tamén está un dos símbolos do BETANZOS MEDIEVAL, esperando ser restaurado coa maior celeridade posible: A Casa Gótica, solar dos DORMENTES de SAN FRANCISCO, os García de Vilousaz



Tampouco a esquina e mazá da TORRE DE LANZÓS poden permanecer «atormentando» a vida cotiá da cidadanía betanceira e de quen nos visita, e requiren unha solución que todos esperamos máis pronto que tarde.

O mesmo que a Casa Nuñez, que alberga o Centro Internacional da Estampa Contemporánea, un proxecto cultural de incalculable valor que debemos preservar. Espero e confío que a xenerosa doazón dos seus propietarios ao Concello de Betanzos se formalice, e así pase a formar parte do PATRIMONIO DOS BETANCEIROS E BETANCEIRAS CON TODAS AS GARANTÍAS.

Alcaldesa, corporación municipal... Sei do amor que sentides por BETANZOS e confío na vosa capacidade para AVANZAR XUNTOS CARA ESE GRAN RETO. Como sei que faredes o imposible para revertir a situación actual e conquistar O BETANZOS QUE TODOS SOÑAMOS.

Non quero rematar sen evocar aquilo que constitúe o FUTURO de Betanzos. Os nosos nenos e nenas, que hoxe ollan ilusionados e sorprendidos o inicio da festa. Sexamos quen de sementar neles o respecto polo noso. Nós, como fillos e fillas, netos e netas dos avós devanceiros que sustentaron en nós a cualidade intelixente do respecto e o amor polo propio, temos a obriga moral de aprenderlles que estas rúas, estas casas, estes pazos e igrexas... non son a decoración do escenario onde se desenvolve a Feira Franca Medieval, senón unha OPORTUNIDADE DE FUTURO, unha OPORTUNIDADE DE VIDA.

DITO QUEDA.

E AGORA BETANCEIROS E BETANCEIRAS DESDE O FONDO DA VOSA ALMA, CO CORAZÓN NA GORXA BERRADE CONMIGO! PARA QUE ESCOITEN OS NÓSOS VECIÑOS QUE ESTÁN ALÉN DO MAR E AQUELES QUE XA NOS PRECEDERON E ESTÁN AGARDANDO POR NOS NAS ESTRELAS.

VIVA A FEIRA FRANCA MEDIEVAL! VIVA BETANZOS!
SAÚDE E BOAS FESTAS!

13 de xullo de 2019

A betanceira Raquel Vara Pernas proclamouse campiona de España de Padel por equipos nos campionatos celebrados en Valencia.





15-19 de xullo de 2019

Celebrouse a XIX Semana Internacional do Cine de Betanzos, dedicada nesta edición á cineasta Isabel Coixet Castillo baixo o título «**Isabel Coixet. Un cine comprometido**». A directora recibiu o galardón na clausura do festival no que se proxeccionaron boa parte dos seus traballos.

19-21 de xullo de 2019

Desenrolouse nestes días na Aula de Cultura Xulio Cuns o VIII Festival BetanJazz+ coa participación dos grupos: Alfredo García Quintet, Marcos Teira Quinteto Nós e Garelos Jazz Quintet.



19 de xullo a 28 de agosto de 2019

Ao longo destes días as rúas de Betanzos acolleron as obras participantes na edición especial do Certame de Pintura de Balconadas 800 aniversario, que tivo como temática Betanzos e a súa historia. O primeiro premio foi para a obra titulada «Tempus fugit» da artista viguesa, Aida Rodríguez Donoso. Os accésits foron para Mirian Loidi Zulet de Irún e Juan Carlos Platis Cores, de Vilagarcía de Arousa.

20 de xullo de 2019

As asociacións Amigos dos Ríos de Betanzos, Porta da Vila e Asociación Recreativa, Cultural e Deportiva Ría do Pedrido celebraron unha travesía náutica Betanzos-Pedrido para dar a coñecer os problemas deste tramo da ría, expostos por un manifesto previo lido por Alfredo Erias.



23 de xullo de 2019

No edificio liceo tivo lugar a clausura do Obradoiro de emprego de atención sociosanitaria a persoas dependentes, organizado polos concellos de Abegondo, Betanzos, Carral, Coirós e Paderne.



24 de xullo de 2019

Celebrouse na Praza dos Irmáns García Naveira o «XXIII Festival de Folclore Día de Galicia», organizado polo Concello. Participaron: Asociación Cultural Xóvenes do Pobo, Regueifeiros da Asociación Oral de Galicia y la Escola Municipal de Folclore do Concello de Betanzos. Esta última estrenou a danza de zapateiros, estando así presentes no acto as catro danzas gremiais, cousa que non sucedía desde hai máis de cen anos.



26 de xullo de 2019

A Farmacia Couceiro recibiu a medalla de prata de Betanzos en recoñecemento aos seus tres séculos de historia na mesma familia e no mesmo lugar. A alcaldesa, María Barral, fíxolle entrega da distinción á actual propietaria, María Sánchez.

26-28 de xullo de 2019

Desenrolouse ao longo destes días o IV Festival de Artes Escénicas na Rúa «Vai de rúa», organizado polo concello coa colaboración da Deputación da Coruña. Participaron nesta edición as compañías: Os Brigadiers, Maintomano, Paco Nogueiras, Pistacatro Productora de Soños SL, Elahood, Entremans, Desincronacidas, Pakolas, Fredi&Cía, Exire, La Macana e Sempre Arriba.



30 de xullo de 2019

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez e a alcaldesa, María Barral, asinaron un acordo para a realización dun novo Plan Especial de Protección do Casco Histórico que foi asumido pola Xunta de Galicia por un importe de 150.000 euros.

1 de agosto de 2019

No edificio Liceo tivo lugar a presentación do libro titulado «Vales Villamarín e O Cisne de Vilamorta» unha versión galega da obra de Emilia Pardo Bazán que comezara a traducir Francisco Vales Villamrín e que completaron Lauro Xosé

Pedreira Ares e José-Domingo Vales Vía. Foi presentado por Concepción Delgado Corral e contou coa participación da periodista Lucía Tenreiro. O Acto foi presidido pola alcaldesa, María Barral.



2 de agosto de 2019

Na Sala Jesús Núñez do edificio Liceo inaugurouse a exposición fotográfica «A capela sepulcral de Andrade», organizada polo concello de Betanzos e creada por Alfredo Erias como director do Museo das Mariñas e autor da tese doutoral, *Iconografía de las tres iglesias góticas de Betanzos: San Francisco, Santa María do Azougue y Santiago*. É a primeira mostra sobre os contidos das tres igrexas góticas que se fai en Betanzos.

6-30 de agosto de 2019

No edificio Liceo tivo lugar a exposición de fotografías «Fútbol e danzas en Betanzos», realizada por Moncho Presedo e Ton Pena.





10 de agosto de 2019

Celebrouse a xornada «Caneiros en familia», organizada polo Concello e destinada a difundir e inculcar os valores tradicionais da romaría.

13 de agosto de 2019


A alcaldesa, María Barral, e o delegado territorial da ONCE en Galicia, Manuel Martínez, presentaron no edificio Liceo o cupón adicado ao globo de Betanzos.

13 de agosto de 2019

Na igrexa de Santiago celebrouse o tradicional Concerto Cidade de Betanzos, coas actuacións da Agrupación Musical Carlos Seijo, a Coral Polifónica de Betanzos e a Banda Municipal de Música do Concello de Betanzos.

14 de agosto de 2019

Na praza da Constitución a alcaldesa María Barral coroou á raíña das festas, a moza brigantina Paula Brea Germade. Seguidamente, desde o balcón da Casa Consistorial tivo lugar a lectura do pregón a cargo da presidenta do Centro Betanzos de Buenos Aires, Beatriz Lagoa Veiga. Este acto representou o comezo oficial das festas. Este ano contouse con actuacións de Luz Casal, Milladoiro ou a orquestra Sinfónica de Galicia.



Pregón das Festas de San Roque

Señora Alcaldesa, Miembros de la Corporación Municipal, Autoridades, Reina de las Fiestas, Damas de Honor, acompañantes, vecinos de Betanzos, familia y a todos los que visitan la villa en estas emblemáticas fechas.

Es un autentico honor para mi estar hoy en este balcón para desearles lo mejor para estas fiestas. Quiero dar las gracias a la Alcaldesa y a la Corporación Municipal por invitarme a dar el pregón este año y con ello hacer que esta noche sea, seguramente, una de las mas especiales e inolvidables de mi vida. No se si hay palabras suficientes para poder explicar la emoción y sa-

Prensa Concello

Arume



tisfacción que sentí cuando me propusieron que tuviera el honor de ser la pregonera de las Fiestas de San Roque en este año tan especial que se cumplen 800 años del traslado de la ciudad desde Tiobre al actual casco histórico.

Aceptado el reto y ya sin posibilidades de dar marcha atrás, no queda más remedio que comenzar a dar vueltas a la cabeza para decidir por dónde empezar, es decir, que contar o dejar de contar, pero pensé que si hablaba con el corazón no podía equivocarme, y por ese lado iré.

Espero que esta noche con ustedes, con mis familiares y amigos, sea capaz de controlar las emociones, y que estas se mantengan dentro, tenga la templanza para afrontar esta situación y el acto pueda desarrollarse con la elocuencia y serenidad que ustedes se merecen, aunque la emoción sea mayor que en ninguna otra ocasión.

Con frecuencia los Pregoneros de las Fiestas Patronales recurren a recuerdos de la infancia, tal vez para imprimir un sello de identidad con los orígenes en los que se cimentaron sus vidas. Yo también recurriré a alguno de los recuerdos de mi infancia, ya que, en ellos pueden encontrar algunas de las claves de porque estoy hoy aquí.

Nací a los siete días de llegar mi madre a Buenos Aires, crecí a miles de kilómetros pero todos los días al regresar a casa, era como si entrara en Galicia porque ella habita en cada hogar donde se encuentre un emigrante. Ellos nos transmitieron su cultura, nos inculcaron valores desde el ejemplo y fueron capaces de crear en nosotros ese doble sentimiento de pertenecer aun no habiendo nacido en ella. Ese sentimiento de pertenecer tan difícil de explicar pero tan fácil de sentir.

Mi infancia como ya saben no la vivi en Betanzos, no en el de «acá» pero desde que tengo uso de razón reconozco esta ciudad como mía.

En Buenos Aires ya finalizando el siglo XIX comenzaron a reunirse los naturales de Betanzos para celebrar sus tradicionales fiestas. Sin globo y sin Caneiros presentes, pero si en su imaginación y en sus recuerdos. Cuando se tiene que emigrar por las circunstancias que sean se echan de menos muchas cosas y se habla permanentemente de ellas. Es una manera de combatir la «Morriña»

Fue así que en 1905 surgió la Asociación «Hijos de Requian y Piadela», antecedente inmediato del «Centro Social de Betanzos» fundado en el año 1930. Recién en el año 1941 se adopto por la denominación definitiva «Centro Betanzos de Buenos Aires» que es la actual.

En este momento deseo recordar a modo de agradecimiento eterno a ese grupo de personas de buena voluntad y de mejores ideas que reaccionaron en forma precisa ante la necesidad imperiosa de reunir a todos los naturales de Betanzos para dar apoyo material y moral a sus emigrantes y socorrer a todos los que lo necesitaran. Es así que contribuyeron para que muchos betanceiros fueran repatriados a la Argentina por problemas con la cruel guerra civil.



Pero no se conformaron con lo hecho y se ocuparon y preocuparon a lo largo de los años realizando una labor constante, eficaz y extensa a favor de la cultura en todas sus expresiones y nos dejaron bien asentados los pilares con los que se sostiene nuestro querido Centro: Libertad, Justicia y Solidaridad y la defensa permanente de la Cultura Gallega.

Los fundadores a quienes consideramos los mas visionarios de la diáspora Gallega, ya que el Centro Betanzos de Buenos Aires es el Centro Comarcal más Antiguo del Mundo, lograron superar todas las diferencias ideológicas, políticas y económicas y desde su fundación centraron el esfuerzo en cumplir objetivos claros apoyando la cultura, abriendo sus salones para la realización de todo tipo de encuentro, conferencias, exposiciones de arte, cine, conciertos, teatro, deportes y toda otra actividad que consideraran de interés.

En el año 1933 se fundó la Coral Os Rumorosos de la que fue Director el recordado Carlos López García, bajo su dirección la Coral se presento en el Teatro Colon de Buenos Aires, en el también se estreno su Opera Sindy, hoy después de 86 años aun se mantiene vigente.

El mismo año se fundó la Biblioteca del Centro que está considerada como una de las más importantes de la colectividad Gallega por la cantidad y calidad de los volúmenes que alberga. Su nombre es «Antolin Faraldo»

En el año 2004 el Centro fue Declarado de Interés Cultural por la Legislatura de la Ciudad de Buenos Aires por su aporte permanente a las Culturas Gallega y Argentina.

En el año 2005, con motivo de cumplirse el centenario del Centro, el Ayuntamiento de Betanzos otorgo al Centro Betanzos de Buenos Aires por decisión unánime la medalla de oro de la ciudad.

En el año 2006 se creó nuestro sello Editorial con el que llevamos editados más de 30 títulos de diversos autores, y diversas temáticas.

En el año 2009 El Ministerio de Trabajo e Inmigración del Gobierno de España nos otorgo la Medalla de Honor de la Emigración en su categoría de oro.

Hoy llegamos a los 114 años en unas condiciones que nos permiten mirar con esperanza hacia el futuro. Estamos preparados para el mañana, tenemos las herramientas y el equipo humano para mantener firmes las bases que nos han legado. Hoy podemos decir que el objetivo que se marcaron esas personas al fundarla ha sido cumplido.

Seguiremos reinventando cada día nuestro espacio esforzándonos en buscar nuevas formulas para realizar una oferta de calidad que responda a la demanda de una sociedad en constante evolución y lo haremos en continuidad de lo ya hecho. Siempre haciendo conocer al Betanzos de «acá» en todas sus facetas.

Ahora toca hablar del Betanzos de «acá».

Pero yo no voy a hablar de su historia, encontrándome aquí con buenos historiadores, Cronista Oficial, personas especializadas y muy entendidas en la materia, sería una irreverencia de mi parte.

Pero si voy a hablar del Betanzos de «acá» describiéndolo como yo lo siento: una ciudad abierta, tolerante, generosa, culturalmente inquieta, llena de luces y olores de esos que te roban el alma y hacen que siempre quieras volver. Una ciudad de gente noble, hospitalaria y luchadora.

Una ciudad que ha crecido y a pesar de sus 8 siglos no ha envejecido, tiene un futuro inmenso por su ubicación privilegiada, en un territorio natural maravilloso, pero también por su gente y sus



instituciones que supieron crear el entorno necesario para desarrollar una comunidad de la que podemos sentirnos orgullosos.

Y no quiero avanzar sin antes destacar algo que desde mi primer viaje me ha llamado poderosamente la atención y es comprobar cómo la tradición se ha mantenido casi intacta, inmutable al paso de los siglos y por tanto se ha convertido en una de las señas de identidad que nos define como betanceiros. Gracias por saber cuidar y conservar nuestra historia.

Se llama Betanzos de los Caballeros y es una de las siete capitales del Reino de Galicia, seguramente la que mas orgullosa esta de su pasado.

Los que nacieron en Betanzos presumen de ello, su villa medieval, sus fiestas, su gastronomía, sus calles en las que se respira la trascendencia de su paso por la historia.

Debo mencionar a sus iglesias, San Francisco una de los templos góticos mas hermoso de toda Galicia, en su interior se encuentra el sepulcro de Fernan Pérez de Andrade.

Santa María de Azogue, preciosa con su rosetón

Iglesia y convento de Santo Domingo.

Santuario de Nuestra Sra. de Los Remedios.

Iglesia de Santiago.

Sus 8 parroquias de las que destaco a Piadela solo porque en ella nacieron mis padres.

Plaza de la constitución con su Ayuntamiento y la Torre del Reloj.

Las Murallas de la ciudad.

Palacio de Bendaña.

Palacio de Lanzos.

Edificio Archivo o Liceo.

Casa Núñez, Casa Pita.

Palco de la Música.

La Fuente de Diana La Cazadora.

La Farmacia Couceiro 300 años. La Primera de Galicia.

El Museo de las Mariñas, El Museo de la Estampa Contemporánea.

Cine Alfonsetti.

El Banco Echevarria el Primer Banco de España.

El legado de los hermanos García Naveira, que emigraron a la Argentina a finales del siglo XIX, donde hicieron su fortuna con la que a su regreso a Betanzos realizaron obras benéficas en la ciudad. En especial el Pasatiempo un antecedente de los parques temáticos actuales.

Sus Fiestas de San Roque con su emblemático globo de papel más Grande del Mundo, su lanzamiento es el acontecimiento que atrae a más forasteros a la ciudad. Gracias totales a la familia de Don Claudino Pita Pandelo.



O día 14 de agosto foi recibida na Sala Capitular do Concello unha delegación de Betanzos de Bolivia.

Los Caneiros fiesta de alegría desbordante y muy colorida, en la que la buena comida, el vino, la música y la amistad resumen la vocación lúdica y alegre del Gallego.

La Feria Medieval cada segundo fin de semana del mes de Julio se revive el pasado de la ciudad, todas su gente se visten de época e instalan en las calles puestos Artesanos, organizan actividades gremiales, representaciones teatrales y musicales.

El Festival de Cine.

Las Balconadas.

Los Mercados semanales y ferias quincenales.

En lo Deportivo el Club de Piragüismo Ría de Betanzos, Betanzos Club de Fútbol, solo por citar algunos.

En lo artístico La Coral Polifónica, Conservatorio Municipal de Música, la Escuela Municipal de Folclore y destaque a la Banda Municipal que en el año 2005 cuando se cumplía el Centenario del Centro de Betanzos nos visito realizando varias actuaciones finalizando su visita con un extraordinario concierto en el Teatro Avenida de Buenos Aires del cual aun hoy se sigue hablando.

En cuanto a su Gastronomía se celebra la semana de la Tortilla que es plato por excelencia de la gastronomía betanceira.

La Fiesta del Vino de Betanzos.

En sus numerosas Bodegas, Bares y Mesones se puede degustar durante todo el año cualquier plato , mariscos, pulpo, pescados, carne de ternera, de cerdo, quesos del país y muy buena repostería.

Con todo lo enumerado como no vamos a presumir de ser betanceiros, y seguramente me estoy olvidando de un sin fin de actividades que al no estar aquí a diario se me pasan por alto.

Sra. Alcaldesa, Miembro de la Corporación Municipal, betanceiras, betanceiros, esto ha de ir acabando. Aprovecho la oportunidad que como Pregonera se me brinda para tener un reconocimiento a todos porque sin vuestro esfuerzo hacen que Betanzos sea la legítima e indiscutible Capital de la Mariñas.

Ahora invocare la Protección del Patrón San Roque y desde aquí los convoco a disfrutar y vivir con plenitud Las Fiestas Patronales de San Roque 2019. Un pueblo que sabe divertirse a fondo, en paz y armonía es un pueblo culto y sabio. Les deseo que sean estas fiestas las mejores fiestas que se hayan disfrutado en Betanzos, que se graben en la memoria de todos para que su recuerdo alivie la morriña de los que tendremos que irnos de nuevo y anime a los que se quedan a seguir trabajando juntos, para conseguir una villa aun más feliz de lo que es hasta ahora.

Las mejores fiestas del Mundo están a punto de comenzar.

Muchísimas Gracias.

Viva San Roque... Viva Betanzos!



Arume

15 de agosto de 2019

Na praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da raíña infantil das festas, a fermosa rapaciña Aitana Campos Cupeiro, que recibiu a coroa de mans da alcaldesa, María Barral. Seguidamente, o mozo, José Varela García, deu lectura ao pregón infantil.

Función do Voto (16 de agosto)

Señor San Roque

É a segunda vez que estou diante de ti para cumprir co voto que, ano tras ano, desde hai séculos, o pobo de Betanzos che fai neste día. Veño, se cabe, con máis humildade ca nunca, porque este mesmo pobo vén de outorgarme unha confianza enorme, a min e ao meu equipo de goberno, para acompañalo coas mellores decisións posibles nos vindeiros anos. E por iso pídoche, antes que nada, que me axudes a atopar os camiños máis atinados para todos e todas. Este é un ano moi especial para a nosa vila. Celebramos que hai 800 anos Afonso IX asinou o privilexio, a petición da veciñanza de Betanzos, para trasladar a cidade dende a súa antiga localización en San Martiño de Tiobre á actual, sobre o castro de Untia. Guíanos, señor, para que

Betanzos mire con esperanza cara ao futuro, sen esquecer o seu histórico pasado.

Cada ano é distinto no mundo en que vivimos e semella que este vai quedar marcado moi especialmente polo odio. Porque o odio ao diferente, mesturado con moita ignorancia e con todo tipo de discursos xenófobos, pode levar, e leva, a crimes espantosos. Adoitamos crer que eses crimes están lonxe, mais nada que pasa en calquera parte do mundo nos debe ser alleo e todo pode suceder cando os líderes dos pobos se empeñan en separar en vez de unir. Un mal, iso de separar en vez de unir, que afecta tamén á Unión Europea e que, confiemos, atope algunha maneira de solución acordada.

O sentido territorial dos seres humanos tivo unha función de supervivencia que nos trouxo ata aquí, pero a estas alturas xa deberíamos saber que se non se controla lévanos aos crimes máis arrepiantes. E hoxe temos medios de comunicación suficientemente sofisticados como para saber que todos somos moi parecidos, máis aló das nosas características físicas. É máis, que toda a vida no planeta está feita cos mesmos elementos básicos e que todos os seres vivos estamos interconectados dunha ou doutra maneira.

Por que nos empeñamos en volver cara atrás cando o planeta, enfermo, nos está a dicir día tras día que nos debemos xuntar, mesmo que é hora de establecer institucións de goberno globais para reconducir, se aínda é posible, o desacougante cambio climático, por exemplo?

Semella que estes pensamentos, aparentemente tan lóxicos, resultan de imposible realización, e iso lévanos doadamente á melancolía, que neste día festivo debemos desterrar dos nosos corazóns, coa túa axuda.

Danos, pois, esperanza para cambiar as cousas, para que homes e mulleres se respecten e teñan os mesmos dereitos na lei e na realidade de cada día, para que a liberdade venza aos totalitarismos de calquera cor en todo tempo e lugar, para que a semente do odio desapareza dunha vez e para que a humanidade, finalmente, estea na mellor disposición de explorar o vasto universo, un obxectivo que apenas iniciamos.

Empecemos por mirar ao noso arredor, aos nosos veciños e veciñas, e vexamos que tamén entre nós hai persoas que non atopan traballo, que hai xente enferma, que incrivelmente segue a haber quen ten que abandonar a súa casa na procura dun futuro mellor, lonxe da terra. Pensemos hoxe e sempre nos



Arume

nosos emigrantes de todo o mundo, porque todos temos familia fóra; sexamos agora e sempre un gran pobo unido, unha gran familia cos nosos emigrantes.

Axúdanos, señor San Roque, a poder levar a bo termo o concepto de xustiza social, imprescindible para que ninguén quede na marxinação. Axuda aos nosos gobernos para que saiban atopar as políticas económicas e sociais máis xustas e solidarias posibles. Políticas que nos traian a confianza no porvir, un porvir que temos que construír cada día sen que ninguén quede no camiño e sen sacrificar dereitos sociais que tantos anos e tanto esforzo nos custou conquistar. A xustiza distributiva é a que nos ten que levar ao obxectivo de repartir mellor os bens materiais para compartilos coas persoas menos afortunadas.

Ti que fuches peregrino, axúdanos a escoller o bo camiño: ese que dará máis luz ás nosas vidas.

Grazas

16 de agosto de 2019

Nunha praza abarrotada de público e con gran expectación realizou o seu ascenso o globo de San Roque, que realizou a familia Pita. Foi parar ao lugar de Vilarraso no concello de Aranga.

18 e 25 de agosto de 2018

Como é tradicional foron moitas as lanchas engalanadas que subiron río arriba polo Mandeo ata o campo dos Caneiros, para o que se contou cun amplo dispositivo de seguridade.

21 de agosto de 2019

Dentro dos actos das Festas Patronais tivo lugar no claustro do Museo das Mariñas un concerto do grupo Sax Antiqua.



Arume



Os Caneiros de 2019. Fotos: ARUME.





Artime

22 de agosto de 2019

Dentro do programa de festas do San Roque e como un dos actos de celebración do 800 aniversario celebrouse na Praza do Campo unha actuación da Orquestra Sinfónica de Galicia dirixida por José Trigueros. O programa tivo a singularidade de representar a danza de xastres por parte da Escola Municipal de Folclore coa adaptación musical de Pedro Lamas e Roberto Somoza. O concerto foi patrocinado por ABANCA.



Artime

Artime

23 de agosto de 2019

Na Sala Capitular do Concello a alcaldesa, María Barral, e varios concelleiros recibiron á presidenta do Centro Betanzos de Buenos Aires.

25 de agosto de 2019

O padexeiro brigantino, Carlos Arévalo conseguiu a medalla de prata no Campionato do Mundo K4 500 celebrado en Szeged (Hungría) xunto con Rodrigo Germade, Saúl Craviotto e Marcus Cooper. A proba foi seguida en directo por numeroso público no edificio Liceo. O 30 deste mes, Carlos Arévalo foi recibido pola alcaldesa, María Barral e varios concelleiros na Sala Capitular.

4 ao 26 de setembro de 2019

No edificio Liceo puido contemplarse a exposición «Conversando» da artista Sabela Arias Castro, organizada pola Asociación Cultural Eira Vella.

6 de setembro de 2019

A alcaldesa, María Barral, reuniuse en Santiago co presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, para tratar sobre a restauración do Pasatempo, posta en marcha dun servizo asistencial como Centro de Día e obras do CEIP Vales Villamarín.



7-8 de setembro de 2019

Tivo lugar na praza do Campo a XV edición de MercaBetanzos, o mercado das oportunidades do comercio local. Foi organizado pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos en colaboración co Concello.




14-15 de setembro de 2019

Na Praza do Campo celebrouse a VII Mostra de produtos da Reserva da Biosfera que este ano tivo o lema «eu cociño con produtos locais». Degustacións, actuacións musicais, obradoiros e demostracións conformaron as actividades levadas a cabo para resaltar a calidade dos produtos da comarca. Na inauguración estiveron presentes o director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias, José Balseiros, o presidente da Reserva da Biosfera, José Antonio Santiso, varios alcaldes da comarca, así como a alcaldesa de Betanzos, María Barral, e varios concelleiros.

14 de setembro de 2019

Foron moitos os betanceiros que se reuniron no auditorio do Pasatempo para celebrar o encontro «Moito + ca 800», unha comida de confraternización das xeneracións dos maiores de cincuenta anos.



14-22 de setembro de 2019

Desenvolveuse nestes días a VIII Semana de Custodia do Territorio organizada pola Fundación Fragas do Mandeo coa colaboración de outras asociacións e colectivos. O programa incluíu conferencias e actividades de voluntariado para a mellora dos espazos naturais da Reserva da Biosfera.

23 de setembro de 2019

No edificio Liceo tivo lugar a inauguración dos encontros «Outonos pola igualdade e a Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo».

26 de setembro de 2019

Presentouse no edificio Liceo o Programa Universitario para maiores de Betanzos posto en marcha pola Universidade Senior e o Concello. O acto contou coa presenza da vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Educativa, Nancy Vázquez, e a directora da Universidade Sénior, Matilde García Sánchez, ademais da alcaldesa, María Barral.

27 de setembro de 2019

Na librería Biblos presetouse o libro «900» co que Xabier López acadara o XXX Premio Torrente Ballester de narrativa en galego. No acto estivo acompañado do responsable de cultura da Deputación da Coruña, Xurxo Couto e do director de edicións de Galaxia, Carlos Lema.





27 de setembro de 2019

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a presentación do *Anuario Brigantino 2018* n.º 41. O acto estivo presidido pola alcaldesa, María Barral, a quen acompañaba o concelleiro de cultura, Andrés Hermida e o director da publicación, Alfredo Erias. A presentación correu por conta do doutor en lingüística, James Duran.

2 a 17 de outubro de 2019

No edificio Liceo tivo lugar a exposición de fotografía «XIV Concurso de Fotografía Xurxo Lobato 2019» organizado pola Asociación de Amigos do Instituto Monelos A Coruña.

1 de outubro de 2019

Na librería Biblos inaugurouse a exposición «O debuxo na ciencia» da bióloga e ilustradora betanceira, Sabela Lorenzo Robledo.

4 de outubro de 2019

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o concerto «María qué» (Portugal), cun repertorio de temas tradicionais portugueses, dentro das actividades do «Encuentro Internacional de Música de Pulso y Púa en Galicia 2019», organizado pola Asociación Cultural Pórtico das Artes, coa colaboración do Concello de Betanzos.



4-13 de outubro de 2019

Ao longo destes días celebrouse a IX Semana da Tortilla de Betanzos, organizada polo Concello e na que participaron vinte e dous establecementos. O evento contou coa colaboración da casa de refrescos Coca-Cola quen premiou aos escollidos entre os participantes na votación. O premio á mellor tortilla recaeu en Casa Miranda, que tamén obtivo o premio de votación popular.

4 a 29 de outubro de 2019

No edificio Liceo tivo lugar a exposición de fotografía «Imaxes de 800 anos», realizada polo alumnado de 3.º de ESO do IES Francisco Aguiar.



Outubro de 2019

A poeta betanceira, Raquel Vázquez, resultou gañadora do «Premio de Poesía Loewe a la Creación Joven»

5 de outubro de 2019

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o concerto do Certame Musical Fran Pérez Narf da Deputación da Coruña que correu por conta do grupo Néboa. Foi organizado pola Deputación da Coruña coa colaboración do Concello de Betanzos.

6 de outubro de 2019

Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral «Cinco minutos para respirar», por conta da compañía de teatro Ítaca Teatro dentro do programa «Nós contra a violencia». Foi organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade e o Concello de Betanzos.

13 de outubro de 2019

Celebrouse na nosa cidade a II Carreira das Empresas de Galicia con arredor de 400 corredores.

18 de outubro de 2019

Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a actividade «Música e lingua, repaso da nosa música contemporánea e o papel da muller nel» a cargo do grupo galego Zenzar. Foi organizado polo Concello dentro do programa Lingua a escena, da Rede cultural da Deputación da Coruña.

19 de outubro de 2019

No edificio Liceo celebrouse o contacontos musical para nenos «Quen canta Alí» por conta de Luis Prego e Fabaloba dentro do programa Sábados miúdos, organizado polo Concello de Betanzos a través do programa Lingua a escena, da Rede cultural da Deputación da Coruña.

19 de outubro de 2019

Na Biblioteca Municipal A. Castelao tivo lugar o obradoiro de maxia «4.0 obramaxia», impartido polo Mago Pedro Bugarín dentro da campaña Outono de lecer na Biblioteca, organizado pola Xunta de Galicia coa colaboración do Concello de Betanzos.

19 de outubro de 2019

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Casa O Rei» interpretada pola compañía Ibuprofeno Teatro, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

19 de outubro de 2019

Na Igrexa de Santiago tivo lugar o concerto do trío EnClave dentro da programación Atmósfera Galicia, organizada polo Xacobeo 21 da Xunta de Galicia coa colaboración da Unidade Pastoral de Betanzos.

19-20 de outubro de 2019


Celebrouse no cine Alfonsetti a «Xornada sobre o réxime xurídico das actividades deportivas no medio natural», organizadas pola Asociación Galega de Dereito Deportivo.

23-25 de outubro de 2019

Desenvolveuse ao longo destes días no edificio Liceo o XV Festival Internacional de Títeres Consorcio As Mariñas (Galicreques 2019), organizado pola Asociación Cultural Barriga Verde e o Concello de Betanzos, no que participaron os seguintes grupos: Nella Férrez (Arxentina), Chachakün (Arxentina) e Títeres Cachirulo (Galego-Arxentina).

25 de outubro de 2019

Celebrouse no Teatro Alfonsetti o V Certame de Monólogos Cómicos de Betanzos, presentado



Prensa Concello



por Paco Lodeiro e contou coa actuación de Aixa Romay e Dj Sebas21. Participaron: Rafa Trébol, Chusco Somoza, Melanie González, Matías Cubilla, Mariángeles Diab e Mago Bruneti.

26 de outubro de 2019

O clube Ría de Betanzos, así como varios dos seus padexeiros: Gema Alonso, Irene Lata, Marcos Cascallar, Javier Benito, Iván Fernández e Carlos Arévalo, recibiron o recoñecemento do Concello cunha recepción por parte da alcaldesa, María Barral e o concelleiro de Deportes, Andrés Hermida.

26 de outubro de 2019

Na Biblioteca Municipal A. Castelao tivo lugar a actividade de teatro e cociña «A cabaza encantada», impartida pola compañía Teatro Calabaza».

dentro da campaña Outono de lecer na Biblioteca, organizada pola Xunta de Galicia coa colaboración do Concello de Betanzos.

9 de novembro de 2019

No edificio Liceo, e dentro do programa Sábados miúdos, organizado polo Concello dentro do programa Lingua a escena da Rede cultural da Deputación da Coruña, tivo lugar o contacontos «Nano vai á escola», por conta de Raquel Queizás.

16 de novembro de 2019

Como vén sendo tradicional, os betanceiros que cumpriron o medio século reuníronse para celebrar o acontecemento.

16 de novembro de 2019

Tivo lugar na igrexa de San Francisco a celebración do centenario da declaración do templo como Monumento Nacional e Histórico cun concerto a cargo de Luar na Lubre.

16 de novembro de 2019

José García Varela «Ventosa» recibiu unha homenaxe por parte do Concello pola súa traxectoria e o seu labor en favor do ciclismo local. A partir deste día o velódromo que arrodea o campo de fútbol García Irmáns levará o seu nome.





Arume

18-25 de novembro de 2019

Desenrolouse ao longo destes días a campaña «Betanzos en Negro» organizada polo Concello con motivo do Día Internacional pola eliminación da violencia contra as mulleres, á que se sumaron Asociacións, colectivos e comerciantes da cidade.

26 de novembro de 2019

A betanceira, Noelia Teijeiro Cal, recibiu o premio do VII Concurso de Traballos Académicos con Perspectiva de Xénero Ángeles Alvariño, convocado pola Oficina para a Igualdade de Xénero da Universidade da Coruña polo traballo de fin de máster, titulado, «Los nuevos vínculos relacionales: los jóvenes ante las no-monogamias».

28 de novembro de 2019

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar un concerto de piano por conta dos pianistas Jorge Briones e Javier Ares, dentro dos actos do Ano Gaos (1959-2019). Foi organizado pola Deputación da Coruña coa colaboración do Concello de Betanzos.

29 de novembro de 2019

María Barral Varela, alcaldesa de Betanzos, foi elixida este día en Santiago como Vicepresidenta da Federación Galega de Municipios e Provincias. E, así mesmo, foi elixida vicepresidenta do Consorcio das Mariñas.

Novembro de 2019

Neste mes finalizouse a dixitalización de arredor de 80.000 páxinas do Arquivo Municipal gracias a unha subvención para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia cofinanciada pola Unión Europea, no marco do Programa Operativo Feder Galicia.

29 de novembro de 2019

Celebrouse na Aula de Cultura Xulio Cuns o VIII Memorial Carlos López García-Picos, organizado polo Concello de Betanzos, cunha charla-conferencia por conta do grupo Zoar onde se presentará o vídeo «Retorno a orillas del Plata» sobre a súa xira por Bos Aires coa música de Carlos García-Picos. Finalizouse co concerto «Cuartetos de corda galegos» por conta do Cuarteto Novecento.

29 de novembro-8 de decembro de 2019

Ao longo destes días desenvolveuse a Semana do Pincho, organizada polo Concello en colaboración cos hostaleiros. Nela participaron 26 establecementos, e o petisco do restaurante *Casanova* foi o escollido como gañador do certame. No concurso popular dos clientes resultou gañador o restaurante *Cho*.



Arume



30 de novembro de 2019

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Bernarda», interpretada pola compañía Malasombra Producións, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

Novembro de 2019

O Instituto Francisco Aguiar de Betanzos foi premiado pola Consellería de Educación polo proxecto «Betanzos 800 anos».

Decembro de 2019

En todo este mes e parte de xaneiro de 2020 desenvolveuse o programa de Festexos de Nadal, organizado polo Concello, que contou coa colaboración de diferentes asociacións e colectivos da cidade, así como da Rede Cultural da Deputación da Coruña.

1 de decembro de 2019

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o concerto da Coral Polifónica el Eco, organizado polo Concello dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña.



1 de decembro de 2019

Na Igrexa de Santa María tivo lugar o Concerto da Ilusión da Banda Municipal de Música de Betanzos, organizado polo Concello de Betanzos coa colaboración da Asociación Amigos da Banda. Ingresaron na Banda catro novos integrantes: Anxo Facal París, Martín Fernández Doporto, Carmela Pintor Carracedo e Javier Sánchez Gómez.

Decembro de 2019

O Concello sacou a licitación a segunda fase das obras de substitución de luminarias convencionais por outras de tecnoloxía led. En total invertíronse 539.841,65 €, financiados dentro do programa operativo Feder, da Unión Europea, de crecemento sostible.

2 de decembro de 2019

No edificio Liceo celebrouse a xornada «A importancia dos valores deportivos na mocidade», organizada polo Espazo Xove de Betanzos e promovido pola Consellería de Política Social. Nela participou a directora xeral de Xuventude, Cristina Pichel, e varios deportistas destacados da localidade.

4-13 de decembro de 2019

Na Sala de Exposicións Jesús Núñez do edificio Liceo puido verse a exposición colectiva «Arte en fío» con obras realizadas polos usuarios do Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral da Asociación APEM Betanzos.

Decembro de 2019

O Concello contratou a elaboración dun Plan de Protección Especial do casco histórico.

4-19 de decembro de 2019

No edificio Liceo tivo lugar a exposición e mercado de bordados artesanais realizados polo Centro Ocupacional Pai Menni de Betanzos.

4 de decembro de 2019

O neumólogo do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña, Luis Domínguez Juncal impartiu unha charla no edificio Liceo sobre como deixar de fumar, organizada polo Centro de Saúde de Betanzos e o Concello.

Decembro de 2019

Neste mes celebrouse na Aula de Cultura Xulio Cuns o XI ciclo de Teatro en Familia incluído na programación de Nadal do Concello dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña. As obras representadas foron: «Gaia», interpretada pola compañía Entremáns, «Os fabulosos Cleaners», interpretada pola compañía Malasombra Produccións, «Ummm!!», interpretada pola compañía Teatro Avento Produccións e «Mai Mai», interpretada pola compañía Baobab Teatro.

8 de decembro de 2019

Dentro dos actos de Nadal puido visitarse a partir deste día o Belén móbil que dirixe Manuel López Castro, situado no segundo andar do edificio Liceo.

14 de decembro de 2019

Organizado pola Unidade Pastoral de Betanzos, celebrouse un concerto de Nadal na igrexa de Santiago por conta da Agrupación Coral Carabé.

17 de decembro de 2019

Celebrouse na Aula de Cultura Xulio Cuns unha sesión dun Pleno Infantil, organizada polo Concello de Betanzos en colaboración con UNICEF e os centros educativos.

19 de decembro de 2019

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a presentación do libro de fotografía *Octingenti* do que son autores José Caruncho, Francisco Pillado e Inocencio Schmidt. Foi editado pola imprenta Lugami Artes Gráficas, con motivo da celebración dos 800 anos de fundación de Betanzos e co obxectivo solidario de acudir á causa de Noel e contra o meduloblastoma

19 de decembro de 2019

Organizado pola Unidade Pastoral de Betanzos, celebrouse un concerto de Nadal na igrexa de Santo Domingo por conta do Coro da UDC Sénior Campus de Ferrol.

20 de decembro de 2019

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a IV Gala do Deporte, na que se recoñeceron os logros de varios deportistas e entidades locais destacadas no ano 2018. Os premios aos mellores deportistas do ano foron para Ivanna Román e Carlos Arévalo.





24 de decembro de 2019

Tivo lugar a Travesía de Nadal Betanceira, organizada polo Concello de Betanzos e *As Vellas non Paramos* a beneficio de Cruz Vermella Betanzos.



26 de decembro de 2019

A empresa Viaqua de Galicia fixo entrega ao Concello de Betanzos dunha partida de xoguetes destinada a nenos e nenas de familias necesitadas dentro dunha campaña que ten como finalidade que «ningún neno se quede sen o seu regalo nestas festas de Nadal e Reis».

26 de decembro de 2019

Organizado polo Concello comezou a desenrolarse o programa «Conciliando no Nadal» para nenos e nenas de 3 a 12 anos.

30 de decembro de 2019

No edificio Liceo tivo lugar a exposición titulada «Á violencia de xénero dille non!», organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia coa colaboración do Concello.

31 de decembro de 2019

Celebrouse a III San Silvestre Betanceira, con saída e chegada na Praza da Constitución, organizada pola Asociación *As Vellas non Paramos* e o concello. Contouse cunha alta participación, chegando aos 900 participantes.



NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

Tema

O *Anuario Brigantino* é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo o criterio do Comité Científico.

Publicación

Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traducións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fóra da revista.

Formato e soporte

Os orixinais presentaranse a través dunha copia en papel Din-A4 e outra en soporte informático (Word ou procesadores similares). Cando sexa preciso tamén se poderá utilizar o correo electrónico. As direccións respectivas son: Anuario Brigantino, rúa Emilio Romay, 1, 15300 Betanzos, A Coruña, España.

Extensión e ilustracións

Unha vez maquetado co estilo propio do *Anuario Brigantino*, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas. Canto ás ilustracións, o *Anuario Brigantino* caracterízase por favorecer a súa utilización sen máis atrancos que a coherencia co texto e o sentido común canto ao seu número, aspectos que quedan a criterio do Comité Científico, o mesmo que o emprego de cor ou branco e negro.

Idioma

A redacción poderá entregarse en galego ou castelán, se ben, excepcionalmente e sempre a criterio do Comité Científico, poderá utilizarse outro idioma.

Autor-Autores

Engadirase a dirección completa do/a autor/a ou autores/as, incluídos teléfonos e correo electrónico, así como a institución onde presten os seus servizos, se fose o caso, e o cargo que ocupan. Engadirase, así mesmo, nota biográfica do autor ou autores, que non exceda de 5 liñas maquetadas.

Sumario e Abstract

Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumo na lingua do traballo e outro (*abstract*)

en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas.

Texto

Empregarase a *cursiva* para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.

Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo á parte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar.

As aspas simples ' ... ' resérvanse para encerrar significados.

As supresións de texto nas citas indícanse mediante tres puntos entre corchetes [...].

As intervencións do autor nas citas tamén se farán entre corchetes.

Citas bibliográficas

Acceptaranse dous sistemas, separados ou mixtos.

A) Na medida do posible, farase un uso preferente do sistema de referencias parentéticas, información que se complementará coa bibliografía do final do texto. Entre paréntese sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do/a autor/a ou autores/as, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espazo e ano de publicación. Se é preciso, despois de dous puntos, irá o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ao da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluírase antes da cifra a abreviatura correspondente. Exemplos: (Míguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureau, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).

Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificalas: (Monteagudo, 2000a)

Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre parénteseponse só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...

Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máisponse só o primeiro seguido de *et al.*

B) As tradicionais chamadas ou notas no corpo do texto indícanse mediante números voados. Neste caso, as citas bibliográficas numeradas a pé de páxina seguirán as normas expostas no apartado de Bibliografía.

Bibliografía

A BIBLIOGRAFÍA sitúase ao remate do traballo, seguirá unha orde alfabética por apelidos e, dentro do mesmo autor, por orde cronolóxica. Teranse en conta as consideracións seguintes: 1) os/as autores/as españois e hispanoamericanos ordénanse polo primeiro apelido e cando é idéntico, polo segundo; se este tamén se repite, polo nome. 2) os/as anglosaxóns/nas, rusos/as e portugueses/as, polo 2. apelido, o paterno: KEYNES, John Maynard; PAWLOV, Ivan Petrovich; CAETANO, Marcello Jose Neves Alves...

Se se trata dun **libro**, indícase o nome do/a autor/a (APELIDOS, nome completo ou só coa inicial), ano de publicación (entre paréntese seguido por dous puntos), *Título do libro en cursiva*. Editorial (Colección se é pertinente) e cidade. P. ex.: CHAMPEAUX, Gérard de, STERCKX, Dom Sébastien (1989): *Introducción a los símbolos*. Ediciones Encuentro (Colección *Europa Románica*, v. 7.), Madrid.

Se se trata da **edición dun texto** indícase o nome do/a editor/a (es/as) (APELIDOS, nome), seguido da expresión (ed(s).), ano de publicación, *Título da obra en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TROMBETTI BUDRIESI, Laura (ed.) (2000): Federico II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*. Bari: Laterza (Collana di Fonti e Studi, 10). E inclúese unha entrada adicional baixo o nome do autor da obra: FEDERICO II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*, ed. Laura Trombetti Budriesi. Bari: Laterza (2000) (Collana di Fonti e Studi, 10).

Se se trata dunha **achega nunha obra colectiva**, indícase o nome do autor (APELIDOS, nome) (ano de publicación): «título da achega

entrecomiñado», autor/a (es/as) da obra colectiva (se é preciso, mención ed., coord., dir., etc.), *Título da obra colectiva en cursivas*. Editorial (Colección), cidade: páxinas. P. ex.: FRADEJAS RUEDA, José Manuel (2000): «Una traducción al castellano de Pero Menino ¿desconocida?». Andrew M. Beresford y Alan Deyermund (eds.), *Proceedings of the Ninth Colloquium*. Londres: Department of Hispanic Studies - Queen Mary and Westfield College, (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 26): 31-41.

Se se trata dun **artigo nunha revista**, indícase o nome do/a autor/a (APELIDOS, nome) (ano de publicación): «título do artigo». *Título da revista en cursivas*, tomo en cifras arábicas, páxinas: MORALES MUÑIZ, María Dolores Carmen (1998): «Los animales en el mundo medieval cristiano-occidental: actitud y mentalidad». *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie III, Historia Medieval, 11: 307-29.

Se se citan varios libros, traballos, etc. dun/ha autor/a, pónense APELIDOS, nome e debaixo, reservando tres espazos á marxe, indícase o ano de publicación da obra, diferenciando coas letras, a, b, c, etc., os traballos publicados por un/ha autor/a nun mesmo ano:


GARCÍA BELLIDO, A.


(1943a): «Algunos problemas de arte y cronología ibéricos». *Archivo Español de Arqueología*, XV: 78-108.

Documentos electrónicos en liña, exemplo: <<http://hemeroteca.betanzos.net>> [Consulta: 30 maio 2010].

Corrección de probas

Correrá a cargo dos/as autores/as, que deberán efectualas no prazo máximo dunha semana a partir da recepción.





ESTE ANUARIO BRIGANTINO 2019, Nº 42
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI EN
BETANZOS O 25 DE
XULLO DE 2020

poñendo punto final á conmemoración do 800 aniversario
do traslado de Betanzos ó Castro de Untia





1219

2019

BEZANZOS

//ABANCA

GADIS